

# ORDENANZAS FISCAIS E REGULADORAS DE PREZOS PÚBLICOS

VIXENTES 2019

## ÍNDICE

<b>Nº</b>	<b>Ordenanzas fiscais</b>	<b>Páxina</b>
1	Ordenanza fiscal xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público do concello de Ames	3
2	<b>Impostos</b>	
2.1	Ordenanza fiscal reguladora do imposto de bens inmobles	49
2.2	Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas	61
2.3	Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica	70
2.4	Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras	77
2.5	Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana	88
3	<b>Taxas</b>	
3.A	<i>Pola prestación dun servizo público ou a realización dunha actividade administrativa</i>	
3.A.1	Ordenanza fiscal reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana	98
3.A.2	Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo saneamento e depuración de augas residuais	111
3.A.3	Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola subministración de auga.	117
3.A.4	Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos	124
3.A.5	Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de licenzas urbanísticas	128
3.A.6	Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola licenza de apertura de establecementos ou pola actividade de control posterior daquelas actividades sometidas a comunicación previa ou declaración responsable	133
3.A.7	Ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenzas de autotaxi e demais vehículos de alugueiro	137
3.A.8	Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos complementarios educativos e de conciliación da vida familiar e laboral	139
3.A.9	Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar	146
3.A.10	Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola actividade administrativa do cemiterio municipal	151
3.B	<i>Pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local.</i>	
3.B.1	Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola entrada de vehículos a través de beirarrúas e por reservas da vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga e descarga de mercadorías de calquera clase	154
3.B.2	Ordenanza fiscal reguladora da taxa por instalacións de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa e ambulantes	157
3.B.3	Ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa.	160

3.B.4	Ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación do subsolo, solo e voo da vía pública	163
3.B.5	Ordenanza fiscal reguladora da taxa por actos de utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local derivados da execución de obras	168
3.B.6	Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo aproveitamento especial do dominio público local con ocasión da celebración de matrimonio civil	171
3.B.7	Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local con caixeiros automáticos	173

<b>Nº</b>	<b>Ordenanzas reguladoras de prezos públicos</b>	
1	Ordenanza reguladora do prezo público pola utilización do complexo da piscina cuberta municipal de Ames	175
2	Ordenanza reguladora do prezo público polos servizos culturais e deportivos	178
3	Ordenanza reguladora do prezo público pola utilización das instalacións deportivas e culturais de propiedade municipal	182
4	Ordenanza Reguladora dos prezos públicos pola prestación dos servizos da Escola Municipal de Música do Concello de Ames (EMMA)	186
5	Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo das escolas infantís municipais do concello de Ames	189
6	Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de talado e roza nas franxas de seguridade definidas no Plan para a protección do espazo rural e dos asentamentos de poboación no Concello de Ames	195
7	Ordenanza reguladora do prezo público pola utilización da emisora municipal Ames Radio para a emisión de anuncios publicitarios	197
8	Ordenanza reguladora do prezo público polo cemiterio municipal	201

\*A ordenanza fiscal xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público do Concello de Ames foi aprobada de xeito inicial no pleno ordinario do mes de decembro de 2019. Dito acordo de aprobación inicial foi publicado no BOP número 2 do 03/01/2020.

Ordenanza fiscal núm. 1

## **ORDENANZA FISCAL XERAL DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN DOS TRIBUTOS E DOUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO DO CONCELLO DE AMES**

### ÍNDICE DE CONTIDOS

#### **Título I.- Disposicións xerais do ordenamento tributario.**

- Capítulo I.- Disposicións xerais (Artigos 1 e 2).
- Capítulo II.- Normas tributarias (Artigos 3 e 4).

#### **Título II.- Os tributos.**

- Capítulo I.- Obrigas tributarias. (Artigos 5 a 18).
- Capítulo II.- Obrigados tributarios.(Artigos 19 a 28).
- Capítulo III.- Elementos de cuantificación da obriga tributaria principal e da obriga de realizar pagos a conta. (Artigos 29 a 32).
- Capítulo IV.- A débeda tributaria. (Artigos 33 a 52).

#### **Título III.- Aplicación dos tributos.**

- Capítulo I.- Actuacións da administración tributaria e dos obrigados tributarios. (Artigos 53 a 56).
- Capítulo II.- Normas sobre actuacións e procedementos tributarios: especialidades dos procedementos administrativos en materia tributaria. (Artigos 56 a 60 bis).
- Capítulo III.- Procedemento de xestión tributaria. (Artigos 61 a 66).
- Capítulo IV.- Procedemento de inspección tributaria. (Artigos 67 a 71).
- Capítulo V.- Procedemento de recadación. (Artigos 72 a 76).

#### **Título IV.- A potestade sancionadora.**

- Capítulo I.- Principios da potestade sancionadora en materia tributaria. (Artigo 77 e 78).
- Capítulo II.- Disposicións xerais sobre infraccións e sancións tributarias. (Artigos 79 a 81).

#### **Título V.- Revisión en vía administrativa.**

- Capítulo I.- Medios e procedementos de revisión. (Artigo 82).
- Capítulo II.- Procedementos especiais de revisión. (Artigos 83 a 88).
- Capítulo III.- Recursos administrativos. (Artigo 89).

Disposición final.

## **TÍTULO I**

### **DISPOSICIÓN XERAIS DO ORDENAMENTO TRIBUTARIO**

#### **CAPITULO I**

##### **PRINCIPIOS XERAIS**

###### **Artigo 1º.**

A presente Ordenanza fiscal xeral dítase ó amparo do artigo 106.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dos artigos 11, 12.2 e 15.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, así como do apartado 3 da disposición adicional cuarta da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

###### **Artigo 2º.**

A presente Ordenanza fiscal xeral contén normas comúns tanto substantivas como procesais que se consideran, a todos os efectos, parte integrante das ordenanzas fiscais e regulamentos que se diten en relación á xestión, recadación e inspección de ingresos de dereito público municipais.

#### **CAPÍTULO II**

##### **NORMAS TRIBUTARIAS**

###### **Artigo 3º. Interpretación**

1. As normas contidas na presente ordenanza interprétanse conforme ó disposto no apartado 1 do artigo 3 do Código Civil.
2. En tanto non se definan pola normativa tributaria, os termos empregados nas súas normas entenderanse conforme ó seu sentido xurídico, técnico ou usual, segundo proceda.
3. Non se admitirá a analoxía para estender máis alá dos seus termos estritos o ámbito do feito imponible, das exencións e demais beneficios ou incentivos fiscais.

###### **Artigo 4º. Ámbito de aplicación**

1. As ordenanzas fiscais serán de aplicación en todo o termo municipal de Ames e aplicaranse consonte cos principios de residencia efectiva e territorialidade.
2. Así mesmo, serán de aplicación fóra do termo municipal no caso de servizos prestados polo Concello de Ames o a outros termos municipais.

## **TÍTULO II**

### **OS TRIBUTOS**

#### **CAPÍTULO I**

#### **OBRIGAS TRIBUTARIAS**

##### **Artigo 5º. Obriga tributaria principal**

A obriga tributaria principal ten por obxecto o pagamento da cota tributaria.

##### **Artigo 6º. Feito imponible**

O feito imponible é o presuposto fixado polas ordenanzas fiscais correspondentes para configurar cada tributo e cuxa realización orixina o nacemento da obriga tributaria principal. As ordenanzas fiscais poderán completar a delimitación do feito imponible mediante a mención de supostos de non suxeición.

##### **Artigo 7º. Simulación**

Nos actos ou negocios nos que exista simulación, o feito imponible gravado será o efectivamente realizado polas partes.

##### **Artigo 8º. Devengo**

O devengo é o momento en que se entende realizado o feito imponible e no que se produce o nacemento da obriga tributaria principal.

A ordenanza de cada tributo poderá dispoñer a esixencia do pagamento da cota, ou de parte dela, en momento distinto do devengo.

##### **Artigo 9º. Exencións**

Son supostos de exención aqueles nos que, a pesar de realizarse o feito imponible, a ordenanza exime do cumprimento da obriga tributaria principal.

##### **Artigo 10º. Interpretación**

1. Non se outorgarán outras exencións, bonificacións ou reducións que as concretamente autorizadas pola lei, pactos ou tratados internacionais. A ordenanza fiscal de cada tributo deberá regular os supostos de concesión de beneficios fiscais.

2. As exencións, bonificacións e reducións interpretaranse en sentido restritivo e non se aplicarán a máis persoas -e só polas súas obrigas tributarias propias e directas- que ás taxativamente previstas, nin se estenderán a máis supostos que os sinalados especificamente.

3. Cando nas respectivas ordenanzas se declare exento de pagamento de tributos ó Estado, este beneficio non comprenderá ás entidades ou organismos que, calquera que fose a súa relación ou dependencia do Estado, posúan personalidade xurídica propia e independente e non teñan recoñecida por lei exención especial.

##### **Artigo 11º. Bonificacións en materia de taxas**

1. Para a fixación das tarifas das taxas que, polas súas características, o permitan, terase en

conta a capacidade económica das persoas que deban satisfacelas.

2. O importe estimado das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade, non poderá exceder, no seu conxunto, do custo real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate.

3. O Concello Pleno, nos actos de aprobación de plans de actuación sectorial ou instrumentos de planeamento poderá establecer beneficios fiscais de taxas municipais sometidas en todo caso ós principios de capacidade económica e xustiza distributiva.

4. Nos supostos establecidos no apartado 3 anterior así como no suposto de que unha ordenanza específica autorice a concesión de beneficios fiscais a persoas de escasa capacidade económica como xubilados, pensionistas e outras, haberán de cumprirse os requisitos establecidos no artigo seguinte deste texto.

5. Aos efectos de determinar a contía das taxas e prezos públicos, así como aos efectos de desfrute de bonificacións fiscais nas cotas resultantes das Ordenanzas Fiscais, por consideración en todos os casos de criterios de capacidade económica dos obrigados a satisfacelas, partírase dos seguintes presupostos:

5.1. Na valoración das solicitudes de bonificacións terase en conta a renda per cápita familiar e a situación existente no exercicio fiscal inmediatamente anterior, coa excepción dos supostos onde proceda o outorgamento dunha bonificación por familia numerosa, e nos casos de separación, divorcio ou ruptura do vínculo non matrimonial, supostos ambos nos que a súa acreditación na data da solicitude da bonificación será tida en conta soamente aos efectos do cómputo dos membros da unidade familiar.

5.2. A renda per cápita familiar englobará os ingresos netos anuais de todos os membros da unidade familiar, divididos polo número de membros computables do exercicio fiscal que proceda segundo o disposto no parágrafo anterior. É requisito obrigado presentar certificación de vida laboral de todos os integrantes da unidade familiar en idade laboral. Ademais, para a determinación destes ingresos seguirase as seguintes regras:

a) No caso de presentación da declaración do IRPF, determinarase pola agregación da base imponible xeral coa base imponible de aforro.

b) No caso de non estar obrigado a presentar a declaración do IRPF, estarase aos importes resultantes do certificado de retencións expedidos pola empresa ou das copias compulsadas das nóminas, do certificado de percibir prestacións sociais, e subsidiariamente, da declaración xurada de ingresos presentada por cada membro computable da unidade familiar maior de idade, sen prexuízo de achegarse a certificación correspondente da AEAT sobre os datos fiscais daqueles.

A declaración xurada, para que teña validez, deberá vir acompañada dun certificado da entidade bancaria no que confíen as contas ou depósitos, sobre o saldo medio existente nos seis meses anteriores á petición de axuda, por cada membro computable da unidade familiar maior de idade, así como, de ser o caso, unha declaración xurada dos bens inmobles urbanos e rústicos dos que sexan titulares, coa referencia catastral, ubicación e valor catastral; e declaración dos vehículos de tracción mecánica dos que sexan titulares e data de adquisición. A declaración de titularidade de bens inmobles e vehículos comprobarase cos datos obrantes nos Padróns Municipais, coa consecuencia de que calquera falsidade ou omisión de datos será causa de denegación da bonificación.

Se pola valoración do saldo existente en contas, dos bens ou pola recente adquisición destes, se evidencian signos de capacidade económica suficiente da unidade familiar, non se terán en conta os ingresos declarados, denegarase a bonificación e aplicarase a tarifa base que corresponda ou, nos supostos de tarifas progresivas, a tarifa non bonificada máis baixa.

A non presentación da documentación vencellada a dita declaración xurada no prazo outorgado de subsanación, dará lugar a denegación da bonificación.

c) Nos supostos de separación, divorcio ou ruptura do vínculo non matrimonial, a renda procedente das pensións compensatorias establecidas nos convenios reguladores, agás denuncia do seu impago acreditada formalmente e vixente na data da solicitude, será tida en conta para a determinación da capacidade económica do solicitante. Dita renda incrementarase atendendo á variación interanual do IPC dende a data da sentenza ou formalización do convenio regulador.

d) Se nos supostos de separación e divorcio, os ex cónxuxes presentaran declaración conxunta no exercicio fiscal anterior, deberá achegarse certificación acreditativa dos datos fiscais individualizados da persoa solicitante, ou ben estarase aos importes resultantes do certificado de retencións expedidos pola empresa ou das copias compulsadas das nóminas, certificados de prestacións sociais, e subsidiariamente, da declaración xurada de ingresos do xeito previsto na letra b) anterior

6. Por aplicación do artigo 6.c) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, que proclama que os tributos que establezan as entidades locais non poderá afectar de xeito efectivo á fixación da residencia das persoas, non poderá establecerse ningún tipo de bonificación ou beneficio fiscal por causa do lugar de residencia do contribuínte.

7. Cando a Ordenanza estableza unha bonificación en función da situación de emerxencia social do interesado/a, para a súa valoración polos Servizos Sociais do Concello, os ingresos mensuais da unidade familiar non poderá superar ao 75% do IPREM vixente, incrementando nun 10% por cada membro desta. No suposto de formar parte da unidade familiar un menor, unha persoa con discapacidade ou persoa maior dependente da unidade familiar, o incremento será do 20% por cada un deles. Para o cómputo final dos ingresos descontarase os alugueiros e hipotecas nunha cantidade ata un máximo de 350 euros

## **Artigo 12º. Tramitación**

1.- A aplicación de exencións, bonificacións e reducións que procedan, efectuarase a petición de parte, coa xustificación documental que proceda.

2.- Será requisito previo para a concesión dunha bonificación ou exención tributaria que o suxeito pasivo beneficiario non teña débedas pendentes do pagamento co Concello, agás aqueles casos en que a bonificación, redución ou exención teña como motivo unha situación de emerxencia social acreditada mediante informe social emitido por persoal do concello.

Para inadmitir a bonificación ou exención, a débeda deberá estar en período executivo e acreditarse pola oficina de recadación municipal. Nos supostos de solicitude de fraccionamento, adiamento ou suspensión da débeda en período executivo, a resolución estimatoria da solicitude permitirá a admisión de peticións de bonificacións ou exencións, se ben o incumprimento de calquera dos prazos ou fraccións outorgadas dará lugar á perda automática do beneficio fiscal.

3.- O suxeito pasivo beneficiario de calquera exención ou bonificación tributaria deberá comunicar calquera variación que se produza nas circunstancias da súa concesión.

4.-Agás que a lei dispoña outra cousa, tales beneficios deberán instarse ó tempo de efectuar a declaración tributaria ou nos prazos establecidos na respectiva Ordenanza. Transcorridos ditos prazos, perderase o dereito a solicitar o beneficio fiscal para o exercicio correspondente.

### **Artigo 13º. Obrigas tributarias accesorias**

Teñen a natureza de obrigas tributarias accesorias as obrigas de satisfacer o xuro de demora, os recargos por declaración extemporánea e os recargos do período executivo.

Por lei poderán impoñerse outras obrigas tributarias accesorias.

### **Artigo 14º. Xuro de demora**

1. O xuro de demora é unha prestación accesoria que se esixirá ós obrigados tributarios e ós suxeitos infractores como consecuencia da realización dun pagamento fóra de prazo, ou da presentación dunha autoliquidación ou declaración da que resulte unha cantidade a ingresar, unha vez finalizado o prazo establecido pola ordenanza. Esixírase xuro de demora como consecuencia do cobro dunha devolución improcedente así como noutros casos previstos na normativa tributaria.

A esixencia do xuro de demora tributario non require a previa advertencia da administración nin un atraso culpable no obrigado.

2. O xuro de demora calcularase sobre o importe non ingresado en prazo ou sobre a contía da devolución cobrada improcedentemente e resultará esixible durante o tempo a que se estenda o atraso do obrigado.

3. O xuro de demora será o xuro legal do diñeiro vixente ó longo do período en que aquel resulte esixible, incrementado nun 25%, agás que a Lei de presupostos xerais do Estado estableza outro diferente.

4. Non se esixirán xuros de demora ou serán esixidos por prazo distinto do establecido no parágrafo 2 deste artigo, nos supostos regulados nos apartados 4 e 5 do artigo 26 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

### **Artigo 15º. Recargos por declaración extemporánea sen requirimento previo**

1. Os recargos por declaración extemporánea son prestacións accesorias que deben satisfacer os obrigados tributarios como consecuencia da presentación de autoliquidacións ou declaracións fóra de prazo sen requirimento previo da administración.

2. Se a presentación da autoliquidación ou declaración se efectúa dentro dos 3, 6 ou 12 meses seguintes ó termo do prazo establecido para a presentación e ingreso, o recargo será do 5, 10 ou 15%, respectivamente. Dito recargo calcularase sobre o importe da liquidación derivado da declaración extemporánea e excluírá as sancións e os xuros de demora devengados ata a presentación da autoliquidación ou declaración.

Se a presentación da autoliquidación ou declaración se efectúa unha vez transcorridos 12 meses dende o termo do prazo establecido para a presentación, o recargo será do 20% e excluírá as posibles sancións.

Neste caso, esixíranse os xuros de demora polo tempo transcorrido dende o día seguinte ó termo dos 12 meses posteriores á finalización do prazo establecido para a presentación ata o momento



da autoliquidación ou declaración.

### **Artigo 16º. Recargos do período executivo**

Os recargos do período executivo devenganse co inicio de dito período. Son de tres tipos: recargo executivo, recargo de constrinximento reducido e recargo de constrinximento ordinario. A súa regulación consta no artigo 35 da presente ordenanza.

### **Artigo 17º. Obrigas tributarias formais**

1. Son obrigas tributarias formais aquelas que, sen ter carácter pecuniario, son impostas pola ordenanza ós obrigados tributarios. O seu cumprimento está relacionado co desenvolvemento de actuacións ou procedementos tributarios.

2. Entre outras que poidan ser establecidas legalmente, os obrigados tributarios deberán cumprir as seguintes obrigas:

- a) Solicitar e utilizar o número de identificación fiscal nas relacións de natureza ou transcendencia tributaria.
- b) A obriga de presentar declaracións, autoliquidacións e comunicacións.
- c) A obriga de aportar á Administración tributaria libros, rexistros, documentos, informes, antecedentes con transcendencia tributaria.
- d) A obriga de facilitar inspeccións e comprobacións administrativas.

### **Artigo 18º. Obrigas e deberes da administración tributaria**

A Administración tributaria está suxeita ás seguintes obrigas de contido económico: realizar as devolucións derivadas da ordenanza de cada tributo, devolución de ingresos indebidos, o reembolso do custo das garantías e satisfacer xuros de demora.

## **CAPÍTULO II**

### **OBRIGADOS TRIBUTARIOS**

#### **Artigo 19º. Obrigados tributarios: concepto e clases**

1. Son obrigados tributarios as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que as Ordenanzas fiscais impoñen o cumprimento de obrigas tributarias.

2. Entre outros, son obrigados tributarios:

- a) Os contribuíntes.
- b) Os substitutos dos contribuíntes.
- c) Os obrigados a realizar pagos fraccionados.
- d) Os sucesores.

3. Tamén terán o carácter de obrigados tributarios aqueles a quen as ordenanzas fiscais impoñen o cumprimento de obrigas formais.

4. Terán a consideración de obrigados tributarios, as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou patrimonio susceptible de imposición.

5. Constitúen dereitos dos obrigados tributarios os regulados na lei xeral tributaria.

### **Artigo 20º. Suxeitos pasivos: contribuínte e substituto do contribuínte**

1. É suxeito pasivo o obrigado tributario que, segundo a ordenanza, debe cumprir a obriga tributaria principal, así como as obrigas formais inherentes a aquela, sexa como contribuínte ou como substituto deste.

2. É contribuínte o suxeito pasivo que realiza o feito imponible.

3. É substituto ó suxeito pasivo, que, por imposición da ordenanza e en lugar do contribuínte, está obrigado a cumprir a obriga tributaria principal, así como as obrigas formais inherentes a aquela. O substituto poderá esixir do contribuínte o importe das obrigas tributarias satisfeitas.

### **Artigo 21º. Obrigados a realizar pagos a conta**

É obrigado a realizar pagos fraccionados o contribuínte a quen, a ordenanza de cada tributo, impón a obriga de ingresar cantidades a conta da obriga tributaria principal con anterioridade a quen esta resulte esixible.

### **Artigo 22º. Sucesores de persoas físicas**

1. Á morte dos obrigados tributarios, as obrigas tributarias pendentes transmitíranse ós herdeiros, sen prexuízo do que establece a lexislación civil en canto a adquisición da herdanza.

As referidas obrigas tributarias transmitíranse ós legatarios nas mesmas condicións que as establecidas para os herdeiros cando a herdanza se distribúa a través de legados e nos supostos nos que se institúan legados de parte alícuota.

En ningún caso se transmitirán as sancións. Tampouco se transmitirá a obriga do responsable salvo que se tivera notificado o acordo de derivación de responsabilidade antes do falecemento.

2. Non impedirá a transmisión ós sucesores das obrigas tributarias devengadas o feito de que na data da morte do causante a débeda tributaria non estivera liquidada, en cuxo caso as actuacións entenderanse con calquera deles, debéndose notificar a liquidación que resulte de ditas actuacións a todos os interesados que consten no expediente.

3. Mentres a herdanza se atopa xacente, o cumprimento das obrigas tributarias do causante corresponderá ó representante da herdanza xacente.

As actuacións administrativas que teñan por obxecto a cuantificación, determinación e liquidación das obrigas tributarias do causante deberán realizarse ou continuarse co representante da herdanza xacente. Se ó termo do procedemento non se coñeceran os herdeiros, as liquidacións realizaranse a nome da herdanza xacente.

As obrigas tributarias a que se refire o parágrafo anterior, e as que foran transmisibles por causa de morte, poderán satisfacerse con cargo os bens da herdanza xacente.

## **Artigo 23º. Sucesores de persoas xurídicas e de entidades sen personalidade**

1. As obrigas tributarias pendentes das sociedades e entidades con personalidade xurídica disoltas e liquidadas nas que a lei limita a responsabilidade patrimonial dos socios, partícipes ou cotitulares, transmitiranse a estes, que quedarán obrigados solidariamente ata o límite do valor da cota de liquidación que lles corresponda.

As obrigas tributarias pendentes das sociedades e entidades con personalidade xurídica disoltas e liquidadas nas que a lei non limita a responsabilidade patrimonial dos socios, partícipes ou cotitulares transmitiranse integramente a estes, que quedarán obrigados solidariamente ó seu cumprimento.

2. O feito de que a débeda tributaria non estivera liquidada no momento de producirse a extinción da personalidade xurídica da sociedade ou entidade non impedirá a transmisión das obrigas tributarias devengadas ós sucesores, podéndose entender as actuacións con calquera deles.

3. Nos supostos de extinción ou disolución sen liquidación de sociedades mercantís, as obrigas tributarias pendentes delas transmitiranse as persoas ou entidades que sucedan ou que sexan beneficiarias da correspondente operación.

Esta norma tamén será aplicable a calquera suposto de cesión global do activo e pasivo dunha sociedade mercantil.

4. No caso de disolución de fundacións ou entidades as que se refire o apartado 4 do artigo 19 desta Ordenanza, as obrigas tributarias pendentes delas transmitiranse ós destinatarios dos bens e dereitos das fundacións ou ós partícipes ou cotitulares de ditas entidades.

5. As sancións que puideran proceder polas infraccións cometidas polas sociedades e entidades as que se refire este artigo serán esixibles ós sucesores delas, nos termos establecidos nos puntos anteriores, ata o límite do valor da cota da liquidación que lles corresponda.

## **Artigo 24º. Responsables**

1. De acordo coa lei, as ordenanzas respectivas poden declarar responsables solidarios ou subsidiarios da débeda tributaria xunto cos debedores principais, a outras persoas ou entidades.

2. Agás precepto expreso en contrario, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

3. A responsabilidade alcanzará á totalidade da débeda tributaria esixida en período voluntario.

Cando tivera transcorrido o prazo voluntario de pagamento que se conceda ó responsable sen realizar o ingreso, iniciárase o período executivo e esixiranse os recargos e xuros que procedan.

4. A responsabilidade non alcanzará as sancións agás lei que estableza unha excepción.

5. Agás norma con rango de lei que dispoña outra cousa, a derivación da acción administrativa para esixirlles o pagamento da débeda tributaria ós responsables requirirá un acto administrativo no que, previa audiencia do interesado, se declare a responsabilidade e se determine o seu alcance. Este acto seralles notificado con expresión dos elementos esenciais da liquidación, e conferiráselles dende ese instante todos os dereitos e obrigas do debedor principal.

6. Cando sexan dous o máis os responsables solidarios ou subsidiarios dunha mesma débeda, esta poderá esixírselle integramente a calquera deles.

7. Serán responsables solidarios ou subsidiarios, ademais dos que establecen outras normas con rango de lei, os declarados expresamente nos artigos 42 e 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

### **Artigo 25º. Capacidade de obrar e representación legal**

As persoas que carezan da capacidade de obrar no ámbito tributario nos termos regulados no artigo 44 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, terán a representación legal establecida no artigo 45 da mesma Lei.

### **Artigo 26º. Representación voluntaria**

1. Os obrigados tributarios con capacidade de obrar poderán actuar por medio de representante, que poderá ser un asesor fiscal con quen se entenderán as sucesivas actuacións administrativas, agás que se faga manifestación expresa en contrario.

2. Para interpoñer recursos ou reclamacións, desistir deles, renunciar a dereitos, asumir ou recoñecer obrigas en nome do obrigado tributario, solicitar devolucións de ingresos e outros supostos en que sexa necesario a sinatura do obrigado tributario, a representación deberá acreditarse por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna ou mediante declaración en comparecencia persoal do interesado diante da administración tributaria do Concello.

### **Artigo 27º. Enderezo fiscal**

1. O enderezo fiscal é o lugar de localización do obrigado tributario nas súas relacións coa administración tributaria.

2. O enderezo fiscal será, para as persoas físicas, o lugar onde teñan a súa residencia habitual e deberá coincidir co enderezo de empadramento.

3. O enderezo fiscal será, para as persoas xurídicas, o seu enderezo social no municipio de Ames, sempre que nel estea efectivamente centralizada a súa xestión administrativa e a dirección dos seus negocios.

Noutro caso atenderase ó lugar en que efectivamente se realice a dita xestión ou dirección. Estas mesmas regras son de aplicación para as entidades a que se refire o apartado 4 do artigo 19 desta ordenanza.

4. Os obrigados tributarios deberán comunicar o seu enderezo fiscal e o seu cambio á administración tributaria do Concello, sen que o cambio de enderezo produza efecto ante a Administración ata que se presente a citada declaración tributaria. A administración tributaria do Concello poderá comprobar e rectificar o enderezo fiscal declarado polos obrigados tributarios.

5. O incumprimento da obriga de comunicar o enderezo fiscal ou cambio deste constituirá infracción tributaria.

6. Os obrigados tributarios, para a súa comodidade, poderán comunicar ó Concello, ademais do enderezo fiscal, outros enderezos a efectos de notificación.

### **Artigo 28º. Residencia no estranxeiro**

1. Os suxeitos pasivos que residan no estranxeiro durante máis de seis meses de cada ano natural, están obrigados a designar un representante con enderezo en territorio español para os

efectos das súas relacións coa administración tributaria do Concello.

2. As persoas xurídicas residentes no estranxeiro que desenvolvan actividades no termo municipal de Ames, terán o seu enderezo fiscal no lugar no que radique a efectiva xestión administrativa e a dirección dos seus negocios.

### **CAPÍTULO III**

#### **ELEMENTOS DE CUANTIFICACIÓN DA OBRIGA TRIBUTARIA PRINCIPAL E DA OBRIGA DE REALIZAR PAGOS A CONTA**

##### **Artigo 29º. Base imponible: métodos de determinación**

1. A base imponible é a magnitude en diñeiro ou doutra natureza que resulta da medición ou valoración do feito imponible.

2. A ordenanza de cada tributo establecerá o método para determinar a base imponible dentro dos seguintes:

a) Estimación directa.

b) Estimación obxectiva.

c) Estimación indirecta.

3. Con carácter xeral, as bases impositivas determinaranse polo método de estimación directa. Por lei estableceranse os supostos en que, con carácter voluntario, poida aplicarse unha estimación obxectiva. O método de estimación indirecta aplicarase cando a Administración tributaria non poida dispoñer dos datos necesarios para a determinación da base imponible.

##### **Artigo 30º. Base liquidable**

A base liquidable é a magnitude resultante de practicar, no seu caso, na base imponible, as reducións establecidas na ordenanza fiscal.

##### **Artigo 31º. Tipo de gravame**

O tipo de gravame é a cifra, coeficiente ou porcentaxe, que se aplica á base liquidable para obter a cota íntegra.

##### **Artigo 32º. Cota tributaria: cota íntegra, líquida e diferencial**

1. A cota íntegra é a resultante de aplicar á base liquidable o tipo de gravame ou ben unha cantidade fixa establecida na ordenanza fiscal.

2. A cota líquida é o resultado de aplicar sobre a cota íntegra as deducións, bonificacións e coeficientes correctores que se establecen na ordenanza fiscal.

3. A cota diferencial é o resultado de minorar a cota líquida no importe dos ingresos a conta realizados se estes fosen establecidos na ordenanza fiscal.

## **CAPÍTULO IV**

### **A DÉBEDA TRIBUTARIA**

#### **Artigo 33º. Débeda tributaria**

1. A débeda tributaria estará constituída pola cota ou cantidade a ingresar que resulte da obriga tributaria principal ou das obrigas de realizar pagos a conta.
2. Ademais, a débeda tributaria estará integrada, no seu caso, por:
  - a) Xuros de demora.
  - b) Recargo por declaración extemporánea.
  - c) Recargos de período executivo.
  - d) Outros recargos esixibles legalmente.

#### **Artigo 34º. Extinción da débeda tributaria**

1. As débedas poderán extinguirse por pago, prescrición, compensación, dedución sobre transferencias, condonación e polos demais medios previstos nas leis.
2. O pago, a compensación, a dedución sobre transferencias ou a condonación da débeda tributaria ten efectos liberatorios exclusivamente polo importe pagado, compensado, deducido ou condonado.

#### **Artigo 35º. Pagamento**

1. A débeda tributaria satisfarase co pagamento en efectivo ou mediante o emprego de efectos timbrados segundo dispoña cada ordenanza fiscal.
2. O pagamento deberá facerse dentro dos prazos que se sinalan no artigo 37 desta ordenanza.
3. O vencemento do prazo establecido para o pagamento sen que este se efectuase determinará os seguintes recargos incompatibles entre si e calculados sobre a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario:
  - a) O recargo executivo que será do 5% e aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario antes da notificación da providencia de constrinximento.
  - b) O recargo de constrinximento reducido que será do 10% e aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario e o propio recargo antes de finalizar o prazo indicado na notificación da providencia de constrinximento.
  - c) O recargo de constrinximento ordinario que será do 20% aplicable cando non se dean os supostos a) e b) anteriores.
4. O recargo de constrinximento ordinario é compatible cos xuros de demora. Cando proceda o recargo executivo ou de constrinximento reducido non se esixirán os xuros de demora devengados no período executivo.
5. Os ingresos correspondentes a declaracións, liquidacións ou autoliquidacións presentadas fora de prazo sen requirimento previo terán os recargos e xuros regulados nos artigos 14 e 15 desta

ordenanza.

### **Artigo 36º. Formas de pagamento**

1. Pode efectuar o pago calquera persoa, agás que ao órgano competente para a recadación lle conste, con carácter previo e de forma fehaciente, a oposición do debedor. A oposición do debedor non surtirá efectos respecto de calquera persoa obrigada a realizar o ingreso en virtude dunha disposición legal ou regulamentaria.

O terceiro que pague a débeda non poderá solicitar da Administración a devolución do ingreso efectuado, nin sequera no caso de que o ingreso sexa considerado indebido, nin exercer os demais dereitos que corresponden ao obrigado ao pago, sen prexuízo das accións que en vía civil puidesen corresponderlle.

Con todo, poderá exercer os dereitos que se deriven ao seu favor exclusivamente do acto do pago.

2. O pago das débedas poderá realizarse nas caixas dos órganos competentes, nas entidades que, no seu caso, presten o servizo de caixa e entidades colaboradoras, directamente ou por vía telemática, cando así estea establecido polo órgano municipal competente.

3. Os pagos realizados a órganos non competentes para recibilos, ou persoas non autorizadas para iso, non liberarán ao debedor da súa obriga de pago, sen prexuízo das responsabilidades de toda orde en que incorra o perceptor indebido.

4. No procedemento administrativo de constrinximento, cando o importe obtido fose insuficiente para liquidar integramente a totalidade dos compoñentes dunha mesma débeda, a aplicación realizarase, en primeiro lugar ás costas e, de seguido e proporcionalmente, ao principal da débeda e aos recargos do período executivo, cancelándose, en último lugar, os xuros de demora devengados.

### **Artigo 37º. Prazos de pagamento**

1. As débedas tributarias resultantes dunha autoliquidación deberán pagarse nos prazos que establece a ordenanza fiscal correspondente.

2. No caso de liquidacións practicadas pola Administración o pagamento en período voluntario deberá facerse nos seguintes prazos:

a) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 do mes, ata o día 20 do mes posterior e, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

b) Se a notificación se realiza entre os días 16 e último do mes, ata o día 5 do segundo mes posterior e se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

3. O prazo de ingreso en período voluntario das débedas de vencemento periódico e notificación colectiva, tanto por tributos como por outros ingresos de Dereito público, serán os determinados cada ano polo Concello a través do calendario fiscal do contribuínte proposto pola Tesourería Municipal.

Para a determinación dos períodos de cobro, teranse en conta fundamentalmente as previsións anuais da Tesourería así como as particularidades do feito impositivo, procurando a distribución das cargas fiscais ao longo de todo o exercicio.

O calendario fiscal será publicado no BOP e exposto no Taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal, podendo difundirse, ademais, por outros medios que se consideren adecuados.

4. Con carácter xeral, a recadación dos padróns do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, iniciarase no primeiro semestre do exercicio. Por outra parte, a recadación dos padróns do Imposto sobre Bens Inmóviles e Imposto sobre Actividades Económicas iniciarase no segundo semestre do exercicio.

5. Cando o calendario fiscal modifique o período de cobro dun tributo de vencemento periódico, non será preciso notificar individualmente aos suxeitos pasivos tal circunstancia.

6. ... (suprimido).

7. As débedas por conceptos diferentes aos regulados nos puntos anteriores, deberán pagarse nos prazos que determinen as normas conforme as que tales débedas se esixan. En caso de non determinación de prazos, aplicarase o disposto neste artigo.

8. As débedas non satisfeitas nos períodos citados esixíranse en período executivo, computándose, no seu caso, como pagos a conta as cantidades satisfeitas fóra de prazo.

9. Cando nun mesmo documento de cobro, se liquidan varios tributos ou varias anualidades dun mesmo tributo, o pago realizado en entidade bancaria colaboradora deberá alcanzar á totalidade da débeda. No caso de que o obrigado desexa satisfacer unicamente un ou algúns dos tributos ou anualidades, estarase ao disposto nas normas sobre fraccionamentos previstas na presente Ordenanza.

### **Artigo 38º. Medios de pagamento en efectivo**

1. O pago das débedas e sancións tributarias que deba realizarse en efectivo poderá facerse sempre en diñeiro de curso legal. Así mesmo poderá realizarse por algún dos seguintes medios, cos requisitos e condicións que para cada un deles se establece na presente ordenanza e seguindo os procedementos que se dispoñan en cada caso:

a) Cheque.

b) Tarxeta de crédito e débito, no momento en que o Concello teña asinado os correspondentes convenios con entidades de crédito e segundo o disposto neles, podéndose realizar a correspondente transacción de forma presencial, ou mediante Internet

c) Transferencia bancaria.

d) Domiciliación bancaria.

e) Xiro postal.

f) Calquera outros que se autoricen polo órgano municipal competente.

Unicamente será admisible o pago polos medios aos que se refiren as letras b), c), d) e e) naqueles casos nos que así se estableza.

2. Será admisible o pago mediante tarxeta de crédito e débito, sempre que a tarxeta cartón a utilizar atópese incluída entre as que, a tal fin, sexan admitidas pola Administración tributaria municipal.



O límite dos pagos a realizar virá determinado polo asignado pola entidade emisora individualmente a cada tarxeta e que, en ningún caso, poderá superar a cantidade que se estableza polo órgano municipal competente por cada documento de ingreso, non podendo simultanearse, para un mesmo documento de ingreso, con calquera outro dos medios de pago admitidos.

Os importes ingresados polos obrigados ao pago a través de tarxetas de crédito ou débito non poderán ser minorados como consecuencia de descontos na utilización de tales tarxetas ou por calquera outro motivo.

Os ingresos efectuados por medio de tarxeta de crédito e débito, entenderanse realizados no día en que aqueles tiveran entrada nas contas correntes municipais.

3. Será admisible o pago mediante transferencia bancaria a algunha das contas correntes municipais, unicamente naqueles supostos en que así se lle comunique ao obrigado ao pago polos órganos municipais competentes.

O mandato da transferencia será por importe igual ao da débeda, haberá de expresar con total claridade o concepto tributario concreto a que o ingreso corresponda, e conter o pertinente detalle cando o ingreso se refira e deba de aplicarse a varios conceptos.

Simultaneamente ao mandato de transferencia, o ordenante poñerá en coñecemento dos órganos municipais competentes a data, importe e a Entidade financeira receptora da transferencia, así como o concepto ou conceptos tributarios a que corresponde.

Considerarase momento do pago a data en que tivera entrada o importe correspondente nas contas correntes municipais, quedando liberado dende ese momento o obrigado ao pago fronte á Facenda municipal.

4. Cando así se indique na notificación, os pagos en efectivo das débedas tributarias poderán efectuarse mediante xiro postal. Os suxeitos pasivos consignarán, sucintamente, no “talón para o destinatario” que integra o impreso de imposición, os datos referentes ao remitente e enderezo, obrigado ao pago, tributo ou exacción de que se trate, período impositivo, número de recibo ou liquidación e obxecto tributario. Sen prexuízo do anterior, ao mesmo tempo de impoñer o xiro, cursarán o exemplar da declaración ou notificación, segundo os casos, ao Concello de Ames, consignando en dito exemplar a Oficina de correos ou estafeta na que tiveran tramitado o xiro, data de imposición e número que aquela lle asignou.

Os ingresos por este medio entenderanse, a todos os efectos realizados no día en que se tivera imposto o xiro.

5. O pago en efectivo das débedas non tributarias efectuarase polos medios que autorice a súa propia normativa. Se non se tivera disposto regra especial, o pago deberá realizarse polos medios citados no apartado anterior.

6. Enténdese pagada en efectivo unha débeda, cando se teña realizado o ingreso do seu importe nas caixas dos órganos competentes, entidades colaboradoras ou entidades que, no seu caso, presten o servizo de caixa ou a demais persoas ou entidades autorizadas para recibir o pago.

7. Non obstante, cando o pago realícese a través de entidades de depósito ou outras persoas autorizadas, a entrega ao debedor do xustificante de ingreso liberará a este dende a data que se consigne no xustificante e polo importe que figure nel, quedando obrigada a entidade ou intermediario financeiro fronte á Facenda municipal dende ese momento e por devandito importe,

agás que puidese probarse fehacientemente a inexactitude da data ou o importe que conste na validación do xustificante.

8. As ordes de pago dadas polo debedor ás entidades de depósito e a outras persoas autorizadas para recibir o pago, non surtirán, por si soas, efectos fronte á Facenda municipal, sen prexuízo das accións que correspondan ao ordenante fronte á entidade ou persoa responsable do incumprimento.

### **Artigo 39º. Pago mediante cheque**

1. Os pagos que se realicen nas entidades colaboradoras ou entidades que puidesen prestar o servizo de caixa, poderán efectuarse mediante cheque que deberá reunir, ademais dos requisitos esixidos pola lexislación mercantil, os seguintes:

a) Ser nominativo a favor do Concello de Ames, polo importe exacto da débeda ou débedas a satisfacer.

b) Estar debidamente conformado ou certificado pola Entidade de crédito, en data e forma.

c) Deberá expresar o nome ou denominación social do librador, que se expresará debaixo da sinatura con toda claridade.

A admisión de cheques que incumpran algún dos requisitos anteriores quedará a risco da entidade que os acepte, sen prexuízo das accións que correspondan a dita entidade contra o obrigado ao pago.

2. Non obstante, cando un cheque validamente conformado ou certificado, non poida facerse efectivo en todo ou en parte, unha vez transcorrido o período voluntario, ditarase providencia de constrinximento polo importe non pagado para o seu cobro en vía de constrinximento e será esixido á entidade que o conformou ou certificou.

3. A entrega do cheque na entidade que, no seu caso, preste o servizo de caixa liberará ao debedor polo importe satisfeito, cando se fixera efectivo. En tal caso, surtirá efectos dende a data en que teña entrada en devandita entidade. Esta validará o correspondente xustificante de ingreso no que consignará a data e o importe do pago, quedando dende ese momento a entidade obrigada diante da Facenda municipal.

4. O importe do cheque poderá corresponder a un só débito ou comprender varios débitos para o seu pago de forma simultánea.

### **Artigo 40º. Domiciliacións**

1. O pagamento dos tributos periódicos que son obxecto de notificación colectiva, poderán realizarse mediante domiciliación en establecementos bancarios ou caixas de aforros, tras a solicitude á Administración municipal e segundo os requisitos establecidos no artigo 38 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o regulamento xeral de recadación. Poderá domiciliarse o pago nunha conta que non sexa da titularidade do obrigado, sempre que o titular de dita conta autorice a domiciliación.

2. As domiciliacións de pagamento terán validez por tempo indefinido, en tanto non sexan anuladas polo interesado, rexeitadas pola entidade de crédito en dúas ocasións consecutivas ou o Concello dispoña expresamente a súa invalidez por razóns xustificadas as cales deberán notificarse ó obrigado ó pagamento e á entidade colaboradora. Aos efectos de informar aos

contribuintes que teñan domiciliados os seus recibos, poderase enviar avisos advertíndolles da data concreta en que se fará o cargo a conta.

3. Nos supostos de recibos domiciliados, non se remitirá ó enderezo do obrigado ó pagamento o documento de pagamento; alternativamente, os datos da débeda incorporaranse no soporte magnético que orixine o correspondente cargo bancario; deberá a entidade financeira expedir e remitir o comprobante do cargo en conta.

#### **Artigo 41º. Xustificante de pagamento**

1. Quen pague unha débeda terá dereito a que se lle entregue un xustificante do pagamento realizado. Os xustificantes de pagamento en efectivo serán:

a) Os recibos.

b) As cartas de pagamento.

c) Os xustificantes debidamente dilixenciados polos bancos e caixas de aforro autorizados.

d) Os efectos timbrados.

e) Calquera outro documento ó que lle outorgue expresamente o Concello o carácter de xustificante de pagamento.

f) As certificacións de calquera dos anteriores.

2. O pagamento das débedas tributarias acreditarase mediante a exhibición dalgún dos documentos enumerados anteriormente.

3. Os xustificantes de pagamento en efectivo deberán indicar, polo menos, as seguintes circunstancias:

- Nome e apelidos, razón social ou denominación e NIF, se consta, da persoa debedora.

- Enderezo

- Concepto e período a que se refire.

- Importe da débeda.

- Data de cobro.

- Órgano, persoa ou entidade que o expide.

4. Cando os xustificantes de pagamento se estenderan por medios mecánicos, as circunstancias anteriormente mencionadas poderán expresarse en clave ou abreviatura suficientemente identificadoras, no seu conxunto, do debedor e da débeda satisfeita a que se refiran.

#### **Artigo 42º. Aprazamentos e fraccionamentos. Normas xerais**

1. O pagamento das débedas tributarias e demais de dereito público poderá aprazarse ou fraccionarse só nos casos e na forma que se determina na presente ordenanza e nos artigos 65 e 82 da Lei Xeral tributaria.

2. Os aprazamentos e fraccionamentos concederaos a Administración municipal tras a petición

dos obrigados ó pagamento, de conformidade coas regras dos artigos seguintes.

3. As débedas aprazadas ou fraccionadas deberán garantirse mediante aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución, coas salvedades reguladas no artigo 82 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

4. As cantidades aprazadas que estiveran garantidas cos medios citados no punto anterior, devengarán xuro de demora na contía do xuro legal.

5. A presentación dunha solicitude de aprazamento ou fraccionamento en período voluntario impedirá o inicio do período executivo, pero non o devengo do xuro de demora.

### **Artigo 43º. Débedas tributarias aprazables**

1. Poderá aprazarse o pagamento da débeda, tanto en período voluntario como executivo, tras a petición dos obrigados cando a súa situación económica financeira lles impida, transitoriamente, efectuar o pagamento dos seus débitos.

2. O fraccionamento de pagamento, como modalidade de aprazamento, será rexido polas normas aplicables a este no que non estea regulado especialmente.

3. A Tesourería disporá o necesario para que as solicitudes se formulen en documento específico, no que se indiquen os criterios de concesión e denegación de aprazamentos e fraccionamentos, así como a necesidade de fundamentar as dificultades económico-financeiras, aportando os documentos oportunos.

4. O acordo de concesión especificará a clase de garantía que o solicitante deberá aportar ou, no seu caso, a dispensa desta obriga.

5. Os criterios xerais de concesión de aprazamentos son:

- As débedas de 100,00 a 300,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de tres mensualidades.

- As débedas de 300,01 euros a 900,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de seis mensualidades.

- As débedas de 900,01 euros a 1.500,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de nove meses ou mensualidades.

- As débedas de 1.500,01 euros a 3.000,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de doce meses ou mensualidades.

- As débedas de 3.000,01 euros a 4.500,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de quince meses ou mensualidades.

- As débedas de importe superior aos 4.501,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de dezoito mensualidades.

Excepcionalmente se aprazarán ou fraccionarán débedas de contía inferior a 100,00 euros ou por prazos superiores aos previstos, para aqueles contribuíntes que se atopen en situación de emerxencia social, ou que pertenza a unha unidade familiar que se atope nalgunha destas circunstancias, acreditadas mediante informe de servizos sociais:

–Familias con problemas de integración social.

–Familias con menores con problemas de integración social.

–Familias en risco de desestruturación familiar, pendentes de iniciar ou tendo iniciado un expediente de protección de menores.

–Casos de intervención socio familiar.

Todas estas circunstancias deben darse conxunta e non illadamente.

Tamén e con carácter excepcional, atendendo a unha situación de precariedade económica en función da documentación adicional que a xuízo da tesouraría se lle poida requirir, tomando como base a prevista no artigo 11.5 da presente Ordenanza Fiscal Xeral, poderá outorgarse fraccionamentos ou aprazamentos de contía inferior a 100,00 euros ou por prazos superiores aos previstos

Cando o debedor solicite o fraccionamento ou aprazamento por un prazo superior aos indicados, de concederse o aprazamento ou fraccionamento, este entenderase concedido polos prazos máximos, notificándose este extremo na resolución correspondente.

6. Como regra xeral, na concesión de fraccionamentos, se esixirá a domiciliación do pago das sucesivas fraccións.

7. Documentación que se ten que achegar:

a) Persoas físicas:

- Copia das dúas últimas nóminas recibidas.
- Certificación de conta bancaria para a domiciliación.
- Certificado de bases impositivas da última declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. No suposto de contribuíntes que non estean obrigados a presentar declaración, a acreditación dos ingresos percibidos realizarase mediante o certificado de retencións expedido polos pagadores dos distintos rendementos obtidos.

b) Persoas xurídicas:

- As contas do Balance de situación e contas de perdas e ganancias do último exercicio pechado.
- Copia, debidamente compulsada, do Imposto sobre sociedades correspondente ó último exercicio económico presentado
- Certificación de conta bancaria para a domiciliación.

c) Comunidades de bens e outras entidades do artigo 35.4 da Lei 58/2003.

- Acordo da xunta de propietarios ou do órgano competente que reflicte a aprobación da solicitude de fraccionamento ou aprazamento para facer fronte á débeda e plan de pagamento.
- Certificación de conta bancaria para a domiciliación.

8. Salvo circunstancias excepcionais apreciadas polo órgano de recadación, denegarase as seguintes solicitudes:

a) As de reconsideración de aprazamentos resoltos segundo os presentes criterios e que non estean debidamente fundadas, tendo como única finalidade demorar o cumprimento da obriga tributaria.

b) As presentadas por contribuíntes que incumpran aprazamentos concedidos ou non formalizaran as garantías

c) As que correspondan a débedas illadas presentadas por contribuíntes que manteñen outras débedas co Concello de Ames sen regularizar.

9. O ingreso dos prazos deberá efectuarse nas datas establecidas nos acordos de concesión de aprazamento ou fraccionamento, que serán sempre o día 5 ou 20 do mes a que se refiran. Con carácter preferente considerarase o día 20 de cada mes.

10. Os aprazamentos e fraccionamentos concederanse pola Administración municipal, previa solicitude dos obrigados ao pago. Non se admitirá a solicitude respecto de débedas que se atopen en período executivo en calquera momento posterior ao da notificación do acto administrativo polo que se acorde a enaxenación dos bens embargados.

11. As solicitudes de aprazamento e fraccionamento de pago dirixiranse ao Tesoureiro Municipal, a quen corresponde avaliar a situación económico-financeira do obrigado ao pago en relación á posibilidade de satisfacer os débitos, así como a suficiencia e idoneidade das garantías propostas ou, no seu caso, a concorrencia das condicións precisas para obter a dispensa de garantía.

12. A solicitude de aprazamento ou fraccionamento conterá, necesariamente, e a maiores dos previstos no punto sétimo deste artigo, os seguintes datos:

a) Nome e apelidos ou razón social completa, número de identificación fiscal e domicilio do obrigado ao pago e, no seu caso, da persoa que o represente.

b) Identificación das débedas cuxo aprazamento ou fraccionamento se solicite, debendo figurar necesariamente, a o menos, o seu importe, concepto e data de finalización do prazo de ingreso en período voluntario.

c) Causas que acrediten que a súa situación económico-financeira lle impide, de forma transitoria, efectuar o pago.

d) Garantía que se ofrece, segundo o disposto no artigo 82 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, da lei xeral tributaria.

e) Prazos e demais condicións do aprazamento ou fraccionamento que se solicita.

f) Lugar, data e sinatura do obrigado ao pago así como, no seu caso, a do seu representante.

#### **Artigo 44º. Garantías para aprazamento ou fraccionamento**

1. Como regra xeral, o solicitante deberá ofrecer garantía en forma de aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución. En todo caso achegarase coa solicitude o correspondente compromiso expreso e irrevogable da entidade de formalizar o aval necesario no caso de que o aprazamento fose concedido. O aval deberá achegarse no prazo de trinta días seguintes ó da notificación do acordo de concesión.

Cando se solicite a admisión de garantía que non consista en aval de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución, achegarase, xunto á

solicitude de aprazamento ou fraccionamento:

■ Declaración responsable e xustificación documental da imposibilidade de obter aval ou certificado de seguro de caución, na que consten as xestións efectuadas para a súa obtención (deberán xuntarse negativa de, polo menos, dúas entidades financeiras ou de caución ás que se tivera dirixido o solicitante para a obtención da correspondente garantía).

■ Valoración feita nos últimos tres meses dos bens ofrecidos en garantía efectuada por empresas ou profesionais especializados e independentes. Cando exista un rexistro de empresas ou profesionais especializados na valoración dun determinado tipo de bens, a valoración deberá efectuarse, preferentemente, por unha empresa ou profesional inscrito en devandito rexistro.

Cando se solicite a dispensa total ou parcial da garantía:

a. Declaración responsable e xustificación documental manifestando carecer de bens ou non posuír outros que os ofrecidos en garantía. A declaración responsable deberá incorporar relación dos bens inmoables dos que o solicitante sexa titular, indicando en cada caso a referencia catastral e aportando información detallada das cargas que os graven.

b. Declaración responsable e xustificación documental da imposibilidade de obter aval ou certificado de seguro de caución, na que consten as xestións efectuadas para a súa obtención (deberá xuntarse negativa de, polo menos, dúas entidades financeiras ou de caución ás que se tivera dirixido o solicitante para a obtención da correspondente garantía).

c. Plan de viabilidade e calquera outra información que xustifique a posibilidade de cumprir o aprazamento ou fraccionamento solicitado, e que poña de manifesto que a imposibilidade para facer fronte ao pago da débeda é transitoria, e non estrutural.

A suficiencia económica e xurídica das garantías será apreciada pola tesouraría municipal.

Se dispensará total ou parcialmente ao obrigado tributario da constitución das garantías:

- Cando as débedas tributarias sexan de contía inferior aos 6.000,00 € (seis mil euros), ou ben naqueles casos sinalados pola normativa estatal.

- Cando o obrigado ao pago careza de bens suficientes para garantir a débeda e a execución do seu patrimonio puidese afectar substancialmente ao mantemento da súa capacidade produtiva e do nivel de emprego da actividade económica respectiva, ou ben puidese producir graves quebrantos para os intereses da facenda municipal.

2. A garantía cubrirá o importe do principal e dos xuros de demora que xere o aprazamento, máis un 25 por cento da suma de ambas partidas.

3. A garantía constituída mediante aval deberá ser por termo que exceda, cando menos, en seis meses ó vencemento do prazo ou prazos garantidos.

4. Cando se tivera realizado anotación preventiva de embargo en rexistro público de bens de valor suficiente, a xuízo da Tesouraría do Concello, considerarase garantida a débeda e non será necesario aportar nova garantía.

#### **Artigo 45º. Tramitación e resolución**

1. A Tesouraría do Concello tramitará as solicitudes de aprazamento ou fraccionamento

examinando e avaliando a falta de liquidez e a capacidade para xerar recursos conforme ó disposto nas normas regulamentarias de aplicación, formulando a correspondente proposta de resolución ó órgano competente para a súa aprobación.

2. ... (suprimido)

3. A resolución notificarase conforme a normativa regulamentaria de aplicación xunto co cálculo de xuros e procedemento en caso de falta de pagamento.

4. A resolución deberá adoptarse no prazo de seis meses a contar dende o día en que a solicitude tivo entrada oficial no Rexistro Xeral do Concello. Transcorrido este prazo poderá entenderse desestimada a solicitude.

5. O órgano competente para resolver as solicitudes de aprazamento e fraccionamento é o Alcalde-Presidente do Concello de Ames ou órgano en quen delegue.

### **Artigo 46º. Cálculo de xuros en aprazamentos e fraccionamentos**

1. As cantidades que se apracen ou fraccionen devengarán o xuro de demora regulado no artigo 33.2 a) desta Ordenanza e 17 da Lei xeral presupostaria, segundo se trate de débedas tributarias ou non tributarias, respectivamente, que será o xuro legal que corresponda ata a data do seu ingreso.

2. No caso de concesión de aprazamento, os xuros de demora calcularanse sobre a débeda aprazada polo tempo comprendido entre o vencemento do período voluntario e o vencemento do prazo concedido. Se o aprazamento foi solicitado en período executivo a base para o cálculo de intereses non incluírá o recargo do período executivo que corresponda. Os xuros devengados deberán ingresarse xunto coa débeda aprazada.

3. No caso de fraccionamentos, calcularanse xuros de demora por cada fracción de débeda, computándose o tempo dende o vencemento do período voluntario ata o vencemento do prazo de ingreso concedido para cada fracción.

Os xuros devengados por cada fracción deberán pagarse xunto coa fracción no prazo de ingreso desta. Se o fraccionamento foi solicitado en período executivo a base para o cálculo non incluírá o recargo do período executivo que corresponda.

4. En caso de denegación de aprazamento ou fraccionamento de débedas:

a) Se foi solicitado en período voluntario, liquidaranse xuros de demora polo período transcorrido dende o vencemento do período voluntario ata a data da resolución denegatoria.

b) Se fose solicitado en período executivo liquidaranse xuros unha vez efectuado o pagamento de acordo co establecido na normativa regulamentaria de aplicación.

### **Artigo 47º. Efectos da falta de pagamento.**

1. Nos aprazamentos solicitados en período voluntario, se chegado o vencemento do prazo concedido non se efectuara o pago, iniciárase ao día seguinte o período executivo que incluírá a débeda aprazada, os xuros devengados e o recargo do período executivo correspondente. Nos aprazamentos solicitados en período executivo, procederase, no seu caso, a executar a garantía, ou, no caso de inexistencia ou insuficiencia desta, seguirase o procedemento de constrinximento para a realización do débito pendente.



2. Nos fraccionamentos solicitados en período voluntario, se chegado o vencemento de calquera dos prazos non se efectuara o pago, consideraranse tamén vencidas as fraccións pendentes, iniciándose o período executivo para o cobro da totalidade da débeda fraccionada non satisfeita e os seus xuros devengados ata a data de vencemento do prazo incumprido, co recargo do período executivo que corresponda. Se o fraccionamento foi solicitado en período executivo, do mesmo xeito, considéranse vencidas anticipadamente as fraccións pendentes procedéndose conforme ao disposto no apartado anterior.

### **Artigo 48º. Prescrición**

1. Prescribirán ós catro anos os seguintes dereitos:

- a) O dereito do Concello para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación.
- b) O dereito do Concello para esixir o pagamento das débedas tributarias liquidadas e autoliquidadas.
- c) O dereito a solicitar as devolucións derivadas da ordenanza de cada tributo, as devolucións de ingresos indebidos e o reembolso do custo das garantías.
- d) O dereito a obter as devolucións derivadas da ordenanza de cada tributo, as devolucións de ingresos indebidos e o reembolso do custo das garantías.

2. O prazo de prescrición comezará a contarse:

No caso a), dende o día seguinte a aquel en que remate o prazo regulamentario para presentar a correspondente declaración ou autoliquidación.

No caso b), dende o día seguinte a aquel en que remate o prazo de pagamento voluntario.

No caso c), dende o día seguinte a aquel en que a devolución puido solicitarse, ou se realizou o ingreso indebido, ou fose firme o acto impugnado, segundo establece o artigo 67 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

No caso d), dende o día seguinte a aquel en que remate o prazo fixado na ordenanza para practicar a devolución ou fose recoñecido o dereito á devolución, ou o reembolso de garantías.

3. Os prazos de prescrición ós que se refire o apartado 2 anterior interrómpanse por actuacións da administración tributaria, así como dos obrigados tributarios, nos termos regulados no artigo 68 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

4. A prescrición ganada extingue a débeda tributaria.

5. A prescrición aplicarase de oficio, mesmo nos casos en que estivese pagada a débeda, sen necesidade de que a invoque ou excepcione o obrigado ó pagamento.

### **Artigo 49º. Compensación**

1. As débedas coa Facenda municipal poderán extinguirse total ou parcialmente por compensación, tanto en período voluntario como executivo cos créditos recoñecidos por ela a favor do debedor.

2. As débedas a favor do Concello, cando o debedor sexa un ente territorial, organismo autónomo, Seguridade Social ou entidade de dereito público nos que a súa actividade non se rexa polo

ordenamento privado, serán compensables de oficio, unha vez transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, segundo o procedemento establecido na normativa regulamentaria de aplicación.

3. Cando un debedor á Facenda municipal, non comprendido no punto anterior, sexa á vez acredor dela por un crédito recoñecido, transcorrido o período voluntario, compensarase de oficio a débeda e os recargos do período executivo que procedan, co crédito. A compensación seralle notificada á persoa interesada.

4. Cando unha liquidación da que se ingresou o seu importe sexa anulada e substituída por outra, poderase diminuír esta na cantidade previamente ingresada.

### **Artigo 50º. Compensación a instancia do suxeito pasivo**

1. O debedor que solicite a compensación deberá dirixirle ó Concello a correspondente solicitude que conterá os seguintes requisitos:

a) Nome e apelidos ou razón social completa, número de identificación fiscal e enderezo fiscal do obrigado tributario.

b) Débeda tributaria á que se refire a compensación e o seu importe, data de vencemento do prazo de ingreso voluntario e referencia contable.

c) Crédito contra o Concello que se ofrece compensar, o seu importe e natureza.

d) Declaración expresa de non ter transmitido ou cedido o crédito a outra persoa.

2. O alcalde-presidente do Concello de Ames ou órgano en quen delegue acordará ou denegará a compensación no prazo máximo de seis meses.

### **Artigo 51º. Insolvencia**

1. As débedas que non puidesen facerse efectivas por insolvencia probada dos obrigados tributarios e demais responsables, declararanse provisionalmente extinguidas, en tanto non se rehabiliten dentro dos prazos de prescrición.

2. Se, vencido o prazo de prescrición, non se rehabilitase a débeda, quedará definitivamente extinguida.

3. O departamento de Recadación, sen prexuízo do que estableza a normativa presupostaria, atendendo a criterios de eficiencia poderá propoñer declaración de insolvencia segundo contía e natureza das débedas afectadas.

### **Artigo 52º. Condonación**

1. As Entidades Locais non poderán allear ou hipotecar os seus dereitos e propiedades nin conceder exencións, perdóns, rebaixas ou moratorias para o pagamento dos seus recursos ou dos créditos por calquera concepto que tivesen liquidados ó seu favor, agás nos casos previstos polas leis.

2. As débedas só poderán condonarse en virtude de lei, na contía e cos requisitos que nela se determinen.

### **TÍTULO III**

## **APLICACIÓN DOS TRIBUTOS**

### **CAPÍTULO I**

#### **ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA E DOS OBRIGADOS TRIBUTARIOS**

##### **Artigo 53º. Ámbito da aplicación dos tributos**

1. A aplicación dos tributos desenvolverase a través dos procedementos de xestión, inspección e recadación. Igualmente, comprenderá, actuacións de información e asistencia ós obrigados tributarios, publicacións, contestación a consultas tributarias escritas, colaboración social na aplicación dos tributos, cumprimento de obrigas de información e outros.

##### **Artigo 54º. Deber de información e asistencia ós obrigados tributarios**

1. A administración tributaria do Concello prestará ós obrigados tributarios a necesaria información sobre os seus dereitos e obrigas.

2. A actividade á que se refire o parágrafo anterior, desenvolverase polos seguintes medios:

a) Mediante a publicación anual dun texto actualizado das ordenanzas fiscais e de prezos públicos do Concello.

b) O Servizo de Facenda Local informará ós contribuíntes dos criterios administrativos seguidos para a aplicación da normativa fiscal do Concello; dita información será accesible a través da páxina web do Concello.

##### **Artigo 55º. Colaboración social na xestión tributaria**

1. A colaboración social na xestión dos tributos poderá instrumentarse a través de acordos da Administración Tributaria municipal con outras administracións públicas, con entidades privadas ou con institucións e organizacións representativas de sectores ou intereses sociais, laborais, empresariais ou profesionais.

Dita colaboración poderá referirse entre outros, ós seguintes aspectos:

a) Campañas de información e difusión.

b) Simplificación do cumprimento das obrigas e deberes tributarios e asistencia na realización de declaracións.

c) Presentación e remisión á Administración tributaria do Concello de autoliquidacións, declaracións, comunicacións ou calquera outro documento con transcendencia tributaria, previa autorización dos obrigados tributarios.

d) Solicitude e obtención de certificados tributarios e información do estado de tramitación de devolucións, previa autorización dos obrigados tributarios.

2. Toda persoa natural ou xurídica, pública ou privada, estará obrigada a proporcionarlle á Administración Tributaria do Concello toda clase de datos, informes ou antecedentes con transcendencia tributaria, deducidos das súas relacións económicas, profesionais ou financeiras con outras persoas, nos termos establecidos no artigo 93 da Lei 58/2003, do 17 de decembro,

xeral tributaria. Así mesmo, as autoridades, calquera que sexa a súa natureza, os xefes ou encargados de oficinas civís ou militares do Estado e dos demais entes públicos territoriais, os organismos autónomos e sociedades estatais, as Cámaras e Corporacións, Colexios e Asociacións Profesionais, Mutualidades de Previsión Social, as demais entidades públicas incluídas as Xestoras da Seguridade Social e quen, en xeral exerzan funcións públicas estarán obrigados a subministrarlle á Administración Tributaria do Concello cantos datos e antecedentes con transcendencia tributaria solicite esta, nos termos establecidos no artigo 94 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

3. Os datos, informes ou antecedentes obtidos pola Administración Tributaria do Concello no desempeño das súas funcións teñen carácter reservado e só poderán ser utilizados para a efectiva aplicación dos tributos ou recursos dos que teñan encomendada a súa xestión, sen que poidan ser cedidos ou comunicados a terceiros, agás que a cesión teña por obxecto os supostos regulados no artigo 95 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

4. A denuncia pública é independente do deber de colaboración coa Administración Tributaria municipal conforme co apartado 2 deste artigo, e consistirá en poñer en coñecemento da administración tributaria do Concello feitos ou situacións que poidan ser constitutivos de infraccións ou ter transcendencia para a aplicación dos tributos.

Recibida unha denuncia, trasladarase ós departamentos competentes para levar a cabo as actuacións que procedan.

As denuncias infundadas poderán archivarase sen máis trámite.

Non se considerará ó denunciante interesado na actuación administrativa que se inicie a raíz da denuncia, nin lexitimado para a interposición de recursos ou reclamacións en relación cos resultados dela.

### **Artigo 56º. Consulta tributaria escrita**

1. Os obrigados tributarios poden formularlle á Administración Municipal consultas debidamente documentadas, en relación ó réxime, á clasificación ou á cualificación tributaria que en cada caso lles corresponda.

2. Así mesmo, poderán formular consultas tributarias os colexios profesionais, cámaras oficiais, organizacións patronais, sindicatos, asociacións de consumidores, asociacións ou fundacións que representen intereses de persoas con discapacidade, asociacións empresariais e organizacións profesionais cando se refiran a cuestións que afecten á xeneralidade dos seus membros ou asociados.

3. A contestación ás consultas tributarias escritas terá efectos vinculantes para o órgano encargado da aplicación dos tributos na súa relación co consultante no seguinte sentido:

- Mentres non se modifique a lexislación ou a xurisprudencia aplicable ó caso, aplicaranse ó consultante os criterios expresados na contestación e sempre que non se tiveran alterado as circunstancias e datos recollidos no escrito da consulta.

- Aplicaranse os criterios contidos nas consultas tributarias escritas a calquera obrigado, sempre que exista identidade entre os feitos e circunstancias de dito obrigado e os que se inclúan na contestación á consulta.

4. A competencia para contestar as consultas establecidas neste precepto corresponderalle ao

alcalde-presidente do Concello de Ames ou órgano en quen delegue, sen que caiba recurso ningún contra a contestación e sen prexuízo de que poida emprenderse aquel contra o acto ou actos administrativos ditados de acordo cos criterios manifestados nelas.

5. A Administración municipal deberá contestar ás consultas efectuadas nun prazo máximo de seis meses.

## **CAPÍTULO II**

### **NORMAS SOBRE ACTUACIÓNS E PROCEDEMENTOS TRIBUTARIOS: ESPECIALIDADES DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS EN MATERIA TRIBUTARIA**

#### **Artigo 57º. Normas reguladoras dos procedementos tributarios**

As actuacións e procedementos de aplicación dos tributos do Concello regularanse:

- a) Pola presente Ordenanza.
- b) Polas Ordenanzas fiscais de cada tributo.
- c) Pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e disposicións regulamentarias que desenvolvan aquela e poidan resultar de aplicación para a Administración tributaria do Concello.
- d) Suplementariamente, polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos.

#### **Artigo 58º. Fases dos procedementos tributarios**

1. Os procedementos tributarios realizaranse nas fases de iniciación, desenvolvemento e terminación.
2. A iniciación poderá ser de oficio ou a instancia do obrigado tributario por medio de autoliquidación, declaración, comunicación ou solicitude.
3. A Administración tributaria do Concello poñerá a disposición dos obrigados tributarios modelos normalizados de autoliquidacións, declaracións, comunicacións e solicitudes segundo a normativa propia de cada tributo.
4. No desenvolvemento do procedemento tributario, os obrigados tributarios teñen dereito a que se lles expida certificación de autoliquidacións, declaracións e comunicacións así como copia, á súa costa, dos documentos que consten no expediente agás que afecten a terceiras persoas. Así mesmo, o contribuínte que sexa parte dun procedemento de xestión tributaria poderá coñecer, en calquera momento do seu desenvolvemento, o estado de tramitación do procedemento.
5. As actuacións da Administración tributaria documentaranse en comunicacións, dilixencias e informes:
  - a) Comunicacións son aqueles documentos polo que a Administración tributaria notifica ó obrigado tributario o inicio do procedemento, realiza requirimentos ou pon de manifesto feitos ou actuacións relativos a aquel.
  - b) As dilixencias son os documentos públicos que se estenden para facer constar feitos e manifestacións do obrigado tributario ou persoa co que se entenden as actuacións.
6. O trámite de audiencia previo á proposta de resolución dun expediente poderá obviarse nos

expedientes de actas con acordo ou naqueles en que estea previsto un trámite de alegacións posterior á proposta. O trámite de alegacións terá unha duración de 10 días hábiles.

7. A terminación dos procedementos tributarios producirase por resolución, desestimento, renuncia ó dereito en que se fundamentaba a solicitude, caducidade, cumprimento da obriga e outras previstas na ordenanza reguladora do tributo.

### **Artigo 59º. Liquidacións tributarias: concepto e clases**

1. A liquidación tributaria é o acto resolutorio polo que ó Concello determina a débeda tributaria.

2. As liquidacións tributarias serán provisionais e definitivas.

3. Con carácter xeral, as liquidacións tributarias terán carácter de provisionais, agás que fosen practicadas nun procedemento inspector previa comprobación e investigación de todos os elementos da obriga tributaria.

### **Artigo 60º. Notificación das liquidacións tributarias**

1. As liquidacións tributarias notificaranse ós obrigados tributarios coa expresión de:

a) Identificación do obrigado tributario.

b) Elementos determinantes da contía da débeda tributaria.

c) Motivación das mesmas coa expresión dos feitos e elementos esenciais que as orixinen así como dos fundamentos de dereito.

d) Os medios de impugnación que poidan ser exercidos, órgano ante o que deban presentarse e prazo para a súa interposición.

e) Lugar, prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria.

f) O seu carácter de provisional ou definitiva.

2. No caso de tributos de cobro periódico e tal e como establece a respectiva ordenanza fiscal, notificarase individualmente a liquidación correspondente á alta no respectivo padrón, matrícula ou rexistro, e as sucesivas liquidacións poderanse notificar colectivamente mediante edictos que o advirtan.

O aumento da base tributaria sobre o resultante das declaracións deberá notificárselle ó suxeito pasivo con expresión concreta dos feitos e elementos adicionais que o motiven, excepto cando a modificación proveña de revalorizacións de carácter xeral autorizadas polas leis ou de modificación das ordenanzas fiscais regulamentariamente tramitadas. Neste caso serán notificadas colectivamente segundo o disposto no artigo 63.2 desta ordenanza.

3. As ordenanzas fiscais especificarán, se é o caso, outros supostos nos que non será preceptiva a notificación expresa e advertirase igualmente nos correspondentes impresos regulamentarios de declaracións, autoliquidacións ou partes de alta, ou mediante escrito ó declarante.

4. No caso de que a primeira liquidación se faga polo procedemento de autoliquidación entenderase que esta substitúe á alta no Padrón ou Rexistro.

5. Os prazos para recursos en notificacións practicadas mediante exposición ó público dos

padróns prodúcense desde o día seguinte ó de finalización de período voluntario de pagamento.

6. As notificacións defectuosas surtirán efecto a partir da data na que o interesado realice actuacións que supoñan coñecemento do contido da resolución ou acto obxecto da notificación, ou interpoñan o recurso procedente.

7. En todo caso, terán efecto polo transcurso de seis meses as notificacións practicadas persoalmente ós suxeitos pasivos que, aínda que conteñan o texto íntegro do acto, omitisen algún outro requisito, agás que se fixese protesta formal dentro deste prazo solicitando que a Administración municipal rectifique a deficiencia.

8. A notificación poderá practicarse no enderezo fiscal do obrigado tributario, no centro de traballo, no lugar en que se desenvolva a actividade económica ou en calquera outro adecuado a tal fin. De tratarse dun procedemento iniciado a solicitude do interesado, a notificación practicarase no lugar sinalado polo obrigado tributario ou, no seu defecto, no domicilio fiscal.

9. Cando non fose posible efectuar a notificación, citarase ós obrigados tributarios para ser notificados por comparecencia mediante publicación única no Boletín oficial da Provincia. Estas publicacións realizaranse os días 5 e 20 de cada mes ou inmediato hábil posterior. Na publicación constarán a relación de notificacións pendentes indicando:

- Obligado tributario.

- Procedemento que as motiva.

- Órgano que as tramita.

- Lugar en que o destinatario deberá comparecer e prazo, sendo este último de 15 días naturais dende o seguinte ó da publicación.

#### **Artigo 60º.bis. Solicitude de división da débeda.**

1. O Concello de Ames emitirá os recibos e as liquidacións tributarias a nome do primeiro titular do dereito constitutivo do feito imponible.

Non obstante, cando un ben inmovible ou dereito pertenza a dous ou máis titulares poderase solicitar a división da cota tributaria, sendo indispensable achegar os datos persoais e os domicilios do resto dos obrigados ao pagamento, así como os documentos públicos acreditativos da proporción en que cada un participa no dominio ou dereito sobre o inmovible. Neste caso, os obrigados tributarios deberán domiciliar nunha entidade financeira o pagamento das cotas individuais resultantes.

Unicamente está prevista a división da cota tributaria nos tributos locais que graven a titularidade de bens inmovibles ou dereitos reais inmobiliarios ou a transmisión da propiedade ou dereitos reais sobre estes:

a) Nos tributos de carácter periódico, poderase solicitar a división da cota tributaria cos requisitos anteriormente enunciados, a instancia de todos os interesados, sempre que se solicite con anterioridade ao inicio do período voluntario de pagamento.

b) Aos tributos de carácter non periódico, poderase solicitar a instancia de todos os interesados a división da débeda tributaria sempre que se realice con anterioridade ao período voluntario de pagamento.

Unha vez aceptada pola Administración a solicitude de división, os datos incorporaranse no padrón do exercicio inmediatamente posterior e manterase nos sucesivos mentres non se solicite a modificación.

2.- Non se dividirá a débeda cando como consecuencia da división desta resulten cotas antieconómicas.

3. -Se algunha das cotas resulta impagada esixírase o pagamento da débeda a calquera dos responsables solidarios.

4. -En ningún caso se poderá solicitar a división da cota do tributo nos supostos de réxime económico matrimonial de Sociedade de Gananciais.

Nos supostos de recaer Sentenza xudicial firme de separación, nulidade ou divorcio, na que se atribúa o uso da vivenda a un dos cotitulares, poderase solicitar a alteración da orde dos suxeitos pasivos para facer constar, en primeiro lugar, quen sexa beneficiario do uso. Neste caso, esíxese o acordo expreso dos interesados. Tal alteración deberá comunicarse, en todo caso, á Xerencia Territorial de Catastro.

### **CAPÍTULO III**

#### **PROCEDIMENTO DE XESTIÓN TRIBUTARIA**

##### **Artigo 61º. A xestión tributaria**

1. A Xestión tributaria consiste no exercicio das funcións administrativas dirixidas a:

a) Recepción e tramitación de declaracións, autoliquidacións, comunicacións de datos e demais documentos con transcendencia tributaria.

b) A comprobación e realización das devolucións previstas na Ordenanza fiscal procedente.

c) O recoñecemento e comprobación da procedencia dos beneficios fiscais de acordo coa Ordenanza fiscal.

d) Control do cumprimento da obriga de presentar declaracións tributarias e outras obrigas formais.

e) As actuacións de verificación de datos.

f) As actuacións de comprobación de valores.

g) As actuacións de comprobación limitada.

h) A práctica de liquidacións tributarias derivadas de declaracións tributarias así como actuacións derivadas de verificación e comprobación.

i) Emisión de certificados tributarios, agás os relativos á recadación e inspección.

j) A elaboración e mantemento de censos e padróns fiscais.

k) A información e asistencia tributaria.

l) As restantes actuacións de aplicación dos tributos non integradas nas funcións de inspección e recadación.



2. A Administración tributaria do Concello desenvolverá as actuacións relacionadas no apartado anterior conforme o disposto nas ordenanzas fiscais de cada tributo, artigo 61 a 65 da presente Ordenanza, e artigos 117 a 140 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

### **Artigo 62º. Padróns fiscais periódicos**

1. Serán obxecto de padrón, matrícula ou rexistro, a parte do que se estableza en cada ordenanza específica, as exaccións nas que, pola súa natureza, se produza unha continuidade dos presupostos determinantes da esixibilidade do tributo.

2. Os padróns, matrículas ou rexistros en soporte documental ou magnético deberán conter, ademais dos datos específicos que requira cada un deles segundo as características da exacción, os aspectos seguintes:

- a) Nome, apelidos, NIF e domicilio do suxeito pasivo.
- b) Finca, establecemento industrial ou comercial ou elemento obxecto da exacción.
- c) Base imponible e/ou liquidable.
- d) Tipo de gravame.
- e) Cota tributaria.

### **Artigo 63º. Formación**

A formación dos padróns, matrículas ou rexistros será realizada polas oficinas xestoras da respectiva exacción e tomará como base:

- a) Os datos existentes na propia oficina ou noutras da Administración Municipal.
- b) As declaracións ou declaracións-liquidacións dos suxeitos pasivos nos casos en que así se esixa.
- c) O resultado da investigación practicada.

### **Artigo 64º. Aprobación**

1. Os padróns, matrículas ou rexistros someteranse cada ano á aprobación da Xunta de Goberno Local e expoñeranse ó público nas oficinas municipais durante o prazo de quince días, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Esta exposición, que será anunciada tamén na páxina web do Concello, producirá os efectos de notificación a cada un dos suxeitos pasivos.

2. Non precisarán de notificación individualizada as variacións na cota tributaria orixinadas por modificación de tipos impositivos, índices, coeficientes ou tarifas aprobadas por Lei de carácter xeral, de obrigatoria aplicación, ou procedentes da correspondente modificación da ordenanza fiscal regulamentariamente tramitada.

Así mesmo, non precisarán de notificación individualizada as cotas de recibos periódicos con aumentos nas bases imposables e liquidables cando tales aumentos procedan de revalorizacións de carácter xeral autorizados polas leis.

### **Artigo 65º. Altas e baixas: efectos**

1. As altas por declaración dos interesados ou descubertas pola acción investigadora da

Administración Municipal terán efecto dende a data en que, por disposición de cada ordenanza, naza a obriga de contribuír e serán incorporadas definitivamente ó padrón, matrícula ou rexistro do ano seguinte.

2. As baixas ou alteracións deberán ser formuladas polos suxeitos pasivos e producirán a eliminación ou rectificación do padrón, matrícula ou rexistro, con efectos a partir do período seguinte a aquel no que fosen presentadas, sen prexuízo da correspondente verificación ou comprobación.

### **Artigo 66º. Procedemento de comprobación limitada**

1. De conformidade cos artigos 123 e 136 a 140 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, a administración tributaria do Concello realizará as seguintes actuacións de comprobación limitada:

a) Exame dos datos consignados polos obrigados tributarios nas súas declaracións.

b) Exame dos datos e antecedentes obrantes na Administración do Concello que poñan de manifesto a realización do feito imponible ou do presuposto dunha obriga tributaria, ou a existencia de elementos determinantes da mesma non declarados ou distintos ós declarados polo obrigado tributario.

c) Exame dos rexistros e demais documentos esixidos pola normativa tributaria e de calquera outro libro, rexistro ou documento de carácter oficial agás a contabilidade mercantil, así como exame de facturas ou documentos que sirvan de xustificante das operacións incluídas en ditos libros, rexistros ou documentos.

d) Requirimentos a terceiros para que aporten a información que estean obrigados a subministrar con carácter xeral ou para que a ratifiquen mediante a presentación dos correspondentes xustificantes.

2. As actuacións de comprobación limitada realizaranse nas oficinas do Concello agás a comprobación de datos censais e elementos tributarios de carácter obxectivo que deban ser comprobados visualmente tales como superficies, potencia instalada, uso de locais e outros.

3. As actuacións de comprobación limitada realizaranse de oficio notificando a súa natureza e alcance ós obrigados tributarios. Documentaranse en comunicacións e dilixencias.

4. Con carácter previo á práctica de liquidación provisional, a administración tributaria do Concello comunicará á proposta de liquidación a fin de que o obrigado tributario poida presentar as alegacións que estime oportunas.

5. O procedemento de comprobación limitada rematará, agás supostos de caducidade ou inicio de procedemento inspector, con resolución administrativa que conteña:

- Elementos da obriga tributaria obxecto de comprobación e o seu ámbito temporal.

- Especificación das actuacións realizadas.

- Relación de feitos e fundamentos de dereito que motivan a resolución.

- Liquidación provisional ou manifestación expresa de que non procede regularizar a situación tributaria como consecuencia da comprobación realizada.

6. Ditada a resolución anterior, a administración tributaria non realizará nova regularización sobre o obxecto e ámbito temporal comprobado. Os obrigados tributarios non poderán impugnar os feitos e elementos determinantes da débeda tributaria ós que manifestaran conformidade expresa.

## **CAPÍTULO IV**

### **PROCEDIMENTO DE INSPECCIÓN**

#### **Artigo 67º. A inspección tributaria**

1. A Inspección tributaria consiste no exercicio das funcións administrativas dirixidas a:

a) Á investigación dos supostos de feito das obrigas tributarias para o descubrimento dos que sexan ignorados pola Administración do Concello.

b) Á comprobación da veracidade e exactitude das declaracións presentadas polos obrigados tributarios.

c) Á realización de actuacións de obtención de información relacionadas coa aplicación dos tributos, de conformidade co establecido nos artigos 93 e 94 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

d) Á práctica das liquidacións tributarias resultantes das súas actuacións de comprobación e investigación.

e) Á realización das intervencións tributarias de carácter permanente e non permanente, a iniciativa propia ou a requirimento dos órganos do Concello ou doutras administracións, reguladas de forma específica ou, en defecto de regulación expresa, conforme ós artigos 141 a 159 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. Agás o disposto expresamente no presente capítulo así como no título IV desta Ordenanza Fiscal Xeral, o procedemento e actuacións da Inspección Tributaria do Concello adecuaranse ó disposto nos artigos 141 a 159 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

3. Exercerá a xefatura da inspección de tributos municipais o/a xefe do servizo de recadación, a cuxo cargo estarán todos os traballos de organización e coordinación,

4. O exercicio das funcións propias da inspección dos tributos adecuarase aos correspondentes plans de actuacións inspectoras, sen prexuízo da iniciativa dos actuarios de acordo cos criterios de eficacia e oportunidade.

5. Anualmente formaranse os correspondentes plans de actuación da inspección, que serán aprobados pola Alcaldía-Presidencia ou órgano en quen delegue. Os criterios que informan os Plans de Inspección faranse públicos mediante a colocación dunha nota informativa no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal.

#### **Artigo 68º. Facultades da inspección**

1. A Inspección de Tributos poderá entrar nas fincas, locais de negocio e demais establecementos ou lugares nos que se desenvolvan actividades ou explotacións sometidas a gravame, existan bens suxeitos a tributación ou ben se produzan feitos impositivos ou exista algunha proba destes, sempre que o xulgue conveniente para a práctica de calquera actuación e, en particular, para recoñecer os bens, despachos, instalacións ou explotacións do interesado, e practicaranse cantas actuacións probatorias conexas sexan necesarias.

2. Cando no exercicio das súas actuacións, sexa necesario entrar no domicilio constitucionalmente protexido do obrigado tributario deberá obterse o consentimento de aquel ou a oportuna autorización xudicial.

### **Artigo 69º. Lugar das actuacións inspectoras**

1. As actuacións inspectoras poderán desenvolverse indistintamente:

a) No lugar onde o obrigado tributario teña o seu enderezo fiscal, ou naquel onde o seu representante teña o seu enderezo, despacho ou oficina.

b) No lugar onde se realicen total ou parcialmente as actividades gravadas.

c) Onde exista algunha proba do feito imponible.

d) Nas oficinas do Concello, cando os elementos sobre os que deban realizarse as actuacións poidan ser examinados nelas.

2. A Inspección de Tributos poderá personarse sen previa comunicación nas empresas, oficinas e instalacións do obrigado tributario, entendéndose as actuacións con este ou co encargado ou responsable dos locais.

3. Cando a Inspección de Tributos actúe nas súas dependencias ou noutras oficinas públicas, farao dentro do horario oficial de apertura ó público destas e, en todo caso, dentro da xornada de traballo vixente.

Se a Inspección actúa nos locais do interesado, observarase a xornada laboral da oficina ou da actividade que rexa neles, agás que as circunstancias das actuacións esixan actuar fóra dos días e horas anteditos.

### **Artigo 70º. Actuacións da inspección**

1. O procedemento de inspección iníciarase:

a) De oficio.

b) A petición do obrigado tributario nos termos establecidos no artigo 149 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. As actuacións da Inspección documentaranse en:

- Comunicacións.

- Dilixencias.

- Informes e Actas.

3. As actas son os documentos públicos que estende a Inspección dos tributos co fin de recoller o resultado das actuacións inspectoras de comprobación e investigación, propoñendo a regularización que estime procedente da situación tributaria do obrigado ou declarando esta correcta.

4. As actas de inspección poden ser con acordo, de conformidade ou de desconformidade.

## **Artigo 71º. Recursos contra liquidacións derivadas de actas**

1. Os obrigados tributarios poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado dende o día seguinte ó de notificación das liquidacións derivadas de actas de conformidade e desconformidade. Entenderase producida a notificación, no caso de acta de conformidade, de non existir notificación de liquidación, transcorrido un mes dende a data da acta.

Non poderá impugnarse a liquidación e sanción derivadas dun acta de acordo, agás suposto de nulidade ou existencia de vicios de consentimento.

2. Calquera reclamación formulada contra a liquidación practicada nas actas de acordo ás que se dera conformidade, e que, en consecuencia, a sanción fose obxecto das reducións previstas no art. 188 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, dará lugar á esixencia do importe da redución sen máis requisitos que a notificación ó interesado.

## **CAPÍTULO V**

### **PROCEDIMENTO DE RECADACIÓN**

#### **Artigo 72º. Fases da recadación tributaria**

1. A recadación tributaria consiste no exercicio das funcións administrativas conducentes ó cobro das débedas tributarias.

2. A recadación das débedas tributarias poderá realizarse:

a) En período voluntario, mediante o pagamento nos prazos previstos no artigo 37 da presente ordenanza.

b) En período executivo, mediante o pagamento espontáneo do obrigado tributario cos recargos establecidos no artigo 35 ou, no seu defecto a través do procedemento administrativo de constrinximento.

3. O relativo ás formas de pagamento, recargos, medios de pagamento, domiciliacións, xustificantes de pagamento, aprazamentos e fraccionamentos, garantías para aprazamentos, a súa tramitación, cálculo de intereses e efectos da falta de pagamento de débedas aprazadas, figura regulado na presente ordenanza no Título II, Capítulo IV relativo á débeda tributaria.

4. O período executivo iniciarase:

a) Para as débedas liquidadas pola administración tributaria do Concello, o día seguinte ó vencemento do prazo regulamentario establecido para o seu pagamento voluntario no artigo 37 da presente Ordenanza.

b) No caso de débedas a ingresar mediante autoliquidación presentada, sen realizar o ingreso, o día seguinte da finalización do prazo que establece a Ordenanza fiscal correspondente, ou se este xa estivese concluído, o día seguinte da presentación da autoliquidación.

5. A presentación dunha solicitude de aprazamento, fraccionamento ou compensación en período voluntario impedirá o inicio do período executivo durante a tramitación de ditos expedientes, pero non o devengo de xuros de demora.

6. A interposición dun recurso non impedirá o inicio do período executivo agás que aquel sexa contra unha sanción. Neste último caso, o período executivo comenza cando a sanción sexa

firme en vía administrativa.

### **Artigo 73º. Inicio do procedemento de constrinximento.**

1. O procedemento de constrinximento iníciase mediante a notificación da providencia de constrinximento ditada polo/a Tesoureiro/a Municipal.
2. A providencia de constrinximento constitúe o título executivo único, que ten a mesma forza executiva que a sentenza xudicial para proceder contra os bens e dereitos dos obrigados ao pago.
3. A providencia de constrinximento poderá ser impugnada diante do Tesoureiro/a polos seguintes motivos:
  - a) Extinción total da débeda ou prescrición do dereito a esixir o pago.
  - b) Solicitude de aprazamento, fraccionamento ou compensación en período voluntario e outras causas de suspensión do procedemento de recadación.
  - c) Falta de notificación da liquidación.
  - d) Anulación da liquidación.
  - e) Erro ou omisión no contido da providencia de constrinximento que impida a identificación do debedor ou da débeda constrinxida.
4. Cando a impugnación, razoablemente fundada, se refira á existencia de causa de nulidade de pleno dereito na liquidación, poderá ordenarse a paralización de actuacións. Se se verifica que efectivamente se dá aquela causa, instarase o correspondente acordo administrativo de anulación da liquidación e estimarase o recurso contra a providencia de constrinximento, procedendo á anulación da mesma.
5. Unha vez iniciado o período executivo e notificada a providencia de constrinximento, o pago da débeda tributaria deberá efectuarse nos seguintes prazos:
  - a) Se a notificación da providencia se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 20 de dito mes ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
  - b) Se a notificación da providencia se realiza entre os días 16 e último de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 5 do mes seguinte ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
6. Se o obrigado tributario non efectuara o pago dentro do prazo ao que se refire o apartado anterior, procederase ao embargo dos seus bens, advertíndose así na providencia de constrinximento.
7. Contra a dilixencia de embargo dos bens que formen o patrimonio do debedor só serán admisibles os seguintes motivos de oposición:
  - a) Extinción da débeda ou prescrición do dereito a esixir o pago.
  - b) Falta de notificación da providencia de constrinximento.
  - c) O incumprimento das normas reguladoras do embargo contidas na Lei Xeral Tributaria e

normas ditadas no seu desenvolvemento.

d) Suspensión do procedemento de recadación.

8. O procedemento de constrinximento terá carácter exclusivamente administrativo e sustanciarase do modo regulado no Regulamento Xeral de Recadación.

9. De acordo co disposto no artigo 165 da Lei Xeral Tributaria, o procedemento de constrinximento suspenderase na forma e cos requisitos previstos nas disposicións reguladoras dos recursos e reclamacións económico-administrativas, e nos restantes supostos previstos na normativa tributaria.

#### **Artigo 74.- Poxa de bens**

1. A mesa de poxa de bens estará integrada polo/a Tesoureiro/a Municipal, que será o Presidente, o Secretario do Concello ou funcionario en quen delegue, que actuará como Secretario, e dous funcionarios adscritos ó departamento de servizos económicos municipais . Todos poderán ser substituídos nos supostos de ausencia.

2. As poxas de bens embargados anunciaranse, en todo caso, no Taboleiro de Edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia. Cando o tipo supere a cifra de 1.000.000 euros, anunciarase, ademais, no Boletín Oficial do Estado. Poderá dispoñerse a publicación do anuncio de poxa en medios de comunicación de gran difusión e en publicacións especializadas, cando ao seu xuízo resulte conveniente e o custo da publicación sexa proporcionado co valor dos bens.

3. Todo licitador, para ser admitido como tal, constituirá un depósito en metálico ou mediante cheque bancario ou conformado e nominativo a favor do Concello de Ames de ao menos un 20% do tipo de poxa, salvo que a Mesa de poxa, de forma motivada, o reduza ao 10%.

4. Se a poxa é de bens inmobles cuxo tipo excede de 250.000 €, o adxudicatario poderá exercitar a opción prevista no artigo 111 do Regulamento Xeral de Recadación para efectuar o pago do prezo do remate o mesmo día en que se produza o outorgamento da escritura pública de venda, debendo comunicar ao resultar adxudicatario, o seu desexo de acollerse a esta forma de pago, podendo condicionar a Mesa de poxa esta opción á constitución dun depósito adicional no prazo improrrogable de dez días.

5. O importe dos tramos de licitación, deberá adecuarse ás seguintes escalas:

a) Para tipos de poxa inferiores a 10.000 euros, 100 euros.

b) Para tipos de poxa desde 10.000 euros ata 50.000 euros, 300 euros.

c) Para tipos de poxa desde 50.000 euros ata 250.000 euros, 500 euros.

d) Para tipos de poxa superiores a 250.000 euros, 1.000 euros.

Cando a mesa teña que substituír aos licitadores en sobre pechado, poxará por eles, segundo os tramos establecidos no presente artigo, sen exceder o límite máximo fixado na súa oferta. Se unha postura non coincide co importe dun tramo, considerarase formulada polo importe do tramo inmediato inferior.

6. A poxa realizarase con suxeición aos criterios seguintes:

- En primeira licitación, o tipo aplicable será o resultado de aplicar a valoración asignada aos

inmubles a enaxenar. En caso de existir cargas que teñan accedido ao Rexistro con anterioridade, servirá de tipo para a poxa a diferenza entre o valor asignado e o importe destas cargas, que deberán quedar subsistentes sen aplicar á súa extinción o prezo do remate. En caso de que as cargas preferentes absorban ou exceden do valor asignado aos inmobles, o tipo será o correspondente ao importe dos débitos e costas, agás que estes sexan superiores ao valor do ben, en cuxo caso o tipo da poxa será dito valor.

- En segunda licitación, o tipo aplicable será o 75% do anterior.

- No caso de que as poxas en primeira e en segunda licitación resultasen tiveran resultado desertas ou, cos bens adxudicados non se cobrara a débeda e quedasen bens por enaxenar, continuarase o procedemento co anuncio de venda directa destes bens, a xestionar durante o prazo de seis meses contado dende a data de celebración da poxa.

Non obstante a Mesa de poxa poderá acordar a adxudicación dos bens, no prazo de tres meses, prorrogables mes a mes ata o límite de seis meses, cando algunha das ofertas presentadas sexa considerada vantaxosa economicamente. Por outro lado, a mesa de poxa poderá acordar a adxudicación dos bens no prazo dun mes, prorrogables mes a mes ata o límite de seis meses a contar dende a data de celebración da poxa, cando polas características dos bens considere que poderían perder valor de mercado polo transcurso do tempo e que algunha das ofertas presentadas é vantaxosa economicamente.

7. Cando os bens teñan sido obxecto de poxa cunha soa licitación, o prezo mínimo de adxudicación directa será o tipo de poxa en dita licitación.

Cando se tiveran celebrado dúas licitacións en poxa, non existirá prezo mínimo de adxudicación directa. Non obstante, se a mesa de poxa estimara desproporcionada a diferenza entre o valor asignado aos bens por taxación e o prezo ofrecido por calquera persoa interesada, co fin de non favorecer o enriquecemento inxusto do comprador en detrimento do propietario dos bens, poderá declarar inadmisibile a oferta, non accedendo á formalización da venda.

8. Indicativamente, fíxase o 35 por cento do tipo da primeira licitación como oferta admisible nas vendas por xestión directa cando tiveran resultado desertas as poxas en primeira e segunda licitación.

### **Artigo 75.- Xuros de demora**

1. As cantidades esixibles nun procedemento de constrinximento por ingresos de Dereito público devengarán intereses de demora dende o día seguinte ao do vencemento da débeda en período voluntario ata a data do seu ingreso.

2. A base sobre a que se aplicará o tipo de interese non incluírá a recarga de constrinximento.

3. O tipo de xuro fixarase de acordo co establecido nos artigos 10 do RDL 2/2004 de 5 de marzo e 26.6 da Lei Xeral Tributaria. Cando, ao longo do período de demora, se tiveran modificado os tipos de xuros determinarase a débeda a satisfacer por intereses sumando as contías que correspondan a cada período.

4. Con carácter xeral, os intereses de demora cobraranse xunto co principal.

5. Se se embarga diñeiro en efectivo ou en contas, poderán calcularse e reterse os intereses no momento do embargo, se o diñeiro dispoñible fose superior á débeda perseguida.



6. (...) suprimido.

7. Noutros supostos, non se esixirán intereses de demora a partir do momento en que se incumpran os prazos máximos para notificar a resolución das solicitudes de compensación, o acto de liquidación ou a resolución dos recursos administrativos, sempre que, neste último caso, se tivera acordado a suspensión de acto recorrido.

En particular, a este efecto, respecto aos recursos administrativos, o prazo máximo para resolvelos establécese nun ano.

### **Artigo 76.- Costas do procedemento**

Terán a consideración de costas do procedemento de constrinximento aqueles gastos que se orixinen durante o seu desenvolvemento. As costas serán por conta do debedor a quen lle serán esixidas.

Como costas do procedemento estarán comprendidas, entre outras, as seguintes:

- a) Os gastos orixinados polas notificacións que imprescindiblemente teñan que realizarse no procedemento administrativo de constrinximento..
- b) Os honorarios de empresas e profesionais, alleos á Administración, que interveñan na valoración dos bens trabados.
- c) Os honorarios dos rexistradores e outros gastos que teñan que abonarse polas actuacións nos rexistros públicos.
- d) Os gastos motivados polo depósito e administración dos bens embargados.
- e) Os demais gastos que esixa a propia execución.

## **TÍTULO IV.**

### **A POTESTADE SANCIONADORA.**

#### **CAPÍTULO I.**

#### **PRINCIPIOS DA POTESTADE SANCIONADORA EN MATERIA TRIBUTARIA.**

#### **Artigo 77.- Suxeitos infractores.**

1. Son infraccións tributarias as accións ou omisións dolosas ou culposas con calquera grado de negligencia que estean tipificadas e sancionadas na Lei 58/2003 Xeral Tributaria ou noutra lei.
2. Serán suxeitos infractores as persoas físicas ou xurídicas e as entidades mencionadas no apartado 4 do artigo 19 da presente ordenanza que realicen as accións ou omisións tipificadas como infraccións nas leis, e en particular os seguintes:
  - a) Os contribuíntes e os substitutos dos contribuíntes.
  - b) Os obrigados a realizar ingresos a conta.
  - c) Os obrigados ó cumprimento de obrigas tributarias formais.
  - d) A sociedade dominante en réxime de consolidación fiscal.

e) O representante legal dos suxeitos obrigados que carezan de capacidade de obrar na orde tributaria.

3. O suxeito infractor terá a consideración de debedor principal a efectos de declaración de responsabilidades.

4. As accións ou omisións tipificadas nas leis non darán lugar a responsabilidade por infracción tributaria nos seguintes supostos:

a) Cando se realicen por quen careza de capacidade de obrar no ámbito tributario.

b) Cando concorra forza maior.

c) Cando derivan dunha decisión colectiva para quen tiveran salvado o seu voto ou non asistira á reunión na que se tomou a mesma.

d) Cando se tivese posto a dilixencia necesaria no cumprimento das obrigas e deberes tributarios. En particular, entenderase que se puxo a dilixencia necesaria cando o contribuínte tivese presentado unha declaración veraz e completa e practicase, se é o caso, a correspondente autoliquidación, amparándose nunha interpretación razoable da norma.

e) Cando sexan imputables á deficiencias técnicas de programas informáticos de asistencia facultados pola Administración tributaria.

#### **Artigo 78.- Tramitación de expedientes sancionadores.**

1. O inspector-actuário iniciará os expedientes sancionadores correspondentes as infraccións tributarias postas de manifesto como consecuencia das actuacións de comprobación e investigación que lles sexan encomendadas, naqueles casos en que, ó tempo de estende-las actas, teñan no seu poder tódolos elementos necesarios para cualifica-la infracción cometida e graduar e determina-la contía da sanción a impoñer; asemade, ó incoa-lo expediente, poderán formula-la proposta de imposición de sanción a que se refiren os artigos 31, 33 e 34 do Real Decreto 1930/1998, de 11 de setembro. A resolución dos expedientes sancionadores corresponderá ao Alcalde-Presidente, ou órgano en quen delegue.

## **CAPÍTULO II**

### **DISPOSICIÓNS XERAIS SOBRE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS.**

#### **Artigo 79.- Clases de infraccións tributarias.**

1. As infraccións tributarias clasifícanse en leves, graves e moi graves segundo o que segue:

a) Deixar de ingresar a débeda tributaria que deba resultar dunha autoliquidación.

- Será infracción leve cando a base da sanción sexa inferior ou igual a 3000 euros ou, sendo superior, non exista ocultación.

A sanción consistirá en multa proporcional do 50%.

- Será infracción grave cando a base da sanción sexa superior a 3000 euros e exista ocultación.

A sanción consistirá en multa proporcional do 50% ó 100% e graduarase incrementando a porcentaxe mínima conforme ós criterios de comisión repetida de infraccións tributarias e prexuízo

económico para a Facenda do Concello.

- Será infracción moi grave cando se utilizaran medios fraudulentos.

A sanción consistirá en multa do 100 ó 150% e graduarase incrementando a porcentaxe mínima conforme ós criterios de comisión repetida de infraccións tributarias e prexuízo económico para a Facenda do Concello.

b) Incumprir a obriga de presentar de forma completa e correcta declaracións ou documentos necesarios para practicar liquidacións.

- Será infracción leve cando a base da sanción sexa inferior ou igual a 3000 euros ou, sendo superior, non exista ocultación.

A sanción consistirá en multa proporcional do 50%.

- Será infracción grave cando a base da sanción sexa superior a 3000 euros e exista ocultación.

A sanción consistirá en multa proporcional do 50 ó 100% e graduarase incrementando a porcentaxe mínima conforme ós criterios de comisión repetida de infraccións tributarias e prexuízo económico para a Facenda Municipal.

- Será infracción moi grave cando se tiveran utilizado medios fraudulentos.

A sanción será multa proporcional do 100 ó 150% e graduarase incrementando a porcentaxe mínima conforme ós criterios de comisión repetida de infraccións tributarias e prexuízo económico para a Facenda Municipal.

c) Solicitar indebidamente, devolucións, beneficios ou incentivos fiscais.

- Constitúe infracción tributaria solicitar indebidamente devolucións derivadas da normativa de cada tributo mediante a omisión de datos relevantes ou a inclusión de datos falsos en autoliquidacións, comunicacións ou solicitudes, aínda que as devolucións non se obtiveran. Esta infracción será sempre grave. A sanción consistirá en multa proporcional do 15% da cantidade indebidamente solicitada.

- Se a infracción consiste en solicitar indebidamente beneficios fiscais e non fose sancionable por outra infracción, sancionárase con multa fixa de 300 euros.

d) Non presentar en prazo autoliquidacións ou declaracións sen que se produza prexuízo económico.

Será infracción leve, sen prexuízo das especialidades reguladas no artigo 198 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

A sanción será multa fixa de 200 euros. Se se tratase de declaracións censais, comunicación da designación de representante de persoas ou entidades cando así o estableza a normativa, a multa será de 400 euros.

e) Non comunicar o domicilio fiscal ou cambio do mesmo polas persoas que non realicen actividades económicas.

Será infracción leve.

A sanción consistirá en multa fixa 100 euros.

f) Presentar incorrectamente autoliquidacións ou declaracións sen que se produza prexuízo económico.

Será infracción grave.

A sanción será de 150 euros no caso de autoliquidacións ou declaracións incompletas, inexactas ou con datos falsos e, 250 euros, no caso de declaracións censais incompletas, inexactas ou con datos falsos.

g) Contestar de forma inexacta os requirimentos individualizados de información previstos no artigo 54 da presente ordenanza.

Será infracción grave.

A sanción será a establecida no artigo 199 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

h) Incumprir as obrigas relativas á utilización do número de identificación fiscal.

Será infracción leve.

A sanción consistirá en multa fixa de 150 €.

i) Resistencia, obstrución, escusa ou negativa ás actuacións da Administración tributaria.

Entenderase producida esta circunstancia cando o suxeito infractor, debidamente notificado ó efecto, teña realizado actuacións tendentes a dilatar, entorpecer ou impedir as actuacións da Administración tributaria en relación co cumprimento das súas obrigas.

Será infracción grave.

As sancións serán as previstas no artigo 203 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

j) Outras infraccións reguladas na Lei 58/2003 Xeral Tributaria ou en outra norma legal. Serán clasificadas e sancionadas conforme as citadas normas legais.

### **Artigo 80.- Criterios de gradación.**

De resultaren aplicables os criterios de gradación aludidos no artigo precedente, aqueles aplicaranse conforme o disposto no artigo 187 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

Igualmente, aplicarase o criterio de acordo ou conformidade do interesado conforme os artigos 187 e 188 da citada Lei. Este criterio implicará a redución do 50% nas sancións en actas con acordo. En actas con conformidade as reducións poderán ser do 30% mais un 25% sobre a sanción reducida nos termos regulados no citado artigo 188, en actas con conformidade.

### **Artigo 81.- Procedemento sancionador en materia tributaria.**

1. O procedemento sancionador en materia tributaria tramitarase de forma separada ós de aplicación dos tributos, agás renuncia do obrigado tributario. Neste caso tramitarase conxuntamente.

2. O procedemento sancionador en materia tributaria iniciarase sempre de oficio, mediante a notificación do acordo do órgano competente.

3. Na instrución do procedemento sancionador serán de aplicación as normas especiais sobre desenvolvemento das actuacións e procedementos tributarios a que se refire o artigo 99 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

4. O procedemento sancionador en materia tributaria terminará mediante resolución ou por caducidade. Previamente, a proposta de resolución será notificada ó interesado concretando a sanción proposta con indicación dos criterios de gradación e a súa motivación, indicándolle a posta de manifesto do expediente e concedéndolle un prazo de 15 días para alegacións.

5. O acto de resolución do procedemento sancionador poderá ser obxecto de recurso potestativo de reposición coas especificidades reguladas no artigo 212 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

## **TÍTULO V**

### **REVISIÓN EN VÍA ADMINISTRATIVA.**

#### **CAPÍTULO I**

##### **MEDIOS E PROCEDEMENTOS DE REVISIÓN.**

###### **Artigo 82.- Medios de revisión.**

1. Os actos e actuacións de aplicación dos tributos e os actos de imposición de sancións tributarias poderán revisarse mediante:

- a) Procedementos especiais de revisión.
- b) Recurso potestativo de reposición.

2. Cando foran confirmados por sentenza xudicial firme, non serán revisables en ningún caso os actos de aplicación dos tributos y de imposición de sancións.

#### **CAPÍTULO II**

##### **PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE REVISIÓN.**

###### **Artigo 83.- Clases de procedementos especiais de revisión.**

Son procedementos especiais de revisión os de:

- a) Revisión de actos nulos de pleno dereito.
- b) Declaración de lesividade de actos anulables.
- c) Revogación.
- d) Rectificación de erros.
- e) Devolución de ingresos indebidos.

###### **Artigo 84.- Declaracións de nulidade e lesividade.**

Corresponderalle ó Pleno do Concello a declaración de nulidade de pleno dereito así como a declaración de lesividade para o interese público os actos ditados en materia tributaria, nos supostos e conforme ó procedemento establecido nos artigos 217 e 218 da Lei 58/2003 Xeral

Tributaria.

### **Artigo 85.- Revogación de actos de aplicación dos tributos e de imposición de sancións.**

1. O Concello poderá revogar os seus actos en beneficio dos interesados cando se estime que infrinxen manifestamente a lei, cando circunstancias sobrevidas que afecten a unha situación xurídica particular poña de manifesto a improcedencia do acto ditado, ou cando na tramitación do procedemento se tivera producido indefensable ós interesados.
2. A revogación non poderá constituír, en ningún caso, dispensa ou exención non permitida polas normas tributarias, nin ser contraria ó principio de igualdade, ó interese público ou ó ordenamento xurídico.
3. A revogación só será posible mentres non tivera transcorrido o prazo de prescrición.
4. O procedemento de revogación iniciárase sempre de oficio e a súa declaración corresponde ao órgano que ditou o acto.

### **Artigo 86.- Rectificación de erros.**

O Concello rectificará en calquera momento, mediante declaración do órgano que ditou o acto, de oficio ou a instancia do interesado, os erros materiais, de feito ou aritméticos sempre que non tivera transcorrido o prazo de prescrición.

### **Artigo 87.- Devolución de ingresos indebidos.**

1. O procedemento para o recoñecemento do dereito á devolución de ingresos indebidos iniciárase de oficio ou a instancia do interesado, nos seguintes supostos:
  - a) Cando se tivera producido duplicidade no pagamento.
  - b) Cando a cantidade pagada fose superior á que resulta dun acto administrativo ou dunha autoliquidación.
  - c) Cando se ingresaran cantidades correspondentes a débedas ou sancións tributarias despois de transcorridos os prazos de prescrición.
  - d) Noutros supostos establecidos en normas legais ou nas Ordenanzas fiscais do Concello.
2. Cando o dereito á devolución fose recoñecido en virtude de acto administrativo de liquidación ou resolución económico-administrativa ou xudicial, así como por resolucións dos expedientes aludidos no apartado 1 deste artigo, procederase a execución da devolución.
3. O procedemento para a devolución de ingresos indebidos a instancia do interesado axustarase, ó seguinte:
  - a) O solicitante deberá achegar á súa solicitude documento orixinal que acredite que a cantidade tivo ingreso na Caixa Municipal.
  - b) Deberá consignar na súa solicitude un número de conta bancaria completo a fin de proceder a realizar a eventual devolución a través de transferencia bancaria.
4. Cando un obrigado tributario considere que a presentación dunha autoliquidación dera lugar a un ingreso indebido, deberá instar a rectificación da autoliquidación.

Neste caso a Administración tributaria do Concello aprobará a correspondente liquidación provisional, recoñecemento ou non do ingreso indebido e conseguinte devolución.

### **Artigo 88.- Devolución de oficio**

Se na resolución dun recurso ou reclamación se declara un ingreso indebido ou se condona unha multa xa pagada, acordarase de oficio a devolución do seu importe previo aporte do correspondentes xustificante do seu ingreso en arcas municipais.

## **CAPÍTULO III**

### **RECURSOS ADMINISTRATIVOS.**

#### **Artigo 89.- Interposición de recursos.**

1. Contra os actos administrativos ditados en vía de xestión de tributos e restantes ingresos de dereito público, poderase interpoñer ante o órgano competente que o ditou, recurso de reposición no prazo dun mes, a contar dende a notificación expresa ou a notificación colectiva dos correspondentes Padróns Fiscais.

2. Contra a denegación do recurso de reposición, pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo de conformidade coa normativa vixente.

3. Para interpoñer o recurso de reposición contra os actos sobre aplicación e efectividade dos tributos locais, non se requirirá o previo pago da cantidade esixida; porén, a interposición do recurso non deterá en ningún caso a acción administrativa para a cobranza, a menos que o interesado solicite a suspensión da execución do acto impugnado, a tal efecto será indispensable acompañar garantía que cubra o total da débeda tributaria, en cal suposto outorgarase a suspensión instada. Para este fin, non se admitirán outras garantías, a elección do recorrente, que as seguintes:

a. Depósito en diñeiro efectivo ou en valores públicos na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais, ou no seu caso, na Corporación ou Entidade interesada

b. Aval ou fianza de carácter solidario prestado por un Banco ou banqueiro rexistrado oficialmente, por unha Caixa de Aforros Confederada, Caixa Postal de Aforros, por Cooperativa de Crédito cualificada, ou sociedade de garantía recíproca.

c. Fianza persoal e solidaria prestada por dous contribuíntes da localidade de recoñecida solvencia, só para débitos inferiores a 600,00 euros.

Porén, en casos moi cualificados e excepcionais poderá o Concello acordar discrecionalmente, a instancia de parte, a suspensión do procedemento, sen prestación de garantía ningunha, cando o recorrente alegue e xustifique na súa solicitude a imposibilidade de prestala ou demostre de xeito fidedigno a existencia de erros materiais ou aritméticos nos actos sobre aplicación e efectividade dos tributos locais.

A concesión da suspensión levará sempre aparelhada a obriga de satisfacer xuros de demora por todo o tempo de aquela e só producirá efectos no recurso de reposición.

4. Entenderase que o aval ou a fianza solidaria prestada por Banco ou Caixa de Aforros está constituída a satisfacción do Concello, cando reúna os seguintes requisitos:

a. Que exprese a débeda ou débedas tributarias que se afianzan, identificando ao suxeito pasivo

ou obrigado ao pago.

b. Que garanta a totalidade da débeda tributaria. Igualmente, garantíranse os xuros de demora por todo o tempo da suspensión, mediante unha expresión que así o determine.

c. A garantía constituirase a disposición do Alcalde-Presidente e terá unha duración ilimitada, ata que o Concello autorice a súa cancelación, aínda cando os seus efectos se limitarán ao período de tramitación do recurso de reposición.

5. Interposto o recurso e presentada a garantía, se fora suficiente, o órgano competente ditará acordo que decida a suspensión. Dita resolución será trasladada ao Tesoureiro co obxecto de que se adopten as medidas procedentes para deixar en suspenso a execución do acto impugnado.

6. Cando a garantía ofrecida fora insuficiente, requirirase ao administrado para que no prazo de 10 días corrixa os defectos que se aprecien. Se a garantía resulta insuficiente e non se corríxen os defectos de que adoeza, adoptarase igualmente a resolución que así o determine e continuará o trámite de execución.

7. Resolto o recurso de reposición e admitido totalmente o mesmo, declararase liberada a garantía.

8. Se o recurso fora desestimado total ou parcialmente, practicarase, no seu caso, a correspondente liquidación, así como a dos intereses reportados por todo o tempo que durara a suspensión, para que sexa ingresada polo obrigado ao pago. De non facerse efectivo dito pago procederase a facer efectiva a garantía constituída.

9. Polo feito de presentar a solicitude de suspensión entenderase acordada esta con carácter preventivo, ata que o órgano competente resolva sobre a súa concesión ou denegación, o que debe realizarse no prazo de dez días seguintes á presentación no rexistro da petición de suspensión e garantía que, en todo caso, deberá presentarse en documento orixinal.

### **Disposición final**

A presente ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación e entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa

As publicacións no Boletín Oficial da Provincia, foron:

Texto íntegro publicado no BOP nº 243 de 23/12/2010

Modificación publicada no BOP nº 247 de 29/12/2011

Modificación do artigo 12, publicada no BOP nº 245 de 26/12/2013

Modificación do artigo 12, publicada no BOP nº 244 de 22/12/2015

Modificación do artigo 11.5.2.b), publicada no BOP nº 24 de 03/02/2017



## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DO CONCELLO DE AMES**

### **Artigo 1. Fundamento e réxime**

De acordo co establecido no artigo 59 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Ames establece o imposto sobre bens inmobles.

O imposto sobre bens inmobles rexeráse neste municipio:

- a) Polas normas reguladoras deste, contidas no texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan esta lei.
- b) Pola presente ordenanza fiscal.

### **Artigo 2. Natureza**

O imposto sobre bens inmobles é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos bens inmobles nos termos establecidos no RDLex 2/2004, de 5 de marzo, e na presente ordenanza.

### **Artigo 3. Feito imponible**

1. Constitúe o feito imponible do imposto a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos e urbanos e sobre os inmobles de características especiais:

- a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos a que se atopen afectos.
- b) Dun dereito real de superficie.
- c) Dun dereito real de usufruto.
- d) Do dereito de propiedade.

2. A realización do feito imponible que corresponda, dos definidos no apartado anterior pola orde nel establecido, determinará a non suxeición do inmovible ás restantes modalidades previstas no mesmo. Nos inmobles de características especiais aplicarase esta mesma prelación, salvo cando os dereitos de concesión que poidan recaer sobre o inmovible non esgoten a súa extensión de superficie, suposto no que tamén realizárase o feito imponible polo dereito de propiedade sobre a parte do inmovible non afectada por unha concesión.

3. No caso de que un mesmo inmovible se atope localizado en distintos termos municipais, entenderase, para os efectos deste imposto, que pertence a cada un deles pola superficie que ocupe no respectivo termo municipal.

### **Artigo 4. Clases de bens inmobles para os efectos do imposto**

Aos efectos deste imposto, terán a consideración de bens inmobles rústicos, de bens inmobles urbanos y de bens inmobles de características especiais os definidos como tales nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

### **Artigo 5. Supostos de non suxeición**

Non están suxeitos ao imposto:

- As estradas, os camiños, as demais vías terrestres e os bens de dominio público marítimo-

terrestre e hidráulico, sempre que sexan de aproveitamento público e gratuíto para os usuarios

– Os seguintes bens inmobles propiedade deste Concello:

a) Os de dominio público afectos ó uso público.

b) Os de dominio público afectos a un servizo público xestionado directamente polo Concello e os bens patrimoniais, excepto cando se trate de inmobles cedidos a terceiros mediante contraprestación.

## Artigo 6. Exencións

1. Estarán exentos os seguintes inmobles:

a) Os que sexan propiedade do Estado, das comunidades autónomas ou dos entes locais que estean directamente afectos á seguridade cidadá e ós servizos educativos e penitenciarios, así coma os que sexan propiedade do Estado afectos á defensa nacional.

b) Os bens comunais e os montes veciñais en man común.

c) Os da Igrexa Católica, nos termos previstos no Acordo entre o Estado Español e a Santa Sede sobre Asuntos Económicos, do 3 de xaneiro de 1979, e os das asociacións confesionais non católicas legalmente recoñecidas, nos termos establecidos nos respectivos acordos de cooperación subscritos en virtude do disposto no artigo 16 da Constitución.

d) Os da Cruz Vermella Española.

e) Os inmobles ós que sexa de aplicación a exención en virtude de convenios internacionais en vigor e, a condición de reciprocidade, os dos Gobernos estranxeiros destinados á súa representación diplomática, consular ou ós seus organismos oficiais.

f) A superficie dos montes poboados con especies de crecemento lento regulamentariamente determinadas, que teñan coma aproveitamento principal a madeira e a cortiza, sempre que a densidade do arborado sexa a propia ou normal da especie de que se trate.

g) Os terreos ocupados polas liñas de ferrocarrís e os edificios encravados nos mesmos terreos, que estean adicados a estacións, almacéns ou a calquera outro servizo indispensable para a explotación das ditas liñas. Non están exentos, polo tanto, os establecementos de hostalería, espectáculos, comerciais e de ocio, as casas destinadas a vivendas dos empregados, as oficinas da dirección nin as instalacións fabrís.

2. Igualmente, previa solicitude, que deberá ser presentada incluíndo a acreditación do cumprimento dos requisitos esixibles para a aplicación da exención, estarán exentos:

a) Os bens inmobles que se destinen ó ensino por centros docentes acollidos, total ou parcialmente, ó réxime de concerto educativo, en canto á superficie afectada ó ensino concertado. Esta circunstancia acreditarase mediante:

– Certificado da Administración educativa correspondente, acreditativa da condición de centro concertado, asinable ós edificios e instalacións destinadas directa e exclusivamente ás actividades docentes obxecto de concerto.

– Informe da Dirección Xeral do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributaria acreditativo das superficies dos edificios ou conxuntos urbanísticos, adscritos exclusivamente á actividade educativa ou a servizos complementarios da ensinanza e de asistencia docente de carácter necesario, coa indicación do valor catastral asignado a cada un dos elementos citados.

Esta exención deberá ser compensada pola Administración competente.

b) Os declarados expresa e individualizadamente monumento ou xardín histórico de interese cultural, mediante Real decreto na forma establecida polo artigo 9 da Lei 16/1985, do 25 de xuño,

do Patrimonio Histórico Español, e inscritos no rexistro xeral a que se refire o artigo 12 como integrantes do Patrimonio Histórico Español, así coma os comprendidos nas disposicións adicionais primeira, segunda e quinta da dita lei.

Esta exención terá os límites previstos no artigo 62.2.b) do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

c) A superficie dos montes nos que se realicen repoboacións forestais ou rexeneración de masas arboradas suxeitas a proxectos de ordenación ou plans técnicos aprobados pola Administración forestal. Esta circunstancia acreditarase mediante certificación acreditativa emitida pola Delegación Provincial da Dirección Xeral de Montes. Esta exención terá unha duración de 15 anos, contados a partir do período impositivo seguinte a aquel no que se realice a súa solicitude.

3. Están exentos os bens inmobles situados no termo municipal deste Concello dos que sexan titulares os centros sanitarios de titularidade pública, sempre que estean afectos ao cumprimento dos fins específicos dos referidos centros. Esta circunstancia documentarase mediante certificado do organismo titular do centro sanitario, acreditando a afectación do centro ao cumprimento dos fins específicos destes.

4. Segundo o establecido no título I, capítulo III, artigo 15, da Lei 49/2002, do 23 de decembro, do Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado, estarán exentos os bens dos que sexan titulares as entidades sen fins lucrativos, excepto os afectos a explotacións económicas non exentas do imposto sobre sociedades.

Para gozar da exención, as ditas entidades deberán comunicar ó Concello, a opción polo réxime fiscal especial previsto no título II da Lei 49/2002, xunta coa xustificación da presentación na AEAT a declaración censual na que figure a mesma opción. A exención xurdirá efectos a partir do exercicio posterior ao da comunicación ao concello.

5. Gozarán, así mesmo, de exención, ao abeiro da habilitación contida no artigo 62.4 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, por motivos de eficiencia e economía na xestión recadatoria, os inmobles de natureza urbana e rústica, sempre que a cota líquida, resultante da aplicación dos beneficios fiscais, sexa inferior a 10 euros.

No caso de que todas cotas dun suxeito pasivo relativas aos bens de natureza rústica posúa no concello estean agrupadas nun único documento de cobro, tomarase como referencia esta cota agrupada aos efectos de aplicar esta exención.

Os bens inmobles de características especiais non estarán exentos por esta causa en ningún caso.

## Artigo 7. Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

No caso de bens inmobles de características especiais, cando a condición de contribuínte recaia en un ou varios concesionarios, cada un deles o será pola súa cota, que se determinará en función da parte do valor catastral que corresponda á superficie concedida e á construción directamente vinculada a cada concesión. Sen prexuízo do deber dos concesionarios de formalizar as declaracións a que se refire o artigo 76 desta Lei, o ente ou organismo público ao que se encontre afecto ou adscrito o inmovible ou aquel a quen corresponda a súa administración ou xestión, estará obrigado a subministrar anualmente ao Ministerio a información relativa a ditas concesións, nos termos e condicións que se determine mediante Orde.

Para esa mesma clase de inmobles, cando o propietario teña a condición de contribuínte en razón da superficie non afectada polas concesións, actuará como substituto do mesmo o ente ou organismo público ao que se refire o parágrafo anterior, o cal non poderá repercutir no contribuínte o importe da débeda tributaria satisfeita.

2. O disposto no apartado anterior será de aplicación sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada, conforme as normas de dereito común.

As Administracións Públicas e os entes ou organismos a que se refire o apartado anterior repercutirán a parte da cota líquida do imposto que corresponda en quenes, non reunindo a condición de suxeitos pasivos, fagan uso mediante contraprestación dos seus bens demaniais ou patrimoniais, os cales estarán obrigados a soportar a repercusión. A tal efecto a cota repercutible determinarase en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie empregada e á construción directamente vinculada a cada arrendatario ou cesionario do dereito de uso. O disposto neste parágrafo non será aplicable no suposto de alugueiro de inmovible de uso residencial con renda limitada por unha norma xurídica.

#### Artigo 8. Afección real e responsabilidade

1. Nos supostos de cambio, por calquera causa, na titularidade dos dereitos que constitúen o feito imponible deste imposto, os bens inmovibles obxecto dos ditos dereitos quedarán afectos ó pagamento da totalidade da cota tributaria, en réxime de responsabilidade subsidiaria, nos termos previstos na Lei Xeral Tributaria.

2. Para os efectos anteditos, os notarios solicitarán información e advertirán expresamente aos comparecentes nos documentos que autoricen sobre as débedas pendentes polo Imposto de Bens Inmovibles asociadas ao inmovible que se transmite, sobre o prazo dentro do cal están obrigados os interesados a presentar declaración do imposto, cando tal obrigaón se manteña por non terse aportado a referencia catastral do inmovible, conforme o apartado 2 do artigo 43 do texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario e outras normas tributarias, sobre a afección dos bens ao pago da débeda tributaria e, así mesmo, sobre as responsabilidades en que incorran pola falta de presentación de declaracións, non efectualas en prazo ou pola presentación de declaracións falsas, incompletas ou inexactas, conforme o previsto no artigo 70 do texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario e outras normas tributarias.

3. Responderán de xeito solidario da cota deste imposto, e en proporción ás súas respectivas participacións, os copartícipes ou cotitulares das entidades ás que se refire o artigo 35.4 Xeral Tributaria se figuran inscritos coma tales no Catastro Inmobiliario. De non figurar inscritos, a responsabilidade esixirase por partes iguais en todo caso.

#### Artigo 9. Base imponible

A base imponible deste imposto estará constituída polo valor catastral dos bens inmovibles, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación conforme o disposto nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

#### Artigo 10. Base liquidable

1. A base liquidable deste imposto será o resultado de practicar na base imponible a redución á que se refiren os artigos 67, 68, 69 e 70 do RDL. 2/2004, de 5 de marzo, texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

2. A base liquidable notificarase conxuntamente coa imponible nos procedementos de valoración colectiva. A dita notificación incluírá a motivación da redución aplicada mediante a indicación do valor base que corresponda ao inmovible, así coma dos importes da dita redacción e da base liquidable do primeiro ano de vixencia do novo valor catastral neste imposto.

Sen prexuízo do anterior, que será aplicable nos procedementos de valoración colectiva de carácter xeral, nos casos de carácter parcial e simplificado, a motivación consistirá na expresión dos datos indicados no parágrafo anterior, referidos ao exercicio no que se practique a notificación.

3. Nos procedementos de valoración colectiva, a determinación da base liquidable será competencia da Dirección Xeral do Catastro e recorrible perante os tribunais económico-administrativos do Estado.

## Artigo 11. Cota íntegra

A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplicar á base liquidable o tipo de gravame ó que se refire o artigo 13º desta ordenanza.

## Artigo 12. Cota líquida

A cota líquida deste imposto será o resultado de minorar a cota íntegra co importe das bonificacións previstas nos artigos seguintes.

## Artigo 13. Tipo de gravame

Os tipos de gravame aplicables neste municipio serán os seguintes:

- a) Bens inmobles de natureza urbana: 0,50 por cento.
- b) Bens inmobles de natureza rústica: 0,33 por cento.
- c) Bens inmobles de características especiais: 1,3 por cento.

## Artigo 14. Recarga por inmobles urbanos desocupados

Establécese unha recarga do 25% sobre a cota líquida do imposto para os bens inmobles urbanos de uso residencial desocupados con carácter permanente, que se aplicará conforme ao disposto no parágrafo terceiro do apartado 4 do artigo 72 do T.R. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A estes efectos terá a consideración de inmovible desocupado con carácter permanente aquel que permaneza desocupado de acordo co que estableza a normativa sectorial de vivenda, autonómica ou estatal, con rango de lei.

A recarga deveñarse o 31 de decembro e liquidarase anualmente, unha vez constatada a desocupación do inmovible en tal data, e tras o ditado dun acto administrativo polo que se declare aquela.

## Artigo 15. Bonificacións

1. Gozarán dunha bonificación do 50 por cento na cota íntegra do imposto, sempre que así o soliciten os interesados antes do inicio das obras, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e que non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá desde o período impositivo seguinte a aquel no que comecen as obras ata o posterior ó remate destas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos. A solicitude de bonificación débese formular antes do comezo das obras, entendendo por tal o momento de outorgamento da licenza, por parte da Administración municipal.

Para gozar da devandita bonificación os interesados deberán presentar a documentación seguinte:

- a) Acreditación de que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, mediante a presentación dos estatutos da sociedade.
- b) Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado, mediante certificación do administrador da sociedade ou fotocopia do último balance presentado ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria, para os efectos do imposto sobre sociedades.
- c) Copia da solicitude de licenza de obra, se non se presenta simultaneamente.

d) Copia do documento de alta na actividade económica de construción ou promoción inmobiliaria no imposto sobre actividades económicas.

e) Certificación do técnico-director das obras de construción, visado polo colexio oficial competente, no que se indique a data de inicio das obras.

2. As vivendas de protección oficial, e as equiparables a estas segundo a normativa vixente da Comunidade Autónoma de Galicia, gozarán dunha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto durante os tres períodos impositivos seguintes ao do outorgamento da cualificación definitiva, e do 25% durante os períodos carto e quinto.

Esta bonificación deberá ser solicitada polo/a interesado/a en calquera momento anterior á terminación dos cinco períodos impositivos bonificados, producindo efectos dende o período seguinte ao da solicitude.

Para a concesión da presente bonificación o/a interesado/a deberá presentar a documentación acreditativa da titularidade do devandito inmovible aportando a cédula de cualificación definitiva do mesmo como vivenda de protección oficial, así como a súa referencia catastral. No caso de que o solicitante non conste no censo remitido pola Xerencia do catastro inmobiliario como titular catastral do inmovible, deberá cumprimentar o modelo 901, de alteración de titularidade catastral, ou achegar documentación acreditativa de telo feito.

Será requisito imprescindible para gozar da bonificación de VPA que o suxeito pasivo estea empadroad/a, no momento do devengo do imposto, na vivenda que vai ser obxecto da bonificación, o que se comprobará de oficio anualmente para os efectos de manter as bonificacións xa concedidas, sen prexuízo das excepción que en cada momento poida recoller a normativa sectorial aplicable.

3. Gozarán dunha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do imposto, durante 3 períodos impositivos, aqueles inmovibles nos que estean situadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

No suposto que nun mesmo inmovible existan, ademais das construcións indicadas no parágrafo anterior, outras construcións destinadas a un uso distinto das actividades agrarias, gandeiras ou forestais, aplicaráselle unha bonificación do 30 por cento da cota íntegra do imposto, durante 3 períodos impositivos.

No suposto que nun mesmo inmovible se desenvolva unha actividade económica distinta á agraria, gandeira ou forestal non se poderá conceder bonificación algunha.

Para poder aplicar esta bonificación á construción cuxa existencia motiva a súa solicitude, deberá estar dada de alta debidamente en Catastro e ter asinado un valor catastral económico

Para tramitar a declaración de especial interese ou utilidade municipal e o recoñecemento da bonificación requirirase:

- Solicitude previa de declaración de especial interese ou utilidade municipal e recoñecemento da bonificación formulada polo suxeito pasivo á que xunte informe ou memoria xustificativa das circunstancias que motivan o especial interese ou utilidade municipal, que en todo caso se refirirán a circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego.
- Declaración responsable do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo, de que está desenvolvendo a actividade agraria, gandeira ou forestal, así como Certificado de Facenda no que conste a súa situación censual.
- Declaración de que no inmovible para o que se solicita a bonificación non se está a

desenvolver unha actividade económica distinta á agraria, gandeira ou forestal. Dita declaración deberá vir asinada polo suxeito pasivo

- Acreditación da titularidade catastral do inmovible.
- Certificado de que o suxeito pasivo non ten débedas coa Facenda estatal, autonómica e local; nin coa Seguridade Social.
- Xustificante do recoñecemento de explotación ou licenza da actividade ou título habilitante que resulte esixible.

Corresponderá ao Pleno da Corporación a declaración de especial interese ou de utilidade municipal, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros. Unha vez se teña acordado a declaración de especial interese ou de utilidade municipal, remitirase ao órgano competente para que acorde o recoñecemento da bonificación nos porcentaxes fixados segundo corresponda.

Os obrigados tributarios deberán comunicar ao Concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación do beneficio fiscal. O órgano competente poderá declarar, previa audiencia do obrigado tributario por un prazo de 10 días, contados a partir da notificación da apertura de dito prazo, se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a Administración coñeza por calquera medio a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

A resolución da bonificación terá efectos para o período impositivo seguinte ao de solicitude da declaración de especial interese ou utilidade municipal das actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego e de recoñecemento da bonificación, sen prexuízo do disposto na Disposición Transitoria desta Ordenanza.

4. Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa gozarán dunha bonificación na cota íntegra do imposto sobre o inmovible de uso residencial que constitúa á súa residencia habitual e na que estea empadroadado/a, de acordo co seguinte:

A) Para as familias numerosas na que os membros maiores de idade se encontren en situación de desemprego e non perciban prestación contributiva, nin subsidio por desemprego, nin outras rendas do SEPE a bonificación será do 90% da cota íntegra do imposto

B) Para o resto de casos de familias numerosas, aplicarase a bonificación en función das seguinte características:

Categoría de familia numerosa	% bonificación valor catastral menor ou igual a 60.000 euros	% bonificación valor catastral entre 60.000 e 120.000 euros	% bonificación valor catastral maior de 120.000 ata 240.000 euros
Xeral	45	30	20
Especial	55	40	30

Para a aplicación da presente bonificación será requisito imprescindible que o/a interesado/a a solicite debendo acreditar:

- I) O empadramento na vivenda obxecto da solicitude do titular do recibo do IBI.
- II) A condición de familia numerosa mediante a presentación da copia e orixinal, ou copia compulsada, do título de familia numerosa.
- III) Certificado do INEM de non percibir prestación contributiva, nin subsidio por desemprego, nin outras rendas, no que se inclúa a data de remate do dereito a recibir as citadas prestacións, so no caso de solicitar a bonificación do 90%.

IV) Informe de períodos de inscrición como demandante de emprego, so no caso de solicitar a bonificación do 90%.

Non se poderá aplicar a bonificación a mais dunha vivenda por titular.

Para a bonificación prevista no apartado 4.A) do 90%, a bonificación só terá efectos no exercicio seguinte a aquel que se solicite. Sendo renovable ano a ano.

Para a bonificación prevista no apartado 4.B), unha vez declarada a bonificación polo órgano competente, e expedirase un documento que acredite a súa concesión cuxa permanencia no tempo condiciónase á data límite de duración dos efectos que apareza no título, sempre que se manteñan as condicións de non existencia de débeda e o empadroamento sinalado anteriormente. Cando varíe o número de membros da unidade familiar ou as condicións que deron motivo á expedición ou posterior renovación do título, e isto supoña un cambio de categoría ou a perda da condición de familia numerosa, o suxeito pasivo deberá renovar o título ou deixalo sen efecto, debendo no primeiro caso achegar a documentación xustificativa, e no segundo caso, comunicalo ao órgano competente. A non comunicación destas variacións conlevará a apertura do correspondente expediente sancionador.

A bonificación concedida e as súas variacións posteriores surtirán efectos a partir do exercicio seguinte á súa data de presentación ou acreditación da modificación ou extinción do título, non tendo en ningún caso carácter retroactivo.

5. Os bens inmobles que teñan instalado sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía procedente do sol terán unha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto o primeiro ano e dun 25% o segundo ano.

A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para a produción de calor engadan colectores que dispoñan da correspondente homologación pola Administración competente.

O mínimo en canto a dimensións e rendemento da instalación cumprirá co establecido no Documento Básico de Aforro de Enerxía contido no Código Técnico da Edificación.

6.1. Os inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas e empresariais que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego poderán obter unha bonificación na cota do imposto.

6.2. A declaración de especial interese ou utilidade municipal corresponderá ao pleno da Corporación, co voto favorable da maioría simple dos seus membros, previa solicitude do suxeito pasivo

6.3. A bonificación da cota será:

a) ata un 95 % para aqueles inmobles nos que se desenvolva unha actividade económica ou empresarial por implantación dunha nova empresa no termo municipal de Ames, sempre e cando cree emprego.

b) ata un 95% para aqueles inmobles nos que se desenvolva unha actividade económica ou empresarial pola ampliación dunha empresa que xa viña exercendo unha actividade económica ou empresarial en Ames, sempre e cando implique creación de emprego.

A porcentaxe de bonificación será a seguinte:

Creación de 1 a 10 postos de traballo	50 %
Creación de 11 a 20 postos de traballo	75 %
Creación de mais de 20 postos de traballo	95%



As contratacións deberán ser indefinidas.

6.4. O beneficiario da bonificación será a persoa física, xurídica ou entidade do artigo 33.4 da Lei Xeral Tributaria que sexa no IBI o suxeito pasivo do ben inmovible afecto, sempre que aquel coincida co titular da actividade económica ou empresarial creadora de emprego.

Quedan excluídos da bonificación os IBI que recaian sobre bens inmovibles arrendados.

Non poderá ser beneficiario da bonificación a persoa xurídica ou entidade do artigo 33.4 LXT que tivera adoptado medidas de regulación do emprego nos 12 meses anteriores á formalización dos contratos de traballo.

6.5. A declaración de especial interese ou utilidade municipal, así como a porcentaxe de bonificación, corresponderá ao pleno da Corporación, co voto favorable da maioría simple dos seus membros, previa solicitude do suxeito pasivo no modelo normalizado,.

A declaración de interese ou utilidade municipal deberá producirse nun prazo que non excederá de catro meses, computables dende a súa solicitude, previo informe técnico-xurídico favorable. A resolución entenderase desestimatoria si non recae resolución en dito prazo.

6.6. a) Tramitación no caso de execución de construcións, instalacións ou obras antes do inicio da actividade:

O prazo de presentación da solicitude será dun mes dende o día seguinte ao de obtención do título habilitante para a realización da construción, instalación ou obra, no caso de que fose precisa a realización de construción, instalación ou obra, con carácter previo ao inicio da actividade. Para a declaración do especial interese ou utilidade polo Pleno, xunto coa solicitude, achegará a seguinte documentación:

- Poder de representación, no seu caso.
- Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a alta no municipio no epígrafe da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas.
- Memoria xustificativa sobre o proxecto da actividade económica ou empresarial de nova creación ou de ampliación, na que constará a referencia catastral do inmovible afecto á actividade económica ou empresarial no que se realiza a construción, instalación ou obra; a creación de novos postos de traballo; o número de novos postos de traballo; a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.
- Declaración responsable sobre o emprego que creará, con indicación do número de novos postos de traballo, a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.
- Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, coa Facenda Autonómica, co Concello de Ames e coa Seguridade Social.
- Aqueloutra documentación que, motivadamente, sexa requirida polo Departamento de Emprego do Concello de Ames.

No prazo dun mes dende o remate da construción, instalación ou obra, que respectará o prazo concedido na licencia, o suxeito pasivo deberá comunicar ao Concello a finalización, achegando Certificado final de obra.

No prazo de dous meses dende a data mentada no parágrafo anterior, o suxeito pasivo deberá presentar a comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade, coa seguinte xustificación documental da xeración de emprego:

- Informe de Vidal Laboral das contas de cotización dende o inicio ou ampliación da actividade.

- Relación dos traballadores contratados con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á seguridade social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.
- Relacións Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.
- Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.
- No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.

6.6. b) Tramitación no caso de que non se realizase construción, instalación nin obra con carácter previo ao inicio da actividade:

O prazo de presentación da solicitude de bonificación será de dous meses dende a presentación da comunicación previa de inicio de actividade ou da obtención do título habilitante para o exercicio da actividade, achegando a seguinte documentación:

- Poder de representación, no seu caso.
- Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a alta no municipio no epígrafe da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas.
- Memoria xustificativa sobre o proxecto da actividade económica ou empresarial de nova creación ou de ampliación, na que constará a referencia catastral do inmovible afecto á actividade económica ou empresarial no que se realiza a construción, instalación ou obra; a creación de novos postos de traballo; o número de novos postos de traballo; a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.
- Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, coa Facenda Autonómica, co Concello de Ames e coa Seguridade Social.
- Informe de Vidal Laboral das contas de cotización dende o inicio ou ampliación da actividade.
- Relación dos traballadores contratados con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á seguridade social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.
- Relacións Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.
- Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.
- No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.

Toda solicitude que se realice transcorrido o prazo sinalado, será considerada extemporánea.

6.7. Para o mantemento da bonificación, as condicións da xustificación presentadas coa comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade, deberán permanecer durante tres exercicios presupostarios completos, como mínimo.

6.8. O incumprimento dos requisitos esixidos suporá a perda da bonificación e a liquidación do importe deixado de ingresar, xunto cos xuros de mora correspondentes.

6.9. A concesión da bonificación por xeración de emprego xurdirá efectos a partir do exercicio seguinte a aquel no que se conceda, e manterase, durante tres exercicios presupostarios.

6.10. Nos restantes aspectos non previstos nesta ordenanza, estarase ao disposto na ordenanza

fiscal xeral do concello de Ames e no RD 1065/2007.

7. Para ser beneficiario das bonificacións previstas nos números anteriores, o contribuínte deberá estar ao corrente das débedas co Concello de Ames, atendendo ao disposto no artigo 12.3 da Ordenanza Fiscal Xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público do Concello de Ames.

8. As solicitudes de bonificacións serán resoltas polo órgano competente.

9. As bonificacións recollidas nos apartados 2 e 4.B) deste artigo serán compatibles, sen que, en ningún caso, poidan exceder do 60% da cota íntegra de forma acumulativa. As bonificacións dos apartados 1, 4.A e 6) deste artigo non serán compatibles con ningunha outra, salvo precepto legal que dispoña a compatibilidade.

#### Artigo 16. Período impositivo e deveción

1. O imposto deveñárase o primeiro día do período impositivo.

2. O período impositivo coincide co ano natural.

3. Os feitos, actos e negocios que deben ser obxecto de declaración ou comunicación perante o Catastro Inmobiliario ou, por convenio, perante o Servizo de Xestión Catastral do Concello de Ames, terán efectividade no deveción deste imposto inmediatamente posterior ao momento no que produzan efectos catastrais. A efectividade das inscricións catastrais resultantes dos procedementos de valoración colectiva e de determinación do valor catastral dos bens inmobles de características especiais coincidirá coa prevista nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

#### Artigo 17. Declaracións catastrais

1. As alteracións referidas ós bens inmobles susceptibles de inscrición catastral que teñan transcendencia para os efectos deste imposto determinarán a obriga dos suxeitos pasivos de formaliza-las declaracións conducentes á súa inscrición no Catastro Inmobiliario, conforme o establecido na súa normativa reguladora.

2. O Concello de Ames esixirá a acreditación da presentación da declaración catastral de nova construción para a tramitación do procedemento de concesión de licenzia de primeira ocupación.

#### Artigo 18. Xestión do imposto

A xestión, liquidación, inspección, recadación e revisión dos actos ditados en virtude da xestión tributaria deste imposto levarase a cabo conforme ó preceptuado nos artigos 7, 8 e 77 do Texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo así coma as demais disposicións que resulten de aplicación.

#### Artigo 19. Revisión

1. Os actos de xestión e inspección catastral do imposto serán revisables nos termos e de acordo cos procedementos sinalados no Real Decreto Legislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

2. Os actos de xestión tributaria do imposto serán revisables conforme o preceptuado no artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de m, e demais concordantes de aplicación.

#### Disposición adicional única

As modificacións que se introduzan na regulación do imposto, polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

#### Disposición final

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 31-10-2019, entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2020, continuando vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.”

*Acordo de imposición –BOP núm. 295 de 27/12/1989*

*Publicacións de modificacións recentes no Boletín Oficial da Provincia, foron:*

*Texto íntegro – BOP núm. 296 de 28/12/2006.*

*Primeira modificación puntual - BOP núm. 267 de 21/12/2009.*

*Segunda modificación puntual- BOP núm 247 de 29/12/2011.*

*Texto íntegro – BOP núm. 244 de 22/12/2015, en dicho anuncio consta que foi aprobada provisionalmente o 29/10/2015 e que ao non terse presentado ningunha reclamación durante o prazo de exposición pública, o acordo de aprobación provisional quedou elevado a definitivo de maneira automática*

*Texto íntegro – BOP núm. 2 de 03/01/2017*

*Modificación artigo 15 – BOP nº 221 de 20/11/2018*

*Texto íntegro – BOP num 248 de 31/12/2019*

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DO CONCELLO DE AMES**

### **Artigo 1.º.–Normativa aplicable.**

O imposto sobre actividades económicas (IAE) rexerese neste municipio:

- a) Polas normas reguladoras deste contidas na Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan esta lei.
- b) Polas tarifas e instrución do imposto, aprobadas polo Real decreto legislativo 1175/1990, do 28 de setembro, e Real decreto legislativo 1259/1991, do 2 de agosto.
- c) Pola presente ordenanza fiscal.

### **Artigo 2.º.–Natureza e feito imponible.**

1. O IAE é un tributo directo de carácter real, do que o feito imponible está constituído polo mero exercicio dentro do termo municipal de actividades empresariais, profesionais ou artísticas, tanto se se exercen nun local determinado como se non, e se atopen ou non especificadas nas tarifas do imposto.
2. Considéranse actividades empresariais, para os efectos deste imposto, as gandeiras cando teñan carácter independente, as mineiras, as industriais, as comerciais e as de servizos. Polo tanto, non teñen esta consideración as actividades agrícolas, as gandeiras dependentes, as forestais e as pesqueiras, e ningunha delas constitúe o feito imponible do presente imposto. Ten a consideración de gandería independente a definida como tal no parágrafo segundo do artigo 78.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.
3. Considérase que unha actividade se exerce con carácter empresarial, profesional ou artístico cando supoña a ordenación por conta propia de medios de produción e de recursos humanos ou dun destes, coa finalidade de intervir na produción ou distribución de bens ou servizos.
4. O contido das actividades gravadas é o definido nas tarifas do imposto.
5. O exercicio das actividades gravadas probarase por calquera medio admisible en dereito e, en particular, polos recollidos no artigo 3.º do Código de comercio.

### **Artigo 3.º.–Supostos de non suxeición.**

Non constitúe feito imponible neste imposto o exercicio das actividades seguintes:

- a) O alleamento de bens integrados no activo fixo das empresas que tivesen figurado, debidamente inventariado como tal inmovilizado, con máis de dous anos de antelación á data de se transmitir a venda de bens de uso particular e privado do vendedor, sempre que os tivese utilizado durante igual período de tempo.
- b) A venda dos produtos que se reciben en pagamento de traballos persoais ou servizos profesionais.
- c) A exposición de artigos co fin exclusivo de decoración ou de adorno do establecemento. Polo contrario, estará suxeita ó imposto a exposición de artigos para regalar ós clientes.
- d) Cando se trate de venda polo miúdo, a realización dun solo acto ou operación illada.

### **Artigo 4.º.–Exencións.**

1. Están exentos do imposto:

- a) O Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais, así como os organismos

autónomos do Estado e as entidades de dereito público de análogo carácter das comunidades autónomas e das entidades locais.

b) Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio da súa actividade en territorio español, durante os dous primeiros períodos impositivos deste imposto no que se desenvolva esta.

Para estes efectos non se considerará que se produciu o inicio do exercicio da actividade cando esta se teña desenvolvido anteriormente baixo outra titularidade, circunstancia que se entenderá que concorre, entre outros supostos, nos casos de fusión, escisión ou achega de ramas de actividade.

c) Os seguintes suxeitos pasivos:

– As persoas físicas.

– Os suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades, as sociedades civís e as entidades do artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, que teñan un importe neto da cifra de negocios inferior a 1.000.000 de euros.

– En canto ós contribuíntes polo imposto sobre a renda de non residentes, a exención só acadará ós que operen en España mediante establecemento permanente, sempre que teñan un importe neto da cifra de negocios inferior a 1.000.000 de euros.

Para os efectos da aplicación da exención prevista nesta letra, teranse en conta as seguintes regras:

1.º.– O importe neto da cifra de negocios determinarase de acordo co previsto art. 191 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro.

2.º.– O importe neto da cifra de negocios será, no caso dos suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades ou dos contribuíntes polo imposto sobre a renda de non residentes, o do período impositivo do que o prazo de presentación de declaracións polos ditos tributos tivese rematado o ano anterior ó do devengo deste imposto. No caso das sociedades civís e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, o importe neto da cifra de negocios será o que corresponda ó penúltimo ano anterior ó de devengo deste imposto. Se o dito período impositivo tivese unha duración inferior ó ano natural, o importe neto da cifra de negocios elevaríase ó ano.

3.º.– Para o cálculo do importe da cifra de negocios do suxeito pasivo terase en conta o conxunto das actividades económicas exercidas por este.

Non obstante, cando a entidade forme parte dun grupo de sociedades no sentido do artigo 42 do Código de comercio, o importe neto da cifra de negocios referirase ó conxunto de entidades pertencentes ó dito grupo.

Para os efectos do disposto no parágrafo anterior, entenderase que os casos do artigo 42 do Código de comercio son os recollidos na sección 1.ª do capítulo I das normas para a formulación das contas anuais consolidadas, aprobadas por Real decreto 1815/1991, do 20 de decembro.

4.º.– No suposto dos contribuíntes polo imposto sobre a renda de non residentes, atenderase ó importe neto da cifra de negocios imputable ó conxunto dos establecementos permanentes situados en territorio español.

d) As entidades xestoras da Seguridade Social e as mutualidades de previsión social reguladas na Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.

e) Os organismos públicos de investigación, os establecementos de ensino en tódolos seus graos pagados integramente con fondos do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais, ou por fundacións declaradas benéficas ou de utilidade pública, e os establecementos de ensino en tódolos seus graos que, carecendo de ánimo de lucro, estivesen en réxime de concerto educativo, incluso si facilitasen ós seus alumnos libros ou artigos de escritorio ou lles prestasen os servizos de media pensión ou internado e aínda que por excepción venda no mesmo establecemento os produtos dos talleres dedicados á dita ensinanza, sempre que o importe da dita venda, sen utilidade para ningún particular ou terceira persoa, se destine, exclusivamente, á adquisición de materias primas ou ó sostemento do establecemento.

f) As asociacións e fundacións de diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, sen ánimo de lucro,

polas actividades de carácter pedagógico, científico, asistenciais e de emprego que para o ensino, educación, rehabilitación e tutela de minusválidos realicen, aínda que vendan os produtos dos talleres dedicados ós ditos fins, sempre que o importe desta venda, sen utilidade para ningún particular ou terceira persoa, se destine exclusivamente á adquisición de materias primas ou ó sostemento do establecemento.

g) A Cruz Vermella Española.

h) Os suxeitos pasivos ós que lles sexa de aplicación a exención en virtude de tratados ou convenios internacionais.

2. Os suxeitos pasivos a que se refiren os apartados a), d), g) e h) do apartado anterior non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto.

3. O Ministerio de Facenda establecerá en que supostos a aplicación da exención prevista no parágrafo c) do apartado 1 anterior esixirá a presentación dunha comunicación dirixida á Axencia Estatal de Administración Tributaria na que se faga constar que se cumpren os requisitos establecidos no dito parágrafo para a aplicación da exención. A dita obriga non se esixirá, en ningún caso, cando se trate de contribuíntes polo imposto sobre a renda das persoas físicas.

Os suxeitos pasivos que aplicasen a exención prevista no parágrafo b) do apartado 1 anterior presentarán a comunicación, no seu caso, o ano seguinte ó posterior ó de inicio da súa actividade.

Para estes efectos, o Ministerio de Facenda establecerá o contido, o prazo e a forma de presentación da dita comunicación, así como os supostos en que haberá de presentarse por vía telemática.

En canto ás variacións que poidan afectar á exención prevista no parágrafo c) do apartado 1 anterior, estarase ó previsto no parágrafo terceiro do apartado 2 do artigo 90 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

4. As exencións previstas nos parágrafos b), e) e f) do apartado 1 deste artigo terán carácter rogado e concederanse, cando proceda, a instancia de parte.

A solicitude das exencións a que se refire o parágrafo anterior débese presentar xunto coa declaración de alta do imposto, na entidade que leve a cabo a xestión censual, e deberán ir unidas á documentación acreditativa. O acordo polo cal se accede á petición fixará o exercicio desde o cal o beneficio fiscal se entende concedido.

As exencións a que se refire este apartado que sexan solicitadas antes de que a liquidación correspondente adquira firmeza terán efectos desde o inicio do período impositivo a que se refire a solicitude, sempre que na data do devengo do tributo concorresen os requisitos legalmente esixibles para gozar desta exención.

#### **Artigo 5.º.–Suxeitos pasivos.**

Son suxeitos pasivos do IAE as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, sempre que realicen neste municipio calquera das actividades que orixinan o feito imponible.

#### **Artigo 6.º.–Cota tributaria.**

A cota tributaria será o resultado de aplicar á cota de tarifa do imposto, a que se refire o artigo seguinte, os coeficientes e as bonificacións previstas na lei , e no seu caso acordadas polos concellos e reguladas nas ordenanzas fiscais respectivas.

#### **Artigo 7.º.–Cota de tarifa.**

A cota de tarifa será a resultante de aplicar as tarifas previstas na instrución do imposto aprobadas por Real decreto legislativo 1175/1990, do 28 de setembro, e polo Real decreto legislativo 1259/1991, do 2 de agosto.

### **Artigo 8.º.–Coeficiente de ponderación.**

De acordo co que prevé o artigo 86 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, sobre as cotas municipais da tarifa aplicarase, en todo caso, un coeficiente de ponderación, determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo, de acordo co seguinte cadro:

<b>Importe neto da cifra de negocios</b>	<b>Coeficiente</b>
Desde 1.000.000,00 ata 5.000.000,00	1,29
Desde 5.000.000,01 ata 10.000.000,00	1,30
Desde 10.000.000,01 ata 50.000.000,00	1,32
Desde 50.000.000,01 ata 100.000.000,00	1,33
Máis de 100.000.000,00	1,35
Sen cifra neta de negocio	1,31

Para os efectos da aplicación do coeficiente a que se refire este artigo, o importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo será o correspondente ó conxunto de actividades económicas exercidas por este e determinaranse de acordo co previsto no apartado 1, letra c) do artigo 4 da presente ordenanza fiscal (artigo 82.1.c) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais).

### **Artigo 9.º.–Bonificacións obrigatorias.**

1. Sobre a cota tributaria do imposto aplicaranse, en todo caso, as seguintes bonificacións:

a) As cooperativas, así como as unións, federacións e confederacións destas e as sociedades agrarias de transformación terán a bonificación prevista na Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas.

b) Unha bonificación do 50 por cento da cota correspondente, para quen inicie o exercicio de calquera actividade profesional, durante os cinco anos de actividade seguintes á conclusión do segundo período impositivo de desenvolvemento desta. O período de aplicación da bonificación caducará transcorridos cinco anos desde a finalización da exención prevista na letra b) do apartado 1 do artigo 4 da presente ordenanza fiscal.

2. Os suxeitos pasivos que teñan dereito ás bonificacións reguladas no apartado anterior, por cumprir os requisitos establecidos para gozar delas, aplicarán a bonificación correspondente na súa propia autoliquidación.

### **Artigo 10.º.–Bonificacións potestativas.**

1.– Os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que teñan incrementado o promedio da súa plantilla de traballadores con contrato indefinido durante o período impositivo inmediato anterior ao da aplicación da bonificación, en relación co período anterior a aquel, gozarán da seguinte bonificación sobre a cota tributaria:

<b>Incremento porcentual do n.º de traballadores con contrato indefinido (T)</b>	<b>Bonificación</b>
Entre o 5,0% e o 10,0%	15%
Máis do 10,0% e ata o 20,0%	30%
Máis do 20,0%	50%

A documentación acreditativa será a seguinte:



- Certificado/s da Tesourería Xeral da Seguridade Social da vida laboral da empresa, acreditativo dos extremos especificados neste artigo e apartado.
- Fotocopia dos contratos laborais dos traballadores contratados no período impositivo inmediato anterior ao de aplicación da bonificación.

O incremento promedio calcularase da seguinte forma:

$$T = (T_f - T_i) * 100 / T_i$$

T = incremento do número de traballadores con contrato indefinido en tanto por cento

T<sub>f</sub> = número de traballadores con contrato indefinido en el período final comparado.

T<sub>i</sub> = número de traballadores con contrato indefinido en el período inicial comparado.

A bonificación terá duración exclusivamente anual polo que debe ser solicitada para cada exercicio en que se pretenda a súa aplicación e sempre antes do 1 de abril. A non presentación da solicitude no prazo establecido implicará a perda da bonificación, sen prexuízo de poder solicitarse novamente para períodos impositivos seguintes.

A bonificación aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións a que se refiren o artigo 9 desta ordenanza.

2.– Os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que utilicen ou produzan enerxía a partir de instalacións para o aproveitamento de enerxías renovables ou sistemas de coxeneración gozarán dunha bonificación da cota do imposto do 50% o primeiro ano seguinte a súa instalación e do 25% o segundo. A estes efectos, consideraranse instalacións para o aproveitamento das enerxías renovables as contempladas e definidas como tales no Plan de Fomento das Enerxías Renovables. Consideraranse sistemas de coxeneración os equipos e instalacións que permitan a produción conxunta de electricidade e enerxía térmica útil.

A bonificación debe ser solicitada antes do 1 de abril do exercicio para o que se pretenda o inicio da súa aplicación. A non presentación da solicitude no prazo establecido implicará a perda da bonificación nese exercicio.

A bonificación aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións a que se refiren o artigo 9 e o artigo 10.1 desta ordenanza.

3.1. Poderán gozar dunha bonificación na cota do IAE os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

3.2. A bonificación da cota será:

a) ata un 95 % para os suxeitos pasivos que desenvolvan unha actividade económica ou empresarial por implantación dunha nova empresa no termo municipal de Ames, sempre e cando cree emprego.

b) ata un 95% para a os suxeitos pasivos que desenvolvan unha actividade económica ou empresarial pola ampliación dunha empresa que xa viña exercendo unha actividade económica ou empresarial en Ames, sempre e cando implique creación de emprego.

A porcentaxe de bonificación será a seguinte:

Creación de 1 a 10 postos de traballo	50 %
Creación de 11 a 20 postos de traballo	75 %
Creación de mais de 20 postos de traballo	95%

As contratacións deberán ser indefinidas.

### 3.3. O beneficiario da bonificación o suxeito pasivo non exento do IAE.

Non poderá ser beneficiario da bonificación o suxeito pasivo que tivera adoptado medidas de regulación do emprego nos 12 meses anteriores á formalización dos contratos de traballo.

3.4. A declaración de especial interese ou utilidade municipal, así como a porcentaxe de bonificación, corresponderá ao pleno da Corporación, co voto favorable da maioría simple dos seus membros previa solicitude do suxeito pasivo no modelo normalizado.

A declaración de interese ou utilidade municipal deberá producirse nun prazo que non excederá de catro meses, computables dende a súa solicitude, previo informe técnico-xurídico favorable. A resolución entenderase desestimatoria si non recae resolución en dito prazo.

3.5. a) Tramitación no caso de execución de construción, instalación ou obra con carácter previo ao inicio da actividade:

O prazo de presentación da solicitude será dun mes dende o día seguinte ao de obtención do título habilitante para a realización da construción, instalación ou obra, no caso de que fose precisa a realización de construción, instalación ou obra, con carácter previo ao inicio da actividade. O suxeito pasivo deberá achegar xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- Poder de representación, no seu caso.

- Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a alta no municipio no epígrafe da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas.

- Memoria xustificativa sobre o proxecto da actividade económica ou empresarial de nova creación ou de ampliación, na que constará a referencia catastral do inmovible afecto á actividade económica ou empresarial no que se realiza a construción, instalación ou obra; a creación de novos postos de traballo; o número de novos postos de traballo; a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.

- Declaración responsable sobre o emprego que creará, con indicación do número de novos postos de traballo, a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.

- Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, coa Facenda Autonómica, co Concello de Ames e coa Seguridade Social.

- Aqueloutra documentación que, motivadamente, sexa requirida polo Departamento de Emprego do Concello de Ames.

No prazo dun mes dende o remate da construción, instalación ou obra, que respectará o prazo concedido na licencia, o suxeito pasivo deberá comunicar ao Concello a finalización, achegando Certificado final de obra.

No prazo de dous meses dende a data mentada no parágrafo anterior, o suxeito pasivo deberá presentar a comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade, coa seguinte xustificación documental da xeración de emprego:

- Informe de Vidal Laboral das contas de cotización ou da persoa autónoma como

empresaria dende o inicio da actividade.

- Relación dos traballadores contratados con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á seguridade social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.

- Relacións Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.

- Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.

- No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.

3.5. b) Tramitación no caso de que non se realizase construción, instalación nin obra con carácter previo ao inicio da actividade:

O prazo de presentación da solicitude será de dous meses dende o rexistro da comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade, achegando a seguinte documentación:

- Poder de representación, no seu caso.

- Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a alta no municipio no epígrafe da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas.

- Memoria xustificativa sobre o proxecto da actividade económica ou empresarial de nova creación ou de ampliación, na que constará a referencia catastral do inmovible afecto á actividade económica ou empresarial no que se realiza a construción, instalación ou obra; a creación de novos postos de traballo; o número de novos postos de traballo; a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.

- Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, coa Facenda Autonómica, co Concello de Ames e coa Seguridade Social.

- Comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade.

- Informe de Vidal Laboral das contas de cotización ou da persoa autónoma como empresaria dende o inicio da actividade.

- Relación dos traballadores contratados con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á seguridade social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.

- Relacións Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.

- Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.

- No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.

- Aqueloutra documentación que, motivadamente, sexa requirida polo Departamento de Emprego do Concello de Ames.

3.6. Toda solicitude que se realice transcorrido o prazo sinalado, será considerada extemporánea.

3.7. Para o mantemento da bonificación, as condicións da xustificación presentadas coa comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade, deberán permanecer durante tres exercicios presupostarios completos, como mínimo.

3.8. O incumprimento dos requisitos esixidos suporá a perda da bonificación e a liquidación do importe deixado de ingresar, xunto cos xuros de mora correspondentes.

3.9. Respecto aos restantes aspectos da bonificación non previstos neste artigo, estarase ao disposto na ordenanza fiscal Xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público do Concello de Ames, ao RD 1065/2007, de 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral das Actuacións e dos Procedementos de Xestión e Inspección tributarias e de desenvolvemento das normas comúns de aplicación dos tributos.

#### **Artigo 11.º.-Período impositivo e devengo.**

1. O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trate de declaracións de alta, xa que neste caso abranguerá desde a data do comezo da actividade ata o fin do ano natural.

2. O imposto devéngase o primeiro día do período impositivo e as cotas serán irredutibles, salvo cando, nos casos de declaración de alta, o día de comezo da actividade non coincida co ano natural, neste suposto as cotas calcularanse proporcionalmente o número de trimestres naturais que resten para finalizar o ano, incluído o do comezo do exercicio da actividade.

3. Así mesmo, e no caso de baixa por cesamento no exercicio da actividade, as cotas serán rateables por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza o dito cesamento. Para tal fin os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente ós trimestres naturais nos que non se tivese exercido a actividade.

#### **Artigo 12.º.-Xestión.**

A xestión, liquidación, recadación e inspección das cotas municipais do imposto levaranse a cabo polo órgano da administración que resulte competente, ben en virtude de competencia propia, ben en virtude de convenio ou acordo de delegación de competencias; todo isto conforme o preceptuado nos artigos 7, 8 e artigos 90 e 91 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais; así como nas demais disposicións que resulten de aplicación.

#### **Disposición adicional única**

As modificacións que se introduzan na regulación do imposto, polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

#### **Disposición derogatoria única**

A partir da data de entrada en vigor da presente ordenanza fiscal quedará derogada a anterior Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas no Concello de Ames.

#### **Disposición final**

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar o día /\*\*/\*\*/2015, entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e

comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2016, continuando vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

*As publicacións no Boletín Oficial da Provincia, foron:*

*Texto íntegro – BOP núm. 298 de 30/12/2003.*

*Primeira modificación puntual - BOP núm. 267 de 21/12/2009.*

*Texto íntegro – BOP núm. 244 de 22/12/2015, en dicho anuncio consta que foi aprobada provisionalmente o 29/10/2015 e que ao non terse presentado ningunha reclamación durante o prazo de exposición pública, o acordo de aprobación provisional quedou elevado a definitivo de maneira automática*

Modificación – BOP nº 221 de 20/11/2018

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA DO CONCELLO DE AMES**

### **Artigo 1.º.-Fundamento e natureza.**

De conformidade co previsto no artigo 59, en relación cos seus artigos 92 a 99, do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o imposto sobre vehículos de tracción mecánica, é un tributo directo, de carácter obrigatorio.

### **Artigo 2.º.-Normativa aplicable.**

O imposto sobre vehículos de tracción mecánica, rexerese neste Concello:

- a) Polas normas reguladoras deste, contidas no texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e polas demais disposicións legais e regulamentos que complementen e desenvolvan a dita lei.
- b) Pola presente ordenanza fiscal.

### **Artigo 3.º.-Feito imponible.**

1.- O imposto sobre vehículos de tracción mecánica é un imposto directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexan a súa clase e categoría.

2.- Se considera vehículo apto para a circulación o que fose matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentres non tivera causado baixa nos mesmos. Para os efectos deste imposto tamén se considerarán aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

### **Artigo 4.º.-Supostos de non suxeición.**

Non estarán suxeitos a este imposto:

- a) os vehículos que, sendo dados de baixa nos rexistros por antigüidade do seu modelo, poden ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas ós desta natureza.
- b) os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica de carga útil non superior a 750 quilogramos.

### **Artigo 5.º.-Suxeitos pasivos.**

Son suxeitos pasivos deste imposto, as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a nome das cales conste o vehículo no permiso de circulación.

### **Artigo 6.º.-Responsables.**

Todo o relativo a os responsables deste tributo, determinarase de conformidade a o previsto no texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; na Lei Xeral Tributaria, artigos 41 a 43; no Regulamento Xeral de Recadación e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenrolo.

### **Artigo 7.º.-Exencións.**

1. Estarán exentos do imposto:

a) Os vehículos oficiais do Estado, comunidades autónomas e entidades locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.

b) Os vehículos de representación diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grao.

Así mesmo, os vehículos dos organismos internacionais con sede ou oficina en España e dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.

c) Os vehículos respecto dos cales así se derive do disposto en tratados ou convenios internacionais.

d) As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria, ou ao traslado de feridos ou enfermos.

e) Os vehículos para persoas de mobilidade reducida que se refire a letra A do anexo II do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro.

Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo. Esta exención aplicarase en tanto se manteñan as devanditas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade como aos destinados ao seu transporte.

As exencións previstas nos dous parágrafos anteriores non resultarán aplicables ós suxeitos pasivos beneficiarios destas por máis dun vehículo simultaneamente.

Para os efectos do disposto neste parágrafo, se consideran persoas con minusvalía quen teña esa condición legal en grao igual ou superior ao 33 por cento.

f) Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos ao servizo de transporte público urbano, sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, incluída a do condutor.

g) Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos da libreta de inspección agrícola.

2. Para poder gozar das exención a que se refiren as letras e) e g) do apartado 1 deste artigo, os interesados/as deberán instar súa concesión, con anterioridade ao devengo do imposto, indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a causa do beneficio. Declarada a exención polo Concello expedirase un documento que acredite a súa concesión, que terá carácter definitivo, para ese vehículo, para as persoas que teñan recoñecida unha discapacidade definitiva, sempre que se manteñan as condicións de non existencia de débeda e o empadroamento no Concello de Ames. Nos demais supostos as solicitudes deberán ser renovadas anualmente, achegando soamente os documentos precisados nos números 1 e 4 dos parágrafos 2.1 e 2.2.

No caso de primeiras solicitudes, novas adquisicións de vehículos, o contribuínte deberá achegar a seguinte documentación:

#### 2.1 Vehículos conducidos por persoas con discapacidade:

1.- Fotocopia e orixinal, ou fotocopia compulsada, do certificado do grao de discapacidade expedido polo órgano competente da Administración autonómica no que conste o grao de discapacidade ou, na súa falta, acreditación sa condición de pensionista de Seguridade Social que teña recoñecida unha pensión por incapacidade no grao de total, absoluto ou gran invalidez ou de pensionista de clases pasivas que teña recoñecida unha pensión por xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

2.-Fotocopia e orixinal, ou fotocopia compulsada, do permiso de conducción (anverso e reverso).

3.-Fotocopia e orixinal ou fotocopia compulsada, do permiso de circulación a nome do posible beneficiario/a da exención.

4.-Fotocopia e orixinal ou fotocopia compulsada da póliza de seguro do vehículo na que figure o suxeito solicitante como condutor habitual do mesmo e acreditación do pago do último recibo que lle corresponda.

5.-Fotocopia DNI.

6.-Fotocopia da ficha técnica do vehículo.

7.-Declaración do uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención.

8.-Estar empadroad/a no Concello de Ames no momento de devengo do imposto, o que comprobará de oficio anualmente para o mantemento das exencións de carácter definitivo.

## 2.2 Vehículos destinados ao transporte de discapacitados:

1.-Fotocopia e orixinal, ou fotocopia compulsada, do certificado do grao de discapacidade expedido polo órgano competente da Administración autonómica , ou na súa falta, acreditación sa condición de pensionista de Seguridade Social que teña recoñecida unha pensión por incapacidade no grao de total, absoluto ou gran invalidez ou de pensionista de clases pasivas que teña recoñecida unha pensión por xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade. No documento constará, ademais do grao de discapacidade, se ten necesidade de asistencia a terceiras persoas e se ten dificultades graves de mobilidade que lle impidan a utilización do transporte colectivo.

2.- Fotocopia e orixinal ou fotocopia compulsada, do permiso de circulación a nome do posible beneficiario/a da exención.

3.-Fotocopia DNI do discapacitado/a e do condutor/a habitual do vehículo.

4.-Fotocopia e orixinal, ou fotocopia compulsada da póliza de seguro do vehículo e acreditación do pago do último recibo que lle corresponda

5.-Fotocopia da ficha técnica do vehículo.

6.-Declaración do uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario/a da exención.

7.-Estar empadroad/a no Concello de Ames no momento do devengo do imposto, o que se comprobará de oficio anualmente para o mantemento das exencións de carácter definitivo.

As exencións que no seu caso se concedan en calquera dos supostos anteriores, non serán aplicables ós suxeitos pasivos beneficiarios/as das mesmas por máis dun vehículo simultaneamente.

A concesión das exencións previstas no presente apartado queda supeditada á non existencia de débeda, por calquera concepto, co Concello de Ames.

3. Para poder gozar da exención á que se refire a letra g) do apartado 1 deste artigo os interesados/as deberán achegar a seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI do solicitante.

b) Fotocopia e orixinal ou fotocopia compulsada do permiso de circulación do vehículo.

c) Fotocopia e orixinal ou fotocopia compulsada da cartilla de inspección agrícola.”

## Artigo 8.º.-Cota tributaria.

1.- De conformidade co artigo 95.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello fixa o coeficiente de incremento, no Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, sobre as cotas orixinais establecidas no citado artigo 95.1 do mesmo texto legal, nos seguintes termos:

Potencia y clase de vehículo	Tarifa mínima	Coeficiente	Cota a satisfacer
<b>A) Turismos</b>			
-De menos de 8 cabalos fiscais	12,62 €	1,3	16,41 €
-De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	34,08 €	1,3	44,30 €
-De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	71,94 €	1,3	93,52 €
-De 16 ata 19,99 cabalos fiscais	89,61 €	1,4	125,45 €
-De 20 cabalos fiscais en diante	112,00 €	1,5	168,00 €
<b>B) Autobuses</b>			
-De menos de 21 prazas	83,30 €	1,3	108,29 €
-De 21 a 50 prazas	118,64 €	1,4	166,10 €



-De mais de 50 prazas	148,30 €	1,5	222,45 €
-----------------------	----------	-----	----------

**C) Camións**

-De menos de 1.000 Kg. de carga útil	42,28 €	1,3	54,96 €
-De 1.000 a 2.999 Kg. de carga útil.	83,30 €	1,3	108,29 €
-De 2.999 a 9.999 Kg. de carga útil	118,64 €	1,4	166,10 €
-De mais de 9.999Kg. de carga útil	148,30 €	1,5	222,45 €

**D) Tractores**

-De menos de 16 cabalos fiscais	17,67 €	1,3	22,97 €
-De 16 a 25 cabalos fiscais.	27,77 €	1,3	36,10 €
-De mais de 25 cabalos fiscais.	83,30 €	1,4	116,62 €

**E) Remolques e semiremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:**

-De menos de 1.000 e mais de 750 Kg. de carga útil	17,67 €	1,3	22,97 €
-De 1.000 a 2.999 Kg. de carga útil.	27,77 €	1,3	36,10 €
-De mais de 2.999 Kg. de carga útil.	83,30 €	1,4	116,62 €

**F) Outros vehículos:**

-Ciclomotores	4,42 €	1,3	5,75 €
-Motocicletas ata 125cc.	4,42 €	1,3	5,75 €
-Motocicletas de mais de 125cc ata 250cc.	7,57 €	1,3	9,84 €
-Motocicletas de mais de 250cc ata 500cc.	15,15 €	1,3	19,70 €
-Motocicletas de mais de 500cc ata 1.000cc.	30,29 €	1,3	39,38 €
-Motocicletas de mais de 1.000cc.	60,58 €	1,3	78,75 €

2.-Para os efectos de facilitar a aplicación das tarifas, deberanse ter en conta a seguinte normativa:

A) en canto a clasificación dos vehículos, o anexo II do Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado polo Real Decreto 2822/1998, de 23 de decembro, que recolle nas súas letras "A", "B" e "C", as "Definicións", "Clasificación por criterios de Construción" e "Clasificación por criterios de utilización"

B) En canto a determinación da potencia fiscal, mediante as formulas recollidas no anexo V do referido Regulamento Xeral de Vehículos.

C) Os vehículos definidos como mixtos, todoterreo, mixtos adaptables, mixtos todoterreo, e furgón mixto adaptable e similares polo literal da clave numérica reflectido na ficha técnica, tributarán como turismo, pola súa potencia fiscal, agás nos seguintes casos:

- Se o vehículo está habilitado para o transporte de máis de nove persoas incluído o condutor, tributará como autobús.

- Se o vehículo estivese autorizado para transportar máis de 525 quilogramos de carga útil, tributará como camión.

D) Os vehículos denominados autocaravanas serán considerados furgonetas para os efectos de tributación.

E) Os furgóns, agás o mixto adaptable, tributarán como camións.

F) As ambulancias e coches fúnebres tributarán como turismos.

G) Os cuatriciclos lixeiros tributarán como ciclomotores.

H) Os motocarros terán a consideración, aos efectos deste imposto, de motocicletas e, polo tanto, tributarán pola súa cilindrada.

I) Cando se trate de vehículos articulados tributarán simultaneamente e por separado o que leve a potencia de arrastre e os remolques e semirremolques arrastrados.

K) As máquinas autopropulsadas ou automotrices que podan circular polas vías públicas sen ser transportadas ou arrastradas por outros vehículos de tracción mecánica tributarán polas tarifas correspondentes aos tractores, quedando comprendidos, entre estes, os tractocamións e camións de obras e servizos.

L) Nos casos de vehículos nos que apareza na tarxeta de inspección técnica a distinción na determinación da carga entre MMA (masa máxima autorizada) e MTMA (masa máxima tecnicamente admisible), se estará, aos efectos da súa tarificación, aos quilos expresados na MMA, que corresponde á masa máxima para a utilización dun vehículo con carga en circulación polas vías públicas, conforme ao indicado no Regulamento Xeral de Vehículos. Este peso será sempre inferior ou igual ao MTMA .

3.- No caso de que nas Leis de Presupostos do Estado modificárase o cadro de tarifas recollido no artigo 95.1 do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os indicados coeficientes aplicáranse sobre as novas tarifas fixadas nas referidas Leis de Presupostos estatais.

### **Artigo 9.º.-Bonificacións.**

1.- Os vehículos de clase turismo, gozarán nos termos que se dispoñen, dunha bonificación do 50% na cota do imposto, durante os 3 períodos impositivos seguintes ao da súa matriculación, en función das características dos motores, a clase de combustible que consuma o vehículo e a incidencia da combustión no medio ambiente, sempre que cumpran as condicións seguintes:

a) Que se trate de vehículos híbridos (motor eléctrico-gasolina, eléctricodiesel o eléctrico-gas) que estean homologados de fábrica, incorporando dispositivos catalizadores, axeitados á súa clase e modelo, que minimicen as emisións contaminantes. Para a súa estimación, tomarase como referencia a base de datos elaborada polo Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (idea), dependente do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

b) Que se trate de vehículos de motor gasolina ou diesel, cuxa marca e modelo se inclúan entre os vehículos de máis eficiencia enerxética, con clasificación por consumo A), nos termos da Directiva Europea 1999/94/CE, do 13 de decembro e do Real Decreto 837/2002, do 2 de agosto, segundo a Guía de Vehículos Turismo de venda en España, elaborada polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), dependente do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, sempre que produzan emisións de CO<sub>2</sub> que non superen os 120 gr/km.

c) Que se trate de vehículos de motor eléctrico, alimentados por baterías, e/ou emisións nulas, de acordo coa información obtida do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía.

Os interesados deberán presentar a solicitude de bonificación con anterioridade a data do devengo do Imposto. En caso contrario, a concesión da bonificación terá efectos desde o período impositivo seguinte ao da solicitude.

Os interesados deberán aportar a ficha técnica do vehículo que acredite a súa inclusión nalguna das categorías previstas neste apartado.

2.- Gozarán dunha bonificación do 100% na cota os vehículos históricos, ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de vinte e cinco anos contados a partir da data da súa fabricación, tomándose como tal, si esta non se coñecera, a da súa primeira matriculación o, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo o variante deixouse de fabricar.

Para poder gozar da bonificación, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a antigüidade. Para estes efectos deberán acompañar á solicitude de bonificación os documentos que acrediten o cumprimento dos requisitos para gozar da mesma, ben por medio de copia compulsada da ficha técnica, o permiso de circulación do vehículo ou o certificado do fabricante ou de Industria respecto da data na que deixou de fabricarse o modelo en cuestión. No caso de vehículos históricos acreditarase aportando a catalogación como tal polo órgano competente da Comunidade Autónoma.

O petionario deberá xustificar, así mesmo, estar ao corrente no pago do imposto mediante a

exhibición dos recibos dos catro últimos exercicios ou certificado equivalente.

Os interesados deberán presentar a solicitude antes da data do devengo do imposto. En caso contrario a exención aplicarase desde o exercicio seguinte ao da solicitude. Declarada a bonificación pola Administración tributaria local, expedirase un documento que acredite a súa concesión.

### **Artigo 10.º.-Período impositivo e devengo.**

1.- O período impositivo coincide có ano natural, salvo no caso de primeira adquisición dos vehículos. Neste caso o período impositivo comezará o día no se produza a devandita adquisición.

2.- O imposto devéngase o primeiro día do período impositivo.

3.- O importe da cota do imposto prorratearase por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición ou baixa definitiva do vehículo. Tamén procederá o prorrateo da cota nos mesmos termos nos supostos de baixa temporal por subtracción ou roubo do vehículo, e isto desde o momento no que se produza dita baixa temporal no Rexistro público correspondente.

### **Artigo 11.º.-Xestión do imposto.**

1.- Nos supostos de adquisición e primeira matriculación dos vehículos o cando estes se reformen, de xeito que altere a súa clasificación aos efectos do presente Imposto, os suxeitos pasivos ou os seus representantes presentarán ante a administración con competencias na xestión é recadación do imposto, e con carácter previo a súa matriculación na Xefatura Provincial de Tráfico, no prazo de trinta días, que comezará a contar desde a data de adquisición ou reforma, autoliquidación do imposto, para o cal cumprimentarase o impreso no que se faga constar os elementos tributarios determinantes da cota a ingresar.

Acompañarase:

- Documentación acreditativa da compra ou modificación do vehículo.
- Certificado das Características Técnicas
- DNI o CIF do suxeito pasivo.

Simultaneamente á presentación da autoliquidación, o suxeito pasivo ingresara o importe da cota do Imposto resultante desta.

Esta autoliquidación terá a consideración de liquidación provisional, en tanto que pola Administración competente non se comprobe que aquela efectuouse mediante a correcta aplicación das normas reguladoras do Imposto. A oficina xestora, tras verificar que o pago fíxose na contía correcta, deixara constancia da verificación no impreso de declaración.

2. Nos supostos de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para circular, o Imposto xestiónase a partir do Padrón anual.

As modificacións do censo fundamentarase nos datos do Rexistro de Tráfico e nas Comunicacions da Xefatura de Tráfico relativas a altas, baixas, transferencias, reformas dos vehículos, sempre que se altere a súa clasificación a efectos deste Imposto, e cambios de enderezo.

O censo do Imposto expoñerase ao público por un prazo dun mes para que os interesados poidan examinalo e, no seu caso, formulalas reclamacións oportunas. A exposición ao público do Padrón anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.

O prazo de ingreso das débedas de cobro por recibo notificadas colectivamente determinarase cada ano e anunciarase publicamente no Boletín Oficial de la Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

Finalizado o prazo de pago voluntario sen que la débeda fora satisfeita, iniciarse o período executivo de recadación, o que comportará o devengo do recargo do 20% do importe da débeda non ingresada, así como o dos xuros de demora correspondentes. O devandito recargo será do 5% cando a débeda se ingrese antes de que fora notificada a providencia de constrinximento e do

10% cando se ingrese a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario e o propio recargo antes da finalización do prazo previsto no artigo 62.5 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

3. Sen embargo, unha vez abonada a cota do Imposto, se algún contribuínte estimase que ten dereito á devolución poderá solicitala dentro do prazo determinado ao efecto e por algunha das causas previstas na Lexislación vixente.

4. En todo caso, a xestión, liquidación, recadación, inspección, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria corresponderá á Deputación da Coruña, por delegación deste Concello, cando o enderezo que figure no permiso de circulación do vehículo radique no termo municipal.

### **Artigo 12.º.-Xustificación do imposto.**

1.- O pago do imposto acreditarase mediante o impreso de autoliquidación ou o recibo, debidamente validado pola Entidade recadadora.

2.- Quen soliciten ante a xefatura Provincial de Tráfico a matriculación ou a certificación de aptitude para circular un vehículo, deberán acreditar previamente o pago do imposto.

3.- Os titulares dos vehículos, cando comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico a reforma dos mesmos, sempre que altere a súa clasificación a efectos deste imposto, así como tamén nos casos de transferencia, de cambio de enderezo que conste no permiso de circulación do vehículo, o de baixa de ditos vehículos, deberán acreditar previamente ante a referida Xefatura Provincial o pago do último recibo presentado ao cobro do imposto, sen prexuízo de que sexa esixible, por vía de xestión e inspección, o pago de todas as débedas por dito concepto, devengadas, liquidadas, presentadas ao cobro e non prescritas. Exceptúase da referida obriga de acreditamento o suposto das baixas definitivas de vehículos con quince ou mais anos de antigüidade.

4.- As Xefaturas Provinciais de Tráfico non tramitarán os expedientes se non se acredita previamente o pago do imposto, nos termos establecidos nos apartados anteriores.

### **Disposición adicional única.**

As modificacións producidas pola Lei de Presupostos Xerais do Estado ou calquera outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento do presente imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

### **Disposición final.**

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 26/10/2017, entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2018, continuando vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

*Acordo de imposición –BOP núm. 295 de 27/12/1989*

*Publicacións de modificacións recentes no Boletín Oficial da Provincia, foron:*

*Texto íntegro – BOP núm. 245 de 26/12/2012.*

*Texto íntegro – BOP núm. 245 de 26/12/2013.*

*Texto íntegro – BOP núm. 244 de 22/12/2015, en dicho anuncio consta que foi aprobada provisionalmente o 29/10/2015 e que ao non terse presentado ningunha reclamación durante o prazo de exposición pública, o acordo de aprobación provisional quedou elevado a definitivo de maneira automática*

*Texto íntegro – BOP núm. 241 de 21/12/2017*

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.**

### **Artigo 1.º.-Fundamento e natureza.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 de la Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de las bases do réxime local, e dos artigos 15.1 e 59.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece o Imposto sobre construcións, instalacións e obras, que se rexerá polo disposto na devandita lei e pola presente ordenanza fiscal.

### **Artigo 2.º.-Feito imponible.**

1.- Constitúe o feito imponible do Imposto a realización no termo municipal de Ames, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivérase ou non a devandita licenza, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda a este Concello

2.- Son construcións, instalacións e obras suxeitas ó imposto todas aquelas na que a execución implique a realización do feito imponible definido no apartado anterior; e en particular as seguintes:

- a) As obras da nova planta e de ampliación de edificios, ou necesarias para a implantación, ampliación, modificación ou reforma de instalacións de calquera tipo.
- b) As obras de modificación ou de reforma que afecten a estrutura, o aspecto exterior ou a disposición interior dos edificios, ou que incidan en calquera clase de instalacións existentes.
- c) As obras provisionais.
- d) A construción de vaos para a entrada e saída de vehículos das fincas na vía pública.
- e) As construcións, instalacións e obras realizadas na vía pública por particulares ou polas empresas subministradoras de servizos públicos, que corresponderán tanto as obras necesarias para a apertura de calas e pozos, colocación de postes de soporte, canalizacións, conexións e, en xeral, calquera remoción do pavimento ou beirarrúas, como as necesarias para a reposición, reconstrución ou amaño do estragado coas calas mencionadas.
- f) Os movementos de terra, tales como desmontes, explanacións, escavacións, terraplenados, salvo que estes actos estean detallados e programados como obras a executar nun proxecto de urbanización ou edificación aprobado ou autorizado.
- g) As obras de peche dos solares ou dos terreos e dos valados, os andamios e as andamiaxes de precaución.
- h) A nova implantación, a ampliación, a modificación, a substitución ou o cambio de emprazamento de todo tipo de instalacións técnicas dos servizos públicos, calquera que sexa seu emprazamento.
- i) Os usos e instalacións de carácter provisorio.
- l) A instalación, reforma ou calquera outra modificación dos soportes ou valados que teñan publicidade ou propaganda.
- ll) As instalacións subterráneas dedicadas ós aparcamentos, as actividades industriais, mercantís ou profesionais, ós servizos públicos ou a calquera outro uso a que se destine o subsolo.
- m) A realización de calquera outra actuación establecida polos plans de ordenación ou polas ordenanzas que lles sexan aplicables como suxeitas a licenza municipais, sempre que se trate de construcións, instalacións ou obras.
- n) Derrubamentos.
- ñ) Aliñacións e rasantes.
- o) As que se realicen en cemiterios.
- p) Calquera outra construción, instalación ou obra que precise licenza de obra o urbanística.

3.-Quedan tamén incluídas no feito imponible do imposto, as construcións, instalacións e obras que se realicen en cumprimento dunha orde de execución municipal ou aquelas outras que requiran a previa existencia dun acordo aprobatorio ou dunha concesión. Nestes supostos a licenza aludida no apartado 1, considerarase outorgada unha vez ditada a orde de execución, adoptado o acordo ou adxudicada a concesión polos órganos municipais competentes, con cumprimento da tramitación preceptiva, e legalmente notificado o acto administrativo o interesado.

### **Artigo 3.º.-Exencións.**

Esta exenta do pagamento do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, as comunidades autónomas ou as entidades locais, que estando suxeitas a este, sexan directamente destinadas a carreteras, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamentos de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto se se trata de obras de inversión nova como de conservación.

A declaración de que concorren as circunstancias expresadas no parágrafo anterior será efectuada polo órgano competente, previo informe dos servizos económicos.

### **Artigo 4.º.-Suxeitos pasivos e substitutos do contribuínte.**

1.- Son suxeitos pasivos deste imposto a título de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58 / 2003, de 17 de decembro, que sexan donos das construcións, instalacións ou obras, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realicen aquelas.

Os efectos deste punto terán a consideración de donos das construcións instalacións ou obras quen soporten os gastos ou custos que comporten a súa realización.

2.- Teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, no caso de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, quen soliciten as correspondentes licenzas ou presenten as correspondentes declaracións responsables ou comunicacións previas ou realicen as construcións, instalacións ou obras.

3.- O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

### **Artigo 5.º Base imponible.**

A base imponible do imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra; e se entende por tal, a estes efectos, o custo de execución material de aquela

Non formarán parte de dita base o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre o custo de execución material.

### **Artigo 6.º.-Tipo de gravame e cota tributaria.**

1. A cota íntegra do imposto será o resultado de aplicar á base imponible tipo de gravame do 2,5%.

2. A cota líquida do imposto será, no seu caso, o resultado de aplicar sobre a cota íntegra as bonificacións establecidas no artigo 8 desta ordenanza.

### **Artigo 7.º.-Devengo do imposto.**

1.- A obriga de contribuír nace no intre de comezar a construción, instalación ou obra, mesmo nos casos en que comece sen ter obtido a licenza que proceda.

2.- Os efectos deste imposto, entenderanse iniciadas as construcións, instalacións ou obras, salvo proba en contrario, cando fora concedida a preceptiva licenza municipal; no momento no que sexa retirada a devandita licenza polo interesado ou o seu representante, ou noutro caso, ó mes da

data do Decreto ou do acordo da Xunta de Goberno Local.

### **Artigo 8.º-Bonificacións.**

8.1. Bonificacións enmarcadas no artigo 103.2.a) do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, para as que se require a previa declaración de especial interese ou utilidade municipal polo Pleno, a solicitude do suxeito pasivo:

a) Establécese un beneficio fiscal do 95% da cota tributaria para as seguintes instalacións, construcións e obras:

1. As obras, construcións e instalacións que, debendo ser entregadas ao Patrimonio Municipal, fosen executadas por outras administracións públicas en virtude de convenio de colaboración ou cooperación co Concello.

2. As obras, construcións e instalacións realizadas por entidades de interese público ou asociacións veciñais en bens de uso ou servizo público municipal, coa autorización previa do órgano correspondente.

3. As obras que consistan en construción e reconstrución de muros, como consecuencia da necesidade de ensanche das vías públicas se efectuara a cesión gratuíta dos terreos polos propietarios.

4. As obras, construcións e instalacións que promovan dentro do termo municipal de Ames a Mancomunidade de Concellos de Compostela.

5. A execución de obras de urbanización realizadas polos propietarios afectados, sempre e cando se entreguen posteriormente ao Patrimonio municipal.

6. As obras realizadas nos centros públicos e nos centros privados concertados sempre que estas se realicen nos niveis de educación obrigatoria.

b) Establece un beneficio fiscal do 95% da cota para construcións, instalacións e obras promovidas directamente por outras administracións públicas e destinadas ao equipamento comunitario básico, sempre e cando non estea prevista a súa repercusión no prego de condicións que reza para a contratación da obra.

c) Terán unha bonificación do 50% da cota as construcións, instalacións e obras, realizadas por asociacións sen ánimo de lucro, en centros destinados a asistencia e integración social ou desenvolvemento de actividades culturais de libre acceso e participación. Para acceder a esta bonificación será necesario acompañar á solicitude cos estatutos da asociación debidamente rexistrados, así como unha memoria explicativa da actividade que se vai desenvolver no local. A inactividade por un prazo superior a 6 meses ou o cambio de actividade nos locais dentro dos cinco anos seguintes ao outorgamento do beneficio darán lugar á perda da bonificación e liquidaranse as cantidades bonificadas coa aplicación dos xuros de demora correspondentes.

d) Establécese ademais unha bonificación do 30% a favor doutras construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas que xustifiquen tal declaración. A concesión da mesma requirirá informe ou memoria motivadora do especial interese ou utilidade municipal.

En todos os casos recollidos nas letras anteriores a concesión do beneficio fiscal, así como a declaración de especial interese ou utilidade municipal requirirá, en todo caso, solicitude previa do suxeito pasivo e informe ou memoria motivadora do especial interese ou utilidade municipal.

e) Bonificación de ata o 95 % para construcións, instalacións ou obras por implantación unha nova empresa que implique o exercicio dunha actividade económica ou empresarial no termo municipal de Ames, sempre e cando cree emprego; ou para para construcións, instalacións ou obras por ampliación dunha empresa que xa viña exercendo unha actividade económica ou empresarial en Ames, sempre e cando implique creación de emprego.

A porcentaxe de bonificación será a seguinte:

Creación de 1 a 10 postos de traballo	50 %
Creación de 11 a 20 postos de traballo	75 %
Creación de mais de 20 postos de traballo	95%

As contratacións deberán ser indefinidas e a tempo completo.

O beneficiario da bonificación será a persoa física, xurídica ou entidade do artigo 33.4 da Lei Xeral Tributaria que sexan o dono da construción, instalación ou obra, con independencia de que ostenten a propiedade do inmovible sobre o que se realiza aquela. Terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os custos da súa execución. Para o desfrute da bonificación, o dono da construción, instalación ou obra deberá coincidir con quen exerza a actividade.

Non poderá ser beneficiario da bonificación a persoa xurídica que tivera adoptado medidas de regulación do emprego nos 12 meses anteriores á formalización dos contratos de traballo.

A declaración de especial interese ou utilidade municipal, así como a porcentaxe de bonificación, corresponderá ao pleno da Corporación, co voto favorable da maioría simple dos seus membros, previa solicitude do suxeito pasivo en modelo normalizado. O suxeito pasivo deberá achegar xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- Poder de representación, no seu caso.
- Memoria xustificativa sobre o proxecto da actividade económica ou empresarial de nova creación ou de ampliación, na que constará a referencia catastral do inmovible afecto á actividade económica ou empresarial no que se realiza a construción, instalación ou obra; a creación de novos postos de traballo; o número de novos postos de traballo; a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.
- Declaración responsable sobre o emprego que creará, con indicación do número de novos postos de traballo, a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.
- Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, coa Facenda Autonómica, co Concello de Ames e coa Seguridade Social.
- Aqueloutra documentación que, motivadamente, sexa requirida polo Departamento de Emprego do Concello de Ames.



A declaración de interese ou utilidade municipal deberá producirse nun prazo que non excederá de catro meses, computables dende a súa solicitude, previo informe técnico-xurídico favorable. A resolución entenderase desestimatoria si non recae resolución en dito prazo.

O prazo de presentación da solicitude será dun mes dende o día seguinte ao de obtención do título habilitante para a realización da construción, instalación ou obra. Toda solicitude que se realice transcorrido o prazo sinalado, será considerada extemporánea.

No prazo dun mes dende o remate da construción, instalación ou obra, que respectará o prazo concedido no título habilitante, o suxeito pasivo deberá comunicar ao Concello a finalización, achegando Certificado final de obra.

No prazo de dous meses dende a data de vencemento do prazo mentado no parágrafo anterior, o suxeito pasivo deberá presentar a comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade, coa seguinte xustificación documental da xeración de emprego:

- Informe de Vidal Laboral das contas de cotización do beneficiario da bonificación dende o inicio da actividade na que se fundamenta aquela.
- Relación dos traballadores contratados con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á seguridade social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.
- Relacións Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.
- Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.
- No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba. Neste suposto, relación dos traballadores indefinidos que se contraten para a substitución dos empregados respecto dos que se extinguiña a relación laboral polos motivos enumerados.

Para o mantemento da bonificación, as condicións da xustificación presentadas coa comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade, deberán permanecer durante tres exercicios presupostarios completos, como mínimo.

O incumprimento dos requisitos esixidos suporá a perda da bonificación e a liquidación do importe deixado de ingresar, xunto cos xuros de mora correspondentes.

O desfrute da bonificación regulada no artigo 8.1.e) será incompatible co desfrute simultáneo de calquera outras das previstas nesta ordenanza fiscal.

Este beneficio fiscal terá carácter provisional, en tanto non se proceda á comprobación dos feitos e circunstancias que permitiran o seu desfrute, e se aprobe a liquidación definitiva.

2. Establécese unha bonificación a favor das construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente. Non se concederá esta bonificación cando a implantación deses sistemas sexa obrigatoria a tenor da normativa específica vixente en cada momento

A bonificación establécese no 25% dos gastos de execución material dos sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar, a deducir da cota íntegra do imposto, sen que en ningún caso a dedución poida exceder da porcentaxe do 50% da cota.

O suxeito pasivo deberá aportar, xunto coa solicitude da licenza, o proxecto técnico visado polo Colexio Oficial correspondente, acreditativo da incorporación á construción, instalación ou obra de instalacións de enerxía solar térmica ou de enerxía solar fotovoltaica para autoconsumo, así como da homologación dos colectores empregados para a produción de calor.

3. Establécese unha bonificación do 30% a favor das construcións, instalacións ou obras referentes a actuacións protexidas en materia de vivenda, de conformidade co disposto no Decreto da Xunta de Galicia 199/2002, do 6 de xuño e demais normativa estatal e autonómica sobre a materia.

Para o goce da mesma, o suxeito pasivo deberá aportar, no momento previo á retirada da licenza, a cédula de cualificación provisional como VPO emitida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo ou declaración ou visado emitido polo mesmo Instituto considerando protexida a actuación en que consiste a construción, instalación ou obra.

4. Establécese unha bonificación a favor das construcións, instalacións e obras que, en edificacións e instalacións xa existentes, favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados/as. A bonificación establécese no 10% dos gastos de execución material das obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos/as discapacitados/as, a deducir da cota íntegra do imposto, sen que en ningún caso a dedución poida exceder da porcentaxe do 30% da cota. Non se concederá esta subvención cando a eliminación de barreiras arquitectónicas sexa obrigatoria a tenor da normativa específica vixente en cada momento.

5. As bonificacións previstas neste artigo esixirán:

a) Solicitude do interesado

b) Informe dos Servizos municipais correspondentes (Urbanismo, Cultura, Emprego, Medio ambiente) e, en todo caso, informe do Servizo de xestión, recadación e inspección tributaria do Concello

c) Acordo de concesión do órgano competente.

6. As solicitudes de bonificación incluídas neste artigo deberán presentarse no prazo dun mes dende o día seguinte ao de obtención do título habilitante para a realización da construción, instalación ou obra. Toda solicitude que se realice transcorrido o prazo sinalado, será considerada extemporánea.

7. As bonificacións aplicaranse sobre a cota íntegra do imposto e serán compatibles, salvo as recollidas no apartado 1 deste artigo que serán incompatibles entre si, e as recollidas nos apartado 1.a) e 1.e), que serán incompatibles con calquera outra prevista nesta ordenanza fiscal.

En todo caso as bonificacións aplicadas de forma acumulativa neste artigo en ningún caso poderán exceder do 75% da cota íntegra.

### **Artigo 9. Normas de xestión.**

1. Os suxeitos pasivos virán obrigados a presentar solicitude de licenza urbanística, declaración responsable ou comunicación previa, acompañada dos correspondentes presupostos, nos casos e modos que sinala a normativa aplicable ao solo e á edificación, tanto estatal, como autonómica e local. A solicitude de licenza urbanística declaración responsable ou comunicación previa terá o valor de declaración tributaria, por canto dos presupostos que se acompañan a aquela deducirase a base imponible do imposto. De non mediar solicitude de licenza, declaración responsable ou comunicación previa antes do inicio das obras, a conduta, sen prexuízo das súas repercusións urbanísticas, constituirá unha infracción tributaria, segundo o disposto no artigo 10 da presente ordenanza.

2. Os suxeitos pasivos que inicien a construción, instalación ou obra e non tiveran presentado unha comunicación previa ou declaración responsable, nin tiveran concedida aínda a licenza preceptiva teñen a obriga de presentar, no prazo máximo dun mes a contar dende o inicio da construción, instalación ou obra a declaración tributaria que permita practicar a esta administración a correspondente liquidación provisional a conta.

3. Concedida a licenza ou presentada a declaración responsable ou comunicación previa ou adoptado o acordo aprobatorio ou autorización en relación coas construcións, instalacións e obras que se realicen en cumprimento dunha orde de execución material ou cando sen ter solicitado, concedido ou denegado aínda a licenza preceptiva ou presentado a comunicación previa ou declaración responsable, se inicie a construción, instalación ou obra, practicarase unha liquidación provisional a conta, sen que o pagamento comporte ningún tipo de acto declarativo de dereito a favor daqueles.

A base imponible para esta liquidación determinarase en función do presuposto presentado polos interesados, sempre que o mesmo estivera visado polo Colexio Oficial correspondente cando isto constituía un requisito preceptivo. Noutro caso, a base imponible será determinada pola oficina técnica municipal de acordo co custo estimado da actuación presentado polo interesado e atendendo, no caso de desproporción, aos módulos previstos na presente ordenanza, e que figuran como anexo desta.

4. O pagamento da liquidación practicada terá carácter provisorio e será a conta da liquidación definitiva que se practique unha vez rematadas as construcións, instalacións ou obras. No caso de que se modifique o proxecto e houbese incremento do presuposto, unha vez aceptada a modificación, deberá presentarse declaración complementaria pola diferenza entre o presuposto inicial e o modificado con suxeición aos requisitos sinalados nos apartados anteriores.

5. Tendo en conta a obra realizada e o seu custo real e efectivo, o Concello, previa comprobación, poderá modificar a base imponible a que se refiren os apartados anteriores, facendo a correspondente liquidación definitiva, e esixindo ou reintegrando ao suxeito pasivo a cantidade que resulte. Para a confección da liquidación definitiva, o obrigado tributario deberá declarar, no prazo de dous meses dende a finalización da obra, o seu custo real e efectivo, mediante a presentación do certificado ou presuposto final da obra visado polo Colexio Oficial correspondente, cando se esixiran direccións facultativas, ou de calquera outro documento que se considere oportuno.

6. No caso de que non se executen as construcións, instalacións ou obras, o interesado terá dereito á devolución do ingresado, unha vez que formule e se aprobe a renuncia expresa á licenza ou caducara esta.

7. Nos supostos de licenzas concedidas en virtude da aplicación das normas sobre silencio administrativo, o pagamento do imposto deberá realizarse antes de dar comezo as obras.

### **Artigo 10.º.-Infraccións e sancións.**

Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral tributaria.

## Disposición final.

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación, e entrará en vigor, unha vez se produza a publicación do seu texto no BOP, o 01/01/2014. A presente ordenanza permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa. O texto íntegro da nova ordenanza, ou da ordenanza modificada, será obxecto de publicación no BOP.

## ANEXO.- Módulos para a determinación obxectiva da base imponible do Imposto de Construcións, instalacións e obras.

1.-Obra menor:	
1.1. Demolición de muros:	17,61
1.2. Demolición de tabiques:	4,64
1.3. Levantado de solainas:	5,12
1.4. Picado de azulexados e revestimentos:	6,13
1.5. Demolición de forxados:	11,46
1.6. Demolición completa:	11,08
2.-Movemento de terras:	
2.1. Escavación de gabias:	9,18
2.2. Escavación de baleirado:	2,52
2.3. Recheo de gabias:	13,15
2.4. Recheo de ceo aberto:	7,58
2.5. Carga e transporte de terras a vertedoiro:	5,15
2.6. Tubos de canalización:	4,30
3.-Peches:	
3.1. Peche de estacas e arame:	4,30
3.2. Peche de tea:	22,85
3.3. Peche de zócalo fábrica e tea:	36,79
3.4. Peche de fábrica h. 1 m:	27,81
3.5. Peche de zócalo fábrica e celosía:	53,75
3.6. Peche de cachotería e celosía:	89,08
3.7. Peche de cachotería e reixa:	40,91
3.8. Colocación de columna para contador da luz:	228,98
4.-Cuberta:	
4.1. Demolición de cuberta de fibrocemento:	2,47
4.2. Demolición de cuberta de tella:	4,30
4.3. Cuberta de fibrocemento:	15,59
4.4. Cuberta de tella:	36,79
4.5. Cuberta de lousa:	53,21
4.6. Substitución de tella por fibrocemento:	20,46
4.7. Substitución de tella por tella:	32,72
4.8. Substitución de tella por fibrocemento e tella:	45,02
5.-Albanelería:	
5.1. Formigón en masa:	9,58
5.2. Estrutura completa de formigón armado:	67,89
5.3. Estrutura completa de aceiro:	74,42
5.4. Estrutura naves de formigón armado:	42,55
5.5. Estrutura naves metálica:	50,71
5.6. Soleira:	17,97
5.7. Forxado:	57,27

5.8. Muro de contención de formigón armado:	66,51	
5.9. Muro de cachotería:	122,69	
5.10. Muro de bloque:	28,63	
5.11. Muro de ladrillo (tabiquería):	14,77	
5.12. Cerramiento de dobre folla de ladrillo:	42,49	
5.13. Celosía, balaustrada:	31,04	
5.14. Azulexado:	20,46	
5.15. Solaina:	29,45	
5.16. Enfoscado:	10,63	
6.-Pinturas:		
6.1. Pintura interior:	4,87	
6.2. Pintura exterior:	7,79	
7.-Galpóns:		
7.1. Galpón de bloque ou ladrillo:	167,66	
7.2. Galpón de madeira:	85,90	
8.-Carpintería:		
8.1. Porta de entrada:	286,33	
8.2. Porta interior:	126,69	
8.3. Fiestra:	173,67	
8.4. Fiestra en plano de tellado:	180,02	
8.5. Peche de balcóns e terrazas con galería:	163,62	
8.6. Reixa de seguridade e portas e fiestras:	53,21	
8.7. Fronte de portal:	139,09	
9.-Instalación de fontanería e saneamento:		
9.1. Instalacións en aseo (sen aparatos sanit.):	180,02	
9.2. Instalacións en baños (sen aparatos sanit.):	237,30	
9.3. Instalación de cociña:	204,48	
9.4. Lavado incluso billame:	204,48	
9.5. Inodoro:	220,88	
9.6. Bidé incluso billame:	167,18	
9.7. Bañeira incluso billame:	196,32	
10.-Instalación de electricidade:		
10.1. Instalación de electricidade:	1.472,50	
11.-Instalación de calefacción:		
11.1. Instalación. Mínimo ata 100 m2: 4.402,44 /ud.		16,40
12.-Pozos:		
12.1. Pozo de barrena:	1.554,28	€/ud.
12.2. Pozo artesán:	2.045,10	€/ud.
13.-Depuración:		

13.1. Fosa séptica e pozo filtrante:	1.472,50	€/ud.
14.-Piscinas:		
14.1. Piscina completa. Mínimo:	12.270,75	€/ud.
15.-Pistas:		
15.1. Pista deportiva:	81,71	€/m2
15.2. Beirarrúa:	21,28	€/m2
16.-Guindastre:		
16.1. Guindastre:	354,82	€/ud.
17.-Colocación de andamios:		
17.1. Colocación de andamios:	35,48	€/ud.

2.-Obra maior:		
Relación de prezos medios de execución material (m <sup>2</sup> construído).		
Uso de vivenda en edificio de vivendas plurifamiliares:	461,36	€/m2
Outros usos en edificio de vivendas plurifamiliares: (Espazos baleiros, sotos, semisotos e garaxes)	183,44	€/m2
Usos de vivenda unifamiliar:	550,1	€/m2
Outros usos en edificio de vivenda unifamiliar: (Espazos baleiros, sotos, semisotos e garaxes):	178,1	€/m2
Edificios con uso exclusivo industrial.		
Sen proceso produtivo:	229,26	€/m2
Edificio con uso exclusivo terciario:	412,4	€/m2
Acondicionamento ou reforma de locais comerciais:	400,56	€/m2
Nota: no caso de que unha obra non atope un encadre directo nas distintas aquí tipificadas, aplicaráselle a tarifa que máis se aproxime por identidade de razón entre os supostos tipificados neste anexo, salvo que o suxeito pasivo aduza razóns suficientes para desestimar a valoración realizada.		

Acordo de imposición –BOP núm. 295 de 27/12/1989

As publicacións no Boletín Oficial da Provincia, foron:

Texto íntegro – BOP núm. 245 de 26/12/2012.

*Texto íntegro – BOP núm. 246 de 27/12/2013.*

Modificación do artigo 8.1b), publicada no BOP nº 183 de 26/09/2016

Modificación ordenanza fiscal: BOP num. 221 de 20/11/2018

Modificación ordenanza fiscal: BOP num. 246 de 27/12/2019

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA**

De conformidade coas facultades normativas outorgadas polos arts. 133.2 e 142 da Constitución española e polo art. 106 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade ao establecido nos arts. 15 e seguintes, así como no art. 59.2 e nos arts. 104 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acórdase a imposición e ordenación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

### **CAPÍTULO I**

#### **Normativa aplicable**

#### **Artigo 1º**

O imposto sobre o incremento do valor dos terrenos de natureza urbana rexeráse:

-Polas normas reguladoras do mesmo, contidas no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que completen e desenrolen.

-Pola presente Ordenanza Fiscal.

### **CAPÍTULO II**

#### **Natureza e feito imponible**

#### **Artigo 2º**

1. Constitúe o feito imponible do imposto o incremento de valor que experimenten os terreos de natureza urbana e que se poña de manifesto a consecuencia da transmisión da súa propiedade por calquera título ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo de dominio, sobre os referidos bens.

2. O título a que se refire o apartado anterior será todo feito, acto o contrato, calquera que sexa a súa forma, que orixine un cambio do suxeito titular das facultades dominicais de disposición ou aproveitamento sobre un terreo, teña lugar por ministerio da Ley, por actos mortis causa ou inter vivos, a título oneroso ou gratuíto.

#### **Artigo 3º**

1. Estará suxeito a este imposto o incremento de valor que experimenten os terreos que deban ter a consideración de urbanos, a efectos do Imposto sobre Bens Inmóbeis, con independencia de que estean contemplados como tales no Catastro ou no padrón do IBI. En consecuencia, estará suxeito o incremento de valor que experimenten os terreos cualificados como urbanos segundo o disposto no artigo 7.2 do Real decreto lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do catastro inmobiliario.

2. Estará así mesmo suxeito a este imposto o incremento de valor que experimenten os terreos integrados nos bens inmóbeis como de características especiais a efectos do Imposto sobre Bens



Inmobles. En consecuencia, estará suxeito o incremento de valor que experimenten os terreos cualificados como de características especiais segundo o disposto no artigo 8 do Real Decreto Legislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do catastro inmobiliario.

3. Non estarán suxeitos a este imposto:

a) O incremento de valor que experimenten os terreos que teñan a consideración de rústicos para os efectos do Imposto sobre Bens Inmobles.

b) As achegas de bens e dereitos realizadas polos cónxuxes á sociedade conxugal, as adxudicacións que ao seu favor e en pagamento delas se verifiquen e as transmisións que se fagan ós cónxuxes en pagamento dos seus haberes comúns

c) As transmisións de bens inmobles entre cónxuxes ou a favor dos fillos, como consecuencia do cumprimento de sentencias nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial, sexa cal sexa o réxime económico matrimonial.

### **CAPÍTULO III**

#### **Exencións**

##### **Artigo 4º**

Están exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten a consecuencia dos seguintes actos:

a) A constitución e transmisión de dereitos de servidume.

b) As transmisións de bens que se atopen dentro do perímetro delimitado coma conxunto histórico-artístico, ou teñan sido declarados individualmente de interese cultural, segundo o disposto na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, cando os seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que teñen realizado ao seu cargo obras de conservación, mellora e rehabilitación nos ditos inmobles. Para desfrutar desta exención deberá acreditarse a declaración individual de interese cultural mediante a invocación da norma de rango suficiente onde se conteña ou a súa situación indubitada dentro do perímetro delimitado como Conxunto Histórico-Artístico mediante Real Decreto ou norma de rango superior. Así mesmo, acreditarase a execución de proxectos de conservación, mellora e rehabilitación debidamente autorizados, para o cal presentaranse os proxectos, as licencias e permisos preceptivos e o certificado de fin de obra correspondente. Os servizos técnicos municipais incorporarán un informe respecto da necesidade ou utilidade das obras para a conservación do Patrimonio. O suxeito pasivo deberá estar ao corrente das súas obrigas tributarias co concello respecto dos tributos que gravan o inmovible en cuestión e presentará declaración respecto de ter realizado o seu cargo ás obras.

##### **Artigo 5º**

Así mesmo, están exentos deste imposto os incrementos de valor correspondentes cando a obrigación de satisfacer aquel recaía sobre as persoas ou entidades seguintes:

a) O Estado, A Comunidade Autónoma de Galicia, e as entidades locais ás que pertenza o concello, así como os organismos autónomos do Estado e as entidades de dereito público de análogo carácter da Comunidade Autónoma de Galicia e das devanditas entidades locais.

b) O Concello de Ames e as entidades locais integradas neste ou nas que se integre o concello, así como as súas respectivas entidades de dereito público de análogo carácter ós Organismos autónomos do Estado.

c) As institucións que teñan a cualificación de benéficas ou benéfico-docentes.

d) As entidades xestoras da Seguridade Social e as Mutualidades de previsión Social reguladas na Lei 30/1995, do 8 de novembro, de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados.

e) Os titulares de concesións administrativas revertibles respecto dos terreos afectos a estas.

f) A Cruz Vermella Española

g) As persoas ou entidades ás que ao seu favor se lle recoñecera a exención en tratados ou convenios internacionais

h) Non se liquidarán cotas inferiores a 6 euros que requiran notificación expresa, mesmo as que resulten de liquidacións complementarias. Esta limitación non afecta aos xuros producidos en aprazamentos ou fraccionamentos de pagamento, nin ás liquidacións resultantes da concesión de beneficios fiscais mediante resolución que deba ser notificada aos interesados.

## **CAPÍTULO IV**

### **Suxeitos pasivos**

#### **Artigo 6º**

1. Terán a condición de suxeitos pasivos deste imposto a título de contribuíntes:

a) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisións de dereitos reais de goce limitativos do dominio, a título lucrativo, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que adquira o terreo ou a persoa ou entidade a favor da que se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.

b) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisións de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título oneroso, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que transmita o terreo ou a persoa ou entidade que constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.

2. Nos supostos a que se refire a letra b) do apartado anterior, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria que adquira o terreo ou a persoa ou entidade a favor da que se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate, cando o contribuínte sexa unha persoa física non residente en España.

## **CAPÍTULO V**

### **Base imponible**

#### **Artigo 7º**

1. A base imponible deste imposto está constituída polo incremento real do valor dos terreos, posto de manifesto no momento do devengo e experimentado ao longo dun período máximo de 20

anos.

2. A efectos de determinación da base imponible, haberá de terse en conta o valor do terreo no momento do devengo, de acordo co previsto nos artigos 8, 9, 10, 11 e 12 desta ordenanza, e o porcentaxe que corresponda en función do previsto no artigo 13 da mesma.

### **Artigo 8**

Nas transmisións de terreos de natureza urbana considérase como valor dos mesmos ao tempo de devengo deste imposto o que teñan fixados en dito momento para os efectos do Imposto sobre Bens Inmóveis.

No obstante, cando dito valor sexa consecuencia dunha ponencia de valores que non reflicte modificacións no planeamento aprobadas con posterioridade a aprobación da citada ponencia, poderase liquidar provisionalmente este imposto conforme o mesmo. Nestes casos, na liquidación definitiva aplicarase o valor dos terreos unha vez sexa obtida conforme aos procedementos de valoración colectiva que se instrúan, referido á data do devengo. Cando esta data non coincida coa de efectividade dos novos valores catastrais, estes corríxiranse aplicando os coeficientes de actualización que correspondan, establecidos ao efecto nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado.

Cando o terreo, aínda sendo de natureza urbana ou integrado nun ben inmóvil de características especiais, no momento do devengo do imposto non teña determinado o valor catastral en dito momento, o concello poderá practicar a liquidación cando o referido valor catastral sexa determinado, referindo dito valor ao momento do devengo.

### **Artigo 9º**

Na constitución e transmisión de dereitos reais de goce, limitativos do dominio, a porcentaxe correspondente contida no artigo 13 desta ordenanza, aplicarase sobre a parte do valor definido no artigo anterior que represente, respecto do mesmo, o valor dos referidos dereitos calculado mediante a aplicación das normas fixadas a efectos do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, e en particular mediante aplicación das seguintes regras:

- a) No caso de constituírse un dereito de usufruto temporal o seu valor equivalerá a un 2 por 100 do valor catastral do terreo por cada ano de duración do mesmo, sen que poida exceder do 70 por 100 de dito valor catastral
- b) Se o usufruto fose vitalicio o seu valor, no caso de que o usufrutuário tivese menos de vinte anos, será equivalente ao 70 por 100 do valor catastral do terreo, minorándose esa cantidade nun 1 por 100 por cada ano que exceda de dita idade, ata o límite mínimo do 10 por 100 do expresado valor catastral
- c) Se o usufruto establécese a favor dunha persoa xurídica por un prazo indefinido ou superior a trinta anos, considerarase como unha transmisión da propiedade plena do terreo suxeita a condición resolutoria, e o seu valor equivalerá ao 100 por 100 do valor catastral do terreo usufrutuado
- d) Cando se transmita o dereito de usufruto xa existente, as porcentaxes expresadas nas letras a), b) e c) anteriores aplicaranse sobre o valor catastral do terreo ao tempo de dita transmisión
- e) Cando se transmita o dereito de nuda propiedade o seu valor será igual á diferenza entre o valor catastral do terreo e o valor do usufruto, calculado este último segundo as regras anteriores

f) O valor dos dereitos de uso e habitación será o que resulte de aplicar ao 75 por 100 do valor catastral dos terreos sobre os que se constituían tales dereitos as regras correspondentes á valoración dos usufrutos temporais ou vitalicios segundo pos casos

g) Na constitución ou transmisión de calquera outros dereitos reais de goce limitativos de dominio distintos dos enumerados nas letras a), b), c), d) e f) deste artigo e no seguinte artigo considerarase como valor dos mesmos, para os efectos deste imposto:

-O capital, prezo ou valor pactado ao constituílos, se fose igual ou maior que o resultado da capitalización ao xuro básico do Banco de España da súa renda ou pensión anual.

-Este último, se aquel fose menor.

### **Artigo 10ª**

Na constitución ou transmisión do dereito a elevar unha ou máis plantas sobre un edificio ou terreo, ou do dereito a realizar a construción baixo solo sen implicar a existencia dun dereito real de superficie, a porcentaxe correspondente contida no artigo 13 desta ordenanza, aplicarase sobre a parte do valor catastral que represente, respecto do mesmo, o módulo de proporcionalidade fixado na escritura de transmisión ou, no seu defecto, o que resulte de establecer a proporción entre a superficie ou volume das plantas a construír en voo ou en subsolo e a total superficie ou volume edificadas unha vez construídas aquelas.

### **Artigo 11º**

Nos supostos de expropiación forzosa a porcentaxe correspondente contida no artigo 13 desta ordenanza, aplicarase sobre a parte do xustiprezo que corresponda ao valor do terreo, salvo que o valor definido no artigo 8 desta ordenanza fose inferior, caso no que prevalecerá este último sobre o xustiprezo.

### **Artigo 12º**

1. Cando se modifiquen os valores catastrais como consecuencia dun procedemento de valoración colectiva de carácter xeral, tomarase como valor do terreo, ou da parte de este que corresponda segundo as regras contidas nos artigos 8, 9, 10 e 11 desta Ordenanza, o importe que resulte de aplicar os novos valores catastrais a redución do 40%. A devandita redución aplicarase respecto de cada un dos cinco primeiros anos de efectividade dos novos valores catastrais.

2. A redución prevista neste artigo non será de aplicación ós supostos nos que os valores catastrais resultantes do procedemento de valoración colectiva a que o mesmo se refire sexan inferiores ós ata entón vixentes.

3. O valor catastral reducido en ningún caso poderá ser inferior ao valor catastral do terreo antes do procedemento de valoración colectiva.

### **Artigo 13º**

1. Para determinar a base impoñible a que se refire o artigo 7, aplicarase sobre o valor do terreo no momento do devengo, determinado conforme o disposto nos artigos 8, 9, 10, 11 e 12 desta ordenanza, a porcentaxe anual que corresponda en función do número de anos durante os cales se xerou o aumento de valor de acordo co seguinte cadro:

a) Períodos de un (1) ata cinco anos: 2,20 por cento.

b) Períodos de ata dez anos: 2,00 por cento.

c) Períodos de ata quince anos: 2,10 por cento.

d) Períodos de ata vinte anos: 2,20 por cento

2. Para determinar a porcentaxe, aplicaranse as regras seguintes:

Primeira. O incremento de valor de cada operación gravada polo imposto determinarase con arranxo á porcentaxe anual fixado no cadro do apartado anterior para o período que comprenda o número de anos ao largo dos cales púxose de manifesto dito incremento.

Segunda. A porcentaxe a aplicar sobre o valor do terreo no momento de devengo será o resultante de multiplicar a porcentaxe anual aplicable a cada caso concreto polo número de anos ao largo dos cales se puxo de manifesto o incremento de valor.

Terceira. Para determinar a porcentaxe anual aplicable a cada operación concreta conforme á regra primeira e para determinar o número de anos polos que se ten que multiplicar dita porcentaxe anual conforme a regra segunda, só se considerarán os anos completos que integren o período de posta de manifesto do incremento de valor, sen que a tales efectos podan considerarse as fraccións de ano de dito período. En ningún caso o período poderá ser superior a 20 anos nin inferior a un ano.

## **CAPÍTULO VI**

### **Débeda tributaria**

#### **Sección primeira**

##### **Cota tributaria**

### **Artigo 14º**

A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo do 25%.

A cota líquida do imposto será o resultado de aplicar sobre a cota íntegra, no seu caso, a bonificación a que se refire o artigo seguinte.

#### **Sección segunda**

##### **Bonificacións na cota**

### **Artigo 15º .-**

1. Gozarán de bonificación nas cotas deste imposto que se devenguen nas transmisións de terreos ou na transmisión e constitución de dereitos reais de goce limitativos do dominio, realizada a título lucrativo por causa de morte a favor dos descendentes e adoptados, os cónxuxes e os ascendentes e adoptantes, segundo a escala que se contén no apartado seguinte.

2. As bonificacións da cota a que se refire o apartado anterior aplicaranse segundo a seguinte escala:

Cota Tributaria: Bonificación

Ata 10.000 euros: 95 por 100

De 10.000,01 euros ata 20.000 euros: 90 por 100

mais de 20.000 euros: 85 por 100

3. A cota tributaria para aplicación da escala de bonificación computarase pola totalidade de inmobles obxecto da transmisión lucrativa a liquidar.

## **CAPÍTULO VI**

### **Devengo**

#### **Artigo 16º**

1. O imposto devengarase:

a) Cando se transmita a propiedade do terreo, xa sexa a título oneroso ou gratuito, entre vivos ou por causa de morte, na data da transmisión.

b) Cando se constituía ou transmita calquera dereito real de goce limitativo do dominio, na data en que teña lugar a constitución ou transmisión.

2. Para os efectos do disposto no apartado anterior considerárase como data da transmisión:

a) Nos actos ou contratos entre vivos a do outorgamento do documento público e, cando se trate de documentos privados, a da súa incorporación ou inscrición nun rexistro público, ou a da súa entrega a un funcionario público por razón do seu oficio.

b) Nas transmisións por causa de morte, a do falecemento do causante.

#### **Artigo 17º**

1. Cando se declare ou recoñeza xudicial ou administrativamente por resolución firme ter tido lugar a nulidade, rescisión ou resolución do acto ou contrato determinante da transmisión do terro ou da constitución ou transmisión do dereito real de goce sobre o mesmo, o suxeito pasivo terá dereito á devolución do imposto satisfeito, sempre que dito acto ou contrato non lle producira efectos lucrativos e que reclame a devolución no prazo de cinco anos dende que a resolución quedou firme, entendéndose que existe efecto lucrativo cando non se xustifique que os interesados deban efectuar as recíprocas devolucions a que se refire o artigo 1.295 do Código Civil. Aínda que o acto ou contrato non producira efectos lucrativos, se a rescisión ou resolución se declarase por incumprimento das obrigas do suxeito pasivo do imposto, non haberá lugar a devolución ningunha

2. Se o contrato queda sen efecto por mutuo acordo das partes contratantes non procedera a devolución do imposto satisfeito e se considerará como un acto novo suxeito a tributación. Como tal mutuo acordo estimárase a avenencia en acto de conciliación e o simple allanamento á demanda.

3. Nos actos ou contratos nos que medie algunha condición, a súa cualificación farase con cargo ás prescricions contidas no Código Civil. Se fose suspensiva non se liquidará o imposto ata que esta se cumpra. Se a condición fose resolutoria esixírase o imposto, desde logo, a reserva, cando a condición se cumpra, de facer a oportuna devolución segundo a regra do apartado 1 anterior.

## **Artigo 18º**

O período de imposición e o tempo durante o cal o terreo pertence a un mesmo propietario ou o tempo durante o cal unha persoa é titular dun dereito real de goce limitativo do dominio, e computarse a partir da transmisión inmediata anterior do terreo ou dereito real de goce ou dende a data de constitución deste último, calquera que sexa esa data, sempre que tivera lugar dentro dos últimos vinte anos. Se a data fose máis remota, o período de imposición limitarase a vinte anos.

### **CAPÍTULO VII**

#### **Xestión do imposto**

##### **Sección primeira**

##### **Obrigas materiais e formais**

## **Artigo 19º**

1. Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar no Concello, autoliquidación por este imposto en impreso regulamentario habilitado ó efecto pola Administración Municipal.

Acompañarán a autoliquidación de copia do recibo de I.B.I., relativo á finca ou inmovible transmitidos e copia do documento ou escritura onde consten os actos ou contratos que orixinan a imposición.

No caso de que a identificación da finca que conste no documento de transmisión non coincida cos datos identificativos que figuran no recibo de I.B.I. deberá achegarse plano de situación a solicitar na Xerencia de Urbanismo

2. As autoliquidacións serán comprobadas pola Administración de Tributos do Concello. No caso de que non fose coincidente coa autoliquidación presentada realizarase liquidación complementaria ou devolución de oficio.

3. Os prazos para presentar declaración e no seu caso realizar o ingreso da autoliquidación serán os seguintes:

- Cando se trate de actos inter-vivos, trinta días hábiles a partir da data de devengo.
- Cando se trate de actos por causa de morte, seis meses prorrogables ata un ano, previa solicitude do suxeito pasivo.

4. Cando o terreo, aínda sendo de natureza urbana ou integrado nun ben inmovible de características especiais, no momento do devengo do imposto non teña determinado o valor catastral, os suxeitos pasivos ou os seus representantes presentarán os documentos referidos no apartado 1 anterior nos prazos sinalados no apartado 3, sen realizar autoliquidación. O Concello practicará a liquidación cando o valor catastral sexa determinado, referindo dito valor o momento do devengo.

## **Artigo 20º**

As liquidacións do imposto notificaranse integramente ós suxeitos pasivos con indicación do prazo de ingreso e expresión dos recursos procedentes.

## **Artigo 21º**

Con independencia do disposto no apartado 1º do art. 19º , están igualmente obrigados a comunicar ao concello a realización dun feito impositivo nos mesmos prazos que os suxeitos pasivos.

a) Nos supostos contemplados na letra a) do art. 6º , sempre que se producira por negocio xurídico "inter vivos", o doante ou persoa que constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

b) Nos supostos contemplados na letra b) de dito art., o adquirente ou a persoa a favor de quen se constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

## **Artigo 22º**

De conformidade co artigo 154 da Lei hipotecaria e 414 do seu regulamento, ningunha inscrición farase no Rexistro da Propiedade sen que se acredite previamente o pagamento do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana causado polo acto ou contrato que se solicita inscribir.

Malia o parágrafo anterior, procederase de conformidade co establecido nos artigos 255 e seguintes da Lei hipotecaria.

## **Artigo 23º**

Así mesmo, os notarios estarán obrigados a remitir ao concello. Dentro da primeira quincena de cada trimestre, relación ou índice comprensivo de tódolos documentos por eles autorizados no trimestre anterior, nos que se conteñan os feitos, actos ou negocios xurídicos que poñan de manifesto a realización do feito impositivo deste imposto, con excepción dos actos de última vontade. Tamén estarán obrigados a remitir, dentro do mesmo prazo, relación dos documentos privados comprensivos dos mesmos feitos, actos ou negocios xurídicos, que lles foran presentados para coñecemento ou lexitimación de sinaturas. O previsto neste apartado enténdese sen prexuízo do deber xeral de colaboración establecido na Lei Xeral Tributaria. Na relación ou índice que remitan os notarios ao concello, estes deberán facer constar a referencia catastral dos bens inmoebles cando dita referencia se corresponda cos que sexan obxecto de transmisión.

## **Sección Segunda**

### **Inspección e Recadación**

## **Artigo 24º**

A inspección e recadación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

## **Sección Terceira**

### **Infraccións e sancións**

## **Artigo 25º**

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que correspondan, aplicarase o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003,



Xeral Tributaria e disposicións complementarias.

### **Disposición derogatoria**

Coa entrada en vigor da presente ordenanza fiscal queda derogada a anterior ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana deste concello.

### **Disposición Final**

A presente Ordenanza Fiscal será de aplicación a partir do día seguinte á data da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Acordo de imposición –BOP núm. 295 de 27/12/1989

*As publicacións no Boletín Oficial da Provincia, foron:*

*Texto íntegro – BOP núm. 300 de 31/12/2004.*

*Primeira modificación puntual - BOP núm. 267 de 21/12/2009.*

*Segunda modificación puntual - BOP núm. 243 de 23/12/2010.*

*Terceira modificación puntual - BOP núm. 245 de 27/12/2011.*

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ACTIVIDADES E SERVIZOS RELACIONADOS COA HIXIENE URBANA**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en relación cos artigos 149 e seguintes, 137 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais o Concello de Ames establece a taxa por servizos e actividades relacionados coa hixiene á que se refire o artigo 20 do TRLRFL, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, con normas que atenden ó previsto no artigo 57 do devandito texto Legal.

### **CAPÍTULO 1.º.-FEITO IMPOÑIBLE**

#### **Artigo 1.º.-Descrición xenérica.**

Constitúe o feito impoñible da presente taxa tanto a prestación dos servizos públicos establecidos ou que poidan no futuro establecerse para a xestión das competencias locais en materia de salubridade pública, como a realización de aquelas actividades que, provocadas por accións e omisións do suxeito pasivo, mesmo efectuadas sen contravención ás disposicións contidas na normativa vixente, se dirixan á execución dos actos materiais necesarios para a preservación ou restablecemento das condicións de hixiene pública preexistentes á produción da acción ou omisión.

#### **Artigo 2.º.-Manifestación do feito impoñible.**

1. Integran o feito impoñible as prestacións de servizos e a realización das actividades que se reseñan seguidamente:

a) A prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de xestión do lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos, locais e establecementos onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, artísticas, de servizos ou calquera outra de carácter meramente social efectuada sen contraprestación.

A xestión de residuos comprende as fases de prerrecollida, recollida e tratamento.

A tal efecto, considéranse lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos os restos e refugallos de alimentación ou detritos procedentes da limpeza ordinaria de vivendas ou locais, excluíndose de tal concepto os residuos de tipo industrial e materiais de obras, detritos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos e perigosos e que a súa recollida ou tratamento esixa a adopción de medidas hixiénicas especiais, profilácticas ou de seguridade, tal e como establece a Lei 10/1990, do 24 de abril, ou que non estean comprendidos entre os sinalados pola ordenanza de hixiene urbana con obxecto da prestación obrigatoria do servizo.

b) A utilización de instalacións para o tratamento de aqueles residuos que deban ser recollidos fóra da prestación obrigatoria do servizo e teñan o carácter de residuos asimilables ós urbanos, a efectos de tratamento.

c) A prestación do servizo de limpeza extraordinaria dos lugares nos que se celebrara calquera tipo de acto público, previamente autorizado pola Administración local, a solicitude obrigatoria dos

organizadores do evento.

d) A recollida da vía pública, transporte ata o lugar de depósito, permanencia e custodia neste e, no seu caso, posterior devolución, dos vehículos que teñan a consideración de abandonados, segundo o establecido nas disposicións vixentes.

e) A recollida da vía pública, transporte ata o lugar de depósito, permanencia e custodia neste e, no seu caso, posterior devolución dos colectores de residuos de obras da construción, dos cales a súa situación ou permanencia na vía pública contraveña as disposicións vixentes en materia de hixiene urbana.

f) A recollida da vía pública, transporte ata o lugar de depósito, permanencia e custodia neste e, no seu caso, posterior devolución, de carteis, soportes e pancartas, así como a limpeza extraordinaria dos espazos ou instalacións da vía pública que fosen utilizados como soporte de aqueles elementos, cando os titulares da autorización ou, á falta desta, os autores materiais da súa colocación, incumpriran as obrigas que, respectivamente, lles impoñen as disposicións vixentes.

g) A retirada de cadáveres abandonados de animais, xa se atopen na vía pública, xa en lugar privado, o seu transporte e o posterior tratamento hixiénico-sanitario destes.

h) A limpeza de pintadas en valados, muros, fachadas de edificios ou en calquera elemento do mobiliario urbano, cando o autor non obtivese a autorización ou que a pesar dela, cando as pintadas ou pinturas atentaran contra o ornato público.

i) A limpeza e valado con cerramentos permanentes, sitos na aliñación oficial, dos terreos e solares sitos en chan urbano ou urbanizable que lindan coa vía pública, cando os seus propietarios ou detentadores por calquera título non lle deran cumprimento ás prevencións establecidas.

k) Calquera outra actividade ou servizo que, sen estaren comprendidas nas letras anteriores, a súa realización ou prestación se pode integrar no feito imponible descrito no artigo 1º desta ordenanza.

2. Para os efectos da taxa é indiferente que o servizo se preste por xestión directa, a través de órgano mancomunado ou empresas.

## **CAPÍTULO 2.º.–SUXEITOS PASIVOS E RESPONSABLES**

### **Artigo 3.º.–Contribuínte.**

Son suxeitos pasivos, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35 da Lei xeral tributaria que, con referencia ás manifestacións do feito imponible recollidas no artigo anterior, se atopen nas seguintes posicións:

1.º.–En relación á contida na súa letra a):

Os ocupantes ou usuarios das vivendas e locais nos lugares nos que se preste o servizo, aínda que sexa esporadicamente, xa o sexan a título de propietarios ou por calquera outro (usufrutuario, arrendatario, habitacionista ou mesmo de precario)

2.º.–En relación ás contidas nas letras b) e c).

Os solicitantes das correspondentes e preceptivas autorizacións ou, á falta destas, os que materialmente realicen vertidos ou organicen os actos.

3.º.–En relación ás contidas nas letras d), e), f) e i):

Os responsables do incumprimento das obrigacións impostas polas disposicións vixentes e que coa súa conduta provocaron a intervención da Administración local.

4.º.–En relación á contida na letra g):

– Os propietarios dun animal morto que fose abandonado en lugar público ou privado, cando a súa cualidade resulte de rexistro administrativo.

– Os causantes directos da morte do animal, por atropelo ou por outra acción, cando non se deducira de rexistro administrativo a identidade do propietario do animal morto.

5.º.–En relación á contida na letra h):

– As persoas ou entidades subscribistes do texto da pintada ou do motivo da pintura.

– Os autores materiais destas, cando non estean asinadas.

- Os donos dos elementos de propiedade obxecto da limpeza das pintadas ou pinturas, cando non lle conste á Administración local a identidade dos anteriores.

6.º.– En relación ás contidas na letra k):

Os suxeitos beneficiarios ou afectados pola prestación ou realización dos servizos ou actividades.

#### **Artigo 4.º.–Substituto do contribuínte.**

Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte ó que se refire o artigo 3.1º desta ordenanza, o propietario das vivendas ou locais, así como as comunidades de propietarios - ás que poderán xirarse a totalidade das cotas que correspondan ó inmovible-, sen prexuízo de que uns e outros, no seu caso, poidan repercutir as cotas satisfeitas sobre os usuarios, beneficiarios do servizo, conforme o artigo 24 do TRLRFL.

#### **Artigo 5.º.–Concorrenza de suxeitos pasivos.**

A concorrenza de dúas ou máis persoas físicas ou xurídicas ou entidades ás que se refire o artigo 35 da Lei tributaria na posición de suxeitos pasivos, determinará a responsabilidade solidaria dos concorrentes fronte á Facenda municipal.

#### **Artigo 6.º.–Outros responsables.**

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ás que se refiren os artigos 41 e seguintes da Lei xeral tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades en xeral nos supostos e co alcance regulado na Lei xeral tributaria.

### **CAPÍTULO 3.º.–BENEFICIOS FISCAIS**

#### **Artigo 7.º.–Exencións e bonificacións.**

Non se concederá ningunha exención ou bonificación no pagamento da taxa, salvo que por lei estatal se establecese outra cousa.

## **Artigo 8.º.–Reducións.**

Non serán aplicables outros beneficios fiscais que os expresamente previstos en normas con rango de lei e os derivados da aplicación de tratados internacionais.

## **CAPÍTULO 4.º.–BASE IMPOÑIBLE**

### **Artigo 9.º.–Determinación.**

A base imponible da taxa determinarase en atención ás seguintes circunstancias:

- a) A natureza, situación e destino dos lugares ou espazos ocupados polos suxeitos pasivos, no suposto de prestación do servizo de xestión do lixo domiciliario e demais residuos sólidos asimilables.
- b) A natureza, características e intensidade do resto de servizos prestados ou actividades realizadas en materia de hixiene polo Concello de Ames.

### **Artigo 10.º.–Definicións.**

Para os efectos desta taxa, os elementos determinantes da base imponible que aparecen reseñados nas correspondentes tarifas responden ás seguintes definicións:

- Vivendas: domicilios de carácter familiar e pensións que non excedan de 10 prazas.
- Aloxamentos: lugares de convivencia colectiva non familiar, entre os que se inclúen hotéis, hostais, pensións, residencias, colexios e demais centros de natureza análoga, que excedan de 10 prazas.
- Locais: lugares ou establecementos susceptibles de seren dedicados ó exercicio de actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra, incluídas as de carácter meramente social efectuadas sen contraprestación económica.
- Grandes almacéns: aqueles nos que se exerza unha actividade de comercio polo miúdo en sectores distintos ó agroalimentario, e que a súa superficie total, sen ningunha exclusión, sexa superior a 500 m<sup>2</sup>. No caso de concorrencia de calquera actividade comercial con outras agroalimentarias, cualificarase o establecemento de gran almacén cando a superficie destinada a atención ó público nas actividades comerciais sexa maior ca nas agroalimentarias.
- Fábricas e talleres industriais: establecementos onde se reciben, elaboran ou transforman as materias primas en produtos elaborados ou semielaborados.
- Vehículos abandonados: os referidos na ordenanza de hixiene urbana ou regulamentación do servizo que se aprobe.
- Contedores para obras: os que conteñan materiais utilizados na construción ou derrubamento de edificacións.
- Grandes produtores de residuos: todos os locais, actividades e en xeral suxeitos pasivos que teñan unha produción media diaria superior ós 2.000 litros ou ós 300 k de residuos.

## **CAPÍTULO 5.º.-COTAS TRIBUTARIAS E TARIFA**

### **Artigo 11.º.-Cota tributaria derivada da prestación do servizo de xestión do lixo domiciliario.**

1. A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de vivenda ou local, cunha contía que se determinará en función da natureza, destino dos inmobles e produción media diaria de lixo.

2. As cotas esixibles pola prestación do servizo de xestión de lixo son as fixadas na tarifa n.º.-1 que contén o anexo I da presente ordenanza.

### **Artigo 12.º.-Cotas derivadas doutras prestacións ou actividades.**

1. A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, cunha contía que se determinará:

a) Por sinalamento específico nas tarifas correspondentes.

b) Por adición das cotas parciais, correspondentes a cada unha das fases nas que sexa fraccionada a prestación do servizo ou realización da actividade.

2. As cotas ás que se refire este artigo son as fixadas nas tarifas 2.ª a 8.ª desta ordenanza.

### **Artigo 13.º.-Tarifas.**

As Tarifas vixentes, desglosadas nos seus diferentes epígrafes, recóllense no anexo I da presente ordenanza.

## **CAPÍTULO 6.º.-PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO**

### **Artigo 14.º.-Período impositivo.**

Para aquelas prestacións de servizos públicos locais establecidos con carácter permanente, xa sexa a súa execución material continua ou esporádica, o período impositivo coincidirá co período obxecto de cobro, conforme o disposto no artigo 16 desta ordenanza.

### **Artigo 15.º.**

#### **1. Devengo.**

1.º.-Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír desde o momento no que se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade.

2.º.-En referencia á prestación do servizo de xestión do lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos asimilables, enténdese que tal acontece o primeiro día de cada ano natural, cando estea establecido e en funcionamento o devandito servizo nas rúas ou lugares onde se sitúen as vivendas, locais e aloxamentos susceptibles de seren ocupados ou utilizados polos contribuíntes suxeitos á taxa, con independencia do tempo de ocupación do local ou vivenda ó longo do ano e de que dita ocupación se refira á totalidade ou a parte da finca. A tales efectos, considérase que un inmovible é susceptible de ser ocupado ou utilizado cando este dispoña de luz e auga, debendo o interesado acreditar documentalmente, no seu caso, a indispoñibilidade dos citados subministro.

#### **2. Altas e declaracións.**

1. Produciranse as altas no padrón de recollida do lixo de vivendas coa correspondente alta a

efectos do imposto sobre bens inmobles.

De non practicarse a correspondente declaración de alta no imposto sobre bens inmobles, sen prexuízo de que o propio concello poida declarala de oficio, estarase incorrendo en infracción cualificada como grave no artigo 79 b) da Lei 25/1995, do 20 de xullo, de modificación parcial da Lei xeral tributaria. Sen embargo, poderá obviarse a infracción tributaria para os efectos exclusivos da presente taxa, así como a correspondente sanción, coa presentación de instancia ou escrito no que se formula declaración de alta no padrón de taxa de recollida de lixo de vivendas.

2. En relación con locais, comerciais, industriais ou profesionais entenderase como declaración de alta a solicitude de preceptiva licencia de actividades e instalacións, tendo efectos dende a data de concesión ou comezo efectivo da actividade podendo, así mesmo, actuar do oficio a Administración municipal.

3. Os locais baleiros tributarán como vivendas, previa solicitude dos suxeitos pasivos.

4. Para locais que, non sendo vivendas, excepcionalmente non precisaran de licencia de actividades e instalacións, os titulares deberán presentar formalmente declaración do exercicio da actividade no prazo dun mes desde o seu inicio, a efectos da súa inclusión no padrón da taxa.

5. Os titulares de actividades deberán formular declaración de baixa cando cesen naquelas.

6. Os suxeitos pasivos desta taxa deberán cubrir as súas declaracións con indicación certa e completa do enderezo fiscal e número de identificación fiscal.

## **CAPÍTULO 7.º.-INGRESO DA DÉBEDA TRIBUTARIA**

### **Artigo 16.º.-Ingreso definitivo.**

1.º.-O cobro das cotas referidas na tarifa número 1 desta ordenanza efectuarase mediante recibo no prazo que determine a notificación ós interesados que practique a administración de tributos, no caso de se producir a alta no servizo. No sucesivo e sen mediar notificación, publicarase o período de cobranza do correspondente padrón fiscal desta taxa.

2.º.-O cobro das cotas derivadas da aplicación das restantes tarifas será realizado de forma directa polo órgano de xestión de servizo.

### **Artigo 17.º.-Ingreso caucional.**

1.- Cando a prestación do servizo ou a realización da totalidade ou de parte dos actos materiais nos que se concreta a intervención administrativa se produza a petición obrigatoria de parte, o contribuínte, conforme ó establecido no TRLRFL, quedará obrigado a depositar, no momento da autorización da súa solicitude, o importe íntegro da cota correspondente á tarifa aplicable, requisito sen o cal non continuará a Administración local na execución dos actos materiais precisos para ultimar o servizo ou actividade.

2.- O anterior será especialmente aplicable ós supostos nos que a actuación administrativa se tivese concretado no depósito e custodia de vehículos abandonados, colectores de residuos de obras ou pancartas e carteis, trala súa retirada da vía pública, nos termos establecidos, da cal a súa devolución ó titular só se efectuará trala constitución do depósito mentado no número anterior, por canto sen ela non se continuará coa execución dos actos materiais tendentes á devolución dos bens depositados: identificación e comprobación de titulares, exame da licencia e dos residuos a fin de determinar o seu carácter e o tratamento ó que deben someterse, busca dos bens, comprobación do seu estado e entrega material, con uso dos medios humanos e, no seu

caso, mecánicos precisos para levala a cabo.

## CAPÍTULO 8.º.-INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

### Artigo 18.º.-Réxime xeral.

1.- En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que a estas lles correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei xeral tributaria.

2.- A imposición de sancións non suspenderá, en ningún caso, a liquidación e cobro das cotas devengadas.

### Artigo 19.º.-Compatibilidade.

A exacción das taxas que pola presente ordenanza se establecen, non exclúe o pagamento das sancións ou multas que procederán por infracción da ordenanza de hixiene urbana que se aprobe no seu caso e demais normativa legal vixente.

### Disposición adicional única.

As modificacións que se introduzan no regulado nesta ordenanza polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

### Disposición final.

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación, e entrará en vigor unha vez se produza a publicación do seu texto no BOP. A presente ordenanza permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa. O texto íntegro da nova ordenanza, ou da ordenanza modificada, será obxecto de publicación no BOP.

### Anexo: TARIFAS.

Contías en euros.

### TARIFA N.º 1: XESTIÓN DO LIXO DOMICILIARIO E RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS ASIMILABLES: euros

	Tarifa 1A	Tarifa 1 B
	<b>servizo continuo</b>	<b>servizo alterno</b>
<b>Epígrafe 10. Vivendas:</b>		
<b>Concepto 1000: Vivenda</b>	75,79	37,9
<b>Epígrafe 11: Aloxamentos e centros de ensinanza:</b>		
<b>Concepto 1100: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 5 estrelas, por cada praza e ano, euros</b>	20,23	10,11
mínimo anual do concepto 1100	178,67	89,33
<b>Concepto 1101: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 4 estrelas, por cada praza e ano, euros</b>	19,25	9,63
mínimo anual do concepto 1101	178,67	89,33
<b>Concepto 1102: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 3</b>	15,94	7,97



<b>estrelas, por cada praza e ano, euros</b>		
mínimo anual do concepto 1102	178,67	89,33
<b>Concepto 1103: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 2 estrelas, por cada praza e ano, euros</b>	14,61	7,31
mínimo anual do concepto 1103	178,67	89,33
<b>Concepto 1104: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 1 estrela e campamentos de turismo, por cada praza e ano, euros</b>	13,28	6,64
mínimo anual do concepto 1104	162,26	81,13
<b>Concepto 1105: pensións de 2 estrelas e campamentos de turismo e albergues xuvenís, por cada praza e ano</b>	4,37	2,19
<b>Concepto 1106: pensións de 1 estrela, por cada praza e ano, euros</b>	13,28	6,64
mínimo anual do concepto 1106	159,24	79,62
<b>Concepto 1107: fondas, por cada praza e ano</b>	8,08	4,04
mínimo anual do concepto 1107	93,07	46,54
<b>Concepto 1108: casas de hospedaxe, por cada praza ao ano, euros</b>	6,49	3,24
mínimo anual do concepto 1108	88,87	44,44
<b>Concepto 1109: hospitais, sanatorios e demais centros sanitarios asistenciais, por cada praza ao ano, euros</b>	38,14	19,07
mínimo anual do concepto 1109	453,75	226,87
<b>Concepto 1110: centros docentes, colexios maiores e residencias de estudantes con réxime de pensión alimenticia, por cada praza ao ano, euros</b>	13,28	6,64
mínimo anual do concepto 1110	390,34	195,17
<b>Concepto 1111: centros docentes, colexios maiores e residencias de estudantes, sen réxime de pensión alimenticia, por cada centro ao ano:</b>	324,3	162,15
<b>Concepto 1112: Centros de ensinanza que realizan a súa actividade en locais de menos de 100 m2</b>	162,17	81,09
<b>Epígrafe 12: Locais</b>		
<b>Concepto 1200: RESTAURANTES</b>		
120000 de categoría de luxo	713,49	356,74
120001 de categoría 1. <sup>a</sup>	648,63	324,32
120002 de categoría 2. <sup>a</sup>	527	263,5
120003 de categoría 3. <sup>a</sup>	421,55	210,78
120004 de categoría 4. <sup>a</sup>	316,22	158,11
<b>Concepto 1201: CAFETERÍAS</b>		
120100 de categoría especial	567,57	283,78
120101 de categoría 1. <sup>a</sup>	445,94	222,97
120102 de categoría 2. <sup>a</sup>	364,86	182,43
120103 de categoría 3. <sup>a</sup>	178,37	89,18
<b>Concepto 1202: BARES</b>		

120200 de categoría especial, epígrafe 673.1 IAE	648,63	324,32
120201 outros cafés e bares, epígrafe 673.2 IAE (zona urbana)	145,88	72,94
120201 outros cafés e bares, epígrafe 673.2 IAE (resto)	121,63	60,81
<b>Concepto 1203: SALAS DE FESTAS, DISCOTECAS, WHISKERÍAS, BINGOS E SIMILARES</b>	648,61	324,31
<b>Concepto 1204: CÍRCULOS E CLUBS</b>		
120400 con restaurante e/ou cafetería	405,41	202,7
120401 os demais	202,68	101,34
<b>Concepto 1205: TEATROS E CINES</b>		
120500 teatros e cines con local pechado	275,67	137,84
120501 teatros e cines con local aberto	81,08	40,54
<b>Concepto 1207: FÁBRICAS, TALLERES DE REPARACIÓN DE AUTOMÓBILES, ASERRADEIROS E GRANDES ALMACÉNS</b>		
120700 ata 10 empregados:		
120700.00 de 1 empregado	128,48	64,24
120700.01 de 2 a 4 empregados	192,72	96,36
120700.02 de 5 a 7 empregados	256,95	128,48
120700.03 de 8 a 10 empregados	321,2	160,6
120701 máis de 10 empregados, ata 20	513,91	256,96
120702 máis de 20 empregados, ata 50	976,12	488,06
120703 máis de 50 empregados, ata 100	1877,53	938,76
120704 máis de 100 empregados	3742,62	1871,31
<b>Concepto 1208: MERCADOS, SUPERMERCADOS, COMERCIOS O POR MAIOR DE PRODUTOS ALIMENTARIOS E ESTABLECEMENTOS AGROALIMENTARIOS</b>		
120801 establecementos en réxime de autoservizo e mixto, distintos dos contemplados no epígrafe 661.2 da sección 1.ª das tarifas do imposto sobre actividades económicas:		
120801.00 con superficie superior a 400 m2	1927,22	963,61
120801.01 con superficie comprendida entre 399 m2 e 120 m2	385,45	192,72
120801.02 con superficie comprendida entre 120 m2 e 60 m2	256,95	128,48
120801.03 con superficie inferior a 60 m2	128,48	64,24
120802 Outros establecementos:		
120802.00 peixerías e carnicerías, verdulerías e froiterías	128,48	64,24
120802.01 os demais establecementos	97,28	48,64
120803 Mercados centrais de maioristas:		
120803.00 entidades xestoras dos mercados centrais maioristas	2641,73	1320,86
120803.01 por cada posto modular	381,31	190,65
<b>Concepto 1209: ENTIDADES BANCARIAS E CAIXAS DE AFORROS, GASOLINEIRAS E ESTACIÓNS DE SERVIZO</b>		
Concepto 120901 entidades bancarias e caixas de aforro	770,25	385,13
Concepto 120902 gasolineiras e estacións de servizo, por surtidor	162,16	81,08

máximo do concepto 120902	531,58	265,79
<b>Concepto 1210: CENTROS OFICIAIS (Produtores de menos de 1000 l de residuos, por día):</b>		
121000, ata 500 m2 de superficie	341,98	170,99
121001, desde 500 m2 ata 1000 m2 de superficie	684,95	342,48
121002, máis de 1000 m2 de superficie	1026,96	513,48
<b>Concepto 1211: LOCAIS, ESTABLECEMENTOS E TODA CLASE DE INSTALACIÓNS DE CARÁCTER PÚBLICO OU PRIVADO, NON COMPRENDIDOS EN CONCEPTOS ANTERIORES E GRANDES PRODUTORES DE RESIDUOS</b>		
121100 por cada fracción de 100 litros de residuos xerados ao día, ao ano	202,68	101,34
NOTA: para os efectos da notificación da cota derivada deste concepto, os obrigados ao pagamento deberán declarar a media de residuos xerados, previo requirimento, para iso, pola Inspección do servizo, que poderá rectificar as declaracións formuladas ou estimar de oficio o volume de residuos no caso de falta de declaración.		
<b>Concepto 1212: DESPACHOS PROFESIONAIS</b>	97,28	48,64
<b>Concepto 1213: POSTOS, QUIOSCOS E CALQUERA OUTRO CON INSTALACIÓN PERMANENTE NA VÍA PÚBLICA E NON SUXEITO POR CONCEPTOS ANTERIORES DESTAS TARIFAS</b>	30,64	15,32
<b>Concepto 1214: DEMAIS LOCAIS E NEGOCIOS NON COMPRENDIDOS NOS EPÍGRAFES E CONCEPTOS ANTERIORES</b>	97,28	48,64

#### NOTA COMÚN Á TARIFA N.º 1:

As cotas reseñadas nesta tarifa teñen carácter de mínimas, podendo os servizos de inspección, con comunicación e audiencia ao interesado, axustalas ao volume de residuos xerados, tomando como base para o cálculo o concepto 121100.

#### TARIFA N.º 2: POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE TRATAMENTO: euros

<b>Epígrafe 20. Instalacións de tratamento</b>	
<b>Concepto 2001: polo tratamento de cada quilogramo de residuos sólidos clasificado nas fraccións utilizadas para recollida selectiva</b>	<b>0,03</b>
mínimo do concepto 2001	<b>3,06</b>
<b>Concepto 2002: polo tratamento de cada quilogramo de residuos sólidos sen clasificar</b>	<b>0,05</b>
mínimo do concepto 2002	<b>3,85</b>
<b>Concepto 2003: carga e transporte de residuos urbanos a instalacións de tratamento. Por cada quilogramo de residuos urbanos</b>	<b>0,11</b>
mínimo do concepto 2003	<b>43,34</b>

#### TARIFA N.º 3: POR LIMPEZAS EXTRAORDINARIAS DE LUGARES ONDE SE CELEBRARÁN ACTOS PÚBLICOS: euros

<b>Epígrafe 30. Limpeza</b>	
-----------------------------	--

Por cada m2 de limpeza da vía pública	0,03
mínimo do epígrafe 30	54,34
<b>Epígrafe 31. Carga e transporte de residuos sólidos urbanos a vertedoiros:</b>	
<b>Concepto 3100: por cada quilogramo de residuos sólidos urbanos</b>	0,11
mínimo do concepto 3100	43,34
<b>Concepto 3101: por cada m3 de residuos inertes</b>	12,68
mínimo do concepto 3101	43,34
NOTA: a débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta ordenanza	

#### TARIFA N.º 4: POR RETIRADA DE VEHÍCULOS: euros

<b>Epígrafe 40. Recollida de vehículos.</b>	
<b>Concepto 4000: pola retirada de motocicletas, velocípedos, triciclos, motocarros e demais vehículos de características análogas</b>	28,7
<b>Concepto 4001: pola retirada de toda clase de vehículos turismos, así como camionetas, furgonetas e demais vehículos de características análogas con tara inferior a 1.000 k</b>	72,36
<b>Concepto 4002: pola retirada de camiós, tractores, turismos, remolques, camionetas, furgonetas e demais vehículos de características análogas con tara superior a 1.000 k</b>	147,01
<b>Epígrafe 41. Depósito de vehículos.</b>	
<b>Concepto 4100: motocicletas, velocípedos, triciclos, motocarros e demais vehículos de características análogas, por día</b>	2,33
<b>Concepto 4101: automóviles de turismo, furgóns, furgonetas e demais vehículos con tara inferior a 1.000 k, por día</b>	3,65
<b>Concepto 4102: camiós, tractores, remolques, camionetas, furgonetas e demais vehículos con tara superior a 1.000 k, por día</b>	7,79

NOTA 1.<sup>a</sup> A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta ordenanza.

NOTA 2.<sup>a</sup> No caso de que se iniciara a recollida e se realizara o enganche, pero non se completara o transporte do vehículo ata o depósito municipal porque non se tivera consumado este debido á presenza do interesado, satisfarase o 50% da tarifa que puidese corresponder.

NOTA 3.<sup>a</sup> As tarifas por retirada e por depósito de vehículos serán independentes entre si. Non obstante, a tarifa por depósito de vehículos só se aplicará no caso de que transcorran 24 horas dende a recollida daqueles, sen ser retirados polos seus propietarios.

#### TARIFA N.º 5: POR RETIRADA DE COLECTORES DE ENTULLO: euros

<b>Epígrafe 50. Retirada e transporte a depósito</b>	100,65
<b>Epígrafe 51. Depósito por cada día de estancia</b>	3,27

NOTA. A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta ordenanza.

**TARIFA N.º 6: LIMPEZA E/OU RETIRADA DE CARTEIS, SOPORTES, PANCARTAS E PINTADAS: euros**

<b>Epígrafe 60. Por limpeza e retirada de carteis, soportes, pintadas e pancartas</b>	
<b>Concepto 6001: por cada m2 de limpeza e de retirada de carteis</b>	22,42
<b>Concepto 6002: por cada metro lineal de limpeza de pintada</b>	22,42
<b>Concepto 6003: por cada unidade de pancarta retirada da vía pública, euros</b>	12,83

NOTA. A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta ordenanza.

**TARIFA N.º 7: RETIRADA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DE ANIMAIS DA VÍA PÚBLICA: euros**

<b>Epígrafe 70. Por cada unidade de peso menor de 70 k</b>	19,83
<b>Epígrafe 71. Por unidade de peso superior a 70 k</b>	63,51

**TARIFA N.º 8: POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS E REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES REFERIDOS NO Artigo 2º, LETRA K**

A cota tributaria será o resultado de aplicar o número e entidade dos medios persoais e materiais que se utilicen na prestación do servizo, o tempo investido e a tarifa contida nos seguintes epígrafes e conceptos:

<b>Epígrafe 80. Persoal</b>	
<b>Concepto 8000: técnico superior ou medio, por cada hora ou fracción</b>	56,22
<b>Concepto 8001: encargado, xefe, capataz ou inspector dos servizos, por cada hora ou fracción</b>	25,75
<b>Concepto 8002: condutor, mecánico ou operario, por cada hora ou fracción</b>	15,85
NOTA Concepto 8002: Cada hora liquidada incrementarase nun 15% adicional en concepto de custo derivado da supervisión e dirección da actividade, se esta non se liquidara directamente por aplicación do resto de conceptos do epígrafe 80.	
<b>Epígrafe 81. Materiais</b>	
<b>Concepto 8100: o consumo de materiais</b>	
<b>Concepto 8101: vehículos pesados (varredora, baldeadora, compactador, escavadora, grúa, pluma ou similar) por unidade e hora, sen condutor</b>	25,75
<b>Concepto 8102: condutor, mecánico ou operario, por cada hora ou fracción</b>	15,86
<b>Epígrafe 82. Desprazamentos</b>	

<b>Concepto 8200: por km percorrido, vehículo pesado, compactadores ida e volta</b>	1,07
<b>Concepto 8201: por km percorrido, vehículos lixeiros</b>	0,33

NOTA. A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta ordenanza.

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación, e entrará en vigor unha vez se produza a publicación do seu texto no BOP, o 01/01/2013. A presente ordenanza permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa. O texto íntegro da nova ordenanza, ou da ordenanza modificada, será obxecto de publicación no BOP

*As publicacións no Boletín Oficial da Provincia, foron:*

*Texto íntegro – BOP núm. 293 de 21/12/2007.*

*modificación puntual - BOP núm. 296 de 26/12/2008.*

*modificación puntual - BOP núm. 244 de 24/12/2010.*

*modificación puntual - BOP núm. 247 de 29/12/2011.*

*modificación puntual - BOP núm. 248 de data 31/12/2012*

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS**

### **Artigo 1.º.-Natureza e fundamento.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 e 20 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este concello establece a taxa polo saneamento e depuración de augas residuais, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, que atende ó previsto no artigo 57 da citada norma legal.

### **Artigo 2.º.-Feito imponible.**

1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de saneamento e depuración de augas residuais polo Concello de Ames, calquera que sexa a modalidade de réxime de xestión, que se concreta nas seguintes prestacións:

- A utilización da rede de saneamento dos predios que legal ou fisicamente constitúan a unidade de edificación.
- A prestación do servizo de depuración de augas residuais vertidas pola rede de saneamento.
- A actividade municipal, técnica e administrativa, dirixida a verificar as condicións precisas para autorizar a conexión ás redes municipais de saneamento (pluviais ou fecais).
- Execución de acometidas ás redes municipais de saneamento (pluviais ou fecais).

2. De acordo co carácter obrigatorio deste servizo, entenderase que incorren no feito imponible:

- Os propietarios das fincas do municipio conectadas á rede, que deberán verter á mesma as augas residuais que produzan.
- Os propietarios das fincas respecto das que exista a posibilidade da conexión de acordo co previsto no Regulamento do servizo, aínda cando os interesados non soliciten a prestación do mesmo, ou non culminen a execución da correspondente acometida.

3. Non estarán suxeitas a esta taxa os propietarios das fincas derruídas declaradas ruinosas ou que teñan a condición de solar ou terreo.

A estes efectos entenderase por ruinoso unicamente aquel inmovible que fose obxecto dunha declaración administrativa de ruína de acordo co disposto na norma que en cada caso resulte de aplicación.

### **Artigo 3.º.-Suxeitos pasivos.**

1. Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, que soliciten a prestación do servizo ou sexan beneficiarios ou afectados deste en virtude de calquera título.

2. Terán a consideración de substitutos do contribuínte os propietarios dos inmobles afectados,

que poderán repercutir as cotas, de ser o caso, nos respectivos usuarios.

#### Artigo 4.º.-Responsables.

Responderán solidaria e subsidiariamente da débeda tributaria deste tributo as persoas ou entidades ás que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria , de acordo có previsto neles.

#### Artigo 5.º.-Base imponible.

A base imponible da taxa regulada nesta ordenanza estará constituída :

- Para o feito imponible sinalado no artigo 2.1. a) e b) desta ordenanza, nos casos de fincas que fagan uso do servizo municipal de subministro de auga potable, polo consumo de auga medido en metros cúbicos, sen prexuízo da esixencia adicional dunha cota de dispoñibilidade do servizo, que será fixa en función para cada tipo de uso, de acordo co indicado no artigo seguinte. Nos casos de fincas que non fagan uso do servizo municipal de subministro de auga potable, esixirase unicamente unha cota fixa, de acordo co sinalado no artigo seguinte.
- Para o feito imponible sinalado no artigo 2.1.d) desta ordenanza, pola lonxitude da acometida que exceda dos cinco metros, sen prexuízo da esixencia adicional dunha cota polos cinco primeiros metros, de acordo co sinalado no artigo seguinte.

Nos resto dos feitos imposables sinalados no artigo 2 desta ordenanza, a cota tributaria será determinada por aplicación do disposto no seguinte artigo desta ordenanza.

#### Artigo 6.º.-Cota tributaria.

1.A cota tributaria establecerase de acordo co seguinte:

A.Para o feito imponible sinalado no artigo 2.1 a) e b), nos casos de fincas que fagan uso do servizo municipal de subministro de auga potable, sumando á cota de dispoñibilidade do servizo que en cada caso corresponda os importes que resulten de multiplicar os metros cúbicos de auga consumidos polos importes/metro cúbico asociados ao tramo de aplicación, tanto para o servizo de saneamento como para o de depuración, de acordo co seguinte:

	SANEAMENTO	DEPURACIÓN
<b>A) USO DOMÉSTICO</b>		
Cota fixa de dispoñibilidade do servizo	4€/mes	
<b>TRAMOS</b>	<b>€/m<sup>3</sup> consumido</b>	<b>€/m<sup>3</sup> consumido</b>
1º TRAMO: 0-10 m <sup>3</sup> /mes	0,048910	0,057125
2º TRAMO: Máis 10 m <sup>3</sup> /mes	0,146731	0,171373

	SANEAMENTO	DEPURACIÓN
<b>B) USO COMERCIAL</b>		
Cota fixa de dispoñibilidade do servizo	4 €/mes	
<b>TRAMOS</b>	<b>€/m<sup>3</sup> consumido</b>	<b>€/m<sup>3</sup> consumido</b>
1º TRAMO: 0-10 m <sup>3</sup> /mes	0,099017	0,113267
2º TRAMO: Máis 10 m <sup>3</sup> /mes	0,297050	0,339802



C) USO INDUSTRIAL	SANEAMENTO	DEPURACIÓN
Cota fixa de dispoñibilidade do servizo 6€	6 €/mes	
TRAMOS	€/m <sup>3</sup> consumido	€/m <sup>3</sup> consumido
1º TRAMO: 0-10 m <sup>3</sup> /mes	0,033322	0,038731
2º TRAMO: Máis 10 m <sup>3</sup> /mes	0,099966	0,116192

D) USO PARA OBRAS	SANEAMENTO	DEPURACIÓN
Cota fixa de dispoñibilidade do servizo 6€	6 €/mes	
TRAMOS	€/m <sup>3</sup> consumido	€/m <sup>3</sup> consumido
1º TRAMO: 0-10 m <sup>3</sup> /mes	0,030602	0,039465
2º TRAMO: Máis 10 m <sup>3</sup> /mes	0,091805	0,118396

B. Para o feito impoñible sinalado no artigo 2.1 a) e b), nos casos de fincas que non fagan uso do servizo municipal de abastecemento de auga potable, mediante a aplicación da seguinte cota:

	SANEAMENTO	DEPURACIÓN
Por abonado	1,563009 €/mes	3,5788721 €/mes

C. Para os feitos impoñibles sinalados no artigo 2.1 c) pola aplicación dos seguintes importes:

<i>Enganche á rede de pluviais</i>	35,42 €/unidade.
<i>Enganche á rede de fecais</i>	35,42 €/unidade.

D. Para o feito impoñible sinalado no artigo 2.1 d), pola aplicación dos seguintes importes:

Importes de aplicación para execución da conexión coas redes de saneamento, para cada unha das acometidas de pluviais ou fecais solicitada:

Pavimento	Importe pola execución de acometida de ata 5 metros de lonxitude	Importe a engadir por cada metro a maiores de 5 na lonxitude da acometida
Terra	285,12€	22,25€
Aglomerado	406,92€	46,61€
Beirarrúa	471,72€	

		59,57€
--	--	--------

- A unidade de acometida ao saneamento municipal estará formada por arqueta de saída, tubaxe de PVC liso de d=160mm e 4kN/m2, incluídos os traballos de demolición e reposición do pavimento preexistente, escavación, recheo e conexión ao colector municipal.

**2. As cotas reguladas nos apartados 1. A e B deste artigo quedarán reducidas nun cincuenta por cento para os contribuíntes que sexan beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA), así como para os acollidos a réximes protectores de carácter público análogos ao mencionado.**

2.1. Esta redución ten carácter rogado, xurdindo efecto a súa concesión no período impositivo seguinte ao da solicitude.

2.2. Os interesados que desexen acceder a este beneficio deberán presentar a correspondente solicitude, con indicación expresa de que se solicita a redución da cota no servizo de saneamento e depuración e xuntarán á mesma a seguinte documentación:

- Fotocopia do NIF do solicitante, así como no seu caso, do seu representante, xuntando xustificante que acredite dita representación.
- Fotocopia compulsada do acordo de concesión da RISGA ou réxime protector de carácter análogo.
- Referencia e titularidade catastrais do inmovible no que se presta o servizo (poderá acreditarse achegando copia do recibo do imposto sobre bens inmovibles).
- Certificado de empadramento na vivenda obxecto da solicitude
- No caso en que o solicitante non sexa propietario do inmovible obxecto do servizo deberá achegar, ademais:
  - Fotocopia do NIF do propietario do inmovible.
  - Fotocopia do contrato de aluguer ou documento que acredite que o propietario do inmovible cédelle o uso do mesmo ao solicitante da redución.

2.3. Se a solicitude non reúne os requisitos sinalados nos puntos anteriores, requirirase ao interesado na forma establecida no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para que nun prazo de 10 días emenden a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así non o fixese, considerarase que desistiu da súa petición, logo de resolución ditada para o efecto.

2.4. Tanto o propietario do ben inmovible obxecto do servizo como o beneficiario terán a obriga de comunicar á administración municipal calquera modificación nos datos relativos a esta redución.

2.5. No caso de renovacións, cando o réxime protector ao que estea acollido o a interesado se acorde por un período de tempo determinado, deberase aportar fotocopia compulsada do novo acordo de concesión da RISGA ou réxime protector de carácter análogo

2.6. O cambio de domicilio por parte do beneficiario suporá o cese no desfrute da redución con efectos no mesmo trimestre en que efectivamente se probe. O recoñecemento da redución nun novo domicilio requirirá da formulación dunha nova solicitude, e da achega da documentación indicada no punto 2 deste apartado.

3. Os importes sinalados neste artigo veranse gravados co IVE que resulte de aplicación.

### **Artigo 7.º.–Exencións e bonificacións.**

Non se concederán outras exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas leis ou as derivadas da aplicación de tratados ou acordos internacionais

### **Artigo 8.º.– Período impositivo e nacemento da obriga de contribuír**

Con carácter xeral, o período impositivo coincidirá co trimestre natural.

A obriga de contribuír nacerá:

A. Para os feitos impoñibles definidos no artigo 2.1 a) e b), o primeiro día do período impositivo, salvo nos casos de inicio da prestación do servizo.

B. Para o resto dos feitos impoñibles, na data en que se formule a solicitude ou se execute a efectiva acometidas á rede de saneamento.

No caso de altas no servizo, a cota de dispoñibilidade ou a cota prevista no artigo 6.1 B) desta ordenanza, ratearase por meses naturais, segundo o caso.

### **Artigo 9.º.–Normas de xestión.**

- Autorización e execución de acometidas.

1. As persoas interesadas na obtención dunha autorización de acometida, previamente á presentación da oportuna solicitude, practicarán a correspondente autoliquidación no impreso facilitado polo Concello, procedendo ao seu ingreso, que acreditarán xuntamente coa correspondente solicitude.

2. En caso de executar unha acometida sen mediar a previa autorización do Concello, practicarase unha liquidación de oficio, sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador pola comisión dunha infracción tributaria.

3. Para proceder á execución dunha acometida á rede de saneamento, con anterioridade ao comezo das obras o interesado deberá ingresar en concepto de depósito previo o importe íntegro do orzamento que resulte da aplicación do disposto no artigo 6.1.D desta ordenanza. Rematadas as obras, e á vista do seu custe, o Concello, no seu caso, practicará a correspondente liquidación para esixir ou reintegrar ao interesado os importes que procedan.

- Servizo de rede de saneamento e depuración
  - O substituto do contribuínte, está obrigado á presentar declaracións de alta, baixa ou modificación do servizo, que producirán efectos no período impositivo seguinte
  - Toda autorización para gozar do servizo de saneamento levará aparellada a obriga de subscribir un contrato, a sinatura do contrato do servizo dará lugar a inclusión no censo correspondente.
  - Para aqueles propietarios que non soliciten a prestación do servizo de saneamento ou non procedan a efectuar a acometida, sempre que exista a posibilidade da conexión segundo o regulamento do servizo, existe a obriga de comunicar a alta no censo tributario
  - As cotas esixibles por esta taxa liquidaranse e recadaranse polos mesmos períodos e nos mesmos prazos que ós recibos de subministro de auga.

- A exacción desta taxa esixirase mediante recibo. Ao se tratar dun cobro periódico, una vez notificada a liquidación de alta no censo procederá a notificación colectiva das sucesivas liquidacións mediante edictos que así o advirtan.
- Nas declaracións de baixa, achegarase certificado de declaración de ruína da construción ou documentación acreditativa de que o inmovible adquiriu a condición de soar ou terreo. Fora deste suposto non se admitirá baixa ningunha.

### **Artigo 10.º.-Infraccións e sancións.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que lle correspondan a estas en cada caso, estarase ó disposto na Lei xeral tributaria.

### **Disposición derogatoria**

Coa entrada en vigor da presente ordenanza fiscal queda derogada a anterior ordenanza fiscal reguladora da taxa polo saneamento e depuración de augas residuais.

### **Disposición derradeira.**

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación, e entrará en vigor o 01/10/2016, unha vez se produza a publicación do seu texto íntegro no BOP. A presente ordenanza permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

*As publicacións no Boletín Oficial da Provincia, foron:*

*Texto íntegro publicado o 21/12/2007 no BOP nº 293*

*modificación publicada o 26/12/2008 no BOP nº 296*

*modificación publicada o 21/12/2009 no BOP nº 267*

*modificación publicada o 23/12/2010 no BOP nº 243*

*modificación publicada o 27/12/2011 no BOP nº 245*

*modificación publicada o 27/12/2012 no BOP nº 245*

*modificación publicada o 17/01/2013 no BOP nº 12*

*Texto íntegro publicado o 29/06/2016 no BOP nº 122*

*Corrección de erro tipográfico no anuncio do Texto íntegro publicado o 29/06/2016 no BOP nº 122, publicado o 01/07/2016 no BOP nº 124*

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.**

### **Artigo 1.º.-Natureza e fundamento.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 e 20 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este concello establece a taxa pola subministración de auga, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, que atende ó previsto no artigo 57 da citada norma legal.

### **Artigo 2.º.-Feito imponible.**

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de subministro de auga potable polo Concello de Ames, calquera que sexa a modalidade de réxime de xestión, que se concreta nas seguintes prestacións:

1.- Para os efectos de aplicar a taxa por subministro de auga potable distínguense os seguintes tipos de usos:

**a) USOS DOMÉSTICOS.** Son aqueles nos que a auga utilízase exclusivamente para atender necesidades primarias da vida, preparación dos alimentos e hixiene persoal. Aplícase esta modalidade exclusivamente a locais destinados a vivendas, sempre que neles non se realice actividade industrial, comercial, profesional, nin de servizos de calquera tipo.

**b) USOS COMERCIAIS.** Son aqueles nos que a auga utilízase para o acondicionamento, limpeza ou hixiene en establecementos profesionais, comerciais ou de servizos.

**c) USOS INDUSTRIAIS.** Son aqueles nos que a auga constitúa un elemento directo ou indirecto dun proceso de produción. Aplicarase esta modalidade a tódolos locais ou establecementos nos que se desempeñe unha actividade industrial, así como a centros de ensinanza, deportivos, clubs sociais e recreativos, garaxes e, en xeral, para todos aqueles non destinados a vivenda. Terán tamén a consideración de usos industriais aqueles usos, potencialmente domésticos, para os que, como resultado das inspeccións e análise que realizará o Servizo Municipal ou os laboratorios autorizados ao efecto, determinarase unha contaminación improcedente das augas residuais, sen prexuízo das responsabilidades nas que incorrerá o actuante.

**d) USO PARA OBRAS.** Son aqueles nos que a auga se usa na construción.

2.- O servizo de verificación e desprecintado, mantemento e conservación de contadores, de acordo co previsto no regulamento do servizo.

3.- A actividade, técnica e administrativa, dirixida a verificar as condicións precisas para autorizar a conexión á rede municipal de subministro de auga e a contratación do servizo.

4.- Execución de acometidas de subministro de auga.

### **Artigo 3.º.-Suxeitos pasivos.**

1. Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, que

soliciten a prestación do servizo ou sexan beneficiarios ou afectados deste en virtude de calquera título.

2. Terán a consideración de substitutos do contribuínte os propietarios dos inmobles afectados, que poderán repercutir as cotas, de ser o caso, nos respectivos usuarios.

#### **Artigo 4.º.-Responsables.**

Responderán solidaria e subsidiariamente da débeda tributaria deste tributo as persoas ou entidades ás que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei xeral tributaria , de acordo có previsto neles.

#### **Artigo 5.º.-Base imponible.**

A base imponible da taxa regulada nesta ordenanza estará constituída :

- Para o feito imponible sinalado no artigo 2.1 desta ordenanza, polo consumo de auga medido en metros cúbicos, sen prexuízo da esixencia adicional dunha cota de dispoñibilidade do servizo que será fixa, para cada tipo de uso, de acordo co sinalado no artigo seguinte.
- Para o feito imponible sinalado no artigo 2.4 desta ordenanza, pola lonxitude da acometida que exceda dos cinco metros, sen prexuízo da esixencia adicional dunha cota polos cinco primeiros metros, de acordo co sinalado no artigo seguinte.

Nos resto dos feitos imposables sinalados no artigo 2 desta ordenanza, a cota tributaria será determinada por aplicación do disposto no seguinte artigo desta ordenanza.

#### **Artigo 6.º.-Cota tributaria.**

1.A cota tributaria establecerase de acordo co seguinte:

A.Para o feito imponible sinalado no artigo 2.1, sumando á cota de dispoñibilidade do servizo que en cada caso corresponda o importe que resulte de multiplicar o consumo rexistrado en metros cúbicos polo importe/metro cúbico asociado ao tramo de aplicación, de acordo co seguinte:

<b>A) USO DOMÉSTICO</b>	
Cota fixa de dispoñibilidade do servizo	5 €/mes
<b>TRAMOS</b>	<b>€/m<sup>3</sup> consumido</b>
1º TRAMO: 0-10,999 m <sup>3</sup> /mes	0,099210
2º TRAMO: 11 -20,999 m <sup>3</sup> /mes	0,595263
3º TRAMO: 21-40 m <sup>3</sup> /mes	0,831757
4º TRAMO: Máis 40 m <sup>3</sup> /mes	1,419183

<b>B) USO COMERCIAL</b>	
Cota fixa de dispoñibilidade do servizo	5 €/mes
<b>TRAMOS</b>	<b>€/m<sup>3</sup> consumido</b>
1º TRAMO: 0-10,999 m <sup>3</sup> /mes	0,174327
2º TRAMO: 11 -20,999 m <sup>3</sup> /mes	1,045961

3º TRAMO: 21-40 m³/mes	1,341766
4º TRAMO: Máis 40 m³/mes	2,282280

<b>C) USO INDUSTRIAL</b>	
Cota fixa de dispoñibilidade do servizo	8 €/mes
<b>TRAMOS</b>	<b>€/m³ consumido</b>
1º TRAMO: 0-15,999 m³/mes	0,092170
2º TRAMO: 16 -30,999 m³/mes	0,553019
3º TRAMO: 31-45 m³/mes	0,821514
4º TRAMO: Máis 45 m³/mes	1,431398

<b>D) USO PARA OBRAS</b>	
Cota fixa de dispoñibilidade do servizo	8,5 €/mes
<b>TRAMOS</b>	<b>€/m³ consumido</b>
1º TRAMO: 0-15,999 m³/mes	0,230464
2º TRAMO: 16 -30,999 m³/mes	1,382785
3º TRAMO: 31-45 m³/mes	1,778520
4º TRAMO: Máis 45 m³/mes	3,711231

B. Para os feitos impoñibles sinalados no artigo 2.2, pola aplicación dos seguintes importes:

<i>Mantemento e conservación de contadores</i>	0,335 €/mes.
<i>Desprecintado do contador ou verificación e desprecintado en caso de instalación polo abonado (*)</i>	27,62 €/unidade.

(\*) *Esta cota refírese á verificación e desprecintado en caso de instalación polo abonado e ao restablecemento do servizo de subministro de auga cando non se teña producido a extinción do contrato.*

C. Para os feitos impoñibles sinalados no artigo 2.3, pola aplicación dos seguintes importes:

<i>Enganche ( conexión ou posteriores contratacións)</i>	80,64 €/unidade.
<i>Fianza por subministro a domicilios ou locais.(**)</i>	22,44 €.
<i>Fianza por subministro de auga a obras.(**)</i>	179,49 €.

(\*\*) *Previa á sinatura do contrato de subministro de auga potable procederase a depositar a fianza, que se devolverá ao rescindir o contrato, unha vez abonados os recibos ou liquidacións pendentes.*

D. Para o feito impoñible sinalado no artigo 2.4, pola aplicación dos seguintes importes:

D.1 Acometidas de ata 5 metros de lonxitude:

Ø Acometida	Pavimento		
	Terra	Aglomerado	Baldosa- beirarrúa
¾' (d=25mm)	222,59€	299,74€	330,64€
1'' (d=32mm)	227,35€	329,15€	368,23€
1¼"-1½"	249,69€	353,49€	390,57€
2" (d=63mm)	261,33€	372,56€	409,64€

D.2 Para acometidas que excedan dos 5 metros, engadirase por cada metro os importes resultantes da aplicación do seguinte:

Acometida	¾' (d=25mm)	1'' (d=32mm)	1¼"-1½"	2" (d=63mm)
Terra	9,35€	9,75€	11,65€	13,76€
Aglomerado	26,65€	27,05€	28,95€	31,06€
Beirarrúa	32,83€	33,23€	35,13€	37,24€

Contadores:

a) Instalación de contador de 15mm en batería de contadores ou similar: 87,22€/unidade.

-Contador de 15mm

-Válcula antirretorno

-Pezas de conexión

b) Instalación arqueta ou armario 185,04€

- Arqueta 40x40 ou armario

-Contador de 15mm

-Válcula antirretorno

-Pezas de conexión

c) Contadores en función do diámetro, sen instalación:

Diámetro:	euros/unidade
13 mm	54,70
15 mm	62,26
20 mm	75,99
25 mm	123,75
30 mm	173,01
40 mm	268,19
50 mm	586,03
65 mm	726,49



--	--

2. A cota regulada no apartados 1.A deste artigo quedará reducida nun cincuenta por cento para os contribuíntes que sexan beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA), así como para os acollidos a réximes protectores de carácter público análogos ao mencionado, nas seguintes condicións:

- Esta redución ten carácter rogado, xurdindo efecto a súa concesión no período impositivo seguinte ao da solicitude.
- Os interesados que desexen acceder a este beneficio deberán presentar a correspondente solicitude, con indicación expresa de que se solicita a redución da cota no servizo de subministro de auga potable, e xuntarán á mesma a seguinte documentación:
  - Fotocopia do NIF do solicitante, así como no seu caso, do seu representante, xuntando xustificante que acredite dita representación.
  - Fotocopia compulsada do acordo de concesión da RISGA ou réxime protector de carácter análogo.
  - Referencia e titularidade catastrais do inmovible no que se presta o servizo (poderá acreditarse achegando copia do recibo do imposto sobre bens inmobles).
  - Certificado de empadramento na vivenda obxecto da solicitude
  - No caso en que o solicitante non sexa propietario do inmovible obxecto do subministro deberá achegar, ademais:
    - Fotocopia do NIF do propietario do inmovible.
    - Fotocopia do contrato de aluguer ou documento que acredite que o propietario do inmovible cede o uso do mesmo ao solicitante da redución.
- Se a solicitude non reúne os requisitos sinalados nos puntos anteriores, requirirase ao interesado na forma establecida no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para que nun prazo de 10 días emenden a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así non o fixese, considerarase que desistiu da súa petición, logo de resolución ditada para o efecto.
- Tanto o propietario do ben inmovible obxecto do subministro como o beneficiario terán a obriga de comunicar á administración municipal calquera modificación nos datos relativos a esta redución.
- No caso de renovacións, cando o réxime protector ao que estea acollido o a interesado se acorde por un período de tempo determinado, deberase aportar fotocopia compulsada do novo acordo de concesión da RISGA ou réxime protector de carácter análogo.
- O cambio de domicilio por parte do beneficiario suporá o cese no desfrute da redución con efectos no mesmo trimestre en que efectivamente se probe. O recoñecemento da redución nun novo domicilio requirirá da formulación dunha nova solicitude, e da achega da documentación indicada no punto 2 deste apartado
- Os importes sinalados neste artigo veranse gravados co IVE que resulte de aplicación.

## **Artigo 7.º.–Exencións e bonificacións.**

Non se concederán outras exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas leis ou as derivadas da aplicación de tratados ou acordos internacionais

## **Artigo 8.º.– Período impositivo e nacemento da obriga de contribuír.**

1. O período impositivo coincidirá co trimestre natural. A obriga de contribuír nacerá o primeiro día do período impositivo, salvo nos casos nos que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada:

a) Na data de presentación da oportuna solicitude de alta no servizo, se o suxeito pasivo a formula expresamente.

b) Desde que teña lugar a efectiva acometida á rede de abastecemento de auga municipal. A obriga de contribuír producirase con independencia de que se obtivese ou non a autorización de alta e sen prexuízo da incoación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

2. No caso de inicio de prestación do servizo de subministro de auga potable a cota fixa de dispoñibilidade ratearase por meses naturais. Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cantidades esixibles conforme ás tarifas serán irredutibles.

## **Artigo 9.º.–Normas de xestión.**

### • Autorización e execución de acometidas.

1. As persoas interesadas na obtención dunha autorización de acometida, previamente á presentación da oportuna solicitude, practicarán a correspondente autoliquidación no impreso facilitado polo Concello, procedendo ao seu ingreso, que acreditarán xuntamente coa correspondente solicitude.

2. En caso de executar unha acometida sen mediar a previa autorización do Concello, practicarase unha liquidación de oficio, sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador pola comisión dunha infracción tributaria.

3. Para proceder á execución dunha acometida á rede de subministro de auga potable, con anterioridade ao comezo das obras o interesado deberá ingresar en concepto de depósito previo o importe íntegro do orzamento que resulte da aplicación do disposto no artigo 6.1.D desta ordenanza. Rematadas as obras, e á vista do seu custe, o Concello, no seu caso, practicará a correspondente liquidación para esixir ou reintegrar ao interesado os importes que procedan.

### • Subministro de auga e mantemento e conservación de contadores.

- O substituto do contribuínte está obrigado á presentar declaracións de alta, baixa ou modificación do servizo.
- Toda autorización para gozar do servizo levará aparellada a obriga de subscribir un contrato, instalar o contador -nos inmobles será particular para cada vivenda-, que deberá ser colocado en sitio visible e de fácil acceso de xeito que permita a súa lectura. A sinatura do contrato de subministro dará lugar a inclusión no censo correspondente.

- Cada autorización será intransferible, e concederáse para un domicilio ou obra determinada.
  - Os volumes de auga consumida serán os medidos en cada momento polo contador.
  - As variacións no caudal subministrado debidas a razóns climatolóxicas, avarías ou outras causas de forza maior non darán dereito aos usuarios ou abonados a reclamar ningunha cantidade.
  - A lectura do contador, facturación e cobro efectuaranse cada tres meses. O percibo desta taxa efectuarase mediante recibo. Ao se tratar dun cobro periódico, una vez notificada a liquidación de alta no censo procederá a notificación colectiva das sucesivas liquidacións mediante edictos que así o advirtan.
- Para o resto de feitos impositivos a esixirase en réxime de autoliquidación.

#### **Artigo 10.º.-Infraccións e sancións.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que lle correspondan a estas en cada caso, estarase ó disposto na Lei xeral tributaria.

#### **Disposición derogatoria**

Coa entrada en vigor da presente ordenanza fiscal queda derogada a anterior ordenanza fiscal reguladora da taxa pola subministración de auga.

#### **Disposición derradeira.**

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación, e entrará en vigor o 01/10/2016, unha vez se produza a publicación do seu texto íntegro no BOP. A presente ordenanza permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa

*As publicacións no Boletín Oficial da Provincia, foron:*

*Texto íntegro publicado o 21/12/2007 no BOP nº 293*

*modificación publicada o 26/12/2008 no BOP nº 296*

*modificación publicada o 21/12/2009 no BOP nº 267*

*modificación publicada o 23/12/2010 no BOP nº 243, rectificación de erros publicada o 16/03/2011 no BOP nº 51*

*modificación publicada o 27/12/2011 no BOP nº 245*

*modificación publicada o 17/01/2013 no BOP nº 12*

*Texto íntegro publicado o 29/06/2016 no BOP nº 122*

*Corrección de erro tipográfico no anuncio do Texto íntegro publicado o 29/06/2016 no BOP nº 122, publicado o 01/07/2016 no BOP nº 124*

*Corrección de erro tipográfico no anuncio do Texto íntegro publicado o 29/06/2016 no BOP nº 122, publicado o 19/10/2016 no BOP nº 198*

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS**

### **Artigo 1.º Natureza e fundamento.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a taxa por expedición de documentos, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, que atende ó previsto no artigo 57 do citado RDLex. 2/2004.

### **Artigo 2.º . Feito imponible.**

1. Constitúe o feito imponible da taxa a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e dos expedientes de que entenda a Administración ou as autoridades municipais.

2. A estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fora provocada polo particular ou redunde no seu beneficio aínda que non mediara solicitude expresa do/a interesado/a.

3. Non estará suxeita a esta taxa a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento de obrigas fiscais, así como as consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos, os recursos administrativos contra resolucións municipais de calquera índole e os relativos á prestación de servizos ou realización de actividades de competencia municipal e a utilización privativa ou o aproveitamento especial de bens de dominio público municipal, que estean gravados por outra taxa municipal ou polos que se esixa un prezo público por este concello.

### **Artigo 3.º . Suxeitos pasivos.**

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 36 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria que soliciten, provoquen ou que teñan un interese no que redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

### **Artigo 4.º . Responsables.**

1. Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refire o artigos 41 e 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores de feito e de dereito das persoas xurídicas, os integrantes da administración concursal e os liquidadores de sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

### **Artigo 5.º . Cota tributaria.**

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coa tarifa que contén o artigo seguinte.

## Artigo 6.º . Tarifa

As tarifas que se aplicarán para a exacción desta taxa serán as seguintes:

Documentos expedidos pola Policía Local:	
-Copia de informe, dilixencia e demais actuacións realizadas pola Policía Local:	64,57 €
Documentos expedidos polo Departamento de Urbanismo:	
- Copias dixitalizadas do PXOM:	
a) Completas:	161,42 €
b) Por tomo:	32,28 €
c) Por calquera unidade inferior a un tomo:	10,76 €
- Informacións urbanísticas: por cada referencia catastral:	21,52 €
- Certificacións ou informes sobre edificios, solares, antigüidade ou propietarios e actuación similares: Por cada edificio, solar ou similar:	48,43 €
- Certificacións de autorizacións de segregación de parcelas urbanas, por cada parcela resultante:	48,43 €
- Copia de fotografía aérea en papel opaco, por unidade:	6,46 €
- Copia de cartografía en papel opaco DIN A-3 ou DIN A-4, en branco e negro, por unidade:	3,23 €
- Copia de cartografía en papel opaco DIN A-3 ou DIN A-4, a cor, por unidade:	6,46 €
- Copia de cartografía en papel opaco en tamaño superior a DIN A-3, por unidade:	21,52 €
- Copia de cartografía en papel reproducible, por unidade:	32,28 €
- Copia de cartografía dixitalizada:	
a) Urbana, por hectárea:	3,23 €
b) Rústica, por hectárea:	0,13 €
c) A cantidade a abonar determinarase mediante presuposto elaborado polos servizos urbanísticos, establecendo unha contía mínima a abonar de	16,15 €
Certificacións:	
- De documentos de acordos municipais do ano en curso:	10,76 €
- De documentos de acordos municipais de anos anteriores:	16,15 €
Por cada fotocopia realizada a petición de parte:	
- Tamaño DIN A-4, branco e negro :	0,16 €
- Tamaño DIN A-4, a cor:	0,64 €
- Tamaño DIN A-3, branco e negro:	0,33 €
- Tamaño DIN A-3, a cor:	1,07 €

Bastanteo de poderes:	
- Por cada un:	10,76 €
Outros documentos:	
- Expedición do carné de vendedor ambulante:	32,28 €
- Copia das ordenanzas fiscais e prezos públicos:	12,92 €
Dereitos de exame:	
- Grupo A1 ou asimilado:	26,91 €
- Grupo A2 ou asimilado:	26,91 €
- Grupo C1 ou asimilado:	21,52 €
- Grupo C2 ou asimilado:	21,52 €
- Outras agrupacións profesionais ou asimilados:	12,92 €
Os dereitos de exame para calquera dos grupos anteriores, para persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% (para o que deberá presentar o certificado de discapacidade correspondente) e para aquelas que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, polo menos, de seis meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas nas que solicite a súa participación (para o que deberá presentar o documento xustificativo expedido pola oficina de emprego correspondente), terán cota cero.	
Outros conceptos:	
Cando os traballos requiridos teñan que ser contratados polo concello de xeito externo, as contías a abonar polos interesados fixaranse segundo o presuposto facilitado pola empresa encargada da súa elaboración.	

## Artigo 7.º Devengo.

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude que inicia a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ao tributo.
2. Nos casos a que se refire o apartado 2 do artigo 2º , o devengo se produce cando teñan lugar as circunstancias que provean a actuación municipal de oficio, ou cando esta se inicie sen previa solicitude do interesado, pero redunde no seu beneficio.
3. As certificacións ou documentos que expida a Administración municipal a petición dos xulgados ou tribunais para toda clase de preitos, cando sexan probas propostas a instancia de parte, non se entregarán nin remitirán sen que previamente non se abonará a correspondente cota tributaria.

## Artigo 8.º Declaración e ingreso

1. A taxa esixirase en réxime de autoliquidación, procedendo o ingreso nas entidades financeiras autorizadas polo concello.
2. De acordo co esixido no artigo 26.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o pagamento desta

taxa esixirase en réxime de depósito previo.

3. Os escritos recibidos polos condutos a que se fai referencia no artigo 66 da Lei de procedemento administrativo, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisionalmente, pero non poderá daráselles curso sen que se subsane a deficiencia, para o que se requirirá ao interesado para que no prazo de dez días abone as cotas correspondentes; co apercibimento de que transcorrido o devandito prazo sen efectualo teranse os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.

### **Artigo 9.º Infraccións e sancións**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que lle correspondan a estas en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 183 e seguintes da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Disposición adicional única

As modificacións que se introduzan no regulado nesta ordenanza polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación, e entrará en vigor o 01/01/2014, unha vez se produza a publicación do seu texto no BOP. A presente ordenanza permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa. O texto íntegro da nova ordenanza, ou da ordenanza modificada, será obxecto de publicación no BOP.

*As publicacións no Boletín Oficial da Provincia, foron:*

*Texto íntegro – BOP núm. 245 de 26/12/2012.*

*Texto íntegro – BOP núm. 246 de 27/12/2013.*

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZAS URBANÍSTICAS**

### **Artigo 1. Fundamento e natureza**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, polo artigo 106 de da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade có disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Ames establece a taxa pola expedición de licenzas urbanísticas, a que se refire o artigo 20.4 h) do texto refundido aprobado polo RDLex. 2/2004, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, atendendo as súas normas ao previsto no artigo 58 do citado texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

### **Artigo 2. Feito imponible**

Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, dirixida a verificar se os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo que vaian realizarse no termo municipal, axústanse ao ordenamento urbanístico vixente e se reúnen as condicións esixibles de seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade, todo elo de conformidade có establecido no artigo 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento.

### **Artigo 3. Suxeito pasivo**

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que :

a) sexan solicitantes dunha licenza ou que presenten a comunicación previa ou declaración responsable nos casos en que proceda.

b) executen as instalacións, obras ou construcións sen ter obtido a preceptiva licenza, ou sen presentar a comunicación previa ou declaración responsable cando se permita.

2. En todo caso, terán a condición de substitutos do contribuínte os construtores e contratistas das obras, de conformidade co previsto no artigo 23.2.b) do RDLex. 2/2004, de 5 de marzo.

### **Artigo 4. Responsables solidarios e subsidiarios**

Responderán solidaria e subsidiariamente da débeda tributaria deste tributo as persoas ou entidades ás que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria , de acordo có previsto neles.

### **Artigo 5. Cota tributaria**

1. A cota tributaria determinarase por unha cota fixa á que, segundo a natureza do expediente a tramitar, se lle sumará outra cantidade en función da superficie, lonxitude ou unidade, de acordo coa tarifa que contén o artigo seguinte.

2. Para determinar a superficie das obras e instalacións terase en conta a totalidade das súas plantas e espazos construídos, sen prexuízo do indicado para o caso das rehabilitacións.



## Artigo 6. Tarifa

1. Licenzas de autorización para a segregación de parcelas urbanas, por cada parcela resultante:	64,57 €
2. Licenzas de primeira ocupación de vivendas unifamiliares:	
a) vivendas de ata 200 m2 de superficie construída:	64,57 €
b) vivendas de 201 m2 a 400 m2 de superficie construída:	96,85 €
c) vivendas de mais de 400 m2 de superficie construída:	129,14 €
3. Licenzas de primeira ocupación de vivendas colectivas:	
a) cota fixa por inmovible:	96,85 €
b) por cada unidade de vivenda e por cada 100m2 ou fracción comercial ou industrial:	16,15 €
c) por cada 100 m2 ou fracción de garaxes, rochos e demais dependencias auxiliares:	10,76 €
4. Licenzas de primeira ocupación de naves e instalacións industriais e comerciais:	
a) cota fixa por unidade:	96,85 €
b) por cada 200m2 ou fracción:	12,92 €
5. Instalación de tanques, depósitos de almacenamento de auga, piscinas, etc., así como outros depósitos de almacenamento de gas, petróleos, gasóleos e similares	64,57 €
6. Instalación de quioscos en vía pública:	
a) cota fixa por unidade:	64,57 €
b) por cada metro cadrado:	32,28 €
7. Instalación de carteis publicitarios:	64,57 € por cada acto publicitario independente
8. Fixación de liñas e rasantes:	
8.1 Fixación de liñas e rasantes de edificacións:	
a) Cota fixa por unidade:	64,57 €
b) por cada metro:	1,61 €
8.2 Fixación de liñas en peches de fincas:	
a) Cota fixa por unidade:	64,57 €

b) por cada metro que dea fronte á vía pública:	1,61 €
c) resto de liña:	0,33 €
9. Construción de edificacións:	
a) Os primeiros 200 metros cadrados construídos:	0,33 € por metro cadrado.
b) Dos 200 aos 1.000 metros cadrados construídos:	1,61 € por cada metro cadrado deste tramo.
c) A partir de 1.000 metros cadrados construídos:	2,21 € por cada metro cadrado deste tramo.
d) Cando non se acade esta contía, a taxa mínima a cobrar será de	64,57 €
No caso de obras de rehabilitación, os anteriores importes serán aplicados sobre a superficie do inmovible sobre a que se actúe.	
10. Demolición de edificacións:	
a) Os primeiros 1.000 metros cadrados:	0,16 € por metro cadrado.
b) A partir de 1.000 metros cadrados:	0,33 € por metro cadrado deste tramo.
c) cando non se acade esta contía, a taxa mínima a cobrar será de	64,57 €
11. No caso de obras maiores: expedición e subministro do cartel de obra normalizado segundo o modelo establecido na normativa urbanística:	129,14 €
12. Por toda aquela actividade municipal que se axuste ao feito imponible desta ordenanza e non apareza especificada nos epígrafes destas tarifas, esixirase unha taxa mínima de	64,57 €
13. Polas declaracións de incorporación ao patrimonio do titular daquelas edificacións ou construcións realizadas sen licenza, nos termos previstos na lexislación urbanística: esixirase un 50% a maiores das tarifas estipuladas no punto 9 do artigo 6 (construción de edificacións)	

## Artigo 7. Cartel de obra

No apartado 11 do artigo anterior establécese que para as obras consideradas maiores, o concello expedirá e subministrará ós interesados o cartel de obra obrigatorio normalizado que terá as seguintes características:

- a) Cartel de cor branca.
- b) Rotulado a dúas cores.
- c) Coas medidas de 1,50 x 1,00 metros (apaisado)

## **Artigo 8. Devengo**

1. Devengarase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible. Para os efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenza urbanística ou coa presentación da comunicación previa ou declaración responsable nos casos en que proceda, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta.

2. Cando as obras se iniciasen ou executasen sen ter obtido a oportuna licenza ou presentado a comunicación previa ou declaración responsable nos casos en que proceda, a taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se a obra en cuestión é ou non conforme coa normativa aplicable, con independencia da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para tal efecto ou a súa demolición se non foran conformes á normativa aplicable.

## **Artigo 9. Normas de xestión**

1.- Os interesados na obtención dunha licenza de obras ou urbanística virán obrigados a presentar no Rexistro Xeral do Concello a oportuna solicitude de licenza, comunicación previa ou declaración responsable cando proceda, acompañando proxecto visado polo Colexio Oficial respectivo, especificando a natureza da obra, lugar de emprazamento, importe estimado desta, medicións e destino.

2.- Cando se trate de actos nos que, de conformidade coa normativa estatal, autonómica e local aplicable, non sexa esixible a formulación de proxecto suscrito por técnico competente, acompañarase á solicitude de licenza, comunicación previa ou declaración responsable dun presuposto das obras a realizar así como unha descrición precisa da superficie afectada, materiais a empregar e en xeral, das características da obra ou acto, dos cales os seus datos permitan comprobar o seu custe.

3.- Se despois de formulada a solicitude de licenza, comunicación previa ou declaración responsable se modifícase ou ampliase o proxecto, deberá poñerse en coñecemento da administración municipal, acompañando o novo presuposto ou o reformado e, no seu caso, planos e memorias da modificación ou ampliación.

## **Artigo 10. Liquidación, notificación e ingreso**

1. As taxas reguladas nesta ordenanza esixiranse en réxime de autoliquidación, debendo o suxeito pasivo, no momento de presentar a correspondente solicitude de licenza, comunicación previa ou declaración responsable, presentar a declaración-liquidación da taxa e xustificante de ter ingresado a cota tributaria, a conta da liquidación que en definitiva corresponda.

Será base liquidable, para o calculo de cotas, o importe do presuposto presentado polo interesado, sempre que o mesmo fose visado polo Colexio Oficial correspondente. Noutro caso, servira de referencia para a determinación da base liquidable, o listado de prezos que figura no anexo a Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

2.- Á vista das construcións, instalacións ou obras efectivamente realizadas e do custe real efectivo destas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, poderá modificar, no seu caso, a base imponible a que se refire o artigo 5 da presente ordenanza, practicando a correspondente liquidación, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

## **Artigo 11. Infraccións e sancións**

En materia de infraccións e sancións será aplicable, segundo dispón o artigo 11 do RDLexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a regulación contida nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e nas disposicións que a complementen e desenvolven.

## **Disposición Final**

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación, e entrará en vigor o 01/01/2014, unha vez se produza a publicación do seu texto no BOP. A presente ordenanza permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa. O texto íntegro da nova ordenanza, ou da ordenanza modificada, será obxecto de publicación no BOP.

*As publicacións no Boletín Oficial da Provincia, foron:*

*Texto íntegro – BOP núm. 245 de 26/12/2012.*

*Texto íntegro – BOP núm. 246 de 27/12/2013.*

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA LICENZA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS OU POLA ACTIVIDADE DE CONTROL POSTERIOR DAQUELAS ACTIVIDADES SOMETIDAS A COMUNICACIÓN PREVIA OU DECLARACIÓN RESPONSABLE**

### **Artigo 1.º -Natureza e fundamento.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa pola licenza de apertura de establecementos, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, que atende ao previsto no artigo 57 do texto refundido citado

### **Artigo 2.º -Feito imponible.**

1. Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, tanto técnica coma administrativa, tendente a verificar se os establecementos industriais e mercantís reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade, salubridade e calquera outra esixida polas correspondentes ordenanzas e regulamentos municipais ou xerais para o seu normal funcionamento, ben como presuposto necesario e previo para o outorgamento por este Concello da licenza de apertura a que se refire o artigo 22 do Regulamento de servizos das corporacións locais, ben como consecuencia das declaracións responsables ou comunicacións previas que sexan procedentes e que deban ser obxecto de control posterior

2. Para tal efecto, terá a consideración de apertura:

- a) A instalación por primeira vez do establecemento para dar comezo ás súas actividades.
- b) A variación ou ampliación da actividade desenvolvida no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular.
- c) A ampliación do establecemento e calquera alteración que se leve a cabo neste e que afecte ás condicións sinaladas no número 1 deste artigo, esixindo nova verificación destas.
- d) Os traspasos e cambios de titularidade dos establecementos por calquera causa, incluídos os cambios de denominación social.

3. Entenderase por establecemento industrial ou mercantil toda edificación habitable, estea ou non aberta ó público, que non se destine exclusivamente a vivenda e que:

- a) Se dedique ó exercicio de algunha actividade empresarial, fabril, artesá, da construción, comercial e de servizos.
- b) Aínda sen desenvolver as actividades anteriores, sirvan de auxilio ou complemento para estas, ou teñan relación con elas de forma que lles proporcionen beneficios ou aproveitamento, como por exemplo: sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais de entidades xurídicas, oficinas, despachos ou estudos.

### **Artigo 3.º -Suxeitos pasivos.**

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, titulares da actividade que se pretenda desenvolver ou, no seu caso, se desenvolva en

calquera establecemento industrial ou mercantil.

#### **Artigo 4.º -Responsables.**

Os supostos de responsabilidade, xa sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na normativa tributaria.

#### **Artigo 5.º -Base imponible.**

1. A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza do expediente a tramitar, de acordo coa tarifa que contén o artigo seguinte.

2. A cota da tarifa corresponde á tramitación completa do expediente de que se trate, desde a súa iniciación ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ó interesado do acordo recaído.

#### **Artigo 6.º -Cota tributaria.**

1. As cotas tributarias determinaranse de acordo coa seguinte tarifa:

a) Comunicacions previas ou declaracións responsables para establecementos de ata 200 m2 construídos: 188,33 euros.

b) Comunicacions previas ou declaracións responsables para establecementos de máis de 200 m2 construídos: 269,04 euros.

c) licenzas para actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas e outras de tramitación especial en establecementos de ata 200 m2 construídos: 538,08 euros.

d) licenzas para actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas e outras de tramitación especial en establecementos de máis de 200 m2 construídos: 1.049,27 euros.

e) O custo das publicacións de edictos nos boletíns oficiais, para aquelas actividades que o necesiten, serán por conta do interesado e cobraranse coa liquidación da taxa correspondente.

3. Cando nun establecemento ou local que pertenza a un só titular se vaia exercer máis dunha actividade industrial ou mercantil e, polo tanto, sexa necesaria a obtención de varias licenzas e o conseqüente pagamento de distintas taxas de apertura, a cota a satisfacer será a maior que corresponda, aplicándolle un recargo do 50 por cento.

4. No caso de desestimento formulado polo interesado con anterioridade á concesión da licenza, sempre que a actividade municipal xa se tivese iniciado, as cotas a liquidar serán:

- Do 20 por cento, se ten lugar no prazo dun (1) mes desde a solicitude.

- Do 50 por cento, se ten lugar con posterioridade.

#### **Artigo 7.º -Exencións e bonificacións.**

Non se concederán outras exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas leis ou as derivadas da aplicación de tratados ou acordos internacionais.

#### **Artigo 8.º -Devengo.**

1. A presente taxa devéngase e nace a obriga de contribuír cando se inicia a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible. Para estes efectos, entenderase iniciada a devandita

actividade na data de presentación da solicitude da licenza de apertura ou se faga a comunicación previa ou declaración responsable.

2. De se facer a apertura sen ter concedida a licenza ou realizada a comunicación previa ou declaración responsable, segundo corresponda de acordo coa normativa vixente, a taxa devengarase ao iniciar a actividade municipal para determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles.

### **Artigo 9.º -Normas de xestión**

1. As persoas interesadas na obtención dunha licenza de apertura de establecemento industrial ou mercantil presentarán, previamente, no Rexistro Xeral deste Concello, a oportuna solicitude, con especificación da actividade ou actividades a desenvolver no local, ademais da seguinte documentación, dependendo do concepto:

a) licenza para actividades clasificadas: proxecto por triplicado.

b) licenza de apertura: boceto de distribución do local.

Exceptúanse destes requisitos os supostos que reúnan as condicións e requisitos para seguir os procedementos que se establezan para a comunicación previa ou declaración responsable.

2. Os escritos recibidos que non veñan acompañados da correspondente autoliquidación e comprobante de pago desta, serán admitidos provisionalmente, pero non poderá dárseles curso sen que se subsane a deficiencia, para o que se requirirá ao interesado para que no prazo de dez días abone as cotas correspondentes; co apercibimento de que transcorrido o devandito prazo sen efectualo teranse os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.

3. Se despois de formulada a solicitude de licenza de apertura, se variase ou ampliase a actividade a desenvolver no establecemento, se alterasen as condicións proxectadas por aquel ou ben se ampliase o local inicialmente previsto, estas modificacións deberán poñerse en coñecemento da Administración municipal co mesmo detalle e alcance que se esixan na declaración prevista no número anterior.

### **Artigo 10.º -Ingreso.**

A taxa esixirase en réxime de autoliquidación; o suxeito pasivo, no momento de presentar a correspondente solicitude licenza, comunicación previa ou declaración responsable deberá acreditar o ingreso do importe autoliquidado.

### **Artigo 11.º -Caducidade.**

1. Consideraranse caducadas as licenzas e taxas satisfeitas por estas se, despois de notificada a súa concesión de xeito legal, non se tivese procedido á apertura do establecemento, por calquera causa, no prazo de tres meses, ou se os interesados non se fixesen cargo da documentación nas oficinas municipais dentro do devandito prazo.

2. Excepcionalmente poderá concederse unha prórroga, sempre que se solicite dentro do prazo anterior e se estivese ó corrente o pagamento das obrigas económicas, que será por outros tres meses. Transcorrido un e outro prazo xorde novamente a obriga de solicitar a licenza.

3. Tamén se producirá a caducidade da licenza se despois de abertos os establecementos pechasen e/ou estivesen dados de baixa polo prazo dun ano, salvo que isto obedeza a unha causa que xustifique adecuadamente o peche, a cal será apreciada polo órgano municipal

competente.

### **Artigo 12.º -Infraccións e sancións.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que lle correspondan a estas en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.

### **Disposición final**

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación, e entrará en vigor o 01/01/2014, unha vez se produza a publicación do seu texto no BOP. A presente ordenanza permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa. O texto íntegro da nova ordenanza, ou da ordenanza modificada, será obxecto de publicación no BOP.

As publicacións no Boletín Oficial da Provincia, foron:

Texto íntegro – BOP núm. 245 de 26/12/2012.

Texto íntegro – BOP núm. 246 de 27/12/2013.



## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS DE AUTOTAXI E DEMAIS VEHÍCULOS DE ALUGUEIRO.**

### **Artigo 1.º.-Fundamento e natureza.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a taxa licenza de autotaxis e demais vehículos de alugueiro que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado RDlex. 2/2004.

### **Artigo 2.º.-Feito imponible.**

Constitúen o feito imponible desta taxa a presentación dos servizos e a realización das actividades que, en relación coas licenzas de autotaxis e demais vehículos de alugueiro a que se refire o Regulamento aprobado polo Real decreto 763/1979, de 16 de marzo, sinálanse a continuación:

Concesión e expedición de licenzas.

Autorización para transmisión de licenzas cando proceda o seu outorgamento, con arranxo á lexislación vixente.

Autorización para substitución dos vehículos afectos ás licenzas, ben sexa este cambio de tipo voluntario ou por imposición legal.

Revisión anual ordinaria dos vehículos e revisión extraordinaria a instancia a parte.

Dilixenciamento dos libros - rexistro das empresas de servizos de transportes reguladas no dito Regulamento.

### **Artigo 3.º.-Suxeitos pasivos.**

Están obrigados ao pago das taxas, en concepto de suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades, a que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria, seguintes:

1. A persoa ou entidade a cuxo favor se outorgue a concesión e expedición da licenza, ou en cuxo favor se autorice a transmisión desta.

2. O titular da licenza cuxo vehículo sexa substituído ou obxecto de revisión, tanto ordinaria como extraordinaria e/ou cuxos libros - rexistro sexan dilixenciados.

### **Artigo 4.º.-Responsable.**

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren o artigos 42 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios, os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

### **Artigo 5.º.-Cota tributaria.**

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza do servizo ou actividade, de acordo coa seguinte táboa:

**Epígrafe primeiro.**-Concesión e expedición de licenza: 687,46 euros.

**Epígrafe segundo.**-Autorización para transmisión de licenzas:

a) Transmisión intervivos: 68,76 euros.

b) Transmisións mortis causa: A primeira transmisión de licenzas de calquera clase a favor dos herdeiros forzosos: 687,46 euros.

**Epígrafe terceiro.**-Substitución de vehículos: 26,82 euros.

### **Artigo 6.º.-Exencións e bonificacións.**

Non se concederá exención ou bonificación algunha no pago da taxa.

### **Artigo 7. Devego**

Devengase a taxa e nace a obriga de contribuír no momento de solicitar a prestación dos servizos suxeitos a gravame.

### **Artigo 8. Declaración de ingreso e normas de xestión.**

1. A realización de actividades e a prestación de servizos obxecto desta taxa levaranse a cabo a instancia de parte, previa solicitude presentada no rexistro xeral acompañada do xustificante de autoliquidación e ingreso da taxa regulada nesta ordenanza.

2. O Departamento de Servizos Básicos emitirá o informe que xustifique a concesión ou denegación da licencia ou autorización correspondente e procederá á notificación da resolución ó interesado.

Só nos supostos de resolución denegatoria da concesión de nova licencia ou transmisión da existente, procederá a devolución do ingreso efectuado.

### **Artigo 9.º.-Infraccións e sancións**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria.

### **Disposición final.**

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación, e entrará en vigor o 01/01/2014, unha vez se produza a publicación do seu texto no BOP. A presente ordenanza permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa. O texto íntegro da nova ordenanza, ou da ordenanza modificada, será obxecto de publicación no BOP.

*As publicacións no Boletín Oficial da Provincia, foron:*

*Texto íntegro – BOP núm. 245 de 26/12/2012.*

*Texto íntegro – BOP núm. 246 de 27/12/2013.*

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS EDUCATIVOS E DE CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL**

### **ARTIGO 1. FUNDAMENTO LEGAL**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19, en relación co artigo 20 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o Concello de Ames establece a taxa pola prestación de servizos complementarios educativos e de conciliación da vida familiar e laboral.

### **ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúe os feitos impositivos da taxa:

A. A actividade municipal administrativa necesaria para a verificación da documentación aportada e organización do servizo no que se matricula (incluído a renovación da matrícula do curso anterior).

B. A prestación dos servizos públicos complementarios educativos e de conciliación da vida familiar e laboral:

I) segundo o recollido no seu regulamento

“Rede municipal de comedores Escolares”

“Bos Días Cole”

“Tardes Divertidas”

II) outras ofertas educativas e de ocio concibidas para conciliar a vida laboral e familiar que son unha alternativa que ocupe o tempo de lecer dos nenos e nenas dun xeito divertido e educativo.

1. “Programas Lúdicos” , este programas desenvolveranse nas vacacións escolares de Nadal, Entroido, Primavera, Xuño e Setembro, de luns a venres, agás festivos.

2. “Escola de Verán”, este programa desenvólvese nos meses de xullo e agosto, de luns a venres, agás festivos.

### **ARTIGO 3.- SUXEITOS PASIVOS**

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas que resulten beneficiadas ou afectadas pola actividade administrativa ou servizo que constitúe o seu feito impositivo. En consecuencia, as/os nais/pais dos nenos e das nenas en situación de alta nos servizos sinalados no artigo anterior, no seu defecto, os/as familiares ou titores/as legais a quen corresponda o exercicio da patria potestade.

### **ARTIGO 4.- RESPONSABLES.**

Responderán solidaria e subsidiariamente da débeda tributaria deste tributo as persoas ou entidades ás que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria, de acordo co previsto neles.

### **ARTIGO 5.- BENEFICIOS FISCAIS.**

5.1.-Establécense bonificación ás cotas para os usuarios fixos dos servizos “Comedores Escolares”, “Bos Días Cole” , “Tardes Divertidas” , agás o servizo administrativo de matrícula e para os “Programas Lúdicos” e “Escola de Verán”

a) Bonificación do 100% das taxas, nos casos de emerxencia social, que contén con resolución do Concello de Ames, tendo en conta o previsto no artigo 11.7 da Ordenanza Fiscal Xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público do Concello de Ames e o regulamento de emerxencia social do Concello de Ames.

b) Bonificación do 50% das taxas para Familia numerosa de categoría especial, segundo a súa

definición contemplada na Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

c) Bonificación do 20% das taxas para familias de especial consideración, agás as familias numerosas de categoría especial, de acordo coa definición e requisitos establecidos na Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

5.2.- A excepción do indicado para o caso das emerxencias sociais, será requisito previo para a concesión dunha bonificación ou exención tributaria que o suxeito pasivo beneficiario non teña débedas pendentes do pagamento co Concello, nos termos establecidos na ordenanza fiscal xeral.

5.3.-A solicitude de bonificación de taxas deberá facerse por escrito, coa que se presentará copia cotexada do documento de identidade vixente do/a solicitante. Para o caso de bonificación por emerxencia social a documentación acreditativa desa situación será remitida polo departamento de servizos sociais, previa solicitude do interesado, e para o resto dos casos aportarase documentación que acredite a condición de Familia numerosa de categoría especial ou de familias de especial consideración.

5.4.- O prazo de presentación:

a) no caso dos servizos denominados “Rede municipal de comedores Escolares”, “Bos Días Cole” e “Tardes Divertidas”: No prazo de renovación ou matrícula (segundo proceda)

b) no caso dos servizos denominados “Programas Lúdicos” e “Escola de Verán”: No prazo de inscrición

c) en caso de presentar solicitudes de bonificación fóra dos prazos antes indicados, de resolverse a súa concesión:

- no caso dos servizos denominados “Rede municipal de comedores Escolares”, “Bos Días Cole” e “Tardes Divertidas”, a bonificación terá efectos dende o primeiro día do mes seguinte a aquel no que foi solicitado.
- No caso dos servizos denominados “Programas Lúdicos” e “Escola de Verán”, a bonificación terá efectos dende o día da solicitude.

5.5.- As bonificacións reguladas neste artigo son incompatibles entre si.

## ARTIGO 6.- COTA TRIBUTARIA.

### A. Rede Municipal de Comedores Escolares.

#### A.1. Os usuarios/as fixos/as

A.1.a) Formalización da matrícula: 12,00 € alumno/a.

A.1.b) Cota tributaria en función do criterio de capacidade económica e da frecuencia de utilización:

	Frecuencia	De 0 a 25% IPREM	> 25% ata 50% IPREM	> 50% ata 75% IPREM	> 75% ata 100% IPREM	> 100% ata 150% IPREM	> 150% ata 200% IPREM	> 200% IPREM
<b>Usuarios fixos</b>	1 día/semana	- €	10,00 €/mes	20,00 €/mes	21,00 €/mes	24,00 €/mes	28,00 €/mes	32,00 €/mes
	2 días/semana	- €	20,00 €/mes	40,00 €/mes	42,00 €/mes	48,00 €/mes	55,00 €/mes	65,00 €/mes
	3 días/semana	- €	30,00 €/mes	60,00 €/mes	64,00 €/mes	72,00 €/mes	85,00 €/mes	95,00 €/mes
	4	- €	35,00 €/mes	70,00 €/mes	75,00 €/mes	85,00 €/mes	100,00 €/mes	110,00 €/mes

	días/semana							
	5 días/semana	- €	35,00 €/mes	70,00 €/mes	75,00 €/mes	85,00 €/mes	100,00 €/mes	110,00 €/mes

A. 2. Os usuarios ocasionais terán de cota 6 € por día.

## B. Programa Bos Días Cole

### B.1.Os usuarios/as fixos/as

B.1.a) Formalización da matrícula: 12,00 € alumno/a.

B. 1.b) Cota tributaria en función do criterio de capacidade económica e da frecuencia de utilización, para o servizo **BOS DÍAS COLE (BÁSICO)**

	Frecuencia	De 0 a 25% IPREM	> 25% ata 50% IPREM	> 50% ata 75% IPREM	> 75% ata 100% IPREM	> 100% ata 150% IPREM	> 150% ata 200% IPREM	> 200% IPREM
<b>Usuarios fixos</b>	1 día/semana	- €	4,00 €/mes	8,00 €/mes	8,50 €/mes	10,00 €/mes	11,00 €/mes	12,00 €/mes
	2 días/semana	- €	8,00 €/mes	16,00 €/mes	17,00 €/mes	19,00 €/mes	23,00 €/mes	24,00 €/mes
	3 días/semana	- €	12,00 €/mes	24,00 €/mes	25,00 €/mes	28,00 €/mes	34,00 €/mes	36,00 €/mes
	4 días/semana	- €	15,00 €/mes	30,00 €/mes	32,00 €/mes	36,00 €/mes	42,00 €/mes	45,00 €/mes
	5 días/semana	- €	15,00 €/mes	30,00 €/mes	32,00 €/mes	36,00 €/mes	42,00 €/mes	45,00 €/mes

**B. 1.c)** Cota tributaria en función do criterio de capacidade económica e da frecuencia de utilización, para o servizo **BOS DÍAS COLE (BÁSICO+ ALMORZO)**

	Frecuencia	De 0 a 25% IPREM	> 25% ata 50% IPREM	> 50% ata 75% IPREM	> 75% ata 100% IPREM	> 100% ata 150% IPREM	> 150% ata 200% IPREM	> 200% IPREM
<b>Usuarios fixos</b>	1 día/semana	- €	5,00 €/mes	10,00 €/mes	10,50 €/mes	12,00 €/mes	14,00 €/mes	15,00 €/mes
	2 días/semana	- €	10,00 €/mes	20,00 €/mes	21,00 €/mes	24,00 €/mes	28,00 €/mes	30,00 €/mes
	3 días/semana	- €	15,00 €/mes	30,00 €/mes	32,00 €/mes	36,00 €/mes	42,50 €/mes	45,00 €/mes
	4 días/semana	- €	20,00 €/mes	40,00 €/mes	42,00 €/mes	48,00 €/mes	57,00 €/mes	60,00 €/mes
	5 días/semana	- €	20,00 €/mes	40,00 €/mes	42,00 €/mes	48,00 €/mes	57,00 €/mes	60,00 €/mes

B. 2. **Os usuarios por quenda** terán as seguintes cotas:

B.2.a) Formalización da matrícula: 12,00 € alumno/a.

B.2.b) para o servizo **BOS DÍAS COLE (BÁSICO)** de cota 2,5 € por día.

B.2.c) para o servizo **BOS DÍAS COLE (BÁSICO+ ALMORZO)** de cota 3 € por día.

B. 3. **Os usuarios ocasionais** terán as seguintes cotas:

B.3.a) para o servizo **BOS DÍAS COLE (BÁSICO)** de cota 2,5 € por día.

B.3.b) para o servizo **BOS DÍAS COLE (BÁSICO+ ALMORZO)** de cota 3 € por día.

### **C. Programa Tardes Divertidas**

#### **C.1.Os usuarios/as fixos/as**

C.1.a) Formalización da matrícula: 12,00 € alumno/a.

C.1.b) Cota tributaria en función do criterio de capacidade económica e da frecuencia de utilización, para o servizo **TARDES DIVERTIDAS (BÁSICO)**

	<b>Frecuencia</b>	<b>De 0 a 25% IPREM</b>	<b>&gt; 25% ata 50% IPREM</b>	<b>&gt; 50% ata 75% IPREM</b>	<b>&gt; 75% ata 100% IPREM</b>	<b>&gt; 100% ata 150% IPREM</b>	<b>&gt; 150% ata 200% IPREM</b>	<b>&gt; 200% IPREM</b>
<b>Usuarios fixos</b>	1 día/semana	- €	6,00 €/mes	12,00 €/mes	13,00 €/mes	14,50 €/mes	17,00 €/mes	18,00 €/mes
	2 días/semana	- €	12,00 €/mes	24,00 €/mes	26,00 €/mes	29,00 €/mes	34,00 €/mes	36,00 €/mes
	3 días/semana	- €	18,00 €/mes	36,00 €/mes	39,00 €/mes	43,00 €/mes	51,00 €/mes	54,00 €/mes
	4 días/semana	- €	25,00 €/mes	50,00 €/mes	54,00 €/mes	60,00 €/mes	71,00 €/mes	75,00 €/mes
	5 días/semana	- €	25,00 €/mes	50,00 €/mes	54,00 €/mes	60,00 €/mes	71,00 €/mes	75,00 €/mes

C.1.c) Cota tributaria en función do criterio de capacidade económica e da frecuencia de utilización, para o servizo **TARDES DIVERTIDAS (BÁSICO + MERENDA)**

	<b>Frecuencia</b>	<b>De 0 a 25% IPREM</b>	<b>&gt; 25% ata 50% IPREM</b>	<b>&gt; 50% ata 75% IPREM</b>	<b>&gt; 75% ata 100% IPREM</b>	<b>&gt; 100% ata 150% IPREM</b>	<b>&gt; 150% ata 200% IPREM</b>	<b>&gt; 200% IPREM</b>
<b>Usuarios fixos</b>	1 día/semana	- €	7,50 €/mes	15,00 €/mes	16,00 €/mes	18,00 €/mes	21,00 €/mes	22,00 €/mes
	2 días/semana	- €	15,00 €/mes	30,00 €/mes	32,00 €/mes	36,00 €/mes	42,00 €/mes	45,00 €/mes
	3 días/semana	- €	22,50 €/mes	45,00 €/mes	48,00 €/mes	54,00 €/mes	63,00 €/mes	65,00 €/mes
	4 días/semana	- €	32,50 €/mes	65,00 €/mes	70,00 €/mes	78,00 €/mes	92,00 €/mes	95,00 €/mes
	5	- €	32,50 €/mes	65,00 €/mes	70,00 €/mes	78,00 €/mes	92,00 €/mes	95,00 €/mes

	días/semana		mes	mes	mes	mes	mes	mes
--	-------------	--	-----	-----	-----	-----	-----	-----

C. 2. **Os usuarios por quenda** terán as seguintes cotas:

C.2.a) Formalización da matrícula: 12,00 € alumno/a.

C.2.b) para o servizo **TARDES DIVERTIDAS (BÁSICO)** ou **TARDES DIVERTIDAS (BÁSICO + MERENDA)** de cota 4,25 € por día.

C. 3. **Os usuarios ocasionais** para o servizo **TARDES DIVERTIDAS (BÁSICO)** ou **TARDES DIVERTIDAS (BÁSICO + MERENDA)** terán de cota 4,25 € por día.

#### **D. Programas Lúdicos:**

Horario	Tipo servizo	Completo por día	Por día solto
7:30 – 14:30	Sen almorzo	4,00 €	5,50 €/día
	Con almorzo	5,00 €	6,00 €/día
7:30 – 16:00*	Sen almorzo	11,00 €	13,00 €/día
	Con almorzo	11,50 €	13,50 €/día
9:00 – 14:30	Sen almorzo	2,50 €	3,00 €/día
9:00 – 16:00 *	Sen almorzo	9,00 €	10,50 €/día

\* Nos tramos horarios que rematan ás 16:00 horas inclúese o xantar.

#### **E. Escola de Verán**

Horario	Tipo servizo	quincena			1 mes			2 meses		
		De 0 a 25% IPREM	> 25% a 50% IPREM	>50% IPREM	De 0 a 25% IPREM	> 25% a 50% IPREM	>50% IPREM	De 0 a 25% IPREM	> 25% a 50% IPREM	>50% IPREM
7:30 – 14:30	Básico	- €	37,50 €	75,00 €	- €	57,50 €	115,00 €	- €	100,00 €	200,00 €
7:30 – 14:30	Básico con almorzo	- €	40,00 €	80,00 €	- €	65,00 €	130,00 €	- €	112,50 €	225,00 €
7:30 – 16:00*	Básico	- €	60,00 €	120,00 €	- €	102,50 €	205,00 €	- €	187,50 €	375,00 €
7:30 – 16:00*	Básico con almorzo	- €	62,50 €	125,00 €	- €	107,50 €	215,00 €	- €	200,00 €	400,00 €
9:00 – 14:30	Básico	- €	32,50 €	65,00 €	- €	47,50 €	95,00 €	- €	75,00 €	150,00 €
9:00 – 16:00*	Básico	- €	52,50 €	105,00 €	- €	90,00 €	180,00 €	- €	162,50 €	325,00 €

\* Nos tramos horarios que rematan ás 16:00 horas inclúese o xantar.

#### **F. Frecuencias especiais de uso:**

##### **F.1 por usuarios fixos dos programas “Rede Municipal de Comedores Escolares”, “Tardes Divertidas” e “Bos Días Cole”:**

En caso de que o Concello autorice frecuencias distintas as concedidas, de forma puntual, a cota tributaria mensual determinarase multiplicando a cota/base diaria para o usuario ocasional polo

número de días concedidos, tendo como límite a cota que correspondera por mes completo con frecuencia máxima, bonificada se procedese.

### **F.2 por usuarios por quenda nos programas “Bos Días Cole” e “Tardes Divertidas”**

En caso de que o Concello autorice frecuencias distintas as concedidas, de forma puntual, a cota tributaria mensual determinarase multiplicando a cota/base diaria para o usuario ocasional polo número de días concedidos.

### **F.3 nos “Programas Lúdicos”**

No caso de que se autorice unha utilización do servizo distinta do programa completo, serán de aplicación os prezos por día solto multiplicado polo número de días concedidos, tendo como límite a cota que correspondera polo programa completo, bonificada se procedese.

### **F.4 en “Escola de Verán”**

Para os casos excepcionais autorizados onde sexa necesario a aplicación de prezo diario, este será o resultado da división do prezo da quincena co tipo de servizo e tramo correspondente entre o nº de días lectivos da quincena na que sexa de aplicación, tendo como límite a cota que correspondera polo programa completo, bonificada se procedese.

## **ARTIGO 7.- PERÍODO IMPOSITIVO E NACEMENTO DA OBRIGA DE CONTRIBUÍR**

1.- Para “Rede municipal de Comedores Escolares”, “Bos Días Cole” e “Tardes divertidas”

a) O período impositivo para os usuarios fixos e os usuarios por quendas será o do curso escolar, agás matrículas con data de inicio posteriores, casos de alta posteriores ao inicio do curso e baixa do servizo anteriores ao remate do curso escolar.

A obriga de contribuír para estes servizos (“Rede municipal de Comedores Escolares”, “Bos Días Cole” e “Tardes divertidas”) nace coa solicitude da matrícula.

No caso de altas nos servizos, con posterioridade ao día 15 do mes, a primeira cota (dende a alta ata o fin de mes) será:

- de usuarios fixos, a cota/base diaria para o usuario ocasional do servizo polo número de días concedidos, tendo como límite a cota que correspondera por mes completo con frecuencia máxima, bonificada se procedese.
- de usuarios por quendas, a cota/base diaria para o usuario ocasional do servizo polo número de días concedidos ou polo número de días lectivos que resten ata fin de mes se este fose menor.

No caso de baixas nos servizos, con anterioridade ao día 16, a última cota (dende o día de inicio do mes ata a baixa) será :

- de usuarios fixos, a que corresponda de acordo coa cota/base diaria para o usuario ocasional do servizo, tendo como límite a cota que correspondera por mes completo, bonificada se procedese.
- de usuarios por quendas a cota/base diaria para o usuario ocasional do servizo polo número de días concedidos ou polo número de días lectivos (contados ata o día da baixa) se este fose menor.

Os criterios de altas e baixas no servizo, serán aplicables a cambios de frecuencia autorizados polo Concello, para o resto dos casos as cotas serán irredutibles.



En caso de baixa do servizo anterior a finalización do curso escolar, esta terá efectos dende a súa admisión.

b) O período impositivo para os usuarios ocasionais será o de duración do servizo ocasional que se solicite.

A obriga de pagamento nace cando se produza a utilización do servizo

2.- Para “Programas Lúdicos” e “Escola de Verán”, o período impositivo será o solicitado polo beneficiario do servizo segundo os períodos ofertados.

A obriga de contribuír para estes servizos (“Programas Lúdicos” e “Escola de Verán”), nace coa solicitude de inscrición.

En caso de baixa do servizo, os efectos produciranse dende a súa admisión. A solicitude de baixa debe de rexistrarse con 5 días hábiles de antelación ao inicio do programa (sen contar este)

### **ARTIGO 8.- NORMAS DE XESTIÓN E INGRESO.**

Nos servizos de “Rede municipal de Comedores Escolares”, “Bos Días Cole”, “Tardes divertidas”, “Programas Lúdicos” e “Escola de Verán” a solicitude de matrícula ou solicitude de inscrición dos usuarios fixos dará lugar o alta no censo correspondente.

A taxa por formalización da matrícula, neses servizos, esixirase en réxime de autoliquidación.

Os cobros polo servizos, unha vez aprobadas as liquidacións correspondentes a eses servizos, efectuarase mediante cargo na conta corrente ou libreta de aforros que a persoa solicitante do servizo deberá indicar no momento de formalizar a matrícula ou solicitar a inscrición.

Nos servizos de “Rede municipal de Comedores Escolares”, “Bos Días Cole”, “Tardes divertidas”, os usuarios ocasionais, a taxa polos servizos esixirase en réxime de autoliquidación.

Cando por causas non imputables ao suxeito pasivo, o servizo público ou a actividade administrativa o non se preste, procederá a devolución do importe correspondente

### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

O disposto na ordenanza non será de aplicación para os expedientes de matrícula e a prestación dos servizos públicos de “Rede municipal de Comedores Escolares”, “Bos Días Cole”, “Tardes divertidas” correspondentes ao curso académico 2017/2018, nin para os servizos de “Programas Lúdicos” e “Escola de Verán” que teñan lugar ata o 31/08/2018.

### **DISPOSICIÓN FINAL.**

A presente ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno da corporación en sesión do 30/11/2017, entrará en vigor 01/03/2018 previa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata súa modificación ou derogación expresas.

As publicacións no Boletín Oficial da Provincia, foron:

Texto íntegro – BOP núm. 12 de 19/01/2011.

Primeira modificación puntual - BOP núm. 247 de 29/12/2011.

Modificación do artigo 7 e incorporación da disposición transitoria publicada - BOP nº 24 de 03/01/2017

Modificación íntegra e publicación no BOP nº 31 de febreiro de 2018

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

### **Artigo 1º. Fundamento e natureza**

1.1 En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, o Concello de Ames establece a taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar atendendo ao establecido nos artigos 20.4 e 57 do citado Real decreto legislativo polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

1.2 O servizo público de axuda no fogar configúrase como unha prestación do Sistema público de Benestar Social establecida na Lei 39/2006 do 14 de decembro de Promoción da Autonomía persoal e de Atención as persoas en situación de dependencia e demais normativa estatal de desenvolvemento, Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia e demais na normativa de carácter autonómico que desenvolve a Autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma, e en especial a Orde do 22 de xaneiro do 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar ( DOG nº 22 do 2/02/ 2009 ) .

1.3 As atencións que se prestan son as reflectidas no Regulamento Municipal do Servizo de axuda no fogar no Concello de Ames.

1.4 A estrutura e importe das contías a abonar polos usuarios do servizo debe axustarse ao disposto no Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, modificado polo Decreto 149/2013, de acordo co disposto no artigo 60 e seguintes.

### **Artigo 2º. Feito imponible**

Constitúe o feito imponible a prestación efectiva do servizo de axuda no fogar, nos termos e condicións de intensidade regulada polo Regulamento Municipal do servizo de axuda no fogar.

### **Artigo 3º Suxeito pasivo**

Son suxeitos pasivos en concepto de contribuíntes as persoas físicas que soliciten ou resulten directamente beneficiadas pola prestación do servizo, xa sexa con carácter estable ou temporal.

### **Artigo 4º Responsables**

4.1 Responderán solidariamente das débedas tributarias as persoas ou entidades as que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

4.2 Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades as que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

### **Artigo 5º Cota tributaria.**

A.- sistema de atención a persoas usuarias da dependencia

#### Determinación da capacidade económica:

A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custe, observándose as normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia.

O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes

valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

#### A.1 nivel básico do servizo de axuda no fogar

A cota tributaria será a resultante de aplicar á capacidade económica do usuario a porcentaxe establecida para cada grao de dependencia, de acordo a seguinte táboa:

Capacidade económica (referida ó IPREM) Ata	GRAO I	GRAO II	GRAO III
	<=20h	<=45h	<=70h
100%	0,00%	0,00%	0,00%
115%	4,52%	9,61%	14,70%
125%	5,41%	11,50%	17,58%
150%	5,55%	11,79%	18,03%
175%	5,65%	12,00%	18,35%
200%	5,72%	12,16%	18,60%
215%	5,81%	12,34%	18,87%
250%	6,03%	12,82%	19,61%
300%	6,24%	13,26%	20,29%
350%	6,42%	13,63%	20,85%
400%	6,54%	13,90%	21,25%
450%	6,63%	14,09%	21,55%
500%	6,70%	14,25%	21,79%
>500%	6,76%	14,36%	21,97%

Os casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilidade do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento, poderá exceder o 90% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora, que ascende a 14,10 €/hora.

#### A.2 atencións e servizos complementarios ao nivel básico do servizo de axuda no fogar

% Capacidade económica (referenciad a ao IPREM)	Grao I	Grao II	Grao III

Ata	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas
	<=15			<=28			<=45		
100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %

B.- sistema de atención as persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento.

Determinación da capacidade económica:

1.- Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2.- Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

3.- A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrència, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita:

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custe do servizo de SAF básico
Menor de 0,80 IPREM	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM	10%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM	20%
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM	40%
Maior de 2,50 IPREM	60%

A cota tributaria será a resultante de aplicar o porcentaxe de participación no custe do servizo de SAF básico que corresponda segundo a capacidade económica á 14,92 €/hora

Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestruturación familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

#### **Artigo 6º Obriga de contribuír.**

A taxa devengarase e nace a obriga de contribuír no momento de iniciarse a prestación do servizo.

#### **Artigo 7º Normas de xestión**

7.1 As normas de altas, modificacións e baixas na prestación do servizo son as recollidas no Regulamento Municipal do Servizo de Axuda no Fogar.

7.2 As liquidacións practícaranse por meses naturais, aboándose cada mensuralidade nos vinte primeiros días naturais do mes seguinte.

7.3 O pagamento efectuarase mediante cargo na conta corrente ou libreta de aforros que a persoa solicitante ou usuaria do servizo de axuda no fogar deberá indicar no modelo oficial que lle será facilitado polo Concello.

7.4. O Concello de Ames revisará anualmente os prezos base do servizo, e adaptará as porcentaxes correspondentes ás achegas das persoas usuarias segundo as modificacións que puideran emanar dos órganos autonómicos correspondentes. En ambos casos, de darse modificacións, comunicarse por escrito ás persoas usuarias.

#### **Artigo 8º. - Infraccións e sancións.**

As infraccións e sancións rexeranse, no relativo aos pagos, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA.**

Esta ordenanza derroga expresamente a anterior ordenanza fiscal da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

### **DISPOSICIÓN DERRADEIRA.**

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación, e entrará en vigor o 01/01/2014, unha vez se produza a publicación do seu texto no BOP. A presente ordenanza permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa. O texto íntegro da nova ordenanza, ou da ordenanza modificada, será obxecto de publicación no BOP.

*As publicacións no Boletín Oficial da Provincia, foron:*

*Texto íntegro – BOP núm. 245 de 26/12/2013.*

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA ACTIVIDADE ADMINISTRATIVA DO CEMITERIO MUNICIPAL**

### **Artigo 1.- Fundamento e natureza.**

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa pola actividade administrativa do Cemiterio Municipal, que nas súas normas atende ó previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Lexislativo.

### **Artigo 2.- Feito Impoñible**

Constitúe o feito imponible da Taxa a presentación dos servizos de conservación dos espazos destinados ao descanso dos defuntos; mantemento das instalacións e a realización das actividades administrativas que, en relación coas licenzas, autorizacións, permisos, sexa necesario para actuacións que se recollen no artigo 7 da presente ordenanza.

Non estarán suxeitos os permisos para inhumacións que ben ordene a autoridade xudicial e se efectúen na fosa común ou ben os permisos necesarios para o traslado ao osario, se así se solicita, sempre que a sepultura quede libre e reverta a prol do Concello.

### **Artigo 3.- Suxeito pasivo.**

Son suxeitos pasivos contribuíntes, os solicitantes da concesión da autorización ou da prestación do servizo e, no seu caso, os titulares da autorización concedida.

### **Artigo 4.- Responsables.**

1. Responderán solidariamente das débedas tributarias as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

### **Artigo 5. Devengo.**

Nace a obriga de contribuír por esta taxa no momento en que se inicie a prestación dos servizos ou a realización das actividades administrativas, entendendo para estes efectos que o inicio se produce coa solicitude destes.

Agás no caso da **Conservación e vixilancia**, na que o período impositivo coincidirá co ano natural e a obriga de contribuír nacerá o primeiro día de cada período impositivo.

### **Artigo 6- Exencións e Bonificacións**

Estarán exentos do pago desta taxa cando a actividade administrativa se preste con ocasión de:

- a)** Enterramentos dos asilados procedentes da beneficencia, sempre que a condución se verifique por conta dos establecementos mencionados e sen ningunha pompa fúnebre que sexa costeada pola familia dos falecidos.
- b)** Enterramentos de cadáveres de pobres de solemnidade.

## **Artigo 7.- Cota tributaria.**

A cota desta taxa será a que comprende os seguintes servizos:

a) **Cambios de titularidade**, despois da autorización municipal, de concesións sobre terreos e sepulturas no dito cemiterio 275,00 €

b) **Permiso de retirada de restos** dos cinceiros, tumbas, nichos e panteóns a Osario xeral sen apertura: 30,00€.

c) **Instalacións e reparacións.**

1.- **Permiso de instalación:**

-Por cada permiso de Instalación de lápidas: 40,00€

-Por cada permiso de Instalación de cruces ou calquera outro símbolo en tumbas: 45,00€

2.- **Permiso de Reparación:**

- Por cada permiso para reparación de lápidas: 25,00 €

- Por cada permiso para reparación de cruces ou calquera outro símbolo en tumbas: 30,00€

d) **Certificación da concesión no Rexistro** municipal de panteóns, tumbas, nichos e cinceiros, por calquera causa: 20,00 €

e) **Conservación e vixilancia:** Co fin de asegurar a mais decorosa e digna conservación do recinto e espazos próximos aos destinados a enterramentos, esixíranse o seguinte dereito anual:

- Para columbarios: 10,00 €

- Para nichos individuais: 20,00€

- Para tumbas e panteóns completos : 40,00€

## **Artigo 8.- Normas de xestión**

1. A prestación de servizos obxecto desta taxa, excepto o previsto no artigo 7.f), levarase a cabo a pedimento da parte interesada, mediante solicitude presentada no rexistro xeral acompañando xustificante de ingreso da autoliquidación da taxa regulada nesta Ordenanza. Para estes servizos, o Concello emitirá o informe que xustifique a concesión ou denegación da licenza ou autorización correspondente e procederá á notificación da resolución ao interesado.

2. Para a prestación de servizos previstos no artigo 7.e) que ten como feito imponible a conservación e vixilancia, o ingreso desta taxa efectuarase mediante recibo. Ao tratarse dun cobro periódico, unha vez notificada a liquidación de alta no censo procederá á notificación colectiva das sucesivas liquidacións mediante edictos que así o advirtan.

## **Artigo 9.-Normas complementarias**

Cando se produza un cambio de titularidade que poña de manifesto a existencia de anteriores transmisións que non fosen obxecto de autorización e pagamento de dereitos, aboarase o importe que resulte de liquidalas transferencias anteriores de acordo á ordenanza actualmente vixente.



## **Artigo 10.- Infraccións e sancións**

Para todo o relativo a cualificación das infraccións tributarias, e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 28 de Setembro de 2017 e entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

Modificacións:

*Texto íntegro – BOP núm. 44 de 04/03/2019*

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRRARRÚAS E POR RESERVA DA VÍA PÚBLICA PARA APARCADOIRO EXCLUSIVO, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE**

### **Artigo 1.º.-Natureza e fundamento.**

De conformidade co disposto no artigo 20.1 A), do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, modificado pola Lei 25/98, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público, este Concello establece a taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e reserva de vía pública para aparcadoiro exclusivo, a que se refire o art. 20.3.h) do devandito TRLRFL e que se rexerá pola presente ordenanza fiscal que atende ó previsto no artigo 57 da devandita Texto Legal e na Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública do Concello de Ames.

### **Artigo 2.º.-Feito imponible.**

Constitúe o feito imponible a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local pola ocupación deste para a entrada de vehículos a través das beirarrúas ou pola reserva da vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

### **Artigo 3.º.-Suxeito pasivo.**

1. Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades ás que se refire o art. 35 da Lei xeral tributaria que gocen, utilicen o aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular.
2. Terán a condición de substitutos do contribuínte os propietarios das fincas e locais a que dean acceso as entradas de vehículos, que poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os beneficiarios.

### **Artigo 4.º.-Base imponible.**

A base tributaria estará constituída, segundo ó feito imponible:

1. Polo número, en metros da lonxitude da entrada.
2. Polo número de prazas no caso de garaxes comunitarios.

### **Artigo 5.º.-Cota tributaria.**

1. A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a resultante de aplicar as tarifas contidas no apartado seguinte.
2. Tarifa primeira:
  - a) Entrada de vehículos en vivendas unifamiliares, por metro lineal e ano: 13,51 euros.
  - b) Entrada de vehículos en garaxes comunitarios, por metro lineal e ano: 14,21 euros, multiplicados polos seguintes coeficientes, segundo o caso:
    - De 2 a 9 prazas: coeficientes que van do 1,2 ó 1,9, segundo o número de prazas.  
(Exemplo: un garaxe de 5 prazas e tres metros de entrada sería:  $14,21 \times 3 \times 1,5 = 63,95$  euros)
    - De 10 a 19 prazas: coeficientes do 2,0 ó 2,9  
(Exemplo: garaxe de 15 prazas sería  $14,21 \times 3 \times 2,5 = 106,58$  euros)
    - De 20 a 29 prazas: coeficientes do 3,0 ó 3,9
    - De 30 a 39 prazas: coeficientes do 4,0 ó 4,9
    - De 40 a 49 prazas: coeficientes do 5,0 ó 5,9

Cando o número de prazas exceda de 49 irase calculando a taxa por tramos de dez en dez e multiplicando polo coeficiente que corresponda. O coeficiente calcúlase de acordo coa seguinte fórmula: coeficiente  $= (n^{\circ} \text{ de prazas} + 10) / 10$

3. Tarifa segunda:

a) Entrada de vehículos en garaxes ou locais para a garda de vehículos podendo realizar reparacións destes, prestación de servizos de engraxado, lavado, petroleado, etc., ou repostar carburantes, por metro lineal e ano: 21,26 euros, calculándose a taxa do mesmo xeito ca no apartado anterior.

b) Entrada de vehículos en almacéns ou similares, por metro lineal e ano: 35,53 euros.

4. Tarifa terceira:

Reserva de aparcadoiros para carga ou descarga de mercadorías, instalación de colectores ou depósitos de carga ou descarga periódica non vencellados a obras, reservas con ocasión de mudanzas, por metro cadrado e fracción: Día: 0,36 euros; Mes: 3,67 euros.

5. Placa:

O importe da placa deberá pagalo o interesado e o prezo será o de compra segundo o estipulado na factura.

#### **Artigo 6.º.-Período impositivo e devengo.**

1. O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trate de supostos de inicio da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, xa que, neste caso abranguerá desde a data da concesión da autorización municipal ata o remate do ano natural.

2. A taxa devéngase o 1 de xaneiro de cada ano e as cotas serán irreducibles, agás nos casos de utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local no que a data de solicitude non coincida co ano natural, prorratearase por semestres a partir da aprobación da solicitude polo órgano municipal competente.

3. Así mesmo, e no caso de cesamento na utilización privativa ou aproveitamento especial as cotas serán prorrateables por semestres naturais, computando no prorrateo aquel no que se produce o cesamento.

#### **Artigo 7.º.-Normas de xestión.**

1. Os interesados na obtención dunha autorización para utilizar privativamente ou para o aproveitamento especial do dominio público local para a entrada de vehículos a través das beirarrúas ou pola reserva da vía pública para o aparcadoiro exclusivo, carga e descarga de mercadorías de calquera clase deberán presentar unha solicitude nas oficinas xerais do concello, cubrindo o modelo establecido, que se lle facilitará nas devanditas oficinas.

2. Neste impreso especificase o lugar exacto da ocupación e se fai unha descrición desta.

3. Coa solicitude iníciase o expediente, inscrición no rexistro de vaos e informe sobre a viabilidade desta ocupación.

4. Os servizos técnicos e Policía Local deste concello comprobarán as solicitudes presentadas e informaranas propoñendo a concesión ou denegación da licenza.

5. Coa concesión da licenza practícarase a liquidación da taxa, así como o importe da placa e non se considerará concedida a licenza ata tanto non se xustifique o pagamento da débeda tributaria.

6. Unha vez autorizada a ocupación entenderase prorrogada anualmente mentres o interesado non presente declaración de baixa ou sexa revogada polo concello, de acordo co que se estableza na Ordenanza municipal de circulación.

#### **Artigo 8.º.-Infraccións e sancións.**

Para todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias e á imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto na Lei xeral tributaria.

**Disposición adicional única.**

As modificacións que se introduzan na regulación do establecido nesta ordenanza polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

**Disposición final.**

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación, e entrará en vigor unha vez se produza a publicación do seu texto no BOP. A presente ordenanza permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa. O texto íntegro da nova ordenanza, ou da ordenanza modificada, será obxecto de publicación no BOP.

*As publicacións no Boletín Oficial da Provincia, foron:*

*Texto íntegro – BOP núm. 245 de 26/12/2012.*

*Texto íntegro – BOP núm. 246 de 27/12/2013.*

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓNS DE POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS, ATRACCIÓNS OU RECREO, SITUADOS EN TERREO DE USO PÚBLICO MUNICIPAL, ASÍ COMO INDUSTRIAS NA RÚA E AMBULANTES.**

**Artigo 1.º.-Natureza e fundamento.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa e ambulantes, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, que atende ao previsto no artigo 57 do citado RDLex. 2/2004.

**Artigo 2.º.-Feito imponible.**

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa e ambulantes.

Non estará suxeito á taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal que se autorice para rodaxe cinematográfico.

**Artigo 3.º.-Suxeitos pasivos.**

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no feito imponible.

**Artigo 4.º.-Responsables.**

1. Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refire o artigos 41 e 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores de feito e de dereito das persoas xurídicas, os integrantes da administración concursal e os liquidadores de sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

**Artigo 5.º.-Base imponible.**

A base imponible sobre a que se determinará a cota tributaria configúranos os metros cadrados de ocupación dos terreos de uso público.

**Artigo 6.º.-Cota tributaria.**

A cota tributaria desta taxa será a resultante de aplicar as seguintes tarifas:

1. Venda ambulante de calquera tipo, postos, barracas, casetas de venda, carpas e casetas expositivas ou conmemorativas de actos sociais, industrias na rúa:

Por cada m<sup>2</sup> ou fracción e día: 0,36 euros.

2. Espectáculos e atraccións ou recreo, :

Por cada m<sup>2</sup> ou fracción e día: 0,11 euros.

**Artigo 7.º.-Exencións e bonificacións.**

Non se concederán outras exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas leis ou as derivadas da aplicación de tratados ou acordos internacionais.

**Artigo 8.º.- Período impositivo e Devengo**

Nace a obriga de contribuír:

1. Nos supostos de devengo puntual, no momento de presentar a solicitude de concesión ou autorización do aproveitamento ou utilización. O período impositivo será aquel para o que se solicite a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local.

2. Nos supostos de devengo periódico, nace a obriga de contribuír o primeiro día de cada ano natural. O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trate de supostos de inicio da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, xa que, neste caso abranguerá desde a data da concesión da autorización municipal ata o remate do ano natural.

#### **Artigo 9.º.-Liquidación e Ingreso.**

1. Cando se trate de utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal de forma puntual ou por inicio desta de forma periódica, liquidarase e esixirase a taxa en réxime de autoliquidación, debendo o suxeito pasivo, no momento de presentar a correspondente solicitude, presentar a declaración-liquidación da taxa e xustificante de ter ingresado a cota tributaria.

2. Cando se trate de utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal de forma periódica, a taxa liquidarase e esixirase mediante Padrón, e notificarse colectivamente as liquidacións mediante edictos que así o advirten. As autoliquidacións de alta producirán a incorporación dos suxeitos pasivos ao padrón do período impositivo seguinte a aquel no que se efectúen as citadas autoliquidacións.

3. Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarse a débeda, entendendo que o período impositivo é o ano en curso, salvo proba fehaciente en contra e esixindo o ingreso nos prazos previstos lexislativamente, sen prexuízo de abrir o oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

#### **Artigo 10.º.-Normas de xestión.**

1. As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realizar os aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa deberán presentar unha solicitude achegándolle o plano, o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal e especificando o tempo e data da instalación.

2. Unha vez autorizada ou concedida a licencia de aproveitamento entenderase prorrogada anualmente mentres non presente a declaración de baixa o interesado.

3. Cando remate o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán a declaración de baixa e producirá efectos no período natural seguinte ao de presentación desta, podendo, no seu caso, prorratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar pagando a taxa.

4. A Policía Local evitará que ocupen a vía pública ou terreos de dominio público con este tipo de instalacións, nin que se exerzan nela industria algunha, aquelas persoas ou entidades que non acrediten estar autorizados e non pagasen previamente os dereitos que se sinalan na presente ordenanza.

5. A autorización de venda é intransferible. O interesado deberá conservala durante o tempo de concesión e amosala aos axentes ou funcionarios municipais se lles fose requirida por calquera deles. O mal uso das autorizacións producirá a súa caducidade, así como a perda dos dereitos xa pagados.

6. As autorizacións que se concedan non poderán ser destinadas a usos distintos de aqueles para os que foron concedidas sen que haxa unha autorización previa, por escrito, do Concello.

7. As concesións ás que se refire a presente ordenanza terán sempre carácter provisional, supeditadas ao interese xeral, previa resolución motivada da Alcaldía do Concello.

#### **Artigo 12.º.-Infraccións e sancións.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que lle

correspondan a estas en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

**Artigo 13.º.-Normas de funcionamento dos mercadiños.**

O réxime de organización e funcionamento dos mercadiños no Concello de Ames será o establecido no regulamento municipal de funcionamento do mercado de venda ambulante.

**Disposición adicional única.**

As modificacións que se introduzan no regulado nesta ordenanza polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

**Disposición final.**

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación, e entrará en vigor o 01/01/2014, unha vez se produza a publicación do seu texto no BOP. A presente ordenanza permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa. O texto íntegro da nova ordenanza, ou da ordenanza modificada, será obxecto de publicación no BOP.

*As publicacións no Boletín Oficial da Provincia, foron:*

*Texto íntegro – BOP núm. 245 de 26/12/2012.*

*Texto íntegro – BOP núm. 246 de 27/12/2013.*

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABOADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS, CON FINALIDADE LUCRATIVA.**

### **Artigo 1.º.-Natureza e fundamento.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras, taboados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, que atende ao previsto no artigo 57 do citado RDLex. 2/2004.

### **Artigo 2.º.-Feito imponible.**

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal polos conceptos que se sinalan no título da taxa.

### **Artigo 3.º.-Suxeito pasivo.**

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35 da Lei xeral tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no feito imponible.

### **Artigo 4.º.-Responsables.**

Responderán solidaria e subsidiariamente da débeda tributaria deste tributo as persoas ou entidades ás que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria, de acordo co previsto neles.

### **Artigo 5.º.-Beneficios fiscais.**

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

### **Artigo 6.º.-Cota tributaria.**

1. A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada nas tarifas contidas no apartado seguinte, atendendo á superficie ocupada polos aproveitamentos, expresada en metros cadrados.

2. As tarifas da taxa serán as seguintes, por cada metro cadrado de superficie ocupada e mes:

2.1. Para o período 1 de xuño-31 setembro: 3,42 euros/mes

2.2. Para o resto do ano: 2,28 euros/mes

2.3. Taxa mínima: 20,52 euros/mes

3. Para a aplicación do apartado 2 deste artigo terase en conta o seguinte:

a) Se o número de metros cadrados do aproveitamento non fose enteiro, redondearase por exceso para obter a superficie ocupada.

b) Se como consecuencia da colocación de toldos, marquesiñas, separadores, grellas e outros elementos auxiliares se delimita unha superficie maior á ocupada por mesas e cadeiras, tomarase aquela como base de cálculo.

c) Os aproveitamentos poden ser anuais ou mensuais, segundo que a autorización sexa polo ano natural ou unha parte deste, respectivamente. Neste último caso, a autorización se concederá en todo caso por un número enteiro de meses, sen que proceda en ningún caso prorrateo da taxa.

### **Artigo 7.º.-Período impositivo e devengo**

A obriga de pagamento desta taxa nace:

a) Nos servizos de retribución puntual, no momento de presentar a solicitude de concesión ou autorización do aproveitamento. O período impositivo será aquel para o que se solicite a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local.

b) Nos servizos de retribución periódica nace a obriga de contribuír o día primeiro de cada ano



natural. O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trate de supostos de inicio da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, xa que, neste caso abranguerá desde a data da concesión da autorización municipal ata o remate do ano natural.

### **Artigo 8.º.-Liquidación.**

a) Cando se trate de servizos puntuais ou inicio de servizos de retribución periódica, liquidarase e esixirase a taxa en réxime de autoliquidación, en todo caso antes de iniciarse o trámite do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.

b) Cando se trate de servizos de retribución periódica liquidarase e esixirase a taxa mediante aprobación do correspondente Padrón, e notificarase colectivamente mediante edictos que así o advirtan. As autoliquidacións de alta producirán a incorporación dos suxeitos pasivos ao padrón do período impositivo seguinte a aquel no que se efectúen as citadas autoliquidacións.

c) Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda entendendo que o período impositivo é o ano en curso, salvo proba fehaciente en contra, e esixindo o ingreso nos prazos previstos lexislativamente, sen prexuízo de abrir o oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

### **Artigo 9.º.-Ingreso.**

O pagamento da taxa regulada nesta ordenanza realizarase:

a) Nas autoliquidacións, nas entidades financeiras ou onde establecece o Concello. En todo caso, o ingreso será anterior ó inicio do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento interesado.

b) Nas liquidacións por recibo ou censo, nas datas e entidades financeiras ou oficinas que se sinalen no edito de exposición pública do censo.

### **Artigo 10.º.-Infraccións e sancións.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a estas correspondan estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e na normativa de desenvolvemento.

### **Artigo 11.º.-Características da ocupación.**

1. A ocupación da vía pública regulada nesta ordenanza non poderá danar os dereitos de terceiras persoas e, en todo caso, cando se trate de ocupacións vinculadas a un establecemento, non poderán superar o 50 por cento do total da superficie interior do devandito establecemento.

2. Ademais do establecido no apartado anterior, cando a ocupación se produza nas beirarrúas e paseos deberá quedar un espazo libre mínimo de 100 cm para permitir o paso dos peóns.

### **Artigo 12.º.-Normas de xestión.**

1. As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realizar os aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa deberán presentar unha solicitude achegándolle o plano, o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal. Antes da autorización ou concesión do aproveitamento, a persoa ou entidade interesada pagará o importe da taxa en calidade de autoliquidación.

2. No caso de se denegar as autorizacións os interesados poderán solicitar a devolución da taxa ingresada.

3. Unha vez autorizada ou concedida a licenza de aproveitamento entenderase prorrogada mentres non presente a declaración de baixa do interesado.

4. Nos anos seguintes liquidarase mediante censo municipal.

5. Cando remate o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no censo da taxa e producirá efectos no período natural seguinte ó de presentación desta, podendo, no seu caso, ratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar pagando a taxa.

### **Disposición adicional única.**

As modificacións que introduzan na regulación do establecido nesta ordenanza as leis de

orxamentos xerais do Estado ou calquera outra lei ou disposición e que resulten de aplicación directa, producirán, de ser o caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

### **Disposición final**

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar o día 29/10/2015, entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2016, continuando vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

*As publicacións no Boletín Oficial da Provincia, foron:*

*Texto íntegro – BOP núm. 245 de 26/12/2012.*

*Texto íntegro – BOP núm. 246 de 27/12/2013.*

*Texto íntegro – BOP núm. 246 de 24/12/2015.*

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA, A FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE INTERESE XERAL**

### **Artigo 1º. Fundamento e natureza**

Ao abeiro do previsto nos artigos 57, 20 e 24.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, régúlase a taxa por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no subsolo, solo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal.

### **Artigo 2º. Feito imponible**

1. Constitúe o feito imponible da taxa o desfrute da utilización privativa, ou os aproveitamentos especiais constituídos no subsolo, solo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas ou entidades que utilizan o dominio público para prestar os servizos de subministracións que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou unha parte importante da veciñanza.

2. O aproveitamento especial do dominio público producirase sempre que para a prestación do servizo de subministración débense utilizar antenas, instalacións ou redes que materialmente ocupan o subsolo, solo ou voo das vías públicas municipais, con independencia de quen sexa o titular daquelas.

3. En particular, comprenderanse entre os servizos referidos nos apartados anteriores, as subministracións de auga, gas, electricidade, telefonía fixa e outros medios de comunicación, que préstense, total ou parcialmente, a través de redes e antenas fixas que ocupan o dominio público municipal.

4. O pagamento da taxa regulada nesta Ordenanza supón a exclusión expresa da exacción doutras taxas derivadas da utilización privativa ou o aproveitamento especial constituído no subsolo, solo ou voo das vías públicas municipais, necesarios, para a prestación dos servizos de subministracións de interese xeral.

### **Artigo 3º. Suxeitos pasivos**

1. Son suxeitos pasivos as empresas ou entidades explotadoras de servizos de subministración que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, tales como os de abastecemento de auga, subministración de gas, electricidade, telefonía (fixa) e outros análogos, así como tamén as empresas que explotan a rede de comunicación mediante sistemas de fibra óptica, televisión por cable ou calquera outra técnica, independentemente do seu carácter público ou privado.

Para estes efectos, inclúense entre as empresas explotadoras dos devanditos servizos as empresas distribuidoras e comercializadoras destes.

2. Teñen a consideración de suxeitos pasivos as empresas ou entidades explotadoras a que refírese o apartado anterior, tanto se son titulares das correspondentes redes a través das cales se efectúen as subministracións coma se, non sendo titulares das devanditas redes, o son de dereitos de uso, acceso ou interconexión a estas.

3. Tamén serán suxeitos pasivos da taxa as empresas e entidades, públicas ou privadas, que presten servizos, ou exploten unha rede de comunicación no mercado, conforme ao previsto nos artigos 6 e concordantes da Lei 32/2003, de 3 novembro, xeral de telecomunicacións.

4. As empresas titulares das redes físicas, ás cales non lles resulte aplicable o que se prevé nos apartados anteriores, están suxeitas á taxa por ocupacións do subsolo, o solo e o voo da vía

pública, regulada na Ordenanza fiscal correspondente.

#### **Artigo 4º. Sucesores e responsables**

1. As obrigas tributarias pendentes das sociedades e entidades con personalidade xurídica disoltas e liquidadas transmitiranse aos socios, copartícipes ou cotitulares, que quedarán obrigados solidariamente ata os límites seguintes:

- a) Cando non exista limitación de responsabilidade patrimonial, a contía íntegra das débedas pendentes.
- b) Cando legalmente se limitase a responsabilidade, o valor da cota de liquidación que lles corresponda.

Poderán transmitirse as débedas percibidas na data de extinción da personalidade xurídica da sociedade ou entidade, aínda que non estean liquidadas.

2. As obrigas tributarias pendentes das sociedades mercantís, en supostos de extinción ou disolución sen liquidación, transmitiranse ás persoas ou entidades que sucedan, ou sexan beneficiarios da operación.

3. As obrigas tributarias pendentes das fundacións, ou entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, en caso de disolución destas, se transmitirán aos destinatarios dos bens e dereitos das fundacións, ou aos partícipes ou cotitulares das devanditas entidades.

4. As sancións que procedan polas infraccións cometidas polas sociedades e entidades ás cales se refiren os apartados anteriores esixiranse aos sucesores de aquelas, ata o límite do valor da cota de liquidación que lles corresponda.

5. Responderán solidariamente da débeda tributaria as persoas ou entidades seguintes:

- a) As que sexan causantes ou colaboren activamente na realización dunha infracción tributaria. A súa responsabilidade esténdese á sanción.
- b) Os partícipes ou cotitulares das entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeneral Tributaria, en proporción ás súas respectivas participacións.
- c) Os que sucedan por calquera concepto na titularidade de explotacións económicas, polas obrigas tributarias contraídas polo anterior titular e derivadas do seu exercicio.

Exceptúanse de responsabilidade as adquisicións efectuadas nun procedemento concursal.

6. Responderán subsidiariamente da débeda tributaria:

- a) os administradores de feito ou de dereito das persoas xurídicas que non realizaran os actos necesarios da súa incumbencia para o cumprimento das obriga tributarias ata os límites seguintes:
  - Cando se cometeron infraccións tributarias responderán da débeda tributaria pendente e das sancións.

- En supostos de cesamento das actividades, polas obrigas tributarias percibidas, que se encontren pendentes na data de cesamento, sempre que non tivesen feito o necesario para o seu pagamento ou terían tomado medidas causantes da falta de pagamento.

- b) Os integrantes da administración concursal e os liquidadores de sociedades e entidades que non tivesen realizado as xestións necesarias para o cumprimento das obrigas tributarias percibidas con anterioridade.

7. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei Xeral Tributaria.

#### **Artigo 5º - Base imponible e cota tributaria**

1. Cando o suxeito pasivo sexa titular da rede que ocupa o subsolo, solo ou voo das vías públicas, mediante a cal se produce o desfrute do aproveitamento especial do dominio público local, a base imponible está constituída pola cifra de ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente no termo municipal as empresas ou entidades sinaladas no artigo 3 desta Ordenanza.

2. Cando para o desfrute do aproveitamento especial a que se refire o apartado anterior, o suxeito pasivo utilízase redes alleas, a base impositiva da taxa está constituída pola cifra de ingresos brutos obtidos anualmente no termo municipal minorada nas cantidades que deba aboar ao titular da rede, polo uso desta.

3. Para os efectos dos apartados anteriores, teñen a consideración de ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos por esta como contraprestación polos servizos prestados neste termo municipal, en desenvolvemento da actividade ordinaria; só se excluirán os ingresos orixinados por feitos ou actividades extraordinarias.

A título enunciativo, teñen a consideración de ingresos brutos as facturacións polos conceptos seguintes:

- a) Subministracións ou servizos de interese xeral, propios da actividade da empresa, que corresponden a consumos dos subscritores efectuados no Municipio.
- b) Servizos prestados aos consumidores necesarios para a recepción da subministración ou servizo de interese xeral propio do obxecto da empresa, incluíndo os enlaces na rede, posta en marcha, conservación, modificación, conexión, desconexión e substitución dos contadores ou instalacións propiedade da empresa.
- c) Alugueros, canons, ou dereitos de interconexión percibidos doutras empresas subministradoras de servizos que utilicen a rede da entidade que ten a condición de suxeito pasivo.
- d) Alugueros que han de pagar os consumidores polo uso dos contadores, ou outros medios utilizados na prestación da subministración ou servizo.
- e) Outros ingresos que se facturen polos servizos resultantes da actividade propia das empresas subministradoras.

4. Non se incluírán entre os ingresos brutos, para estes efectos, os impostos indirectos que gravan os servizos prestados nin as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade que é suxeito pasivo da taxa.

5. Non teñen a consideración de ingresos brutos procedentes da facturación os conceptos seguintes:

- a) As subvencións de explotación ou de capital que as empresas poidan recibir.
- b) As indemnizacións esixidas por danos e prexuízos, a menos que sexan compensación ou contraprestación por cantidades non cobradas que se han de incluír nos ingresos brutos definidos no apartado 3.
- c) Os ingresos financeiros, como intereses, dividendos e calquera outros de natureza análoga.
- d) Os traballos realizados pola empresa para o seu inmovilizado.
- e) As cantidades procedentes de alienacións de bens e dereitos que forman parte do seu patrimonio.

6. As taxas reguladas nesta Ordenanza esixibles ás empresas ou entidades sinaladas no artigo 3 desta Ordenanza, son compatibles con outras taxas establecidas, ou que poida establecer o Concello, pola prestación de servizos ou realización de actividades de competencia local, das que as mencionadas empresas sexan suxeitos pasivos.

7. A contía da taxa determínase aplicando o 1,5 por 100 á base impositiva definida neste artigo.

### **Artigo 6º. Período impositivo e remuneración da taxa**

1. O período impositivo coincide co ano natural salvo os supostos de inicio ou cesamento na utilización ou aproveitamento especial do dominio público local necesario para a prestación da subministración ou servizo, casos en que procederá aplicar o rateo trimestral, conforme a as seguintes regras:

a) Nos supostos de altas por inicio de actividade, liquidarase a cota correspondente a os trimestres que restan para finalizar o exercicio, incluído o trimestre en que ten lugar a alta.

b) En caso de baixas por cesamento de actividade, liquidarase a cota que corresponda aos trimestres transcorridos dende o inicio do exercicio, incluído aquel en que se orixina o cesamento.

2. A obriga de pagamento da taxa regulada nesta Ordenanza nace nos momentos seguintes:

a) Cando se trata de concesións ou autorizacións de novos aproveitamentos, no momento de solicitar a licenza correspondente.

b) Cando o disfrute do aproveitamento especial a que se refire o artigo 1 desta ordenanza non requira licenza ou autorización, dende o momento en que se iniciou o citado aproveitamento. Para tal efecto, enténdese que comezou o aproveitamento especial cando se inicia a prestación de servizos aos usuarios que solicítano.

3. Cando os aproveitamentos especiais do subsolo, solo ou voo das vías públicas prólonganse durante varios exercicios, a remuneración da taxa terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural.

### **Artigo 7º. Réxime de declaración e ingreso**

1. Establécese o réxime de autoliquidación para cada tipo de subministración, que terá periodicidade trimestral e comprenderá a totalidade dos ingresos brutos facturados no trimestre natural ao que se refira. O cesamento na prestación de calquera subministración ou servizo de interese xeral, comporta a obriga de facer constar esta circunstancia na autoliquidación do trimestre correspondente así como a data de finalización.

2. Poderase presentar a declaración final o último día do mes seguinte ou o inmediato hábil posterior a cada trimestre natural. Presentarase ante a entidade que teña atribuída a xestión tributaria unha autoliquidación para cada tipo de subministración efectuada no termo municipal, especificando o volume de ingresos percibidos por cada un dos grupos integrantes da base imponible, segundo detalle do artigo 5.3 desta Ordenanza. A especificación referida ao concepto previsto na letra c) do mencionado artigo, incluírá a identificación da empresa ou empresas subministradoras de servizos ás que se facturase cantidades en concepto de peaxe. A contía total de ingresos declarados polas subministracións a que se refire o apartado a) do mencionado artigo 5.3 non poderá ser inferior á suma dos consumos rexistrados en contadores, ou outros instrumentos de medida, instalados neste Municipio.

3. As empresas que utilicen redes alleas deberán acreditar a cantidade satisfeita aos titulares das redes co fin de xustificar a minoración de ingresos a que se refire o artigo 5.2 da presente Ordenanza. Esta acreditación acompañarase da identificación da empresa ou entidade propietaria da rede utilizada.

4. Expedirase un documento de ingreso para o interesado, que lle permitirá satisfacer a cota nos lugares e prazos de pagamento que se indiquen.

Por razóns de custo e eficacia, cando da declaración trimestral dos ingresos brutos derívase unha liquidación de cota inferior a 6 euros, acumularase á seguinte.

5. A presentación das autoliquidacións despois do prazo fixado no punto 2 deste artigo comportará a esixencia das recargas de extemporaneidade, segundo o que prevé o artigo 27 da Lei Xeral Tributaria.

6. A empresa "Telefónica de España, S.A.U. " á cal cedeu Telefónica, S.A. os diferentes títulos habilitantes relativos a servizos de telecomunicacións básicas en España, non deberá satisfacer a taxa porque o seu importe queda englobado na compensación do 1,9% dos seus ingresos brutos que satisfai a este Concello.

As restantes empresas do "Grupo Telefónica", están suxeitas ao pagamento da taxa regulada

nesta ordenanza.

### **Artigo 8º. Infraccións e sancións**

1. A falta de ingreso da débeda tributaria que resulta da autoliquidación correcta da taxa dentro dos prazos establecidos nesta ordenanza, constitúe infracción tributaria tipificada no artigo 191 da Lei Xeral Tributaria, que se cualificará e sancionará segundo dispón o mencionado artigo.

2. O resto de infraccións tributarias que se poidan cometer nos procedementos de xestión, inspección e recadación desta taxa tipificaranse e sancionarán de acordo con o que se prevé na Lei Xeral Tributaria, no Regulamento Xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributarias, aprobado por Real Decreto 1065/2007 e na Ordenanza Xeral de Xestión, Inspección e Recadación dos ingresos de dereito Público municipais.

3. A falta de presentación de forma completa e correcta das declaracións e documentos necesarios para que se poida practicar a liquidación desta taxa constitúe unha infracción tributaria tipificada no artigo 192 da Lei Xeral Tributaria, que se cualificará e sancionará segundo dispón o mencionado artigo.

### **Disposición adicional 1ª. Modificación dos preceptos da ordenanza e das referencias que fai á normativa vixente, con motivo da promulgación de normas posteriores**

Os preceptos desta Ordenanza fiscal que, por razóns sistemáticas reproduzan aspectos da lexislación vixente e outras normas de desenvolvemento, e aquelas en que se fagan remisións a preceptos desta, entenderase que son automaticamente modificados e/ou substituídos, no momento en que se produza a modificación dos preceptos legais e regulamentarios de que traen causa.

### **Disposición final**

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación, e entrará en vigor unha vez se produza a publicación do seu texto no BOP. A presente ordenanza permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa. O texto íntegro da nova ordenanza, ou da ordenanza modificada, será obxecto de publicación no BOP.

As publicacións no Boletín Oficial da Provincia, foron:

Texto íntegro – BOP núm. 245 de 26/12/2012.

Texto íntegro – BOP núm. 245 de 26/12/2013.

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ACTOS DE UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DERIVADOS DA EXECUCIÓN DE OBRAS.**

### **ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúen feito impoñible desta taxa os seguintes aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas da vía pública e terreos de dominio público local no seu solo, subsolo e voo que a continuación se relacionan:

- a. Apertura de gabias, calicatas e calas en terreos de uso público local, inclusive estradas, camiños e demais vías públicas locais, para a instalación e reparación de cañarías, conducións e outras instalacións, así como calquera remoción de pavimento ou beirarrúas na vía pública.
- b. Ocupación de terreos de uso público local con puntais, asnillas e outros elementos de apeo dos edificios.
- c. Ocupación de terreos de uso público local con colectores e sacos para recollida ou depósito de entullos, materiais de construción ou residuos, valados, andamios, entullos, areas, camiós bombeadores de formigón e outros.

### **ARTIGO 2.- SUXEITOS PASIVOS**

Son suxeitos pasivos das taxas reguladas nesta ordenanza, en concepto de contribuíntes as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria quen desfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local.

### **ARTIGO 3.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS**

O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais non estarán obrigadas o pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza, referidas a aproveitamentos inherentes ós servizos públicos de comunicacións que exploten directamente e por todos os que inmediatamente interesen a seguridade cidadá ou a defensa nacional.

As empresas que paguen a taxa por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración que resulten de interese xeral ou afecten a xeneralidade ou unha parte importante da veciñanza quedan excluídas, da exacción da taxa por actos de utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local derivados da execución de obras

### **ARTIGO 4.- COTAS**

1. As cotas tributarias relativas ás taxas reguladas nesta Ordenanza calcularanse aplicando as seguintes tarifas:

*Epígrafe A) Calicatas e gabias e calquera remoción do pavimento e beirarrúas, previstos no apartado a) do artigo 1 desta ordenanza:*

Por m<sup>2</sup> ou fracción.

Día	Mes
0,82 €	8,18 €

*Epígrafe B) Puntais, asnillas e outros elementos de apeo dos edificios.*

Por m<sup>2</sup> ou fracción



Día	Mes
0,31 €	3,01 €

*Epígrafe C) Colectores e sacos para recollida ou depósito de entullos, materiais de construción ou residuos, valados, andamios, entullos, areas, camións bombeadores de formigón e outros.*

Por m2 ou fracción.

Día	Mes
0,36 €	3,68 €

2. Cando o tempo de aproveitamento sexa superior a seis meses, as cotas incrementaranse nun 30%.

3. Cando as actuacións leven aparellada a instalación de publicidade, excluindo o cartel, de medidas normais, da empresa que realiza a obra, e colocadas na vía pública, incrementarase a cota nun 30%.

4. Con carácter mínimo, e cando pola aplicación das cotas, non se acade dito importe, esixírase unha contía de 30,67 euros.

#### **ARTIGO 5.- DEVENGO.**

As taxas reguladas na presente ordenanza devengarase no momento en que se inicie o aproveitamento especial.

#### **ARTIGO 6.- NORMAS SOBRE INGRESO**

No momento da presentación de solicitudes de licencias para aproveitamentos con unha duración determinada, os suxeitos pasivos ingresarán polo procedemento de autoliquidación o importe das taxas resultantes.

#### **ARTIGO 7.- NORMAS DE XESTIÓN**

1. Para poder desfrutar dos aproveitamentos especiais e utilizacións privativas de vía pública, os interesados deberán solicitar a oportuna licenza. No caso de que os lugares susceptibles de aproveitamento especial ou utilización privativa fosen limitados, poderán concederse as licencias mediante poxa pública conforme ó Prego de Condicións que oportunamente se aprobe. Servirán de tipo inicial de licitación os prezos que figuran no artigo 4 deste texto.

2. En todo caso estes aproveitamentos axustaranse ó disposto no Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/86.

3. As solicitudes contarán en todo caso cos seguintes datos: nome, apelidos e D.N.I. ou razón social e C.I.F. do solicitante, domicilio fiscal, situación e duración do aproveitamento.

4. Os servizos técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados concedéndose as licencias de non atopar diferencias coas peticións e conforme ás normas vixentes no Concello en relación ó tráfico, limpeza, non obstaculizar calzada e beirarrúas, seguridade e outras. Se se vesen diferencias coas declaracións, notificaranse ós interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias con aplicación de intereses de demora e a sanción correspondente.

5. En caso de denegarse as autorizacións, procederá a devolución dos importes ingresados.

6. Non poderá desfrutarse dun aproveitamento da vía pública ata que fose ingresado o importe das taxas e fose outorgada a correspondente licenza.

7. Entenderase autorizada a ocupación polo tempo que figure na licenza. A solicitude de prórroga

dos prazos inicialmente concedidos tramitaranse como unha nova licenza.

8. Cando por motivo das actuacións feitas reguladas por esta Ordenanza se produza a destrución ou estrago do dominio público local, os titulares das licenzas ou os obrigados ao pagamento, sen prexuízo do abono da taxa a que procedese, virán obrigados á reparación do dano causado, deixando en perfecto estado o dominio público empregado. Para tal efecto terá que presentar, antes do inicio da actividade, as garantías necesarias e suficientes, e como mínimo, un importe e 60,10 € por cada m2 de aproveitamento.

#### **ARTIGO 8.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

No relativo a infraccións tributarias desta ordenanza, así como as súas cualificacións e sancións, estarase ó disposto na Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e restante normativa de aplicación.

#### **DISPOSICIÓNS FINAIS**

1ª. No non previsto nesta Ordenanza será de aplicación a Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, Lei 58/2003 Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

2ª. Esta Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o 01/01/2014, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

*As publicacións no Boletín Oficial da Provincia, foron:*

*Texto íntegro – BOP núm. 245 de 26/12/2012.*

*Texto íntegro – BOP núm. 246 de 27/12/2013.*

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL CON OCASIÓN DA CELEBRACIÓN DE MATRIMONIO CIVIL**

### **Artigo 1º. Fundamento e natureza**

De conformidade co previsto no artigo 106 da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local e, de conformidade cos artigos 15, 20.4 e 57, todos eles do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por aproveitamento especial do dominio público local con ocasión da celebración de matrimonios civís autorizados polo Alcalde ou concelleiro da Corporación en quen delegue, que se rexerá pola presente Ordenanza.

### **Artigo 2º. Feito imponible**

Constitúe feito imponible o aproveitamento especial do dominio público local con ocasión da celebración de matrimonios civís autorizados polo Alcalde ou concelleiro da Corporación en quen delegue.

### **Artigo 3º. Suxeito pasivo**

E suxeito pasivo do tributo en calidade de contribuínte o/a beneficiario/a do servizo entendéndose por tal o/a contraente que formule a solicitude por aproveitamento especial do dominio público local

### **Artigo 4º. Devengo**

O tributo devengarase e nace a obriga de contribuír, no momento da presentación da solicitude nas oficinas do Concello.

### **Artigo 5º. Obrigados ó pago**

Están obrigados ó pago da taxa nesta Ordenanza os beneficiarios/as do servizo, entendéndose por tales os/as contraentes.

### **Artigo 6º. Contía**

A cota tributaria, que se abonará no momento da solicitude, será polo importe de **81,76 €**.

### **Artigo 7º. Normas de xestión.**

Os solicitantes do aproveitamento especial do dominio público local están obrigados a presentar a correspondente declaración nos impresos habilitados ó efecto pola Administración Tributaria Local e a realizar o ingreso da autoliquidación resultante nas Entidades bancarias debidamente autorizadas, o que se deberá acreditar no momento de presentar a correspondente solicitude.

### **Artigo 8.- Infraccións e sancións.**

No relativo a infraccións tributarias desta ordenanza, así como as súas cualificacións e sancións, estarase ó disposto na Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e restante normativa de aplicación.

### **Disposicións finais.**

1ª. No non previsto nesta Ordenanza será de aplicación a Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, Lei 58/2003 Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

2ª. Esta Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da

Provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2014, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

*As publicacións no Boletín Oficial da Provincia, foron:*

*Texto íntegro – BOP núm. 245 de 26/12/2012.*

*Texto íntegro – BOP núm. 246 de 27/12/2013.*

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL CON CAIXEIROS AUTOMÁTICOS DO CONCELLO DE AMES**

### **Artigo 1.–Fundamento e natureza.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos adosados aos edificios e con acceso directo dende a vía pública a que se refire o artigo 20.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

### **Artigo 2.–Feito imponible.**

Constitúe o feito imponible da taxa o aproveitamento especial do dominio público que comporta a instalación polas entidades bancarias de caixeiros automáticos e demais aparellos de que se serven as entidades financeiras para prestar os seus servizos nas fachadas dos inmobles, con acceso directo dende a vía pública.

A obriga de contribuír nace polo outorgamento da concesión da licenza administrativa ou dende que se realice o aproveitamento se se fixera sen a correspondente licenza.

### **Artigo 3.–Suxeitos pasivos.**

Son suxeitos pasivos en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, a cuxo favor se outorguen as licenzas ou quen se beneficie do aproveitamento, se se procedeu sen a oportuna autorización, e en calquera caso a entidade financeira titular do caixeiro automático.

### **Artigo 4.–Responsables.**

1. Responderán solidariamente da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.
2. Responderán subsidiariamente da débeda tributaria os administradores de feito ou de dereito das persoas xurídicas, os integrantes da administración concursal, e os liquidadores de entidades ou sociedades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

### **Artigo 5.–Beneficios fiscais.**

Non se concederán máis exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas Leis ou as derivadas de tratados internacionais.

### **Artigo 6.–Cota tributaria.**

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será de 709,88 euros por unidade de caixeiro automático e ano.

### **Artigo 7.–Devengo e período impositivo.**

A presente taxa ten natureza periódica, devengándose o primeiro día do período impositivo, que coincidirá co ano natural, salvo os supostos de inicio ou cesamento na utilización ou aproveitamento especial do dominio público local, casos en que procederá aplicar o prorrateo trimestral, conforme ás seguintes regras:

- a) Nos supostos de altas por instalación dun novo caixeiro automático, liquidarase a cota correspondente aos trimestres que restan para finalizar o exercicio, incluído o trimestre en que ten lugar a alta.
- b) En caso de baixas por eliminación do caixeiro automático, liquidarase a cota que corresponda aos trimestres transcorridos dende o inicio do exercicio, incluíndo aquel en que se orixina o cesamento. Cando a baixa teña lugar despois do devengo da taxa e xa fora abonada a cota, o suxeito pasivo poderá solicitar a devolución da cantidade que polo prorrateo da cota lle corresponda percibir.

## **Artigo 8.–Normas de xestión.**

1. As entidades interesadas na concesión dos aproveitamentos regulados nesta ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licenza para a instalación e formular declaración na que conste a localización do aproveitamento.
2. Unha vez concedida a licenza, ou cando se proceda ao aproveitamento aínda sen haberse outorgado aquela, o Concello xirará a liquidación tributaria que corresponda, sen que este feito presupoña a concesión da licenza.
3. O aproveitamento entenderase prorrogado mentres non se presente a baixa debidamente xustificada polo interesado. A tal fin, os suxeitos pasivos deberán presentar a oportuna declaración no prazo dun mes a contar dende a data na que se retire a instalación.
4. Nos seguintes exercicios o Concello practicará a liquidación da cota anual prevista no artigo 6 desta ordenanza mediante Padrón que será notificada colectivamente mediante edictos que así o advirtan ao suxeito pasivo do tributo para o seu pago nos prazos establecidos na Lei Xeral Tributaria.

## **Artigo 9.–Infraccións e sancións.**

No relativo á cualificación das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime establecido nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

## **Artigo 10.–Normas complementarias.**

No non previsto especificamente nesta ordenanza e que faga referencia á aplicación, xestión, liquidación, inspección e recadación destas taxas, estarase ao previsto na Lei Xeral Tributaria, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento e demais lexislación vixente que lle sexa de aplicación, en especial a ordenanza fiscal xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público do Concello de Ames.

## **Disposición transitoria única**

1. Para realizar as liquidacións correspondentes ao primeiro exercicio da imposición, os servizos tributarios municipais remitirán ás entidades financeiras escrito solicitando a relación dos caixeiros automáticos que cumpran as condicións establecidas no artigo 2.1 desta ordenanza fiscal, con especificación da súa ubicación.
2. A contestación ao escrito de solicitude da relación de caixeiros automáticos terá o carácter de declaración tributaria de alta en Padrón e os efectos do artigo 102.3 da citada Lei Xeral Tributaria.
3. Comprobada a relación, o Concello emitirá liquidacións que serán notificadas aos interesados na forma prevista nos artigos 109 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.
4. O incumprimento desta obriga será considerada como infracción tributaria leve das sinaladas no artigo 199 da Lei Xeral Tributaria e sancionada conforme ao disposto no Real Decreto 2063/2004 de 15 de outubro, que aproba o Regulamento Xeral do Réxime Sancionador Tributario.

## **Disposición adicional**

Os preceptos desta ordenanza fiscal que, por razóns sistemática reproduzan aspectos da lexislación vixente e outras normas de desenvolvemento, e aquelas en que se fagan remisións a esta, entenderase que son automaticamente modificados e/ou substituídos, no momento en que se produza a modificación dos preceptos legais e regulamentarios de que traen causa.

## **Disposición final**

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día **\*\*/\*\*/2015**, entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2016, continuando vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

*As publicacións no Boletín Oficial da Provincia, foron:*

*Texto íntegro – BOP núm. 244 de 22/12/2015, en dicho anuncio consta que foi aprobada provisionalmente o 29/10/2015 e que ao non terse presentado ningunha reclamación durante o prazo de exposición pública, o acordo de aprobación provisional quedou elevado a definitivo de maneira automática.*

Ordenanza de prezo público número 1

## **Ordenanza reguladora do prezo público pola utilización do complexo da piscina cuberta municipal de Ames**

### **Artigo 1º.- Obxecto do prezo público.**

Constitúe o obxecto do presente prezo público:

- a) A utilización dos diversos servizos que se prestan no complexo da piscina cuberta municipal de Ames.
- b) A utilización das instalacións e bens municipais adicados, especificamente, á prestación de ditos servizos.

### **Artigo 2º.- Obrigados ao pago.**

Estarán obrigados ao pago do prezo público aquelas persoas que utilicen e se beneficien dos servizos, instalacións e actividades que se presten na piscina municipal.

### **Artigo 3º.- Normas de xestión e administración.**

O abono dos prezos que se establecen farase no momento da entrada no recinto da piscina municipal, entendéndose que, cando a persoa usuaria se ausente do recinto, finaliza o dereito a facer uso de ditos servizos, de tal modo que, de volver a desexar utiliza-los mesmos, sería necesario o abono do novo prezo público de entrada.

Non obstante, prevese a posibilidade de obter un abono pola contía e cas características que se indican no Anexo.

### **Artigo 4.- Contía.**

A contía e estrutura do prezo público que se establece neste acordo será a que figura no anexo ao mesmo.

### **Artigo 5º.- Entrada en vigor.**

O presente acordo entrará en vigor e será de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación no BOP.

Anexo.

<b>A. - COTA DE ENTRADA:</b>	
<b>(MATRICULA):</b>	<b>21,85 €</b>
<b>B. - ABONADOS</b>	
Abonado individual con servizo deportivo:	21,85 €
Abonado familiar (indep. n° de fillos):	27,18 €
Abonado terceira idade e colectivos desfavorecidos.:	16,32 €
Abonado colectivo desfavorecido familiar:	19,63 €
Abonado terceira idade familiar:	9,84 €
Menores de 18 anos:	16,32 €
Abonados entre 18 e 24 anos que convivan ca unidade familiar:	9,84 €
<b>C.- NON ABONADOS</b>	
Entrada ADULTO piscina, ximnasio (sen límite de tempo/día):	3,78 €
Entrada MENORES de idade piscina, ximnasio, (sen límite de tempo/d'a):	2,71 €
<b>D.-CURSOS</b>	
<b>1.- CURSOS DE NATACIÓN</b>	
- Tarifa mensual de curso por cada día á semana:	10,91 €
Cursos de PROGRAMA NATACIÓN ESCOLAR:	6,48 €
<b>2.- CURSOS DE NATACIÓN BEBÉS:</b>	
- Tarifa mensual de curso por cada día á semana:	10,91 €
<b>3.- CURSOS DE NATACIÓN TERCEIRA IDADE E DISCAPACIDADES</b>	
- Tarifa mensual de curso por cada día á semana:	9,84 €
<b>4.-CURSOS DE XIMNASIO: AEROBIC, XIM. MANTENIMENTO,</b>	
- Tarifa mensual de curso por cada día á semana:	10,86 €
Nestes cursos o usuario elixe o número de días á semana que quere realizar.	
Dentro da oferta terán a opción de 1, 2, 3 días ou cursos intensivos.	
<b>5.- CURSOS PREPARACIÓN AO PARTO</b>	
- Tarifa mensual de curso por cada día á semana:	gratuito
<b>6.-CURSO DE PREPARACIÓN FÍSICA:</b>	
- (opositores, personal training,...):	32,61 €
<b>7. -OUTRAS ACTIVIDADES</b>	
- REHABILITACIÓN (Sesión):	21,56 €
- REVISIÓN MÉDICA:	27,09 €
- MASAXE:	16,32 €
- MASAXE RÁPIDO (sesión de 15 minutos):	10,91 €
- XORNADA ACUÁTICA OU FESTIVA:	5,43 €
- ALUGUER DE RÚA PISCINA (45 minutos):	21,76 €
- SEGURO PERSOAL ASISTENCIA SANITARIA (seguro/ano):	21,76 €
- SERVIZO DE GARDARROUPA (Custodia de obxectos de valor):	0,19 €
<b>E- COTA DE MANTENIMENTO</b>	
- COTA DE MANTENIMENTO.	9,84 €



A estes importes a empresa Concesionaria debe engadir o IVE que corresponda en cada momento para facturar a prestación aos usuarios

### **NORMAS DE APLICACIÓN DAS TARIFAS ANTERIORES:**

a) A condición de abonado adquirese tralo pagamento da cota tributaria correspondente. O abonado ten dereito á utilización da piscina, zona relax, e ximnasio durante todo o horario de funcionamento da instalación.

b) As tarifas fixadas para os cursos, tanto de carácter xeral como especial, terán para os abonados unha redución do 30 % fronte aos non abonados.

c) Enténdese por abonado familiar o responsable da unidade familiar que pode incluír o cónxuxe ou persoa vinculada por análoga relación afectiva (que deberá ser acreditada mediante inscrición da mesma no correspondente Rexistro Público) así como os fillos menores de 18 anos e que fan uso das instalacións sen limitación horaria nin de días. Os fillos/as ao cumprir os 18 anos poderán inscribirse na categoría individual "Abonados entre 18 e 24 anos que convivan ca unidade familiar" sen ter que abonar cota de entrada.

En todo caso, poderanse acoller á categoría "abonados entre 18 e 24 anos que convivan ca unidade familiar" aquelas persoas que, cumprindo o requisito de idade, acrediten tal convivencia mediante a achega do correspondente certificado municipal. Entenderase que existe convivencia ca unidade familiar tanto nos casos en que o abonado conviva con pais e nais, como naqueles outros en que o faga con un só dos membros da parella.

d) Enténdese por abonado da terceira idade, unha persoa de 65 ou máis anos.

e) Enténdese por usuario con minusvalía, aquel que presente unha discapacidade igual ou superior ao 33 %, segundo certificado expedido polo órgano competente da Xunta de Galicia.

f) A inclusión dunha persoa no epígrafe "colectivo desfavorecido" esixirá informe favorable dos Servizos Sociais do Concello. Sen prexuízo do anterior, entenderanse incluídos en todo caso neste epígrafe os parados de longa duración, que deberán acreditar mensualmente non ter causado baixa nos rexistros correspondentes dos servizos de emprego competentes. Se considerará en todo caso incluída no epígrafe de colectivo desfavorecido a aquelas persoas que presenten unha discapacidade igual ou superior ao 33 %, segundo certificado expedido polo órgano competente da Xunta de Galicia

g) Denomínase "cota de mantemento" á tarifa pagada polos abonados da instalación durante aqueles meses en que non fagan uso das mesmas. O pago desta cota habilita para volver a utilizar as instalacións sen necesidade de abonar novamente a matrícula.

Os usuarios que desexen acollerse a esta cota poderán facelo durante un máximo de dous meses, non consecutivos, ao longo da tempada.

### **Disposición Final.**

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación, e entrará en vigor unha vez se produza a publicación do seu texto no BOP, o 01/01/2013. A presente ordenanza permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa. O texto íntegro da nova ordenanza, ou da ordenanza modificada, será obxecto de publicación no BOP."

As publicacións no Boletín Oficial da Provincia, foron:

Texto íntegro – BOP núm. 245 de 26/12/2012.

Texto íntegro – BOP núm. 230 de 03/12/2018.

Ordenanza de prezo público número 2

## ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLOS SERVIZOS CULTURAIS E DEPORTIVOS

### Artigo 1.º - Fundamento.

De conformidade co previsto no artigo 41, en relación co 127, ámbolos dous do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e demais normativa concordante de aplicación este Concello establece o prezo público pola prestación de servizos culturais e deportivos polo Concello de Ames.

### Artigo 2.º - Concepto.

O prezo público regulado nesta ordenanza constitúe un ingreso de dereito público que se satisfará polos usuarios que voluntariamente soliciten os servizos culturais e deportivos prestados polo Concello de Ames.

### Artigo 3.º - Obrigados ao pagamento.

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza quen se beneficie dos servizos deportivos e culturais municipais prestados polo Concello e especificados no artigo 4.º da presente ordenanza.

### Artigo 4.º - Tarifas.

1.- O prezo público que se debe pagar ao Concello polos servizos deportivos e culturais municipais, cinguirase ás seguintes tarifas:

#### 4.1 Escolas deportivas

##### Curso completo:

PROPOSTA DE TARIFA	MENORES DE 18 ANOS	2º MEMBRO MENOR DE 18 ANOS	3º E RESTANTES MEMBROS MENORES DE 18 ANOS	MAIORES DE 18 ANOS
UNHA ESCOLA DEPORTIVA	32,00 €	16,00 €	8,00 €	48,00 €
DÚAS ESCOLAS DEPORTIVAS	48,00 €	24,00 €	12,00 €	72,00 €

##### Tarifa mensual, a efectos de prorrateo da cota en caso de altas ou baixas unha vez comezada a actividade:

PROPOSTA DE TARIFA POR MES DEVOLUCIÓNS E PRORRATEO	MENORES DE 18 ANOS	2º MEMBRO MENOR DE 18 ANOS	3º E RESTANTES MEMBROS MENORES DE 18 ANOS	MAIORES DE 18 ANOS
UNHA ESCOLA DEPORTIVA	4,00 €	2,00 €	1,00 €	6,00 €
DÚAS ESCOLAS DEPORTIVAS	6,00 €	3,00 €	1,50 €	9,00 €

A fin de favorecer unha maior participación nas escolas deportivas, cada persoa só poderá matricularse nun máximo de dúas escolas.

4.2. Importes dos prezos públicos a abonar polos/as usuarios/as dos obradoiros culturais municipais.

##### Curso completo

PROPOSTA DE TARIFA	MENORES DE 18 ANOS	2º MEMBRO MENOR DE 18 ANOS	3º E RESTANTES MEMBROS MENORES DE 18 ANOS	MAIORES DE 18 ANOS
OBRADOIROS	40,00 €	20,00 €	10,00 €	50,00 €

Tarifa mensual, a efectos de prorrateo da cota en caso de altas ou baixas unha vez comezada a actividade.

PROPOSTA DE TARIFA MENSUAL DEVOLUCIÓNS E PRORRATEO	MENORES DE 18 ANOS	2º MEMBRO MENOR DE 18 ANOS	3º E RESTANTES MEMBROS MENORES DE 18 ANOS	MAIORES DE 18 ANOS
OBRADOIROS	5,00 €	2,50 €	1,25 €	6,25 €

4.3. Viaxes organizados polo Concello, campamentos fóra do termo municipal:

O prezo será fixado pola Xunta de Goberno Local, de xeito que, polo número dos solicitantes, se cubra o custo total da actividade, segundo o estudo de custos presentado polo Departamento correspondente (Cultura, Medio Ambiente, Mocidade, Servizos Sociais) na súa proposta, correspondendo á Xunta de Goberno Local a aprobación individualizada de cada prezo á vista da proposta presentada. Porén, cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, debidamente acreditadas mediante informe técnico dos servizos correspondentes, a Xunta de Goberno Local poderá fixar un prezo que non cubra o custo do mesmo, sempre que nos orzamentos exista consignación orzamentaria para a cobertura da diferenza existente.

Con independencia do anterior, considéranse razóns sociais que lexitiman a aplicación dun desconto nas tarifas correspondentes, sempre que exista consignación orzamentaria para cubrir a diferenza, as seguintes:

- O segundo membro da unidade familiar menor de 18 anos pagará o 50 por cento do primeiro.
- O terceiro e restantes membros da unidade familiar menores de 18 anos pagarán o 25 por cento do primeiro.

4.4. Campamentos urbanos e similares

a) Cando a duración sexa inferior a 20 horas: 0,30 euros/hora.

Cando a duración sexa superior a 20 horas: 0,20 euros/hora.

4.5. Entrada a espectáculos, obras de teatro, actuacións musicais e similares nos centros socio culturais, organizados polo Concello:

a) Cando o solicitante sexa maior de 18 anos: 2 euros.

b) Cando o solicitante sexa menor de 18 anos: 1 euros.

4.6. Impartición de cursos de natación na piscina descuberta de Bertamiráns e Milladoiro, nos meses de xullo e agosto.

Cota: 20,00 euros por curso.

O segundo membro da unidade familiar menor de 18 anos pagará o 50 por cento do primeiro.

O terceiro e restantes membros da unidade familiar menores de 18 anos pagarán o 25 por cento do primeiro.

**Artigo 5.º - Normas de xestión.**

1. A obriga do pagamento do prezo público xurde desde que se inicia a prestación do servizo deportivo ou cultural enumerado no artigo anterior. Sen embargo, o concello, de conformidade ca habilitación prevista no artigo 46 do RDLex. 2/2004, de 5 de marzo, esixirá o depósito previo do

seu importe total.

2. O ingreso do prezo público se fará en réxime de autoliquidación nas entidades bancarias designadas polo concello. Non se prestará o servizo solicitado sen a presentación do xustificante de ter ingresado o correspondente prezo público.

3. Cando por causas non imputables ao obrigado ao pagamento do prezo, non se preste o servizo, procederá a devolución do importe correspondente.

4. No caso de existir varias solicitudes coincidentes darase preferencia no caso dos particulares ós empadroados no Concello de Ames e no caso de entidades ás que teñan a súa sede social no Concello.

5. Nos seguintes casos o órgano municipal competente poderá acordar a exención total das tarifas expostas:

° Casos de emerxencia social declarados polo Concello, ao abeiro do disposto no Regulamento de emerxencia social.

° Integrantes de unidades familiares que, sen estar en situación de emerxencia social, no lugar do certificado de entidade bancaria do saldo medio, acheguen coa declaración xurada do artigo 11.5.2 b) da OFX, un informe social no que se acredite (de forma conxunta e non illada) que se trata de familias con menores con problemas de integración social, familias en risco de desestruturación familiar, pendentas de iniciar ou tendo iniciado un expediente de protección de menores, ou casos de intervención socio familiar, e non acrediten ser titulares doutros bens que pola súa valoración ou recente adquisición evidencien signos de capacidade económica suficiente

6. As débedas por prezos públicos poderán esixirse polo procedemento de apremio.

7. As cantidades aboadas soamente serán devoltas cando non se poda utilizar o servizo por causa de forza maior non imputable ao interesado. Estas causas deberán ser debidamente xustificadas na solicitude de devolución que se formule, debendo achegar a esta os documentos xustificativos que en cada caso correspondan. Fóra destes casos, non se efectuarán devolucións das cantidades aboadas.

### **Artigo 6º .- Delegación na Xunta de Goberno Local.**

No suposto de que o servizo ou actividade cultural ou deportiva a prestar polo Concello, non se encontre tarifada na presente Ordenanza ou resulte necesaria a modificación ou actualización das contías, delégase na Xunta de Goberno Local, conforme os artigos 47 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 23.2 b) da Lei 7/85, de 2 de abril, o establecemento da tarifa ou a actualización da mesma, a proposta do servizo técnico correspondente co previo informe do interventor municipal.

### **Disposición derogatoria**

Coa entrada en vigor da presente ordenanza fiscal queda derogada a anterior ordenanza reguladora do prezo público polos servizos culturais e deportivos prestados polo Concello de Ames.

### **Disposición derradeira**

A presente ordenanza, unha vez aprobada definitivamente, será publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e manterase en vigor mentres no se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

*As publicacións no Boletín Oficial da Provincia, foron:*

*Texto íntegro – BOP núm.300 de 31/12/2004.*

*Primeira modificación puntual - BOP núm. 270 de 24/12/2009.*

*Segunda modificación puntual - BOP núm. 243 de 23/12/2010.*

*Terceira modificación puntual - BOP núm. 247 de 29/12/2011.*

*Cuarta modificación puntual – BOP núm. 245 de 26/12/2013.*

## **ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E CULTURAIS DE PROPIEDAD MUNICIPAL**

### **Artigo 1.º . Fundamento e natureza.**

De conformidade co previsto no artigo 117 en relación co artigo 41 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece o prezo público pola utilización das instalacións deportivas e culturais municipais, que se rexerán pola presente Ordenanza.

### **Artigo 2.º . Concepto.**

1.-O prezo público regulado nesta ordenanza constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará polos usuarios que voluntariamente soliciten a utilización das instalacións deportivas e culturais municipais que a continuación se detallan:

- 1.1.-Pavillóns polideportivos de Bertamiráns e O Milladoiro (comprenderá a utilización dos vestiarios e duchas).
- 1.2.-Campo Municipal de Deportes de Bertamiráns e de Milladoiro (comprenderá a utilización dos vestiarios e duchas).
- 1.3.-Salón de Actos dos Centros Socios Culturais de Bertamiráns e O Milladoiro.
- 1.4.-Aulas dos Centro Socio Culturais de Bertamiráns e O Milladoiro.
- 1.5.-Locais sociais de titularidade municipal situados nas diferentes parroquias do Concello
- 1.6.- Piscinas descubertas de titularidade municipal.

### **Artigo 3.º . Obrigados ao pagamento**

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza quen solicite a utilización das instalacións deportivas e culturais municipais enumeradas no artigo anterior.

Non obstante o anterior, o Concello mediante acordo de Comisión de Goberno poderá subscribir acordos puntuais de colaboración sempre que isto redunde no interese xeral.

### **Artigo 4.º . Tarifa.**

1.-O prezo público que se debe pagar ao Concello pola utilización das instalacións deportivas e culturais municipais, cinguirase ás seguintes tarifas:

#### **4.1. Pavillóns polideportivos de Bertamiráns e O Milladoiro.**

- a) Cando o solicitante non cobre entrada a tarifa será de 9,66 euros por hora ou fracción se non se emprega luz e de 13,95 euros por hora ou fracción se se emprega luz.
- b) Cando o solicitante cobre entrada a terceiros: a tarifa será de 16,10 euros por hora ou fracción se non se emprega luz e de 21,46 euros por hora ou fracción se se emprega luz.
- c) Cando a utilización sexa para actos extradeportivos a tarifa será de 32,19 euros por hora ou fracción se non se emprega luz e de 37,56 euros por hora ou fracción se se emprega luz.

#### **4.2. Campo municipal de deportes de Bertamiráns.**

- a) Actividades deportivas a tarifa será por hora ou fracción de 64,38 euros.
- b) Actividades extradeportivas, a tarifa será de 96,57 euros por hora ou fracción.

#### **4.3. Salón de actos dos centros socioculturais de Bertamiráns e O Milladoiro.**

- a) Cando o solicitante non cobre entrada, a tarifa será por hora ou fracción de 10,73 euros.
- b) Cando o solicitante cobre entrada a tarifa será por hora ou fracción de 53,65 euros.
- c) Actividades extraculturais a tarifa será de 96,57 euros por hora ou fracción.

#### **4.4. Aulas dos centros socioculturais de Bertamiráns e O Milladoiro**

- a) Cando o solicitante non cobre entrada, a tarifa será por hora ou fracción de 10,73 euros.
- b) Cando o solicitante cobre entrada a tarifa será por hora ou fracción de 53,65 euros.
- c) Actividades extraculturais, a tarifa será de 64,38 euros por hora ou fracción.

#### **4.5. Locais sociais de titularidade municipal situados nas diferentes parroquias do Concello:**

- a) Cando o solicitante non cobre entrada a tarifa será de 10,73 euros por hora ou fracción.
- b) Cando o solicitante cobre entrada a tarifa será de 53,65 euros por hora ou fracción.
- c) Cando a solicitude sexa para actividades extradeportivas ou extraculturais a tarifa será de 64,38 euros por hora ou fracción.

#### **4.6 Piscinas descubertas de titularidade municipal.** Non estará suxeita o acceso á piscina existente na praia fluvial de Tapia.

<b>Tipo de entradas</b>	<b>Nova tarifa</b>
Abono familiar tempada (pais e fillos menores de 18 anos, engadirá aos fillos menores de 25 anos cando estes non dispoñan de ingresos propios )	20,00 €
Abono tempada individual	14,00 €
Abono tempada (menores de 18 anos)	7,00 €
Abono mes	7,00 €
Abono mes (menores 18 anos)	5,00 €
Entrada ordinaria	3,00 €
Entrada (menores de 18 anos)	.....
Entrada (de 10 a 18 anos)	2,00 €
Entrada (de 4 a 10 anos)	1,00 €
Menores de 4 anos	Exentos
3º irmán en abono	50%
Exención de taxas nos abonos	Informe SS.SS

#### **Artigo 5.º . Normas de xestión.**

1. As solicitudes para a utilización das instalacións deportivas ou culturais propiedade municipal serán realizadas nun escrito dirixido á Alcaldía do Concello de Ames polos interesados, cunha antelación mínima de 3 días hábiles en relación ó momento no que se pretenda a súa utilización, concretando a data, hora, actividade a desenvolver e demais circunstancias de interese.

2. A obriga do pagamento do prezo público orixinarase no momento no que se autorice a utilización das instalacións deportivas e culturais enumeradas no artigo 4.º .

A autorización corresponderá a Alcaldía do Concello de Ames ou concelleiro de Cultura e Deportes. O encargado das instalacións non permitirá a súa utilización sen a presentación da autorización municipal e do xustificante de ter ingresado o correspondente prezo público.

3. O Concello de Ames, en casos debidamente xustificados, poderá esixir un depósito previo para responder, se é o caso, das indemnizacións polos desperfectos que poidan producirse nas instalacións deportivas e culturais municipais. Este depósito poderá constituírse en metálico, mediante aval bancario ou póliza de seguros. Devolverase o seu importe, previo informe do xefe da sección de Deportes ou Cultura no que conste que non se causaron danos ou que estes foron reparados.

4. Os gastos de persoal de servizo discontinuo (billeteiros, porteiros, vixilantes, electricistas...) e os gastos extraordinarios xerados serán por conta dos organizadores do acto.

5. O solicitante do servizo practicará a autoliquidación consonte ás tarifas establecidas no artigo 4, e o ingreso farase nas entidades bancarias designadas polo Concello, unha vez sexa autorizada a utilización das correspondentes instalacións

6. Cando por causas non imputables ó obrigado ó pagamento do prezo, a utilización non teña lugar, procederá a devolución do importe correspondente.

7. No caso de existir varias solicitudes coincidentes darase preferencia, no caso dos particulares, ós empadroados no Concello de Ames e, no caso de entidades, ás que teñan a súa sede social no Concello.

8. As regras establecidas nos puntos 1 a 5 do presente artigo non será de aplicación para o acceso ás piscinas descubertas municipais, no que a xestión do seu pagamento farase mediante o sistema de abonos. Neste suposto, o solicitante practicará a autoliquidación do seu importe e ingresará a contía resultante nas entidades bancarias designadas polo Concello. O encargado das instalacións non permitirá a súa utilización sen a presentación do documento acreditativo da súa calidade de abonado, documento que será entregado unha vez xustificado o ingreso.

Para a delimitación do concepto “abonado familiar”, estarase ao disposto no artigo correspondente da Ordenanza reguladora do prezo público pola utilización do complexo da piscina cuberta municipal de Ames. A documentación a presentar será DNI do/a cabeza de familia, copia do libro de familia e no caso de fillos entre os 18 e os 24 anos cumpridos, documento que acredite ser demandante de emprego.

O cobramento dos prezos que se establezan ao marxe dos abonos farase no momento de entrada no recinto da piscina municipal, entendéndose que, cando a a persoa usuaria se ausente do recinto, finaliza o dereito a facer uso de ditos servizos, de tal modo que, de volver a desexar a utilización dos mesmos, sería necesario o aboamento dun novo prezo público de entrada

#### **Artigo 6.º . Exencións.**

Estará exento de pagamento o Concello de Ames nas actividades organizadas ou patrocinadas por este.

Os colexios públicos ou concertados do Concello de Ames, as asociacións sen ánimo de lucro inscritas no Rexistro municipal de asociacións e os clubs deportivos do Concello tamén poderán utilizar as instalacións deportivas ou culturais de propiedade municipal de xeito gratuíto, sempre que se trate de actividades culturais ou deportivas. Tamén será gratuíta a utilización polos veciños de Ames para tratar asuntos de interese veciñal e carezan de local propio.

#### **Disposición derogatoria única**

A partir da data da entrada en vigor da presente ordenanza reguladora quedará derogada a ordenanza n.º 10-T, reguladora de taxas pola prestación de instalacións deportivas de Bertamiráns e O Milladoiro.

#### **Disposición derradeira**

A presente ordenanza, unha vez aprobada definitivamente, será publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa. No caso de modificacións parciais, os artigos non modificados continuarán vixentes. As modificacións producidas pola Lei de presupostos xerais do Estado, ou outra norma de rango legal que afecte a calquera elemento desta ordenanza, serán de aplicación automática

*As publicacións no Boletín Oficial da Provincia, foron:*

*Texto íntegro – BOP núm.299 de 31/12/2003.*

*Primeira modificación puntual - BOP núm.296 de 24/12/2008.*

*Segunda modificación puntual - BOP núm. 270 de 24/12/2009.*

*Terceira modificación puntual - BOP núm. 243 de 23/12/2010.*



*Cuarta modificación puntual - BOP núm. 247 de 29/12/2011.*

*Quinta modificación puntual- BOP núm. 121 de 27/06/2013.*

*Sexta modificación puntual- BOP núm. 245 de 26/12/2013.*

Ordenanza de prezo público número 4

## **Ordenanza Reguladora dos prezos públicos pola Prestación dos Servizos da Escola Municipal de Música do Concello de Ames (EMMA)**

### **Artigo 1º. Fundamento e natureza.**

De conformidade co previsto no artigo 117 en relación co artigo 41, ambos os dous da Lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, este concello establece o prezo público pola prestación dos servizos da Escola Municipal de Música do Concello de Ames.

### **Artigo 2º. Concepto.**

O prezo público regulado nesta ordenanza constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que satisfarán os usuarios/as que voluntariamente soliciten a prestación dos servizos da Escola Municipal de Música de Ames. Os servizos da escola municipal de música só poderán ser solicitados polas persoas empadroadas no Concello de Ames.

### **Artigo 3º. Obrigados ao pagamento.**

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza os que soliciten ou se beneficien da prestación de servizos ofrecidos pola Escola Municipal de Música de Ames.

### **Artigo 4º- Contía dos prezos públicos.**

As tarifas serán ás seguintes:

-Matrícula anual: 50 € /curso novos alumnos/as

- Cotas mensuais das materias:

- Música e movemento: 35€
- Clase grupal colectiva: 30€
- Instrumento: 30€
- Clase grupal colectiva e un instrumento: 40€
- Canto moderno: 25€
- Agrupacións musicais (orquestra de frutas e saxofóns, agrupacións de violín, viola, coro de voces e combos): gratuítas.

### **Artigo 5º- Organización das materias.**

- **Música e movemento;** terá unha duración de dúas horas semanais. Poderán inscribirse nenos/as de 4 a 7 anos; os 4 anos feitos no ano do inicio do curso escolar.

- **Clase grupal colectiva:** terá a duración de unha hora semanal. As materias referidas son: Linguaxe Musical, Música na Práctica e Música para Adultos. Poderán inscribirse alumnos/as a partires de 7 anos.

-**Instrumento:** terá unha duración de media hora semanal individual. As especialidades instrumentais son: piano, fruta traveseira, saxofón, percusión, batería, guitarra, violín, viola, baixo eléctrico. Poderán inscribirse alumnos/as a partires de 7 anos.

As clases de pandeireta - percusión tradicional, como especialidade instrumental serán colectivas.

**-Canto moderno:** terán unha duración dunha hora semanal. Haberá dous alumnos/as por clase. Poderán inscribirse alumnos/as a partires de 7 anos, previa proba de acceso.

**-Agrupacións musicais:** para pertencer ás agrupacións musicais que se detallan a continuación, é requisito indispensable estar matriculado noutra/as materias da escola.

-Orquestra de frautas e saxofóns: terá unha duración de 45 minutos á semana. Dirixida a alumnado destas especialidades instrumentais, previa proba de acceso.

-Agrupacións de violíns- viola: terán unha duración de 45 minutos á semana. Dirixida a alumnado destas especialidades instrumentais, previa proba de acceso

- Coro de voces: terá unha duración de 45 minutos á semana. Poderán acceder todos os alumnos/as da escola a partires de 7 anos.

- Combos: terá unha duración de 45 minutos á semana. Poderán acceder todos os alumnos/as da escola, previa proba de acceso.

### **Artigo 6- Normas de xestión.**

1- A obriga de pagamento nace no momento da formalización da matrícula, presentando o resgardo de pagamento bancario do importe da matrícula nas oficinas municipais correspondentes. Unha vez formalizada esta, as cotas mensuais faranse efectivas por medio de domiciliación bancaria no inicio da prestación do servizo.

2- Os solicitantes do servizo están obrigados a:

-Presentar a correspondente solicitude nos impresos habilitados para tal efecto nas oficinas municipais correspondentes.

-Practicar a autoliquidación consonte ás tarifas establecidas no artigo 4, mediante domiciliación bancaria para o pagamento das cotas mensuais.

3- As baixas deberán ser tramitadas cos impresos correspondentes con anterioridade ao mes no que se farán efectivas e, en ningún caso, se devolverá o importe da matrícula.

4- A falta de pagamento dunha mensuralidade implicará a baixa automática na Escola Municipal de Música do Concello de Ames.

### **Artigo 7- Exencións e bonificacións.**

#### **Exencións:**

Están exentos do pagamento de matrícula os usuarios e usuarias, calquera que sexa a súa idade, cando a unidade familiar á que pertencen teña uns ingresos inferiores ao salario mínimo interprofesional vixente. Tamén están exentos do pagamento da matrícula os menores de 18 anos incluídos nalgunha das seguintes circunstancias:

- Que pertencen a familia numerosa.
- Que sexan o terceiro ou posterior membro da unidade familiar que se matricula.

#### **Bonificacións:**

-Os alumnos/as que formalicen a matrícula dun curso para o seguinte terán unha bonificación do 50 % no importe desta.

-Estarán bonificados, na matrícula e na cota mensual, os matriculados menores de 18 anos que pertencen a familias con ingresos anuais netos por membro da unidade familiar inferior ao 50% do

IPREM anual. A bonificación consistirá na redución da matrícula a 25 euros, e na redución dun 20% da cota mensual. Para a determinación da renda computable e da unidade familiar, estarase ao disposto no artigo 11.5 da Ordenanza fiscal xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público do Concello de Ames.

**Solicitud de exencións ou bonificacións:**

As exencións e bonificacións previstas concederanse por pedimento do interesado. Este deberá achegar, xunto coa solicitude correspondente e no momento de efectuar a matrícula, a seguinte documentación:

- Libro de familia: copia compulsada das follas de todos os membros da unidade familiar.
- Se é o caso, copia compulsada do título de familia numerosa.
- Se é o caso, certificación da Axencia Estatal de Administración tributaria na que consten as rendas de todos os membros da unidade familiar, sen prexuízo de achegar tanta documentación sexa precisa para determinar os seus ingresos netos, ao abeiro do disposto no artigo 11.5 da Ordenanza fiscal xeral.

**Disposición transitoria:**

As tarifas previstas no artigo 4 da presente ordenanza comezarán a aplicarse no curso 2012/13 e manteranse en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

*As publicacións no Boletín Oficial da Provincia, foron:*

*Texto íntegro – BOP núm. 160 de 13/08/2012.*

## **ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE AMES**

### **Artigo 1.- Obxecto.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/85 reguladoras das bases do Réxime Local e artigos 41 a 44 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Ames aproba o prezo polo servizo das Escolas Infantís (0-3) dependentes do Concello de Ames, que se rexerá pola presente ordenanza, así como pola citada normativa, e demais que resulte de aplicación.

### **Artigo 2.- Suxeitos obrigados.**

Están obrigados ao pagamento das cantidades que se establecen como prezo as/os nais/pais dos nenos e das nenas en situación de alta nos centros sinalados no artigo anterior, no seu defecto, os/as familiares ou titores/as legais a quen corresponda o exercicio da patria potestade.

### **Artigo 3.- Pagamento.**

O pagamento das cotas, sen prexuízo do establecido no artigo 5 desta Ordenanza, realizarase mensualmente nos dez primeiros días naturais do mes a que correspondan. Nos casos en que o ingreso no centro se produza con posterioridade ao día primeiro do mes, a cota correspondente ao dito mes ingresarase nos dez días naturais seguintes á data de ingreso.

No caso de utilizar o servizo de comedor por días soltos, realizarase o pagamento deste servizo xunto coa cota do mes seguinte.

Salvo o disposto no artigo 5 desta Ordenanza, a falta de asistencia da nena ou do neno ao centro non supón redución nin exención da cota mentres non se formalice a baixa correspondente.

A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas, sen prexuízo da súa esixencia polo procedemento administrativo de constrinximento, orixinará a perda do dereito á praza.

### **Artigo 4. Regras e definicións para a determinación do importe que se vai pagar.**

Para a determinación do importe mensual que van pagar as persoas obrigadas ao pagamento dos prezos públicos determinados no anexo desta Ordenanza, teranse en conta as especificacións recollidas no dito anexo. Para os efectos da aplicación do anexo, a renda per cápita mensual da unidade familiar computarase segundo as seguintes regras:

- a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:
  - i. Os/as fillos/as menores, con excepción dos que, con consentimento dos/as pais/nais, vivan independentes destes/as.
  - ii. Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
  - iii. Os/as fillos/as maiores de dezoito anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente no 31 de decembro do ano a que se refiran os datos económicos a que se refiren as seguintes regras.

- b) Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar, no cal se pretenda que produza efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos

na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

A documentación anterior poderá ser substituída pola correspondente autorización á Administración con competencia en materia de escolas infantís 0-3 para obter os datos necesarios para determinar os ingresos totais para estes efectos a través da correspondente administración tributaria.

c) O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

#### **Artigo 5. Suspensión temporal da cota.**

1. Os suxeitos obrigados a que fai referencia o artigo 2 non terán a obriga de aboar a cota correspondente á atención educativa e ao servizo de comedor (mensual) durante os seguintes períodos:

a) O mes de vacacións anual da/o nena/o. En aqueles casos en que as vacacións sexan desfrutadas por quincenas o desconto farase efectivo cando se teña desfrutado a segunda quincena.

b) Cando por calquera motivo distinto ao período de vacacións anuais o centro permaneza pechado por un período superior a quince días naturais.

En ambos os dous casos a suspensión realizarase de oficio.

2. Os suxeitos obrigados a que fai referencia o artigo 2 non terán a obriga de aboar a cota correspondente ao servizo de comedor no seguinte suposto:

a) Cando por causa debidamente xustificada a/o nena/o deixe de asistir temporalmente ao centro. Neste caso, a suspensión da cota terá lugar desde o primeiro día do mes natural seguinte á data de inasistencia ao centro e durará ata o día primeiro do mes natural en que teña lugar a reincorporación da/o nena/o ao centro.

Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota do comedor correspondente ao dito mes reducirase nun 50 por cento.

A solicitude de suspensión da cota correspondente a este servizo, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o Concello, que resolverá sobre a procedencia da exención.

Nos casos de suspensión temporal da cota correspondente ao servizo de comedor, o pagamento correspondente ao mes de reincorporación realizarase no prazo dos dez días naturais seguintes á data de reincorporación. Así mesmo, nos casos en que o órgano competente do Concello acorde a non procedencia da suspensión solicitada, o suxeito obrigado deberá ingresar as cotas atrasadas no prazo dos dez días naturais seguintes á notificación da resolución denegatoria.

#### **Disposición derradeira primeira.**

Autorízase á Alcaldía para ditar as normas que sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta Ordenanza.

#### **Disposición derogatoria única.**

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta

Ordenanza e, en particular, o disposto na

### **Disposición final.**

A presente ordenanza reguladora entrará en vigor unha vez que publicada no Boletín Oficial da Provincia, nos termos indicados no artigo 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

#### ANEXO 1.- Tarifas.

1. Prezo da atención educativa.- O prezo pola atención educativa en xornada completa nas escolas infantís 0-3 dependentes do Concello de Ames fíxase en 160 € mensuais.

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as seguintes reducións:

Rendas inferiores ao trinta por cento do IPREM. Prezo da praza: con servizo de comedor 0€; sen servizo de comedor 0€.

Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM. Prezo da praza: con servizo de comedor 16,50€; sen servizo de comedor 0€.

Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM. Prezo da praza: con servizo de comedor 49,50€; sen servizo de comedor 33€.

Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IPREM. Prezo da praza: con servizo de comedor 91€; sen servizo de comedor 66€.

Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cento do IPREM. Prezo da praza: con servizo de comedor 141€; sen servizo de comedor 106€.

Rendas comprendidas entre o 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM. Prezo da praza: con servizo de comedor 176€; sen servizo de comedor 126€.

Rendas comprendidas entre o 150 e inferiores ao 200 por cento do IPREM. Prezo da praza: con servizo de comedor 199€; sen servizo de comedor 139€.

Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM. Prezo da praza: con servizo de comedor 230€; sen servizo de comedor 160€.

2. Prezo dos servizos complementarios:

- Servizo de comedor: fíxase un importe de 70 euros mensuais. Para o caso dos/as nenos/as que non empreguen habitualmente o servizo e que desexen utilizalo algún día con carácter solto aboarán a contía de 4 euros por día. O prezo de comedor por días soltos non estará suxeito a ningunha redución.

- Horario ampliado: o prezo mensual de cada hora solta en que se incremente o horario normal será de 20 euros. O prezo da hora extraordinaria non estará suxeito a ningunha redución.

- Servizo de merenda: fíxase en 1 euro por día.

3. Descontos:

A) Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto

no punto anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

- a) Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20 por cento.
- b) Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20 por cento.
- c) Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto dun 20 por cento.

Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data da devindicación da declaración do IRPF.

B) Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc.), o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50 por cento.

Contías máximas aplicables a centros de atención á primeira infancia.-

RENDA PER CAPITA MENSUAL	CUSTE MENSUAL	FAMILIA NUMEROSA	FAMILIA MONOPARENTAL	ALGÚN IRMÁN	MEDIA XORNADA
Inferior ao 30% do IPREM	exento	exento	exento	exento	exento
Entre o 30% do IPREM e inferiores ao 50% do IPREM	exento	exento	exento	exento	exento
Entre o 50% do IPREM e inferiores ao 75% do IPREM	33,00	26,40	26,40	26,40	16,50
Entre o 75% do IPREM e inferiores ao 100% do IPREM	66,00	52,80	52,80	52,80	33,00
Entre o 100% do IPREM e inferiores ao 125% do IPREM	106	84,80	84,80	84,80	53,00
Entre o 125% do IPREM e inferiores ao 150% do IPREM	126,00	100,80	100,80	100,80	63,00
Entre o 150% do IPREM e o 200% do IPREM	139,00	111,20	111,20	111,20	69,50
Superiores ao 200% so IPREM	160,00	128,00	128,00	128,00	80,00



ANEXO 2.- Baremo de aplicación ás solicitudes de admisión nas Escolas Infantís Municipais do Concello de Ames.

1º.- Situación socio- familiar.

1.1.- Por cada membro da unidade familiar: 2 ptos.

1.2.- Por cada persoa que, non formando parte da unidade familiar, estea a cargo desta: 1 ptos.

1.3.- No caso de que a/o neno/a para o que se solicita praza nacesse nun parto múltiple: 1 ptos.

1.4.- Por cada membro da unidade familiar, afectado por minusvalidez física, psíquica ou sensorial, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia: 2 ptos.

1.5.- Pola condición de familia monoparental: 3 ptos.

1.6.- Pola ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parenterais: 6 ptos.

1.7.-Por irmán/á-áns/ás con praza renovada no centro: 3 ptos.

1.8.- Pola condición de familia numerosa: 3 ptos.

1.9.- Calquera circunstancia familiar grave debidamente acreditada: 3 ptos.

2º.- Situación laboral e familiar

2.1.- Situación laboral de ocupación:

-Pai: 4 ptos.

-Nai: 4 ptos.

2.2.- Situación laboral de desemprego:

-Pai: 2 ptos.

-Nai: 2 ptos.

\*No caso de familias monoparentais, adxudicaráselles a puntuación do epígrafe correspondente multiplicada por dous.

3º.- Situación económica

RPC mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente:

Inferior ao 25% do IPREM: +4 ptos.

Entre 25% e o 50% do IPREM: + 3 ptos.

Entre 50% e o 75% do IPREM: + 2 ptos.

Entre 75% e o 100% do IPREM: + 1 ptos.

Entre 100% e o 125% do IPREM: - 1 ptos.

Entre 125% e o 150% do IPREM: - 2 ptos.

Entre 150% e o 200% do IPREM: - 3 ptos.

Igual ou superior ao 200% do IPREM: -4 ptos.

En caso de obter igual puntuación, daráselle prioridade á renda per cápita máis baixa.

As publicacións no Boletín Oficial da Provincia, foron:

Texto íntegro – BOP núm. 172 de 10/09/2012.

Texto íntegro – BOP núm. 245 de 26/12/2013.

## **ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DE BIOMASA NOS ESPAZOS DEFINIDOS COMO REDES SECUNDARIAS DE FAIXAS CONFORME A LEGALIDADE VIXENTE**

### **Artigo 1º.- Obxecto do Prezo Público.**

Constitúe o obxecto do presente prezo público a utilización dos servizos de:

#### **A) TALA E RETIRADA DE MADEIRA**

Nas redes secundarias de faixas de xestión de biomasa efectuarase a tala das especies conforme as directrices dadas na lei 3/2007 modificada pola lei 7/2012 de Montes de Galicia.

A madeira talada pertencerá aos propietarios dos terreos.

A retirada da madeira ao cargadeiro consiste na recollida da madeira do monte e o transporte a un lugar de reunión ou cargadeiro a menos de 1km.

#### **B) DESBROCES**

Realizaranse desbroces na rede secundaria de faixas de seguridade de toda biomasa arbustiva e sub-arbustiva nos supostos definidos conforme as directrices dadas na lei 3/2007 modificada pola lei 7/2012 de Montes de Galicia.

Este servizo incluírá o triturado da biomasa.

#### **C) PLANTACIÓN.**

Na rede secundaria de faixas de xestión de biomasa realizaranse plantacións con frondosas caducifolias. Os límites dos rodais de plantación respectarán en todo caso as distancias respecto a vías de comunicación e edificacións dispostas na lexislación vixente aplicable.

Estes servizo incluírá o plan de plantación, a preparación do terreo, a plantación, a planta e o abonado.

O método elixido para a plantación é a apertura de buratos superficiais con retroexcavadora. Este sistema consiste na preparación mecanizada do terreo previo á plantación, facendo unha apertura puntual de aloxamento das plantas mediante una máquina retroexcavadora ou pala mixta.

A plantación consiste en colocar o implantar sobre o terreo as plantas producidas no viveiro (despois do pertinente traslado), efectuarase de forma manual. Empregarase planta con cepellón ou raíz núa.

### **Artigo 2º.- Obrigados ó pago.**

Estarán obrigados ó pago do prezo público aquelas persoas que soliciten e se beneficien dos servizos antes indicados, que deben ser as persoas titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos nos termos establecidos no artigo 21 ter da Lei de 3/2007.

### **Artigo 3º.- Obriga de pago.**

Nace a obriga de pago dos prezos que se establecen dende que se inicia a prestación do servizo.

### **Artigo 4º.- Contía.**

A contía do prezo revestirá os seguintes importes máximos:

#### **A) TALA E RETIRADA DE MADEIRA**

A tala, destocnado e a retirada contabilizarase por **unidade de árbore** e de acordo cos criterios da seguinte táboa:

TIPO DE TALA	DIÁMETRO A TALAR		
	<10 cm	10-30 cm	> 30 cm
Tala libre caída	5,75 €/Ud	11,00 €/Ud	.....

Tala con caída controlada	7,75 €/Ud	14,00 €/Ud	67,5 €/Ud
Tala con traballos de altura	10,75 €/Ud	24,00 €/Ud	107,50 €/Ud

## B) ROZA

Tratamento da vexetación preexistente e restos de tala, en € / m<sup>2</sup>, atendendo aos tipos de actuacións segundo a pendente do terreo e segundo a que os traballos sexan mecanizados ou manuais.

Terreos de baixa e media dificultade. Pendente 10 - 30 % Medios Mecanizados	0,10 €/m <sup>2</sup>
Terreos de baixa e media dificultade. Pendente > 30 % Medios Manuais	0,40 €/m <sup>2</sup>
Terreos de grande dificultade. Medios mecánicos especiais e/ou manuais	0,80 €/m <sup>2</sup>

## C PLANTACIÓN

	Castanea x hybrida 100/150 cm (c-90025,c-90044, c-55)	Outras frondosas
Pendente < 10 %	4,61 €/ud	6,03 €/ud
Monte 10 - 30 % pendente	4,83 €/ud	6,25 €/ud
Monte > 30 % pendente	5,08 €/ud	6,50 €/ud

Estes prezos, serán incrementados polo IVE correspondente

### Artigo 5º.- Normas de xestión e ingreso

Unha vez realizado o servizo emitirase carta de pago normalizada para o seu cobro ao que xuntarase a factura do servizo.

### Artigo 6º.- Entrada en vigor.

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local.”

*As publicacións no Boletín Oficial da Provincia, foron:*

*Texto íntegro – BOP núm. 245 de 26/12/2012.*

*Texto íntegro – BOP núm. 245 de 26/12/2013.*

*Texto íntegro – BOP núm. 39 de 26/2/2018.*

Ordenanza de prezo público número 7

## **REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DA EMISORA MUNICIPAL AMES RADIO PARA A EMISIÓN DE ANUNCIOS PUBLICITARIOS**

### **Artigo 1. Fundamento legal**

De conformidade co previsto no artigo 41, en relación co artigo 127, ámbolos dous do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e demais normativa concordantes de aplicación, este Concello establece o prezo público polo servizo de emisión de anuncios publicitarios pola emisora municipal "Ames Radio".

### **Artigo 2. Servizo polo que se esixe o prezo público**

O servizo polo que se esixe o prezo público é a emisión de anuncios publicitarios pola emisora municipal "Ames Radio".

### **Artigo 3. Obrigados ao pagamento**

Están obrigadas ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas ou entidades que contraten a inclusión de anuncios publicitarios co Concello na súa emisora de radio municipal.

### **Artigo 4. Tarifas**

A contía do prezo público regulado nesta ordenanza fíxase nas seguintes tarifas ás que lles haberá que incrementar o IVE correspondente:

- **TARIFAS DE EMISIÓN:**

- **Tarifa para emisión de cuñas publicitarias**

- i) Tarifas para a emisión de cuñas publicitarias de máximo 20 segundos: 2€
- ii) Tarifas para a emisión de cuñas publicitarias de máximo 30 segundos: 3€
- iii) Tarifa por cada segundo máis de duración das tarifas 1.i ou 1.ii: 0,30 €

Nota: As tarifas da emisión de cuñas deben entenderse sen determinación de horarios e serán radiadas en rotación nos espazos que a emisora considere máis axeitados. **Se se desexa facelos en horarios ou programas determinados as tarifas terán un incremento dun 20%.**

- **Tarifa para emisión de espazos patrocinados**

- i) Tarifa de patrocinio convencional (para un único capítulo dun programa concreto): 6 €

Nota: Esta tarifa aplicarase tamén para o patrocinio de programas de emisión non diaria. O patrocinio convencional engadirá á cuña convencional "anunciante patrocina este espazo".

- ii) Tarifas de patrocinios especiais (consistirán en entrevistas comerciais dentro dun espazo da programación por tempo máximo de 3 minutos de duración): 18 €

Nota: Non poderán contratarse como espazos unitarios separados dun programa nin en programas patrocinados por outros anunciantes.

- **Tarifas por notas necrolóxicas : 20 €**

---

Nota: Para as empresas funerarias, a nota necrolóxica irá encabezada polo nome da empresa funeraria.

- **Tarifas anuncios por palabras: 10 €**

Nota: A emisión de cuñas publicitarias de compra-venda de inmobles ou outros enseres, a razón dunha inserción diaria contratada con carácter semanal. En ningún caso as cuñas superarán os 30 segundos.

- **TARIFAS POR GRAVACIÓN DE CUÑAS PARA ASOCIACIÓN DE CARÁCTER MUNICIPAL SEN ÁNIMO DE LUCRO**

A.- Tarifa por gravación de cuñas de publicidade: 10€. (En ningún caso superarán os 30 segundos.)

B.- Tarifa por gravación de cuñas de publicidade coas voces de técnicos/a da emisora:

Voces	Tarifas
Unha voz	30€
Dúas voces	40€

Nota: as cuñas gravadas pasan a ser propiedade da emisora municipal e non poderán ser utilizadas noutros medios de comunicación ou difusión públicos ou privados sen a súa previa solicitude por escrito e o consentimento expreso do responsable/es da emisora.

- **TARIFAS POR PUBLICIDADE NA WEB DA RADIO MUNICIPAL**

Tempo en que o anuncio ou banner apareza aloxado no web	Tarifas
1 semana	15€
1 mes	50€

- **TARIFAS POR COPIADO DE MATERIAL**

Copiado de material a CD, DVD ou outros soportes electrónicos proporcionados polo interesado/a: 6€.

## **Artigo 5. Redución de prezos**

1. A publicidade producida fóra da emisora Ames Radio por outros axentes verá reducidas as súas tarifas nun 15% se vén producida en lingua galega, sempre que non se trate da publicidade de servizos municipais prestados mediante concesión, para as cales rexe o establecido na Ordenanza de impulso do uso do galego no Concello de Ames. A antedita redución só se aplicará ás tarifas de emisión e non ás derivadas por outros conceptos.

2. As tarifas de publicidade recollidas nesta Ordenanza veranse reducidas nun 15% para o caso de publicidade de servizos municipais prestados mediante concesión. Este desconto só se aplicará ás tarifas de emisión e non ás derivadas por outros conceptos.

3. Redución de prezos para a emisión de cuñas

a) Polo volume de contratación de cuñas

---

Número cuñas	redución do prezo porcentual	Tarifas resultantes para cuña 20'	Tarifas resultantes para cuña 30'
30	5%	€ 57,00	€ 85,50
60	10%	€ 108,00	€ 162,00
120	15%	€ 204,00	€ 306,00
180	20%	€ 288,00	€ 432,00
360	25%	€ 540,00	€ 810,00
540	30%	€ 756,00	€ 1.134,00

b) Para a emisión de cuñas de publicidade de actividades de asociacións, ONG, clubs deportivos e doutras entidades municipais sen ánimo de lucro, acreditadas como tales e con domicilio social no Concello de Ames, sempre que non se promocióne unha actividade lucrativa a redución do prezo será do 100%.

c) Para a emisión de cuñas de campañas encamiñadas a promover a solidariedade, a igualdade e as accións de carácter humanitario solicitadas por outras administracións e entidades sen ánimo de lucro legalmente constituídas gozarán dunha redución do prezo do 100%. A contratación destes espazos estará supeditada á dispoñibilidade da grella publicitaria agás nos casos de mensaxes de servizo público de urxencia xustificada.

#### 4. Redución de prezos para a emisión de espazos patrocinados

a) Para o caso de Patrocinio convencional (tarifa 1.B.i)

Tipo patrocinio	Período	Prezo	Redución	Prezo aplicada a redución
	1 día	€ 6,00	0%	6,00 €
Trimestral	1 vez á semana	€ 72,00	5%	68,40 €
Trimestral	diario	€ 360,00	15%	306,00 €
Anual	1 vez á semana	€ 288,00	5%	273,60 €
Anual	diario	€ 1.440,00	15%	1.224,00 €

b) Para o caso de Patrocinio especiais (tarifa 1.B.ii)

Tipo patrocinio especial	Período	Prezo	Redución	Prezo aplicada a redución
	1 día	€ 18,00		18,00 €
semanal	diario	€ 90,00	10%	81,00 €

mensual	diario	€	360,00	20%	,00 €	288
---------	--------	---	--------	-----	-------	-----

5. Redución de prezos para anuncios por palabras do 100% nos seguintes casos:

a) Gravación e emisión de cuñas por parte de Ames Radio sobre perdas de animais e obxectos. Emitirase un máximo de tres días, renovables por outros tres días mediante petición. En ningún caso as cuñas superarán os 30 segundos.

b) Gravación e a emisión de cuñas en materia de ofertas de traballo. Emitirase un máximo de cinco días, renovables por outros cinco días mediante petición. En ningún caso as cuñas superarán os 30 segundos.

### Artigo 6. Normas de xestión

- Solicitude previa no Rexistro do Concello ou mediante os medios electrónicos que se dispoñan. A tramitación dunha solicitude publicitaria a Ames Radio supón, por parte do anunciante, o coñecemento e aceptación das condicións de contratación.
- Na solicitude especificarase o tipo e número de servizos que se contratan e os períodos de tempo en que deban prestarse, así como o prezo público e as reducións que correspondan, de ser o caso. O pagamento do prezo público realizarase por ingreso directo onde estableza o Concello e con anterioridade á prestación do servizo.
- Acompañalos do xustificante do ingreso da autoliquidación das tarifas correspondentes, sen o cal non se iniciará a prestación do servizo, de conformidade co artigo 46.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.  
En caso de non ter pagado correctamente a contía do prezo público, o Concello requirirá o ingreso do importe complementario con anterioridade a prestar o servizo.
- Entregar na emisora: a copia da solicitude e a copia do xustificantes do ingreso de autoliquidación das tarifas, así como a gravación das cuñas ou patrocinios que se pretendan emitir na programación ou o anuncio que se queira publicar na web da emisora ou o guión da cuña -de ser o caso- para poder gravalo na emisora, 48 horas antes da data de emisión ou inserción, e sempre seguindo as especificacións técnicas que determine a emisora Ames Radio.

### Artigo 7. Delegación na Xunta de Goberno Local

No suposto de que algún dos servizos de publicidade que se vai prestar na radio municipal non se encontre tarifada nesta ordenanza ou se resulta necesaria a modificación ou actualización das tarifas, delégase na Xunta de Goberno Local, conforme os artigos 47 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, e 23.2b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, o establecemento da tarifa ou actualización destas, a proposta do servizo correspondente logo do informe da intervención municipal.

### Disposición derradeira

Esta Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e permanecerá en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación.



Ordenanza de prezo público número 8

## **ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PUBLICO POLOS SERVIZOS DO CEMITERIO MUNICIPAL**

### **Artigo 1. Fundamento e natureza.**

De conformidade co previsto no artigo 41, en relación co artigo 127, ámbolos dous do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e demais normativa concordantes de aplicación, este Concello establece o "Prezo público polos servizos do Cemiterio Municipal", que se rexerá pola presente Ordenanza.

### **Artigo 2. Servizo polo que se esixe o prezo público**

O servizo polo que se esixe o prezo público é a prestación de servizos do Cemiterio Municipal que se nomean no artigo 5 da presente ordenanza.

O encargado do cemiterio comprobará que os servizos realizados se axusten ao permiso concedido.

### **Artigo 3. Obrigados ao pago**

Están obrigadas ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas ou entidades titulares da autorización concedida.

Agás, as inhumacións que ordene a autoridade xudicial e que se efectúen na fosa común e aquelas para o traslado ao osario, se así se solicita, sempre que a sepultura quede libre e reverta a prol do Concello.

### **Artigo 4. Obriga de pago**

Nace a obriga de contribuír por este prezo no momento en que se inicie a prestación dos servizos sinalados no artigo 5.

O pago do prezo público, de conformidade coa habilitación prevista no artigo 46 do RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo, esixirá o depósito previo do seu importe total no momento da presentación da solicitude.

### **Artigo 5. Tarifas**

1.- A contía para cada un dos seguintes servizos:

a) **Servizo de apertura e peche** de toda clase de sepulturas para inhumación ou exhumación de restos consistente en retirada de lápida, retirada de tapa, reinstalación de lápida e tapa. Estará incluída a inhumación pero non o servizo de uso do osario xeral nin da tapa e lápida.

- Servizo de apertura e peche cinceiro: 35,71 €
- Servizo de apertura e peche nicho: 85,88€
- Servizo de apertura e peche tumba: 141,25 €

b) **Servizo de apertura e peche a Osario xeral** de toda clase de sepulturas para inhumación ou exhumación de restos consistente en retirada de lápida, retirada de tapa, reinstalación de lápida e tapa. Estará incluída a inhumación e traslado de restos a osario xeral. Non estará incluída nin da tapa nin a lápida.

- Servizo de apertura a osario e peche cinceiro: 45,65 €
- Servizo de apertura a osario e peche nicho: 90,85 €
- Servizo de apertura a osario e peche tumba: 155,38 €

c) **Servizo de sala de autopsias**. Considerando a limpeza previa e posterior, desinfección, consumo de enerxía eléctrica e de auga, e o canon de amortización de material da instalación. Non estará incluído o instrumental necesario que deberá ser aportado polo usuario. Por cada día de servizo: 136,73 €.

d) **Servizo de capela** do cemiterio para misas ou funerais, considerando a limpeza previa e posterior, consumo de enerxía eléctrica, e o canon de amortización de material da instalación. Por cada servizo: 70,06 €.

e) **Servizo de sala velatorio**, incluíndo o uso do túmulo para exposición do cadáver en cámara frigorífica entre 4º e 8ºC, considerando a limpeza previa e posterior, consumo de enerxía eléctrica e o canon de amortización de material da instalación.

- Servizo durante 24 horas: 228,26 €
- Servizo durante 36 horas: 342,39 €
- Servizo durante 48 horas: 456,52 €

2.- As tarifas establecidas neste artigo veranse incrementadas co imposto sobre o valor engadido (IVE) que repercutirase de acordo coa normativa de aplicación

## **Artigo 6- Redución de prezos**

Os prezos reduciranse nun 100% para os servizos que se presten con ocasión de:

a) Os enterramentos dos asilados procedentes da beneficencia, sempre que a condución se verifique por conta dos establecementos mencionados e sen ningunha pompa fúnebre que sexa costeada pola familia dos falecidos.

b) Os enterramentos de cadáveres de pobres de solemnidade.

## **Artigo 7. Normas de xestión**

1. O ingreso do prezo público farase en réxime de autoliquidación nas entidades bancarias designadas polo concello.

2. A prestación de servizos obxecto deste prezo levarase a cabo a pedimento da parte interesada, mediante solicitude presentada no rexistro xeral acompañando xustificante de ingreso da autoliquidación do prezo regulado nesta Ordenanza. Non se prestará o servizo solicitado sen a presentación do xustificante de ter ingresado o correspondente prezo público.

3. O Concello emitirá o informe que xustifique a concesión ou denegación da autorización correspondente e procederá á notificación da resolución ao interesado.

4. No caso de que a resolución sexa denegatoria procederá á devolución do ingreso efectuado, así como cando por causas non imputables ao obrigado ao pagamento do prezo, non se preste o servizo, procederá a devolución do importe correspondente.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 28/09/2017 e entrará en vigor unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

As publicacións no Boletín Oficial da Provincia, foron:

Texto íntegro imposición e ordenación – BOP núm. 232 de 07/12/2017.

Texto íntegro modificación – BOP núm. 44 de 04/03/2019.